



# Informe Xeral de Actividades

Axencia para a Modernización  
Tecnolóxica de Galicia

Edición 2025



Os textos desta obra distribúense baixo unha licenza Creative Commons Recoñecemento - Compartir Igual, CC-by-sa 4.0

Vostede pode ler a licenza completa en

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

As imaxes e ilustracións incluídas nesta obra son propiedade dos seus respectivos autores e inclúense só a título ilustrativo.

As marcas, logotipos e signos distintivos de calquera clase, relacionados coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia que figuran na obra, son propiedade da Xunta de Galicia e distribúense de forma particular segundo as especificacións propias establecidas pola normativa existente ao efecto:

<http://www.xunta.es/identidade-corporativa/introduccion>

Autor:

Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)

Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia

Monte Gaiás s/n

15781 Santiago de Compostela

Edita: Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia)

Data: 2025

Maquetación: IZERTIS SA



## PALABRAS DO DIRECTOR

5

## 01. SOMOS AMTEGA

7

|                                                                 |   |                               |    |
|-----------------------------------------------------------------|---|-------------------------------|----|
| 1.1. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia..... | 7 | 1.3. Esquema de goberno.....  | 9  |
| 1.2. Misión, visión e obxectivos.....                           | 8 | 1.4. Estrutura funcional..... | 10 |

## 02. PLAN DE ACCIÓN 2025

12

|                                   |    |                                     |    |
|-----------------------------------|----|-------------------------------------|----|
| 2.1. Obxectivos estratéxicos..... | 13 | 2.2. Galicia Dixital - Avances..... | 14 |
|-----------------------------------|----|-------------------------------------|----|

## 03. PRINCIPAIS LOGROS

19

|                                                                                          |    |                                                                                    |    |
|------------------------------------------------------------------------------------------|----|------------------------------------------------------------------------------------|----|
| OBXECTIVO 1. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE.....                       | 19 | OBXECTIVO 4. FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS.....                  | 36 |
| OBXECTIVO 2. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS.....                                 | 23 | OBXECTIVO 5. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADA UN TERRITORIO INTELIXENTE..... | 38 |
| OBXECTIVO 3. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS..... | 32 | OBXECTIVO 6. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL.....                     | 41 |
|                                                                                          |    | CANLES DIXITAIS.....                                                               | 44 |

## 04. ACTUACIÓNS 2025

53

|                                                                    |    |
|--------------------------------------------------------------------|----|
| OBXECTIVO I. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE..... | 53 |
|--------------------------------------------------------------------|----|

|                                                                                       |    |                                                                         |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------|----|-------------------------------------------------------------------------|----|
| 4.1.1. Plan de Administración e Goberno dixital.....                                  | 53 | GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DIXITAIS EN CIFRAS.....                        | 75 |
| 4.1.2. Plan de Administración e Goberno Dixital. Sistemas para o emprego público..... | 63 | 4.1.6. Programa de Robotización e Automatización.....                   | 79 |
| 4.1.3. Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria de Galicia.....              | 66 | 4.1.7. Xestión intelixente do dato.....                                 | 81 |
| 4.1.4. Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable.....            | 67 | 4.1.8. Plan de Posto Dixital Avanzado do persoal empregado público..... | 83 |
| 4.1.5. Plan Senda 2025: Xustiza Dixital.....                                          | 68 | 4.1.9. Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias.....        | 86 |

|                                                           |    |
|-----------------------------------------------------------|----|
| OBXECTIVO II. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS..... | 92 |
|-----------------------------------------------------------|----|

|                                                                  |     |                                                       |     |
|------------------------------------------------------------------|-----|-------------------------------------------------------|-----|
| 4.2.1. Programa Dixital da Política Social.....                  | 92  | 4.2.3. Medidas para a xestión dixital da vivenda..... | 101 |
| 4.2.2. Plan para a xestión dixital das políticas de emprego..... | 100 |                                                       |     |



|                                                                                                   |     |                                                                                                                                |     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| 4.2.4. Medidas para a xestión dixital da educación.....                                           | 102 | 4.2.7. Medidas para a xestión dixital do sector primario.....                                                                  | 120 |
| SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS EN CIFRAS.....                                                         | 106 | 4.2.8. Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria.....                    | 138 |
| 4.2.5. Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias.....            | 115 | 4.2.9. Outros ámbitos sectoriais.....                                                                                          | 139 |
| 4.2.6. Medidas para a xestión do Medio Ambiente e do Territorio.....                              | 116 |                                                                                                                                |     |
| <b>OBXECTIVO III. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS.....</b> |     | <b>143</b>                                                                                                                     |     |
| 4.3.1. Medidas de continuidade de servizo de infraestruturas de sistemas.....                     | 143 | 4.3.3. Estratexia Cloud da Xunta de Galicia.....                                                                               | 153 |
| 4.3.2. Medidas de calidade e Arquitecturas de aplicacións.....                                    | 145 | 4.3.4. Medidas de soporte e evolución das redes corporativas.....                                                              | 154 |
| A SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS EN CIFRAS.....                                        | 148 | 4.3.5. Plan Director de Ciberseguridade.....                                                                                   | 155 |
| <b>OBXECTIVO IV. FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS.....</b>                         |     | <b>168</b>                                                                                                                     |     |
| 4.4.1. Plan de impulso á educación dixital.....                                                   | 168 | O FOMENTO DAS COMPETENCIAS DIXITAIS EN CIFRAS.....                                                                             | 177 |
| 4.4.2. Plan Galego de competencias dixitais.....                                                  | 170 | 4.4.4. Plan para o impulso da inclusión, capacitación e talento dixital.....                                                   | 179 |
| 4.4.3. Bibliotecas en rede de Galicia.....                                                        | 174 |                                                                                                                                |     |
| <b>OBXECTIVO V. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE.....</b>        |     | <b>183</b>                                                                                                                     |     |
| 4.5.1. Programa Galicia Territorio Intelixente.....                                               | 183 | 4.5.4. Plan para a transformación dixital do sector primario.....                                                              | 190 |
| 4.5.2. Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility.....                                   | 185 | 4.5.5. Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego – Memoria dixital de Galicia..... | 190 |
| 4.5.3. Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio.....      | 187 | 4.5.6. Turismo intelixente.....                                                                                                | 194 |
| TERRITORIO INTELIXENTE: A ECONOMÍA DIXITAL EN CIFRAS.....                                         | 188 | 4.5.7. Impulso á empresa dixital.....                                                                                          | 199 |
| <b>OBXECTIVO VI. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL.....</b>                            |     | <b>200</b>                                                                                                                     |     |
| 4.6.1. Estratexia Galicia Dixital 2030.....                                                       | 200 | 4.6.5. Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica.....                                            | 208 |
| 4.6.2. Estratexia galega de intelixencia artificial.....                                          | 201 | 4.6.6. Plan de Conectividade e cohesión dixital.....                                                                           | 209 |
| 4.6.3. Plan de impulso ao Software Libre e aos estándares abertos.....                            | 201 | 4.6.7. Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia.....                                                | 213 |
| 4.6.4. Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas.....                                       | 202 |                                                                                                                                |     |
| O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL EN CIFRAS.....                                                 | 204 |                                                                                                                                |     |



# Palabras do Director



**Damián Rey Rodríguez**

**Director da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia**

Unha Galicia máis dixital, máis inclusiva e mellor preparada para afrontar os desafíos do futuro. Con este obxectivo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia seguiu a impulsar a política tecnolóxica da Xunta no 2025, nun contexto global no que a tecnoloxía non só transforma a economía e os servizos públicos, senón que tamén redefine a maneira na que a sociedade se relaciona, participa e toma decisións.

Neste exercicio, a AMTEGA promoveu iniciativas de alto impacto orientadas a construír unha Administración máis intelixente, proactiva e centrada nas persoas. O crecemento sostido no uso dos servizos electrónicos e das interaccións dixitais evidencia a confianza crecente nun modelo que simplifica trámites e achega a Administración á cidadanía. A extensión da tramitación electrónica, a xestión dixital de procesos públicos ou o acceso móbil aos servizos reforzan esta evolución.

O 2025 tamén estivo marcado polo impulso ás tecnoloxías emerxentes, especialmente no ámbito da intelixencia artificial. A aprobación da Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da Intelixencia artificial en Galicia e a creación do Consello Galego de Intelixencia Artificial sitúan á comunidade como referente nun uso ético e responsable destas tecnoloxías. Ao tempo, avanzouse na definición dunha estratexia do dato e no desenvolvemento de capacidades analíticas para unha toma de decisións máis eficaz.

No ámbito das infraestruturas, reforzouse a capacidade tecnolóxica do sector público, cunha mellora substancial nas redes de comunicación e no rendemento dos sistemas.

Este avance complementábase cunha aposta firme pola ciberseguridade, tanto desde o punto de vista tecnolóxico como da sensibilización cidadá, destacando iniciativas como o encontro CIBER.gal ou os programas formativos en boas prácticas dixitais.

A dimensión social da transformación dixital mantívose como prioridade estratéxica. A través da Rede CeMIT, ampliouse o acceso ás competencias dixitais, superando as 51.000 horas formativas e acadando máis de 127.000 persoas usuarias, o que contribúe a reducir a fenda dixital e a garantir unha transición inclusiva. En paralelo, a dixitalización de ámbitos como a educación, os servizos sociais, a mobilidade ou o tecido produtivo reforza o impacto transversal da tecnoloxía no conxunto da sociedade galega.

Cómpre salientar tamén o avance no desenvolvemento de plataformas sectoriais e solucións innovadoras, desde a mobilidade intelixente ata a xestión de recursos naturais ou a dixitalización de procesos produtivos, que contribúen a consolidar un modelo de territorio máis sostible, eficiente e conectado.

Estes logros son froito dun esforzo colectivo no que participan o conxunto das consellerías da Xunta de Galicia, as entidades locais, o sector empresarial, o ámbito académico e a cidadanía. Este Informe de Actividade recolle os principais fitos dun ano no que demos pasos firmes cara a un modelo dixital máis maduro e preparado para os retos do futuro que a Amtega afronta como desafíos do hoxe, focalizándose en solucións que apoian a construción colectiva dunha Galicia na que a transformación dixital se desenvolve de forma equilibrada, sostible e ao servizo do interese xeral.



01

SOMOS  
AMTEGA



# 01. SOMOS AMTEGA

## 1.1. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia



### Axencia pública autonómica de xestión das tic e o desenvolvemento tecnolóxico.

Ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos e actuacións da política da Xunta de Galicia en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.



### Definición dunha estratexia dixital única para Galicia.

Encárgase do desenvolvemento e execución da Estratexia Galicia Dixital 2030, prestando os servizos da súa competencia coa maior eficacia, transparencia e calidade.



### Rol estratéxico.

A creación da Axencia permitiu afondar nunha maior eficiencia e redución do gasto público, ao mesmo tempo que impulsa a modernización da Administración e o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.



### Modelo de xestión equilibrado.

A Amtega segue un modelo de xestión que equilibra os principios de autonomía e control, á vez que responde ao principio de responsabilidade, apoiándose no cumprimento de obxectivos claros, medibles e orientados cara á mellora dos servizos para as persoas usuarias e a sociedade.



## 1.2. Misión, visión e obxectivos


### MISIÓN

Impulsar a política tecnolóxica da Xunta como resposta aos retos económicos, sociais e ambientais de Galicia mediante o desenvolvemento e execución de instrumentos nas áreas de tecnoloxías da información e comunicación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

### VISIÓN

Ser un instrumento esencial para avanzar na transformación dixital, priorizando o desenvolvemento dunha sociedade máis dixital, ecolóxica e inclusiva, co obxectivo de revitalizar a economía e asegurar un crecemento sostible en Galicia.

### OBXECTIVOS



### 1.3. Esquema de goberno

A estrutura funcional da Amtega componse dunha xerencia e seis áreas encargadas da planificación, dirección e execución das competencias tecnolóxicas na Xunta de Galicia baixo un esquema de goberno composto pola Presidencia, o Consello Reitor e a Dirección da Axencia (órgano de goberno e executivo). Estes órganos están compostos polas seguintes personalidades:





## 1.4. Estrutura funcional



En 2025, contamos cun persoal formado por:  
**352 traballadores/as**



02

# PLAN DE ACCIÓN 2025



## 02. PLAN DE ACCIÓN 2025

Cada ano, a Amtega elabora e aproba o seu Plan de Acción, que establece a actividade da Axencia durante cada exercicio. Deste xeito, o Plan de Acción presenta as actividades a desenvolver, os fitos a acadar e os responsables da súa execución baixo a vixencia e no marco dos obxectivos estratéxicos definidos no Contrato Plurianual de Xestión.

Así, o **30 de xuño de 2025** o Consello Reitor aprobou o Plan de Acción correspondente á anualidade 2025 a proposta da Dirección da Axencia, centrando os seus esforzos na consecución de 7 obxectivos estratéxicos que perseguen modernizar a administración, a prestación de servizos públicos e o modelo de interacción coa cidadanía. Ademais, enfócase na promoción e a capacitación no uso de novas tecnoloxías tanto para a sociedade como para o tecido produtivo, no impulso da dixitalización da economía para acadar un territorio máis intelixente e no fortalecemento do ecosistema TIC de Galicia.

Para lograr estes avances, a Amtega comprometeuse un ano máis a reforzar infraestruturas tecnolóxicas e a impulsar a adopción de capacidades dixitais avanzadas baixo un modelo de cooperación entre axentes públicos e privados como apoio fundamental para alcanzar os devanditos obxectivos.

Nesta liña, o Plan de Acción 2025 parte dos aspectos máis estratéxicos cara aos máis operativos e particulares. Baixo os piares que representan ditos obxectivos estratéxicos polos que se rexe a Axencia, desenvólvense e concrétanse os Plans e Programas operativos a levar a cabo durante o pasado ano, desagregados nun último nivel en cada unha das actividades que os integran.

Seguindo esa mesma estrutura, a presente memoria vén dar conta da posta en marcha de cada unha das iniciativas e actuacións planificadas para este 2025.

Baseándose nas competencias e funcións da Axencia, en liña co establecido no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e na Estratexia Galicia Dixital 2030; así como conforme ao disposto no Contrato Plurianual de Xestión 2022-2025 da Amtega, o Plan de Acción estrutúrase en torno aos 7 obxectivos estratéxicos detallados na seguinte páxina.



## 2.1. Obxectivos estratéxicos





## 2.2. Galicia Dixital - Avances

A continuación, preséntanse os principais avances e fitos relevantes nos que a Axencia traballou durante este ano, no marco dos tres piares clave para o desenvolvemento dunha Galicia dixital.

### 2.2.1. Conectividade e cohesión dixital de Galicia

Este pilar enfócase en fomentar e apoiar as iniciativas do Goberno de España, organismo competente en materia de telecomunicacións, para dotar de acceso a infraestruturas dixitais de calidade e a unha conexión a internet rápida e fiable. Isto implica apoiar no despregamento de redes de banda ancha e na mellora de cobertura para reducir a fenda dixital, sobre todo entre zonas urbanas e rurais.

#### ACCESO A INTERNET NOS FOGARES

| Indicador                                                                         | 2009  | 2025  |
|-----------------------------------------------------------------------------------|-------|-------|
| % de fogares galegos ten contratada conexión a internet                           | 41,8% | 96,5% |
| % de fogares dos núcleos de 50.000 a 100.000 que teñen contratado internet        | 57,4% | 97,7% |
| % fogares dos núcleos de menos de 10.000 habitantes que teñen contratado internet | 28,1% | 94,5% |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2025



O **96,5%** dos fogares galegos contan con conexión de banda larga.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2025

#### ACCESO A INTERNET NAS EMPRESAS

| Indicador                                                                                                   | 2009  | 2025  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|-------|
| % de empresas galegas de 10 e máis empregados que dispoñen de conexión a Internet/teñen internet contratado | 92,9% | 99,1% |
| % de microempresas que dispoñen de conexión a Internet/teñen internet contratado                            | 46,7% | 75,2% |

Fonte: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)



**9 novas torres construídas** de soporte para a cobertura móbil no rural, que sumadas ás xa executadas acadan **un total de 68**, e que permitirán dar cobertura a máis de 5.000 habitantes de 210 poboacións rurais carentes de servizo.

- **55 novos núcleos rurais dotados de cobertura móbil** dos 210 emprazamentos executados en total.
- **En 2025** realizouse a xestión e pagamento polas entidades colaboradoras dos bonos dixitais.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de execución da Amtega.



## 2.2.2. Universalización dos servizos públicos dixitais

A Amtega traballa na dixitalización dos servizos públicos para facelos máis accesibles e eficientes para a cidadanía e as empresas. Isto inclúe dende o desenvolvemento de plataformas en liña para realizar trámites administrativos ata o impulso de servizos intelixentes máis proactivos e personalizados.



O **78,4%** das persoas empregaron páxinas web ou apps da Administración Pública para consultar ou informarse en Galicia no 2025.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2025

### XUSTIZA

- ◆ Completouse a implantación do novo modelo de **Rexistro Civil en Galicia**, que abrangue un total de 45 oficinas xerais e 268 oficinas colaboradoras do Rexistro Civil.
- ◆ **60.148 descargas de expedientes xudiciais** electrónicos por 1.275 profesionais distintos. Descargáronse mensualmente unhas 1.140 gravacións de actos procesuais, case o dobre que no 2024.
- ◆ **119.585 gravacións de actos procesuais** a través de eFideliu, das cales con preto de 108.153 foron textualizadas.
- ◆ En 2025 dotáronse **2 novas salas de vistas e 18 salas de declaracións**. O 100% das salas, 209, dispoñen xa de equipamento. Isto únese ás 4 salas Amables adecuadas aos novos estándares.
- ◆ Máis de **5,3 millóns de documentos asinados electrónicamente** en 2025 e unha media duns 21.424 documentos asinados por día.

### EDUCACIÓN

- ◆ **142 Sistemas de xestión educativos** mantidos e evolucionados.
- ◆ Definición dun **plan marco de evolución funcional e tecnolóxico** dos sistemas de información do eido educativo.
- ◆ A totalidade das aulas adscritas ao proxecto Edixgal **contan cun panel dixital interactivo**, dotado dun módulo OPS integrado ou dun portátil asociado a cada panel. **Hai instalados 15.957 paneis dixitais en aulas de centros educativos**, formen ou non parte do proxecto Edixgal.
- ◆ **536.000 usuarios activos** en **AbalarMóbil** no 2025, cun **incremento de 46.000 novos usuarios** no 2025.

### BENESTAR

- ◆ Preto de **12.000 resolucións de recoñecemento do grado de discapacidade** facilitadas polo soporte

aos procesos de homologación a partir do grado de dependencia.

- ◆ Máis de **20.000 informes de condicións de saúde** obtidos directamente do Sergas a partir dos procesos de intercambio postos en marcha.

### EMPREGO

- ◆ **455.187 renovacións telemáticas** da demanda (MOBEM + oficina virtual).
- ◆ **67% das renovacións de demanda** de emprego realizadas telematicamente.
- ◆ **21% de servizos de formación solicitados** de forma telemática fronte ao total de accións posibles deste tipo.

### MOBILIDADE

- ◆ **445.000 usuarios** no Portal de transporte público **BUS.GAL**, fronte aos 280.626 no 2022.

### SECTOR PRIMARIO

- ◆ No eido da xestión dixital da gandaría, **162.915 actuacións e 1.632.471 mostras xestionadas no último ano** no Sistema de Xestión das actuacións en campo das campañas de saneamento gandeiro (FICADI).
- ◆ **2.172 explotacións activas e 1.942.094 controis** realizados respecto ao rendemento leiteiro.
- ◆ En curso o desenvolvemento dun **novo Sistema de Xestión de Explotacións Agrarias (SIXEGA)**.
- ◆ Definición e arranque da construción dun novo sistema para a **xestión do Rexistro Vitícola de Galicia**.
- ◆ Eido Mar: máis de **9.000 usuarios rexistrados na Plataforma Tecnolóxica da Pesca (PTP)** que xestiona 2,77 millóns de notas de primeira venda de pesca fresca (en particular 2.688.765 npv) e 282.218 documentos telemáticos, con máis de 9.000 usuarios rexistrados (9.521 usuarios activos).



### USO DE INTERNET POLA CIDADANÍA

| Indicador                                                      | 2009  | 2025  |
|----------------------------------------------------------------|-------|-------|
| % Poboación galega que emprega Internet                        | 49,3% | 93,9% |
| % Poboación galega que mercou por internet nos últimos 3 meses | 13,7% | 56,7% |

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2025



O **37,7%** das **persoas maiores de 75 anos** empregaron Internet nos últimos 3 meses do ano 2025 en Galicia.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE). 2025

#### 2.2.3. Capacitación dixital da cidadanía e os profesionais

Este pilar enfócase en promover a formación dixital entre a poboación e en capacitar aos profesionais para que poidan aproveitar ao máximo as ferramentas e tecnoloxías dixitais nos seus ámbitos de traballo. Isto inclúe dende programas de capacitación para a adquisición de competencias dixitais básicas ata cursos especializados en áreas como a ciberseguridade, a intelixencia artificial ou o desenvolvemento de software.

Esta actuación recolle as actividades relativas a 3 liñas de traballo:

- ◆ Execución do Marco Galego de competencias Dixitais.
- ◆ Deseño e execución dos plans de capacitación dixital para o persoal empregado público.
- ◆ Evolución tecnolóxica das plataformas para a capacitación dixital.

##### 2.2.3.1. Execución do marco Galego de competencias Dixitais

- ◆ No ámbito do persoal empregado público:

- ◆ **4.447 persoas** participaron nalgún dos cursos de competencias dixitais dos itinerarios formativos "ComDix Iniciación" ou "ComDix intermedio", acumulando un total de 2.050 horas de capacitación.
- ◆ **750 persoas** optaron ás primeiras 6 edicións de probas libres para a certificación, obtendo finalmente 520 delas a correspondente certificación "ComDix Iniciación".
- ◆ No ámbito xeral da cidadanía:
  - ◆ Máis de **3.000 persoas** participaron nalgúnhas das convocatorias trimestrais de probas libres para a certificación, obtendo finalmente 1.366 persoas delas a certificación "ComDix Iniciación" e 905 delas a certificación "ComDix Intermedio".
- ◆ No ámbito educativo:
  - ◆ Máis de **41.000 alumnos** obtiveron certificación por algunha das 3 vías habilitadas nese ámbito: probas para a certificación, validacións ou equivalencias.
  - ◆ Máis de **7.000 alumnos** participaron nas probas de obtención das certificacións de competencias dixitais.



#### 2.2.3.2. Capacitación dixital do persoal empregado público

- ◆ Desenvolvéronse **152 accións formativas** en diversas materias de capacitación dixital do persoal empregado público: administración dixital, seguridade, competencias dixitais transversais e ofimática. Supuxeron un total de 4.993 horas de formación.

#### 2.2.3.3. Sistemas de apoio aos programas de formación en rede

- ◆ No 2025 tiveron actividade un total de 18 espazos de capacitación do proxecto PLAFOR. Neste **ano 35.556 persoas tiveron actividade na plataforma**, cun aumento dun 5% respecto do ano anterior.
- ◆ O portal de teleformación da Lingua Galega en PLAFOR converteuse no 1º portal autonómico en convocar **probos en liña para a obtención dunha certificación oficial de idioma**, o CELGA 4, aplicando técnicas avanzadas de proctoring para evitar a suplantación de identidade e garantir que se faga sen axudas externas, proba á que puideron optar 100 aspirantes dende o seu domicilio.





03

# PRINCIPAIS LOGROS

## 03. PRINCIPAIS LOGROS

### OBXECTIVO 1. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

#### Administración e goberno dixital



- **Renovación** completa do **portal público da sede electrónica**.
- Posibilidade de realizar **presentacións electrónicas** con certificados electrónicos nos **dispositivos móbiles**.
- Posta en marcha dunha nova **"Carpeta Profesional"**, na Carpeta Cidadá.
- Posta en marcha da alta en Chave365 utilizando Cl@ve.
- Canle de atención por **WhatsApp** para resolver dúbidas técnicas no uso da aplicación XuntaEu.
- **3 novas tarxetas en XuntaEu**: Licenza recreativa de pesca continental, Licenza de caza e Licenza de embarcacións.
- Completouse a implantación da **nova sala de sinaturas** na Plataforma de sinatura electrónica, iniciada no 2024.
- Aprobouse o **Plan de traballo de dixitalización de procedementos 2025-2027**, como extensión do Plan de administración e Goberno dixitais 2025.
- **PasaXe!** consolidada como elemento imprescindible no funcionamento ordinario da administración.

## Sistemas para o emprego público

- En 2025, FIDES reforzou o seu papel como canle dixital do emprego público:
  - Como canle de entrada para os profesionais e aspirantes xestionou **134.145 presentacións** dos distintos trámites e procesos.
  - Executáronse 49 baremos de procesos selectivos de diferentes tipoloxías (Concurso oposición, oposición de promoción interna, acceso libre).
- A canle dixital consolidouse como punto único de relación electrónica con profesionais e aspirantes, fortalecendo a trazabilidade, a transparencia e a capacidade de xestión dos procesos selectivos.
- A finais de 2025, **32.604 persoas empregadas públicas** contan con acreditación dixital, e moitas delas con máis dun certificado electrónico debido ás súas necesidades específicas (certificado de pseudónimo, certificado de representante, certificado en dispositivos centralizados...), así o **número total de certificados xestionados é de 35.143**.



## Xestión dixital da Axencia Tributaria de Galicia



- **Fornecemento da Oficina Virtual Tributaria (OVT)** cun redeseño da súa imaxe, novos servizos de atención á cidadanía, entre eles unha nova canle de teleatención por videochamada e un novo servizo de asistencia telefónico/presencial para a confección das autoliquidacións do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. **1.402.018 accesos aos seus servizos**.
- **Ampliación de servizos na app móbil ATRIGA, co pagamento por transferencia.**

## Xestión dixital económico-financeira e contable

- Actualización tecnolóxica do **sistema de información contable**.
- **Adaptación do sistema contable** á implantación dun novo Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (PXCPG).
- **Adaptación funcional e técnica á nova dos servizos Web da BDNS** para a remisión dos datos de subvencións.
- Implementación do proceso **de migración de garantías ao novo sistema de Xestión da Caixa Xeral de Depósitos (GARANTA)**.
- Implantación do **xestor de expedientes de contratación PLATION en todas as entidades e Consellerías da Xunta de Galicia** (73 entidades. 3.352 expedientes tramitados).



## Xustiza Dixital



- **Nova Sede Xudicial Electrónica** que garante o pleno cumprimento das obrigas establecidas polo Real Decreto-lei 6/2023. Ademais, habilitouse unha nova canle de atención directa mediante WhatsApp.
- Renovouse o **portal xustiza.gal** na súa totalidade cun deseño e base tecnolóxica común á Sede xudicial electrónica.
- O **novo modelo de rexistro civil** está implantado en Galicia, que abrangue un total de 45 oficinas xerais e 268 oficinas colaboradoras do Rexistro Civil.
- Completouse a implantación do envío de **notificacións electrónicas** a persoas físicas e xurídicas a través de Notific@, DEHú e comparecencia en sede xudicial electrónica.
- Incorporación de **VIAEXE**, un visor intelixente que facilita localizar información e ler o contido do expediente.
- Automatización do **índice electrónico** e da xestión/compartición do expediente.
- Ampliación da dotación de **conexión WIFI** nas sedes xudiciais, xa dispoñible en 57 edificios de xulgados e audiencias.
- En 2025 finalizou o proceso de unificación, consolidando o sistema de xestión procesal en 7 instalacións, como paso previo á interoperabilidade e migración ao novo xestor procesal.
- No ano 2025 celebráronse 810 **actividades de acompañamento ou capacitación**, con 8.654 asistencia individuais.
- O **CSU de Xustiza** atendeu O CSU de Xustiza atendeu 136.396 contactos (chamadas, correos, ...), que se converteron un total de 65.692 casos de atención.

## Robotización e automatización

- Consolidación da **Plataforma de Automatización Intelixente** de procesos.
- Identificación de **casos de aplicación en 10 ámbitos sectoriais**.
- Probas de **concepto e primeiros casos** de aplicación para a interpretación de información de facturas e xustificantes de pago ligados á xustificación de axudas e subvencións.
- Evolución da **plataforma de validación "VALIA"** para que os empregados públicos poidan interactuar co traballo dos robots e verificar os datos obtidos mediante intelixencia artificial.
- Elaboración dunha solución que permita validar a autenticidade dun documento orixinal e que extraia a información de firma. Solución integrada na plataforma de validación VALIA.
- Evolución dos cadros de mando para controlar a información máis relevante relativa á execución de procesos automatizados.





## Xestión intelixente do dato



- Adxudicación do desenvolvemento da **estratexia do dato da administración pública galega**.
- Adxudicación do **nodo de información cidadá**.

## Plan do posto dixital avanzado do persoal empregado público e atención ás persoas usuarias

- En liña coa evolución continuada de posto de traballo consolidouse a extensión da utilización de VDI (**escritorios virtuais**), consolidado en máis de 3.638.
- Dotouse o equipamento especializado de videoconferencia en 11 salas distribuídas por diferentes edificios administrativos.
- Ao fin de 2025, xestiónanse baixo criterios corporativos 19.192 postos de traballo e 3.346 equipos de impresión.
- Impulsouse o proxecto de migración masiva a Windows 11.
- Executáronse os primeiros proxectos corporativos de adopción de solucións avanzadas de colaboración e de asistentes virtuais de IA aplicadas ao posto de traballo.



## Compoñentes transversais



- Actualización tecnolóxica da ferramenta de autorización de usuarios que se emprega para acceder a 451 aplicacións web e apps móbiles, co despregue en probas do novo sistema **RHBK** no proxecto **P\_AUTORI**.
- Desconxestión do proceso masivo de creación e recuperación dos escritos xerados (en odt, word, PDF...) no sistema centralizado **P\_INFORMES** que dá servizo a 157 aplicacións informáticas, separáronse peticións en colas síncronas e asíncronas, xunto con melloras nas canles de recuperación dos documentos.
- Dispoñibilidade dun novo esqueleto inicial **ARCHAM\_2** empregado para construír rapidamente ferramentas informáticas que funcionan en navegadores web e empregado xa en 5 proxectos.





## OBXECTIVO 2. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

### Política social



- No proxecto de desenvolvemento e implantación da **Historia Social Única Electrónica (HSUE)**, comezouse a renovación do sistema **SIUSSGAL** nun primeiro bloque de 10 concellos.
- Consolidouse a nova aplicación de soporte ao rexistro de **Familias Monoparentais**, traballándose na integración cos servizos de administración electrónica.
- Déuselle soporte **aos procesos de homologación da discapacidade** en base ao grado recoñecido de dependencia.
- Déuselle soporte ás **modificacións normativas introducidas** nos procedementos de dependencia e discapacidade, que pasaron a ter solicitude conxunta e escenarios de tramitación coordinada, abordándose un intenso escenario de evolución dos sistemas SIGAD e CENDIS, incluído o desenvolvemento progresivo dunha API de integración entre ambas aplicacións.
- Definiuse e iniciouse o desenvolvemento do **novo escenario de coordinación do Informe de condicións de saúde de dependencia con Sanidade**.
- Completouse a execución da **licitación de equipamento tecnolóxico para o servizo de teleasistencia** domiciliaria da Xunta de Galicia.

### Xestión dixital das políticas de emprego

- Superación da **auditoría ENS2025** para as aplicacións do SPEG.
- Integración das funcionalidades de formación dentro de **MOBEM**.
- Posta en produción dunha nova aplicación de **xestión de libros de subcontratación** (LSUBCO).
- Posta en produción da **xestión dos obradoiros de formación**.
- Completar **piloto de puntos de información en 3 oficinas de emprego** co desenvolvemento da súa maqueta (KIOSKO) así como completar a licitación da compra dos kioscos para o resto de oficinas.



## Xestión dixital da vivenda



- **IGVSAL**: novo módulo de axustes contables nas resolucións de concesións, para rexistrar modificacións no importe de concesión por perda de subvencións ou renuncias e melloras no módulo de xestión de recibos.
- **PROFIA**: Integración con Arpad, Integración co CAS de Amtega para os usuarios internos e cambio na comunicación con Abanca (novo identificador de recibo).
- **REDEP**: Adaptación da tramitación a través de PasaXe! da consulta de concesións pola regra de Mínimis, do certificado de concesións de subvencións e axudas e do certificado de prestacións percibidas ou outorgadas polo INSS. Xestión de axustes orzamentarios por expediente.
- Tramitación dixital dos programas e liñas de axuda vinculados ao **Plan Estatal de Vivenda 2022-2025**.
- Incorporación no rexistro de demandantes da xestión da credencial e sorteos, os avisos ao xestor e a integración con Pasaxe, permitindo o apagado da aplicación legacy RUDEVI.
- **Renovación** integral do portal corporativo do **IGVS**.
- Desenvolvemento do **módulo do programa de Fogar Vivo** na aplicación IGVMVA para a convocatoria de 2025.
- Finalizada a actualización tecnolóxica e funcional do **portal de premios de arquitectura e xestión do concurso**.
- Ferramenta para a xestión das declaracións de IVE (SII) do IGVS, **aplicación XEVIVE**: Cambio no modo de envío de facturas á AEAT, cambio de certificado individual a selo de organismo.

## Xestión dixital da educación

- Despregue de **novos servizos dixitais de alto impacto (matrícula en liña en ADALE)** e melloras de procesos de admisión e ratios.
- **Consolidación da adaptación normativa** (LOMLOE e nova FP LOOIFP) nos sistemas académicos, de programación e de prácticas en empresa.
- **Reforzo de seguridade e modernización técnica** (pentesting en XADE, migracións e estandarización).
- **Automatización e integración** de procesos operativos (Inventario-AlmacenTIC, devolucións e trazabilidade).
- **Mellora de canles e servizos á cidadanía** e aos centros (abalarMóbil, listaxes dinámicas e exportacións).



## Xestión dixital do transporte e infraestruturas viarias



- Implantación da **integración con Plation** no sistema de xestión de actuacións e expedientes da AXI (XESTA).
- Despregouse en produción a **primeira versión operativa do sistema integral** para a dixitalización dos labores de inspección en materia de transporte, P\_INSPEC.
- Adxudicación dun **novo contrato para o desenvolvemento de novas funcionalidades** no sistema de xestión para o control e mantemento das obras de paso e noiros (EXOPA) da rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA), cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027.
- Completouse a **integración de IURIST coa aplicación NSGE** de tramitación de sancións do Ministerio de Transportes e Mobilidade sostible. Aplicación dende o 1 de xaneiro de 2024 da tarifa específica +65 pola que as persoas maiores de 65 anos dispoñen de 60 viaxes de balde ao mes.

## Xestión dixital do comercio, empresa e industria

- **Novo portal de comercio:** <https://comercio.xunta.gal>.
- Evolución do **sistema de Xestión Integral** de xestión do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, MARCO.
- Novo portal do IGCC ([consumo.xunta.gal](https://consumo.xunta.gal)).
- Creación do **rexistro de municipios mineiros**.
- Preparación do **novo censo do solo industrial** (VI500A).
- Desenvolvemento do procedemento de **Obtención e renovación da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade** (TR357E) para a súa tramitación dixital.



## Xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio



- Publicación da **nova licitación** para continuar coa evolución e mellora do portal Web de Meteogalicia.
- **Migración do 40%** das aplicacións de **Meteogalicia** á infraestrutura corporativa da AMTEGA.
- Renovación da **Oficina Virtual de Licenzas de Caza e Pesca**.
- Integración das **licenzas de caza e pesca** en XuntaEU.
- **REGIAC:** modificación do sistema para a inscrición automática no rexistro de forma desatendida.
- **Xestión das autorizacións** para o acceso dos visitantes aos distintos espazos protexidos, garantindo o control e sostibilidade do turismo nestes espazos.

## Xestión dixital do sector primario

### Eido incendios:

#### ● XEINFO / XeoCode

- Mellora da escalabilidade e robustez do sistema de posicionamento (TETRA-DOTS v3), incrementando a fiabilidade operativa e a capacidade de xestión en tempo real.
- Ampliación da interoperabilidade e coordinación, coa integración da posición da UME e novas fontes de información para a toma de decisións.

#### ● Sistema de información Quendas

- Optimización dos procesos de xestión económica do persoal, mellorando o cálculo e tramitación de complementos e axudas.
- Aumento da trazabilidade e eficiencia administrativa, reducindo tempos de xestión.

#### ● Proxecto AILUME (IA)

- Evolución do modelo de intelixencia artificial, mellorando a capacidade de detección temperá de incendios.

#### ● CAU Incendios

- Reforzo do servizo de soporte e atención, garantindo a continuidade operativa en situacións críticas.
- Mellora da capacidade técnica e renovación de equipamento, incrementando a fiabilidade dos sistemas.

#### ● Xestión de biomasa

- Adaptación ao novo modelo baseado en convenios, modernizando a xestión das faixas secundarias.
- Mellora da análise e explotación de datos (Power BI), reforzando a toma de decisións.

#### ● Convenios con entidades locais

- Adaptación ao marco PEPAC e automatización da tramitación, incluíndo xeración e sinatura de convenios.
- Integración con sistemas corporativos e mellora do seguimento, facilitando control e xestión eficiente.

#### ● Axudas prevención incendios

- Convergencia con AXUFOR nunha plataforma común, simplificando e unificando a xestión das axudas.

- Soporte ás novas liñas de subvencións, garantindo coherencia e eficiencia na tramitación.





#### Eido agro-gandeiro:

- Posta en marcha do novo sistema de **xestión dos movementos de gando de Galicia** (MOGAN).
- Posta en funcionamento dun novo sistema de información destinado á xestión integral de **axudas á apicultura**.
- Arranque da nova construción dun **sistema de xestión do rexistro vitícola**.
- Inicio do desenvolvemento dun novo **sistema integral** de soporte ao **rexistro de explotacións agrarias** de Galicia, a finalizar no 2026.
- Melloras na **Xestión de explotacións agrarias** (XEAGA) (xestión de insumos, xestión de cultivos plurianuais, aliñamento SIEX,...) e publicación nos markets (Android, iOS) da aplicación móbil asociada (XEAGA\_APP).
- Proposta e coordinación dun **modelo común estatal de interoperabilidade de rexistros agrarios** e da integración entre sistemas autonómicos e estatais (SGAREX).
- Mellora relevantes na optimización da infraestrutura e administración de soporte e despregue do **sistema de xestión da solicitude única** (SGAPAC).
- Melloras na xestión económica no **Sistema contable do organismo pagador en Galicia dos fondos agrarios** europeos (SICOP-FOGGA).





#### **Eido calidade alimentaria:**

- **Xestión administrativa AGACAL**

- Posta en marcha do sistema e centralización da xestión.
- Incorporación do módulo económico.

- **Control e certificación de calidade**

- Migración e optimización de datos de DOP e IXP.
- Desenvolvemento de novos informes analíticos.

- **Axudas a produtores**

- Integración con sistemas corporativos automatizando consultas e validacións administrativas.
- Implantación de cadros de mando e xestión documental avanzada.

- **Axudas a transferencia tecnolóxica**

- Mellora dos controis e da fiscalización, incluíndo validacións, xestión de gastos e optimización de fluxos de traballo.

- **Axudas a formación e transferencia**

- Configuración de novas liñas e integración con PEPAC.
- Melloras na xestión de pagamentos e xustificacións, especialmente en convocatorias plurianuais.

- **Formación agroforestal**

- Reestruturación do proceso de inscrición e melloras funcionais.
- Homoxeneización e integración de sistemas (CUAGRO).

- **Información fitosanitaria do viñado**

- Migración da plataforma á infraestrutura corporativa.

- **Marketplace Experiencias de Calidade**

- Posta en marcha do novo marketplace.



#### **Eido desenvolvemento rural:**

- **Xestión dos procedementos e instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia**
  - Automatización e integración de datos de interesados.
  - Seguimento integral de expedientes e control económico.
- **Banco de Explotacións**
  - Posta en marcha do sistema que dá soporte á tramitación e xestión dos procedementos relacionados co Banco de Explotacións.
- **Banco de Terras de Galicia**
  - Implantación de novos procedementos dixitais de arrendamento, totalmente integrados coa Sede electrónica.
  - Automatización da xestión de parcelas e mellora de casos complexos.
- **Procesos de concentración parcelaria de Galicia**
  - Validación automática e mellora da calidade dos datos.
  - Posta en marcha do portal público.
- **Axudas da intervención LEADER**
  - Posta en marcha dos módulo de tramitación e xestión das axudas destinadas tanto aos promotores de actuacións como aos grupos de desenvolvemento rural (GDR).
  - Dixitalización completa do ciclo de vida das axudas.
  - Integración con sistemas corporativos.
- **Mapa de usos agroforestais**
  - Posta en marcha dos portais público e de xestión.
  - Integración de múltiples capas de datos territoriais.





### **Eido forestal:**

#### **• Xestión dos Instrumentos de Ordenación Forestal**

- Incorporación do novo visor XIS e actualización da cartografía, o que permite un traballo máis preciso, fiable e áxil para técnicos e redactores.
- Melloras da tramitación administrativa, cara a simplificación e axilización dos procedementos e a redución de tempos de xestión.
- Evolución cara a unha nova interface pública máis moderna, para a mellora da usabilidade para profesionais e administracións.

#### **• Inventario de Actividade Forestal**

- Automatización da carga de datos desde outros sistemas forestais, como CORWEB, CORPRI e XORFOR, o que permite reducir o traballo manual, incrementar a coherencia da información e garantir unha actualización continua dos datos dispoñibles.
- Xeración de capas XIS oficiais para sistemas como CORPU e REXMON, proporcionando información cartográfica fiable e estandarizada para o apoio ás decisións técnicas e operativas.

#### **• Cortas públicas**

- Integración de funcionalidades para a xestión da información EUDR garantindo un acceso centralizado á información, facilitando o cumprimento da normativa europea e reducindo riscos.

#### **• Cortas privadas**

- Incorporación de capacidades para facilitar o cumprimento da normativa europea EUDR por parte dos solicitantes.

#### **• Unificación e consolidación da cartografía en INAFOR**

- Incorporación da visualización dos polígonos de corta no contexto da EUDR, o que permite identificar de maneira máis clara e rápida as zonas autorizadas, mellorando a precisión e seguridade no traballo técnico.
- Mellora na tramitación das comunicacións finais, simplificando os fluxos e reducindo os tempos administrativos.

#### **• Axudas de Fomento Forestal**

- Incorporación da xestión de dúas novas liñas de axuda: MR605C e MR616C.
- Incorporación de funcionalidades XIS de apoio á consulta e xestión de solicitudes e expedientes.

#### **• Sanidade Vexetal Forestal**

- Renovación do portal de avisos fitosanitarios, ofrecendo información máis clara, accesible e útil para todos os perfís de usuarios.
- Refinamento do clasificador de pragas e enfermidades baseado en intelixencia artificial, permitindo detección máis rápida e fiable.



#### Eido Mar:

- Incorporación de novos documentos para a xestión da actividade na **Plataforma Tecnolóxica da Pesca** e integración con novas fontes.
- Consolidación e **extensión da plataforma integral** de xestión de axudas financiadas en tódolos eidos de xestión da Consellería do Mar.
- Entrada en funcionamento da nova Plataforma actualizada de **xestión de permisos de marisqueo a pe** (MAREX) e migración do anterior sistema.
- Deseño e construción dun **portal do alumno** no marco do sistema de xestión da formación pesqueira.
- Integración do **sistema SIPMAR** co sistema nacional SIPE para o envío das licenzas de pesca deportiva e integración da licenza en XuntaEU.
- Impulso e mellora da **aplicación móbil MOVTIC**.
- Lanzamento do **laboratorio atlántico SeaLab**.
- Construción dos portais e ferramentas de soporte do **Plan da Cultura Marítima de Galicia**, a rematar no 2026.
- **XECONF** como ferramenta de apoio na xestión das confrarías galegas.
- Inicio da construción dun sistema de información para o rexistro e explotación da información recollida pola **Unidade Técnica de Pesca de Baixura** (UTPB).
- Inicio da construción dun sistema de información de soporte á **xestión dos descritores do bo estado do medio mariño (DMEM)** e a información de indicadores de saúde das poboacións explotadas.
- Consolidación e mellora do proxecto **Lonxas Galegas 4.0**.
- Análise de funcionalidades para usuarios profesionais para favorecer a experiencia de compra remota e deseño dun **novo portal de comercialización** (valorización produtos).
- Melloras **Rexistro de Acuicultura**, cadros de mando en FEIMAR,...



#### Transversais Agroforestal:

- Lanzamento de proxectos con **aplicación de IA e tecnoloxías** asociadas.
- **Repositorio centralizado** de información de subvencións e axudas.
- Compoñente para a **visualización** e edición de información xeográfica.
- Ferramentas de apoio nos controis e inspeccións de campo.



## OBXECTIVO 3. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

### Servizo de infraestruturas de sistemas



- Consolidación dun **modelo de contratación áxil e escalable** para o almacenamento corporativo mediante acordos marco, reducindo a dependencia de procedementos ad hoc.
- Evolución da infraestrutura cara a **novos modelos de servizo**, incorporando capacidades de almacenamento tipo S3 orientadas a datos fríos e casos de uso emerxentes.
- Avance significativo na **consolidación e unificación dos recursos de administración de sistemas**, integrando o ámbito de Emprego nun modelo contractual común.
- Adaptación do servizo de administración de sistemas ás **novas necesidades das contornas cloud**, mantendo a calidade e eficiencia.
- Incorporación da **avaliación da percepción** dos usuarios como elemento de mellora continua do servizo.
- Renovación da infraestrutura tecnolóxica da **plataforma corporativa Exchange**, mellorando a súa robustez e fiabilidade.
- Execución con éxito dun proceso complexo de **migración de buzóns**, garantindo a continuidade do servizo.
- Disposición de **marcos contractuais estables** para a evolución futura das plataformas de virtualización e sistemas.
- Actualización permanente do **Plan de Continuidade dos Servizos de Infraestrutura**, asegurando a súa vixencia.
- Renovación e ampliación da infraestrutura de **computación dos CPDs** con equipamento de última xeración.
- **Diversificación tecnolóxica** das plataformas de virtualización mediante a incorporación de produtos de software libre.
- **Estandarización** dos procesos mediante o uso de roles e playbooks de automatización.

## Calidade e arquitecturas de aplicacións

- **Incorporación de GITLAB community** á plataforma de integración continua. Migración de proxectos ao novo sistema.
- Incorporación de **proxectos Liferay** e aplicacións Android á plataforma de integración continua.
- Actualización da **versión de Liferay**.
- **Actualización da plataforma** de reporting corporativo, da versión maior de Nexus (librería de software corporativa) nas contornas produtivas e de Sonar.
- **Gitlab**: substitucións da versión empresarial por unha versión community sen necesidade de licenza.
- Implantación dun **servizo transversal** para o rexistro da actividade das aplicacións, en liña co cumprimento do ENS.
- Implantación dunha **plataforma de streaming** de datos corporativa, inicialmente a utilizar no rexistro de actividade.
- Actualización e soporte da **plataforma CAS** (Central Authentication Service).
- Colaboración para o mantemento da **certificación ISO 9001:2015**.
- **Auditoría** anual da CMDB.
- Avanzouse no despregamento do **sistema de calidade** mediante a execución de auditorías internas, o deseño de enquisas de satisfacción e a evolución dos procesos xa integrados na axencia.
- Impulsouse a madurez operativa da organización mediante o soporte continuo na implantación e alíñamento cos procesos e boas prácticas do **marco ITIL**.
- Potenciouse o **portal XuntaTIC** como a canle de referencia para a divulgación tecnolóxica corporativa.



## Estratexia Cloud da Xunta de Galicia

- Implantación dun procedemento para a **avaliación de novos servizos en cloud privado** baseado nun modelo de xestión de riscos, que inclúa a casuística de proxectos con características especiais.
- Desenvolvemento dun método de **estimación de custos** das contornas de cloud privado.
- Formalización de contratos derivados do **Acordo Marco de servizos de cloud pública**.
- Publicación do **modelo de gobernanza** para proxectos de cloud pública.
- Creación dun **novo clúster composto por 7 servidores** dedicados en exclusiva a contornas non produtivas.





## Soporte e evolución das Redes Corporativas

- Incremento do **ancho de banda** dos centros conectados á rede corporativa da Xunta de Galicia.
- Avance na execución do contrato para a renovación de **infraestrutura de rede obsoleta do CPDI**.
- Formalización do contrato para a renovación e ampliación da infraestrutura de **transporte óptico DWDM** entre CPDs da Xunta de Galicia.
- Realizáronse **importantes melloras** na electrónica de comunicacións e no cableado de diferentes edificios administrativos, xulgados, centros de servizos sociais, oficinas de emprego, centros educativos e outros.
- Licitáronse novos acordos marco para a **subministración de equipamento wifi e de terminais TETRA** para a Rede de Emerxencias.
- **Mantemento** da electrónica de comunicacións e administración da rede corporativa.
- Revisión de **proxectos de ICT** nos edificios obxecto de reformas.



## Plan Director de Ciberseguridade

- Elaboración e evolución da normativa asociada ao **cumprimento do ENS** (Esquema Nacional de Seguridade). Renovación dos 5 sistemas certificados no ano 2023 no contexto de auditorías ENS (3 de estas renovacións fixéronse elevando a categoría de certificación a ALTA).
- **14 políticas/normas /procedementos** actualizados ou creados neste ano.
- Licitado e formalizado un acordo marco para a **nova plataforma SIEM**.
- **1.007 auditorías de seguridade** realizadas no 2025.
- Nodo Galego de **Ciberseguridade CIBER.gal** consolidou a súa actividade coa celebración do V Encontro CIBER.gal e contando con máis de 60 entidades adheridas e 3.600 inscricións.
- Adhesión de **7 novas entidades** ao Nodo CIBER.gal
- Publicouse o **III Informe do Estado de Ciberseguridade** en Galicia.
- Impulsouse o **proxecto RETECH Ciberseguridade** coa licitación e subministración de equipamento clave para a nova rede de laboratorios tecnolóxicos de UVigo, CTAG, Gradient e ITG.
- Elaborouse a **primeira Enquisa de Ciberseguridade nas Empresas Galegas** xunto ao IGE e publicouse o informe sectorial específico sobre o estado da seguridade no tecido empresarial.
- Reforzouse a **ciberseguridade no ámbito xudicial** co despregue masivo de ferramentas antimalware (EDR e microCLAUDIA) e o deseño da proposta para o seu Comité de Seguridade.
- Mellorouse a **protección na administración local e en Facenda** mediante a monitorización automatizada de vulnerabilidades, test de penetración e a implantación do SIEM dedicado.
- **Continuación das obras do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia** (CECIGA) e licitación do mobiliario para o centro.
- Leváronse a cabo múltiples actividades de **formación /concienciación** sobre Ciberseguridade.
- Securizouse o posto de cliente coa extensión de **axentes EDR e microCLAUDIA**, o control de dispositivos USB e a implantación do certificado de máquina como factor de autenticación na rede.
- Avanzouse na protección do correo electrónico (**DMARC**) en colaboración co CCN, e activouse unha nova solución corporativa para a xestión segura de contrasinais integrada co SIEM.
- Executouse un exercicio avanzado de **Red Team** e realizouse un simulacro de xogo de escritorio (tabletop) para validar e actualizar os procedementos de xestión de crises de alto impacto.
- Minimizouse o impacto dos **ataques de denegación de servizo** (DDoS) do grupo NoName057.
- Evolucionou o proceso de **xestión de vulnerabilidades** mediante a combinación de análises internas, externas e a integración da ferramenta ELSA do CCN.
- Despregáronse capacidades de busca activa de ameazas (**Threat Hunting**) mediante telemetría corporativa.
- Avanzouse na adaptación aos novos requirimentos de **certificación dixital**, regulando a redución de validez dos certificados TLS e a obrigatoriedade de soporte hardware para a firma de código.
- Licitouse o **Acordo Marco para o Plan de Medios de Amtega**.
- **Reforzouse a formación** do persoal docente en materia de privacidade e seguridade da información a través dunha colaboración estratéxica co CAFI.
- Impartíronse **seminarios técnicos** internos de alta especialización enfocados na resposta áxil e contención fronte a ataques por ransomware e na difusión de políticas de seguridade.
- **Capacitouse especificamente aos perfís clave** de goberno da organización, incluíndo aos Delegados de Protección de Datos (DPD).
- Desenroláronse **accións de sensibilización sectoriais a medida**, como as xornadas sobre 'Fundamentos de ciberseguridade' na Consellería do Medio Rural.





## OBXECTIVO 4. FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS

### Impulso á educación dixital



- **4,5 millóns de euros** en material TIC dotado en centros educativos.
- Consolidouse o ecosistema **EDIXGAL** e o uso do Entorno Virtual de Aprendizaxe, con ampla participación de alumnado e profesorado. **62.165 alumnos e alumnas** participantes no proxecto de educación dixital E-Dixgal.
- Reforzáronse as canles de comunicación dixital, especialmente a través de **abalarMóbil**, cun uso moi intensivo.
- Potenciouse o soporte técnico, incrementando significativamente a capacidade de atención aos usuarios.

### Plan galego de competencias dixitais

#### a) No ámbito do MGCD

- **No ámbito do persoal empregado público:**

- 4.447 persoas participaron nalgún dos cursos de competencias dixitais ComDix, acumulando un total de 2.050 horas de capacitación.
- 750 persoas optaron ás primeiras 6 edicións de probas libres para a certificación, obtendo finalmente 520 delas a correspondente certificación "ComDix Iniciación".

- **No ámbito xeral da cidadanía:**

- Máis de 3.000 persoas participaron nalgúnhas das convocatorias trimestrais de probas libres para a certificación.

- **No ámbito educativo:**

- Máis de 41.000 alumnos obtiveron certificación por algunha das 3 vías habilitadas nese ámbito: probas para a certificación, validacións ou equivalencias.
- Máis de 7.000 alumnos participaron nas probas de obtención das certificacións de competencias dixitais.



#### b) Capacitación dixital do persoal empregado público

- Desenvolvéronse 152 accións formativas en diversas materias: administración dixital, seguridade, competencias dixitais transversais e ofimática. Supuxeron un total de 4.993 horas de formación.

#### c) Sistemas de apoio aos programas de formación en rede

- No 2025 tiveron actividade un total de 18 espazos de capacitación do proxecto PLAFOR. Neste ano 35.556 persoas tiveron actividade na plataforma, cun aumento dun 5% respecto do ano anterior.
- O portal de teleformación da Lingua Galega en PLAFOR converteuse no 1º portal autonómico en convocar probas en liña para a obtención dunha certificación oficial de idioma, o CELGA 4.

## Bibliotecas en rede de Galicia



- **1.115 bibliotecas usuarias do Sistema de Xestión bibliotecario** baseado en KOHAILS (309 bibliotecas municipais, 773 escolares e 33 especializadas).
- Publicación do portal Furgoteca e renovación dos portais das 6 bibliotecas nodais.
- Posta en marcha do **servizo GaliciaLe+**, orientado ás persoas de fora de Galicia para que poidan facer uso da Plataforma de préstamo dixital en galego obtendo un carné de usuario exterior.
- Renovación do sistema da Librería Institucional.

## Inclusión, capacitación e talento dixital

- Actividades para a inclusión dixital da cidadanía
  - Organización do **III Encontro de Axentes TIC da Rede CeMIT**, unha xornada orientada a fomentar o intercambio de experiencias e boas prácticas, crear un foro de diálogo aberto entre os/as axentes da Rede CeMIT e desenvolver accións formativas específicas aplicables ao seu traballo cotián.
  - Acto de entrega dos **II Premios Axentes TIC** poñendo en valor o compromiso e a labor do persoal formador das aulas, así como as iniciativas levadas a cabo durante o 2025.
- Iniciativas para combater a fenda dixital das persoas maiores
  - Posta en marcha dunha **nova iniciativa "Canal Sénior na Rede CeMIT"** en colaboración co aliado dixital Fegaus coa que reforzar as habilidades dixitais prácticas das persoas maiores, mellorar o seu benestar e favorecer a interacción social, reducindo a soidade non desexada.
- Fomento do talento dixital
  - Organizadas **dúas novas convocatorias do programa Tecnólog@** por un día para o curso 2025/2026, que brinda a estudantes de entre 12 e 17 anos a posibilidade de vivir de maneira directa unha xornada laboral en empresas do sector TIC de Galicia, co propósito de reforzar as vocacións STEAM mediante experiencias inmersivas.
  - Celebración da **III Edición do Programa Mentoring FP**, que ten como finalidade facilitar proceso de mentorización e apoio para a posta en marcha de proxectos emprendedores.
- Plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT 2022-2025
  - Entrega de **pantallas interactivas e sistemas de videoconferencia** ás 83 aulas CeMIT adheridas ao Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT.





## OBXECTIVO 5. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADA UN TERRITORIO INTELIXENTE

### Plataforma Territorio Intelixente (PTI)



- Despregamento da **plataforma soporte de xemelgos dixitais**.
- **Xeocatálogo corporativo**: posta en marcha dun xeocatálogo destinado a facilitar a difusión interna e gobernanza dos conxuntos de datos e servizos de información xeográfica.
- **Sistema transversal de xeocodificación do territorio**: licitación e comezo da execución do servizo de desenvolvemento do sistema transversal de xeocodificación do territorio.
- **EIRA (Espazo de Innovación Rural Aplicada)**: despregamento, xunto con AGADER, do marco de colaboración EIRA (Espazo de Innovación Rural Aplicada).
- **Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemelgos Dixitais**: licitación do servizo de difusión e comunicación para a iniciativa "Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en xemelgos dixitais".
- **Desenvolvemento do sistema do nomenclátor** e mellora dos sistemas de toponimia.
- **Cartografía BTG v1.1 a escala 1:5000** en 80 concellos da provincia de Ourense.



## Transporte e mobilidade dixital: e-mobility

- Extensión do proxecto **QR Xente Nova** a todos os contratos de transporte público regular de uso Xeral, 127 en total.
- Formalización do contrato de desenvolvemento dun sistema de xestión integral dos estudos e proxectos sobre a **Rede Autónoma de Estradas de Galicia (RAEGA)**, denominado P\_SIXPE.
- Publicación da **nova APP MoBT**.
- Comezo dun **piloto family & friends** de pago con móbil a través da nova APP MoBT.
- Publicación de **información en tempo real** dos servizos de transporte regular de uso xeral en formato GTFS-RT dende SAEGAL.
- Extensión da pilotaxe do proxecto QR Xente Nova a 13 novos contratos de transporte público de Galicia.
- Licitación do contrato para o desenvolvemento dunha plataforma para a xestión integral de estudos e proxectos sobre a **rede autónoma de estradas de Galicia (RAEGA)**, cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027.
- Desenvolvemento dun novo cadro de mando para o seguimento da **tarifa +65**.
- Adjudicación do contrato de desenvolvemento de novas funcionalidades no **Sistema de Axuda á Explotación, SAEGAL**, Financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.
- Posta en marcha dun **piloto de pago con móbil** na plataforma galega de mobilidade.



## Xestión e conservación do medio ambiente e do territorio

- Resolución da licitación, arranque e execución do novo proxecto para o desenvolvemento de novas funcionalidades na **plataforma GaIA** relacionadas co tratamento e xestión de Resíduos.
- Resolución da licitación do novo proxecto para o desenvolvemento de **novas funcionalidades** na plataforma GaIA.
- Inicio do desenvolvemento la **Plataforma Urbanística Dixital de Galicia**.
- Identificación, priorización e proposta de desenvolvemento de proxectos para o ámbito de urbanismo e ordenación do territorio no marco do **Programa Galego de Intelixencia Artificial 2025-2027**.
- Probas de concepto de **aplicación da IA** para a identificación automática de informes sectorias e a anonimización de datos na tramitación urbanística.
- Inicio do servizo para a implantación dos **proxectos tecnolóxicos no ámbito de Urbanismo**.





## Dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego – Memoria dixital de Galicia



- **173 edicións dos cursos do CELGA on-line:** participaron **9.931 persoas**, e 100 persoas na primeira convocatoria do exame en remoto.
- Posta en marcha do **Grafo de coñecemento de Galiciana**, con tres espazos especializados: **prensa histórica, Memoria e concordia e Revista Nós**. Na actualidade recolle **726.059 obxectos dixitais de 16 coleccións**.
- Deseño do **sistema de catalogación da Filmoteca de Galicia**.

## Turismo Intelixente

- Incorporación da **gobernanza do dato no dominio turístico:** máis de 200 millóns de datos xestionados, 36 cadros de mando temáticos e máis de 350 indicadores e KPI.
- **Novo sistema de Inspección Turística**, con máis de 3.600 actuacións de inspección rexistradas.
- Dixitalización dos procedementos de Turismo, con **máis de 15.000 expedientes tramitados dixitalmente**.
- Actualización da **app do Camiño de Santiago**, con **melloras na información** e seguimento do percorrido e rede de sensores de mobilidade.
- Nova app Galicia thermal.



## Impulso á empresa dixital

- Publicación dos pregos do contrato para a licitación para conseguir as empresas a través das que se prestarán os servizos do **Programa Reacciona TIC**.



## OBXECTIVO 6. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL

### Impulso ao software libre e aos estándares abertos



- Publicación dunha **nova solución TIC** da Xunta de Galicia con licenza libre (Apunta).
- **8 solucións de software libre** dispoñibles para proba na nube a través de Apeiría.
- Publicación da **Guía de recursos de software libre para mulleres emprendedoras do rural**.
- Ampliación da **oferta formativa** en colaboración coa Rede CeMIT, favorecendo a inclusión dixital e integrando o software libre nas súas formacións.
- Difusión da **Guía de Accesibilidade no Software**, promovendo solucións máis inclusivas para a cidadanía.
- **202 solucións de software libre** difundidas a través do portal Mancomún e produción de contados audiovisuais e diversos materiais formativos no portal.

### GaiásTech e nodos de especialización tecnolóxica

- 20 xornadas de **demonstración**, 29 sesións de **capacitación** e 4 accións de **sensibilización** para empresas, cidadanía e organizacións.
- GaiásTech impulsa o **talento xuvenil** como motor da innovación empresarial.
- Promoción para a xeración de **perfis femininos en STEAM** a través de eventos, obradoiros tecnolóxicos e xornadas.
- Definición dun modelo de **espazo orientado á innovación aberta** e á colaboración.
- Celebráronse **eventos de especialización tecnolóxica** co obxectivo de xerar un
- Espazo de **networking** entre o tecido tic galego.
- Desenvolvemento dunha sección informativa na web do **servizo ReactivaTec**.



## Ecosistema Gobtec



- Consolidación do **Ecosistema Gobtec** como espazo de referencia.
- Lanzamento de **retos tecnolóxicos estratéxicos** diferenciados.
- Avance na resolución de **retos en ámbitos prioritarios** como a administración pública e a educación.
- **1 benchmarking** realizado a nivel nacional e europeo sobre iniciativas GovTech.
- **3 proxectos/iniciativas** desenvolvidas no marco do ecosistema GobTec.
- Impulso á adopción de **tecnoloxías disruptivas** no ecosistema empresarial galego.
- Validación de **casos de uso reais** en ámbitos prioritarios como administración e educación.
- Traballos para o fomento da adopción de tecnoloxías disruptivas en **3 retos tecnolóxicos**.

## Conectividade e cohesión dixital

- Execución con éxito da encomenda para a construción de torres por parte de **Retegal**.
- Sinerxía entre Retegal como operador público e Vodafone como beneficiario de subvención para a consecución dos obxectivos.
- Execución do **pagamento das facturas** recibidas polas entidades colaboradoras dos Bonos Dixitais para colectivos vulnerables.
- Resposta aos requirimentos recibidos pola **SETID**.
- Reunións semestrais para o seguimento da **explotación das redes de fibra óptica** do operador beneficiario en entidades de poboación e nos polígonos industrias, financiada polo **Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural** (FEADER), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.
- Reunións semestrais para o seguimento da explotación da **rede de fibra óptica de Telefónica en áreas empresariais**, enmarcado na actuación de reforzo da conectividade de polígonos enmarcada na inversión C15.I2 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Avance na identificación do estado actual da **cobertura de telefonía móbil na contorna rural**.
- 17 entidades adheridas ao **Conectivi.gal** e celebración de 3 actividades de formación e 1 evento de coordinación das entidades.
- **No ano 2025** continuouse traballando no mecanismo de colaboración co Goberno do Estado para a axilización de permisos autonómicos para o despregamento das redes de fibra óptica do **UNICO Banda Ancha**.
- Renovación un ano máis o **servizo de asesoramento** a concellos sobre normativa e solucións técnicas para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación.
- Continuación coa actuación de desenvolvemento de infraestruturas públicas como soporte á dixitalización e desenvolvemento das estratexias de **Smart Villages** en poboacións rurais.



## Observatorio de sociedade da información e modernización de Galicia



- **Galicia Dixital:** Sistema de indicadores, actualización anual (1).
- **Galicia Dixital:** O sector TIC de Galicia: 1 enquisa, 1 informe xeral e 1 nota de prensa.
- **Estatística sobre a Administración dixital na Xunta de Galicia:** 1 informe xeral e 1 nota de prensa.
- **Estatística sobre a Administración dixital na Xunta de Galicia:** renovación do proxecto técnico.
- **Estatística da Administración dixital nos concellos galegos:** renovación do proxecto técnico.
- **Estatística da Administración dixital nos concellos galegos:** traballo campo da enquisa.
- **Galicia dixital:** A modernización tecnolóxica no rural: 1 informe xeral, 1 informe executivo e 1 nota de prensa.
- **Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia:** 1 actualización anual da táboa de indicadores das empresas.

## Estratexia Galicia Dixital 2030

- Colaboración na elaboración do **Plan Director da Industria das TIC en Galicia**.
- Seguimento de proxectos derivados da EGD2030.
- **Análise comparativo** entre Galicia e resto de rexións en materia de dixitalización.



## Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030



- Aprobación da **Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da Intelixencia Artificial en Galicia**, primeira lei europea nesta materia.
- Constitución do **Consello Galego de Intelixencia Artificial**, coa participación das distintas administracións públicas, universidades, sector empresarial, sector tecnolóxico e representación social.
- Aprobación do **Programa Galego de IA 2026-2028**, cun investimento público de 54 millóns de euros para o período. Recolle un modelo para o goberno da IA e actuacións enfocadas na propia administración, no sector empresarial, no sector do emprendemento e no sector académico.
- Participación no **sandbox de Intelixencia Artificial** posto en marcha polo Ministerio de Transformación Dixital e da Función Pública.

# CANLES DIXITAIS

No que respecta aos portais, recóllense, de seguido, as novidades máis relevantes que se produciron na sección de portais do Catálogo da Rede integrada da presenza en internet no 2025. Inclúense tanto os portais de novas iniciativas como aqueles que corresponden a actualizacións de certa relevancia en iniciativas web que existían con anterioridade:

## Retorno Cualifica Empleo

**Data de publicación:** febreiro de 2025.

Portal con información sobre o programa do mesmo nome da Consellería de Empleo, Comercio e Emigración, que ten por finalidade achegarlles a oportunidade de regresar a aquelas persoas emigrantes de nacionalidade española e orixe galega residentes no exterior que estean interesadas en integrarse laboralmente en Galicia.

<https://retornacualificaempleo.gal>

**Novo!**



## Sociedade Galega de Vivenda Pública de Galicia

**Data de publicación:** febreiro de 2025.

Portal que ten como obxecto social a realización das actividades dirixidas á promoción e xestión de vivenda con destino a venda ou alugueiro, así como á promoción de solo residencial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

<https://vivendapublica.gal>

**Novo!**



## Portal web da Furgoteca

**Data de publicación:** febreiro de 2025.

O portal web da Furgoteca proporciona a información relacionada co servizo de biblioteca móbil que presta a Xunta de Galicia en colaboración cos Concellos que non dispoñen deste equipamento cultural. Como calquera outro centro bibliotecario, achégalle á veciñanza servizos diversos como: préstamo de libros, revistas e outros materiais; asesoramento e recomendacións de lectura; xestión de carnés de usuario/a...

<https://bibliotecas.xunta.gal/gl/furgoteca>

**Novo!**



### Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia

**Data de publicación:** marzo de 2025.

Portal informativo das plataformas océano-meteorolóxicas galegas. Seleccionando calquera das boías dispoñibles na actualidade, ofrece un panel informativo coas últimas medicións xeradas, transmitidas en tempo real cun control de calidade automático.

<https://observatoriocosteiro.xunta.gal>



Novo!



### Portal do Comercio Galego

**Data de publicación:** marzo de 2025.

Portal temático de referencia sobre o comercio galego. Inclúe información de actualidade sobre esta materia, as campañas vixentes, a marca Comercio Galego, axudas e subvencións, normativa de interese, servizos e trámites...

Novo!

<https://comercio.xunta.gal>

### PilaBot

**Data de publicación:** xullo de 2025.

Portal de referencia da campaña coa que a Xunta de Galicia (xunto a Ecopilas, ERP e Ecolec) promove a recollida selectiva de pilas e acumuladores portátiles nos centros educativos de primaria e secundaria de Galicia.

<https://pilabot.gal>



Novo!



### Bonopeixe

**Data de publicación:** xullo de 2025.

Portal informativo da campaña Bonopeixe, un programa de dinamización e incentivo do consumo de peixe e marisco frescos nos comercios retalistas de Galicia a través dos bonos peixe en peixarías. O portal inclúe información tanto para os/as comerciantes que desexen adherirse como para os/as consumidores/as.

Novo!

<https://bonopeixe.gal>

## Fondos Europeos Galicia

**Data de publicación:** novembro de 2025.

Portal informativo sobre o investimento de recursos financeiros da Unión Europea en Galicia, a través de cada un dos fondos activos. Contén datos sobre a política de cohesión da UE ou a normativa común e instrumentos de financiación nos períodos 2021-2027, 2014-2020 e anteriores.

<https://fondoseuropeos.xunta.gal>

Novo!



## Instituto de Medicina Legal de Galicia

**Data de publicación:** decembro de 2025.

Portal de referencia do Imelga, un organismo técnico multidisciplinar cuxa misión principal consiste en prestar asistencia técnica á cidadanía, no ámbito da medicina forense, a psicoloxía e o traballo social.

Novo!

<https://imelga.xustiza.gal>



## Oficina de Asistencia ás Víctimas do Delito

**Data de publicación:** decembro de 2025.

Portal de referencia deste equipo multidisciplinar que está formado por profesionais da área da psicoloxía, o traballo social e outro persoal empregado da Administración de Xustiza e que ten como misión a protección, orientación e respaldo legal en situacións difíciles a persoas que fosen vítimas dun delito.

<https://vitima.xustiza.gal>

Novo!





Xunto aos portais anteriores ao longo de 2025 abordáronse tamén renovacións técnicas e de estilo gráfico dos seguintes portais:

### Consellería de Economía e Industria

<https://economia.xunta.gal>

Renovado en 2025!



### xustiza.gal

Renovado en 2025!

<https://www.xustiza.gal>



### Sede Xudicial Electrónica

<https://sede.xustiza.gal>

Renovado en 2025!





### Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

<https://bibliotecas.xunta.gal/gl/santiago>

*Renovado en 2025!*



### Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés

<https://bibliotecas.xunta.gal/gl/coruna>

*Renovado en 2025!*



### Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

<https://bibliotecas.xunta.gal/gl/vigo>

*Renovado en 2025!*



### Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola

<https://bibliotecas.xunta.gal/gl/pontevedra>

*Renovado en 2025!*





### Biblioteca Pública de Ourense Nós

<https://bibliotecas.xunta.gal/gl/ourense>

*Renovado en 2025!*



### Biblioteca Pública de Lugo

<https://bibliotecas.xunta.gal/gl/lugo>

*Renovado en 2025!*



**No que respecta ás apps para dispositivos móbiles**, a Xunta de Galicia responde á demanda de contidos adaptados aos dispositivos móbiles co desenvolvemento de aplicacións que identifica baixo a súa autoría para aumentar a confianza e fiabilidade dos usuarios.

A Xunta dispón de espazos nos principais marketplaces de mobilidade e publicouse o catálogo de aplicacións móbiles <http://www.xunta.es/aplicacions-mobiles> onde, na actualidade, están dispoñibles **42 aplicacións móbiles**.

Ás aplicacións que se encontraban xa no catálogo en 2024 <http://www.xunta.es/aplicacions-mobiles> hai que sumar estas **3 novas apps en 2025**:

### Galicia Thermal

**Data de publicación:** xaneiro de 2025.

A app de Galicia Thermal permite explorar a excepcional oferta termal de Galicia, recoñecida pola calidade das súas diferentes augas mineiro-medicinais e a variedade dos seus balnearios e talasos.

*Novo!*



### Xestión de explotacións agrarias en Galicia

**Data de publicación:** marzo de 2025.

Esta aplicación móbil conta con Sistema de Información Xeográfica (SIX) integrado, GPS e sincronización coa plataforma de Xestión de explotacións agrarias de Galicia (Xeaga), o que permite ter o control total das actuacións no campo dende calquera lugar.

*Novo!*



### MoBT

**Data de publicación:** agosto de 2025.

MoBT é a nova aplicación de mobilidade. Trátase dun buscador avanzado que inclúe todos os servizos de transporte público de Galicia e que permite planificar comodamente os desprazamentos.

*Novo!*



En 2025 o conxunto das 42 aplicacións móbiles tiveron **703.423 total de descargas**, o que fai un **número de descargas acumuladas de 4.465.603**



## DESCARGAS ACUMULADAS DAS 25 APLICACIÓNS CON MÁIS DESCARGAS

| CANLE MÓBIL                            | EN 2025 | DESCARGAS<br>ACUMULADAS |
|----------------------------------------|---------|-------------------------|
| AbalarMóbil                            | 208.819 | 1.638.643               |
| Mobem                                  | 130.022 | 902.275                 |
| XuntaEu                                | 82.768  | 139.542                 |
| Transporte público de Galicia          | 73.236  | 242.915                 |
| MeteoGalicia                           | 62.723  | 755.133                 |
| Camiño de Santiago en Galicia          | 35.122  | 215.927                 |
| Rede de Bibliotecas de Galicia         | 28.072  | 54.592                  |
| abalarPro                              | 17.378  | 66.473                  |
| Sendegal                               | 6.606   | 90.540                  |
| Tradutor Gaio                          | 6.427   | 64.138                  |
| Mobt                                   | 5.985   | 5.985                   |
| Axenda Cultura                         | 5.083   | 30.871                  |
| Turismo de Galicia                     | 4.741   | 38.003                  |
| Pesca fluvial en Galicia               | 4.695   | 4.845                   |
| Carné Xove                             | 4.353   | 25.356                  |
| DOG                                    | 3.946   | 54.659                  |
| Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) | 3.706   | 5.382                   |
| Pescreativa. Pesca Marítima de Recreo  | 2.962   | 3.296                   |
| MOVTIC                                 | 2.466   | 6.422                   |
| Parques naturais de Galicia            | 2.062   | 31.626                  |
| GaliciaAberta                          | 1.384   | 4.492                   |
| Poxa Lonxas Galegas 4.0                | 1.237   | 7.516                   |
| Galicia Nomeada                        | 1.149   | 9.456                   |
| Galicia Termal                         | 1.104   | 1.104                   |
| Galicia Birding                        | 857     | 6.458                   |



04

# ACTUACIONES 2025

## 04. ACTUACIÓNS 2025

### OBXECTIVO I. IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

#### 4.1.1. Plan de Administración e Goberno dixital

##### 4.1.1.1. Relación dixital coa cidadanía

En xullo de 2022 aprobouse o “**III Plan de administración e goberno Dixital. 2025**” (PAGD2025), co obxectivo de consolidar a capacidade da administración pública de desenvolver a súa actividade e os **servizos cara a cidadanía nunha contorna plenamente dixital**, máis eficaz e eficiente para a resolución dos novos desafíos, e que ofrezca máis e mellores servizos, abordando o seu funcionamento baixo un **enfoque centrado na cidadanía**.

##### 4.1.1.1.a. Sede electrónica da Xunta de Galicia

A sede electrónica da Xunta de Galicia é o punto común de referencia para a oferta de servizos electrónicos a cidadáns e empresas. No 2025 puxéronse a disposición da cidadanía e das empresas 685 formularios electrónicos distintos adaptados de xeito específico para o inicio de cada trámite.

Como novidades máis salientables destacamos:

- ◆ **Renovación completa do portal público** que integra unha renovación profunda orientada á accesibilidade, personalización e uso en dispositivos móbiles. Estes cambios ofrecen un deseño máis simple e claro, un buscador mellorado e sempre visible, un formato optimizado para dispositivos móbiles e cun novo apartado “Para ti” que ofrece unha maior personalización dos servizos.

- ◆ Redeseño do **espazo privado** de cada persoa, desde o que se accede á Carpeta Cidadá de cada persoa.
- ◆ Posibilidade de realizar **presentacións electrónicas con certificados electrónicos nos dispositivos móbiles**.

Como complemento a estas medias púxose en marcha a canle de atención especializada a través de **WhatsApp** para atender as consultas técnicas no uso da sede electrónica.

- ◆ En canto á **Carpeta Cidadá**, púxose en marcha a nova “**Carpeta Profesional**”. Isto nace co obxectivo de acadar unha maior especialización nos servizos e ofrecer utilidades específicas para empresas e profesionais. As empresas disporán da súa Carpeta profesional, e as persoas profesionais, autónomas ou intermediarias poderán crear un espazo específico diferenciado para os seus trámites profesionais.



#### Indicadores de uso durante o 2025:

- **1.587.718 presentacións** no Rexistro electrónico a través da sede.
- **Máis de 503.174 persoas interesadas** distintas utilizaron a **sede electrónica** para a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións.
- Creáronse na carpeta cidadá **máis de 1.182.059 expedientes** correspondentes a **595 procedementos** distintos xestionados en **71 sistemas de tramitación**.
- A través da sede electrónica realizáronse **máis de 90.000 pagos electrónicos de taxas** asociados á presentación de trámites no Rexistro electrónico, de xeito integrado coa pasarela de pagos.

#### 4.1.1.1.b. Acreditación dixital da cidadanía

No relativo ao **sistema de identificación e sinatura Chave365** cómpre destacar:

- ♦ Posta en marcha da alta en Chave365 utilizando Cl@ve.
- ♦ Mellora dos contidos do servizo para divulgar as posibilidades de renovación e cambio de contrasinal a través da aplicación móbil xuntaEu.

#### 4.1.1.1.c. A Xunta no teu móbil. XuntaEu

**XuntaEu** <https://www.xunta.gal/xuntaeu> é a aplicación móbil que dá acceso aos principais servizos de administración dixital da Xunta de Galicia. Esta app facilita a accesibilidade aos servizos públicos e desde decembro de 2023 está dispoñible para a súa descarga en dispositivos móbiles con Android e iOS. A aplicación permite, entre outras utilidades, consultar notificacións, certificados, tarxetas; ver os expedientes coa mesma información que figura na sede electrónica; recibir avisos; consultar ou modificar os datos de Chave365; xestionar citas etc.

Ao longo de 2025 publicáronse novas versións da aplicación, incluíndo como novidades máis salientables:

- ♦ En canto á **relación administrativa coa Xunta de Galicia**:
  - ♦ **Achega de documentación** aos expedientes dispoñibles na Carpeta Cidadá, obtendo o seu xustificante de presentación no Rexistro electrónico.
  - ♦ **Acceso á información adicional** específica segundo a tipoloxía dos expedientes. As unidades administrativas que tramitan os

expedientes poden incorporar na Carpeta Cidadá a información específica que consideren de interese para as persoas, e estas poden consultala a través de App.

- ♦ **Canle de atención por WhatsApp** para resolver dúbidas técnicas no uso da aplicación.



- ♦ En canto ás tarxetas dispoñibles, no 2025 incorporáronse tres novas tarxetas: Licenza recreativa de pesca continental, Licenza de caza e Licenza de embarcacións.

A finais de 2025 téñense realizado **máis de 137.000 descargas da aplicación nos markets de Android e IOs**, máis do dobre que a finais do ano anterior.

#### 4.1.1.1.d. Oficinas de atención á cidadanía e rexistro

A rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro é a canle de acceso presencial da cidadanía aos servizos administrativos. Dentro dos traballos realizados neste ámbito no 2025 destacan os seguintes:

O avance da dixitalización require converter os documentos presentados en papel pola cidadanía en documentos electrónicos. Esta actividade supón una alta carga de traballo para o persoal das oficinas. No 2025 implantouse un compoñente de separación de documentos con **intelixencia artificial, SepIA**, integrado con AIRES para o procesamento da

documentación dixitalizada nas oficinas, realizando a separación automática dos distintos documentos que forman parte dunha entrada, evitando ao persoal a necesidade de realizar esta separación de xeito manual. Ademais, renovouse a interface de AIRES para facilitar o tratamento documental, incorporando vista en miniaturas e outras utilidades para separar e unir documentos.

Estas melloras, ademais de reducir o esforzo da dixitalización dos documentos, supoñen unha mellora significativa na calidade da clasificación dos documentos que reciben as unidades destinatarias.

#### Indicadores acadados durante o 2025:

- Máis do **88,86%** das entradas no **Sistema Único de Rexistro** foron electrónicas.
- **834.621** persoas distintas contan con entradas no **Sistema de Rexistro**.
- Máis de **883.000** documentos presentados pola cidadanía dixitalizados.

#### 4.1.1.1.e. Sistemas para a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI)

No ano 2025 continuouse co soporte e evolución dos sistemas de información para o funcionamento da **Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI)**, órgano adscrito á institución da Valedora do Pobo.

Durante o 2025 recibíronse máis de 740 comunicacións na canle interna de información e xestionáronse 110 expedientes no sistema de xestión.

A evolución acometida no sistema de xestión de apoio consistiu en melloras na usabilidade e melloras nas consultas das comunicacións por parte dos responsables da súa tramitación.

de reiterar a tramitación, a configuración de avisos ao correo por procedemento e ampliar as funcionalidades dos perfís técnicos. Este sistema xestionou máis de 10.100 expedientes e foi empregado por 1.480 usuarios.

- ◆ Continuou o funcionamento do **servizo de soporte técnico especializado para os sistemas dixitais en uso pola cidadanía**, e que se presta dende a Amtega como acompañamento á canle 012. Estes sistemas son, principalmente, a sede electrónica, o sistema de notificacións electrónicas, chave365, a sede xudicial electrónica, e progresivamente os novos servizos que se van poñendo en marcha. Como xa se indicou anteriormente, inclúese a posta en marcha a canle de atención vía WhatsApp.

#### 4.1.1.1.f. Outros sistemas do ámbito de atención á cidadanía

No 2025 deuse continuidade á evolución dos sistemas de atención á cidadanía incluíndo:

- ◆ **Sistema de xestión das queixas, reclamacións peticións de información do cidadán (SIACI)**. No ano 2025 fixéronse cambios para simplificar e axilizar as tarefas dos usuarios, como a posibilidade

#### 4.1.1.2. Portais institucionais

En canto ao **portal institucional [www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)**, continuou o proceso de renovación tecnolóxica iniciado en 2023, en cada un dos espazos dependentes de él. En **2025** un total de **10.825.974 visitas e 21.528.453 páxinas** vistas, cunha media mensual de 388.882 visitantes.


Para coñecer o tipo de uso deste espazo no 2025 podemos ver os seguintes gráficos, tendo en conta



que os datos amosados son calculados tendo en conta unicamente visitas externas (dende fora da rede corporativa da Xunta de Galicia).

- ◆ En canto ao **portal de transparencia e goberno aberto** <https://transparencia.xunta.gal> recibiu en 2025 un total de **461.921 visitas** (fronte ás 387.596

de 2024). A través das canles de participación habilitadas para as achegas cidadás abríronse 88 procesos participativos (fronte aos 83 de 2024), cun total de achegas presentadas ascendeu a **1.112** (fronte ás 636 de 2024).



#### 4.1.1.2.a. *Diario Oficial de Galicia*

En canto ao **Diario Oficial de Galicia**, durante o 2025 continuouse coa evolución funcional dos sistemas para a xestión, edición e publicación do Diario Oficial de Galicia. Os fitos máis salientables dos traballos executados foron:

- ◆ Migración dos escritorios virtuais a Windows11, así como evolución da versión da ferramenta de maquetación.
- ◆ Tarefas de soporte a usuarios.

- ◆ Renovación do selo de órgano e actualización dos certificados TEU.

Completoouse a consolidación da ferramenta de configuración DOGFAC, e fixéronse traballos de adaptación ás necesidades funcionais plantexadas pola unidade usuaria, así como melloras na xestión dos pagos agrupados.

En canto ao **Novo Sistema de xestión, edición ou publicación do Diario Oficial de Galicia**, continuáronse os traballos de desenvolvemento de todas as pezas deste conxunto de aplicacións. A previsión de publicación definitiva do DOG será no 2026.



#### 4.1.1.3. Xestión dixital e interoperabilidade

Este programa ten como finalidade establecer, construír e por en marcha os sistemas troncais e corporativos facilitadores do funcionamento dixital da administración pública galega que permiten implantar procesos dixitais dun xeito áxil e homoxéneo. Inclúense aspectos como os sistemas comúns de sinatura dixital, o inventario de información administrativa, a intermediación de datos e documentos, o arquivo electrónico administrativo, as notificacións electrónicas e aqueles outros elementos necesarios para acadar a dixitalización plena. Inclúese tamén o impulso da súa utilización.

##### 4.1.1.3.a. Consolidación dos sistemas troncais

Relaciónanse algunhas das novidades máis salientables durante o ano 2025:

En canto ao **Sistema de notificacións electrónicas de Galicia** (<https://notifica.gal>):

- ◆ Incorporación dos mecanismos de verificación dos datos de contacto das persoas que manteñen o seu enderezo electrónico habilitado no sistema.
- ◆ Redeseño do portal de acceso ás notificacións pola cidadanía, adaptándoo á última imaxe corporativa da Xunta de Galicia.
- ◆ Utilidades para o envío de documentos por referencias no ámbito de Xustiza.
- ◆ Utilidade para facilitar as unidades o asentado de saída das notificacións cando a persoa destinataria dunha notificación non dispón de NIF ou non se coñece.
- ◆ Seguimento e apoio ás unidades no uso do sistema.

**Respecto ao uso** no ano 2025 puxéronse a disposición electrónica das persoas interesadas 1.977.346 notificacións das que 1.388.650 foron exclusivamente electrónicas, e o número de persoas distintas ás que se lle notificou superou as 686.000.

A canle elixida polas persoas interesadas para ler ás súas notificacións resúmese nas seguinte táboa:

| Canle                                                                            | % de notificacións lidas nesa canle |
|----------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|
| Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> | 65%                                 |
| DEHú <a href="https://dehu.redsara.es">https://dehu.redsara.es</a>               | 23%                                 |
| Sede Electrónica <a href="https://sede.xunta.gal">https://sede.xunta.gal</a>     | 10%                                 |
| App Móbil XuntaEu                                                                | 1%                                  |
| Comparecencia presencial nas oficinas de atención á cidadanía, e outras canles   | 1%                                  |

En canto ao **impacto na axilidade na tramitación**:

- ◆ Nas notificacións que se enviaron só electronicamente, o tempo medio transcorrido entre que a administración enviou a notificación e a aceptación e lectura desta pola persoa destinataria foi de aproximadamente 25 horas.
- ◆ No 22% das notificacións postais, as persoas accederon voluntariamente á notificación electrónica en menos de 10 días desde o envío.

En canto á **Plataforma de sinatura electrónica**:

- ◆ Completouse a implantación da nova sala de sinaturas iniciada no 2024.
- ◆ Continuouse coa implantación da **sinatura electrónica desde dispositivos móbiles**. Así, realizáronse **máis de 548.000 sinaturas** no sistema utilizando certificados electrónicos "na nube" a través da sala de sinaturas. Asináronse en mobilidade o 15% das sinaturas non automatizadas.
- ◆ Realizáronse as adaptacións para a firma desde dispositivos móbiles no ámbito da administración de Xustiza.

Superouse en 2025 os **13 millóns de documentos asinados na plataforma de sinatura electrónica** e a porcentaxe de **documentos asinados en procesos automatizados acadou o 72%** do total.

No referente ao **arquivo electrónico administrativo** da Xunta de Galicia, as principais novidades foron:

- ◆ Renovouse o visor de expedientes e documentos para facer unha visión estruturada en formato carpeta que fai máis intuitiva a procura e consulta de expedientes e documentos.



#### Indicadores acadados durante o 2025:

- Incorporáronse ao arquivo **máis de 31 millóns de documentos electrónicos**.
- Creáronse **máis de 1.000.000 expedientes electrónicos** de **567 procedementos** distintos, cun **incremento de 155 procedementos** respecto ao 2024.
- Realizáronse **2.864 envíos de expedientes** á **administración de Xustiza** de xeito completamente electrónico e interoperable.

**No Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia e Rexistro de persoas titulares de órganos ou cargos**, no 2025 o número de poderes vixentes incrementouse nun 39% acadando os 18.600.

O total de poderes inscritos no Rexistro electrónico xeral de apoderamentos de Galicia para cada tipoloxía é:



|                                                                                      | 2021        | 2022         | 2023         | 2024          | 2025          |
|--------------------------------------------------------------------------------------|-------------|--------------|--------------|---------------|---------------|
| Calquera actuación administrativa e ante calquera Administración                     | 460         | 1.829        | 3.592        | 5.757         | 8.538         |
| Calquera actuación administrativa ante a Xunta de Galicia ou entidades instrumentais | 369         | 1.094        | 2.498        | 4.294         | 6.147         |
| Actuacións determinadas ante a Xunta de Galicia ou entidades instrumentais           | 335         | 1.542        | 3.523        | 5.830         | 8.301         |
| <b>Total</b>                                                                         | <b>3185</b> | <b>6.487</b> | <b>9.613</b> | <b>15.881</b> | <b>22.986</b> |

#### 4.1.1.3.b. *Sistemas de tramitación corporativos*

O desenvolvemento e evolución de ferramentas transversais que dean cobertura a un conxunto amplo de procedementos ofrece importantes vantaxes: permite a implantación dixital inmediata dos novos procedementos, facilita a extracción de información analítica, permite informar ás persoas interesadas cunha visión homoxénea, entre outras.

No 2025 aprobouse o **Plan de traballo de dixitalización de procedementos 2025-2027**, como extensión do Plan de administración e Goberno dixitais 2025. O plan establece un conxunto de medidas e indicadores de avance para afondar na dixitalización da administración autonómica.

A extensión das plataformas de tramitación transversais permite acadar maiores niveis de dixitalización de xeito óptimo. No 2025 **os sistemas transversais están implantados en todas as consellerías**, e xestionan un volume cada vez máis elevado de procedementos e expedientes.

As melloras e resultados obtidos en 2025 foron os seguintes:

- ◆ **O sistema de tramitación transversal (w@nda):**

- ◆ Implantación da funcionalidade de edición de modelos de documentos. Así as unidades poden redactar e actualizar os modelos de xeito autónomo.
- ◆ Novas utilidades na comprobación de requisitos.
- ◆ Consulta do fluxo de tramitación definido para un procedemento.
- ◆ Automatización da consulta a novos servizos de interoperabilidade dispoñibles en PasaXe!
- ◆ Envío de información adicional dos expedientes á Carpeta Cidadá para que as persoas dispoñan de máis datos dos expedientes.

En canto aos indicadores de uso, no sistema corporativo Wanda **configuráronse 25 novos procedementos**. No sistema xestionáronse 264 procedementos dos que 166 tiveron prazo de presentación aberto en 2025, con 101.783 expedientes. Hai 507 usuarios activos.

No 2025 mantívose a dispoñibilidade do **equipo de apoio á implantación dixital** de procedementos, que apoia as unidades na configuración e uso do sistema de tramitación adaptado as súas necesidades.

- ◆ **Sistemas corporativos para a xestión dixital de rexistros administrativos.** No 2025 continuáronse os traballos de evolución para a mellora e axilización das tarefas administrativas de cada rexistro, así como os traballos de personalización e implantación de cada un dos rexistros administrativos

incorporados. No 2025 integráronse o rexistro de asociación profesionais de traballadores autónomos; rexistro de parellas de feito e rexistro de axentes de cooperación para o desenvolvemento.

Este ano acometeuse una liña de traballo para a evolución tecnolóxica de XEREA, que é o componente transversal que xestiona a interacción dos diferentes rexistros coas ferramentas de administración electrónica.

- ◆ **Sistema corporativo de xestión de rexistros administrativos do ámbito industrial e comercial (RUE).** O sistema de rexistro de actividades empresariais, industriais e comerciais é un sistema de información que permite xestionar e coordinar a rede de rexistros industriais, empresariais e comerciais da Administración pública, evitando a dispersión e redundancia de información e simplificando os procesos e trámites nas relacións do sector coa Xunta de Galicia.

A actividade realizada neste ámbito no 2025 detállase no apartado 4.2.8.

#### 4.1.1.3.c. *Incrementar a interoperabilidade de documentos e datos xerados nas administracións públicas*

A plataforma de intermediación de datos e documentos, **PasaXe!**, está xa consolidada como elemento imprescindible no funcionamento ordinario da administración. Entre os traballos realizados durante 2025 destacan:

- ◆ Iniciouse o proceso de migración tecnolóxica completa do sistema para preparalo para a forte demanda de peticións que atende e axilizar os procesos de xestión e consulta de datos.

Durante 2025 realizáronse tarefas para incorporar **9 novos servizos** de consulta de documentos:

- ◆ Novos servizos de información ofrecida pola Xunta de Galicia
  - ◆ Consulta de Certificado de Familia Monoparental
- ◆ Novos servizos de información ofrecida por outras administracións públicas:
  - ◆ Instituto Nacional da Seguridade Social:
    - ◆ Datos económicos de TSD.
    - ◆ Consulta Integrantes IMVRIS.
    - ◆ Consulta Prestacións.
  - ◆ Intervención Xeral da Administración do Estado:

- ◆ Corrente de pago e certificado para o reintegro de préstamos.
- ◆ Corrente de pago e certificado para o reintegro de subvencións.
- ◆ Consulta de axudas e subvencións MINIMIS ampliado (BDNS).
- ◆ Consulta de axudas de Estado (BDNS).
- ◆ Consulta de concesións ampliado (BDNS).

Así, o catálogo de servizos de interoperabilidade estaba composto, a finais de 2025, por **141 servizos** de interoperabilidade facilitados por 27 organismos (entidades cedentes), tanto da Administración xeral do Estado como da Administración pública autonómica de Galicia. A seguinte táboa recolle a evolución das consultas realizadas a través de PasaXe! polas distintas administracións que usan a plataforma.

|                                       | 2020       | 2021       | 2022       | 2023       | 2024       | 2025       |
|---------------------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| Total consultas realizadas en PasaXe! | 12.242.862 | 12.017.830 | 17.234.374 | 15.958.898 | 22.179.229 | 20.686.787 |
| Administración autonómica galega      | 11.917.728 | 11.600.232 | 16.974.021 | 15.673.173 | 21.791.050 | 20.238.417 |
| Entidades locais galegas              | 82.142     | 75.921     | 181.685    | 162.365    | 183.404    | 210.743    |
| Administración xeral do Estado        | 54.252     | 69.941     | 69.956     | 101.624    | 179.743    | 210.675    |
| Universidades                         | 188.618    | 270.844    | 6.927      | 11.740     | 12.537     | 6.494      |
| Outras comunidades autónomas          | 16         | 282        | 479        | 1.041      | 529        | 1.258      |
| EELL de outras comunidades autónomas  | 106        | 610        | 1.306      | 8.955      | 11.966     | 19.200     |

#### 4.1.1.3.d. *Habilitación de procedimientos administrativos*

A habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital supón unha serie de tarefas continuadas relativas a varios dos aspectos de posta en marcha:

- ◆ Revisión da norma que regule o procedemento, e elaboración do informe tecnolóxico-funcional, establecido na normativa vixente, en concreto no artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público.
- ◆ Configuración nas plataformas tecnolóxicas dos formularios, servizos ou persoas usuarias dos sistemas de información.
- ◆ Actualización continuada dos contidos dos inventarios de información administrativa.

Neste sentido, en 2025 emitíronse 557 informes tecnolóxico-funcionais de habilitación de procedementos (o 100% dos solicitados), e ademais:

- ◆ Configuráronse un total de 685 procedementos, publicándoos na sede electrónica e incorporando as configuración precisas para as novas funcionalidades.
- ◆ Xestionáronse máis de 7.700 permisos de usuarios en aplicacións de Administración Dixital, dos que máis do 90% realizáronse de xeito automático a través do portal AxudoT e os mecanismos de integración co Sistema de xestión integrado e automatizado de autorizacións de acceso a ferramentas transversais de administración electrónica AXUSTE. A finais do ano a porcentaxe de permisos automatizados acadou o 81%.
- ◆ Habilitáronse 4.026 autorizacións de servizos de interoperabilidade a través de PasaXe!. Estas habilitacións conlevan trámites de coordinación e comunicación entre os organismos cedentes e os cesionarios.

#### 4.1.1.3.e. Aliñar as iniciativas de administración electrónica coas estatais e europeas

No 2025 traballouse na evolución e adaptación continua para manter operativo o aliñamento das seguintes plataformas e sistemas:

- ◆ Intercambio de expedientes electrónicos a través de INSIDE, orientado fundamentalmente á remisión de expedientes administrativos á Administración de Xustiza.
- ◆ Rexistro electrónico de apoderamentos de Galicia e o Rexistro electrónico de apoderamentos estatal, no relativo aos apoderamentos de tipo A.
- ◆ Punto Único de Notificacións.
- ◆ Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) e do intercambio de documentos.
- ◆ Plataforma de intermediación de datos do Estado.
- ◆ Aliñamento continuado dos catálogos DIR3 e SIA co inventario de información administrativa da Xunta de Galicia.

#### 4.1.1.4. Rede integrada da presenza da administración pública en internet: portais, canles sociais e aplicacións en mobilidade

##### 4.1.1.4.a. Catálogo da Rede integrada da presenza en internet




O **Catálogo da Rede integrada da presenza na internet** recolle a relación de portais, canles sociais e participativas e aplicacións móbiles do sector público autonómico, e igualmente “aquel outras tipoloxías de canles que a evolución dos usos da sociedade e o propio desenvolvemento tecnolóxico permitan, establecendo novos modos de achegamento á cidadanía”, de acordo co establecido ao respecto na Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

No ámbito da coordinación destes instrumentos, lévanse a cabo actuacións orientadas a:

- ◆ Mellorar a calidade da presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet.
- ◆ Fomentar as áreas vinculadas á divulgación da identidade cultural, patrimonial, lingüística e social galega, dando a coñecer os aspectos máis diferenciais da nosa comunidade.
- ◆ Fomentar as áreas temáticas de servizos, promoción da accesibilidade, impulso das actuacións vinculadas ao goberno aberto e á transparencia.
- ◆ Promover canles de participación cidadá e mellorar a interrelación coa cidadanía dun xeito dinámico e continuo.

#### Evolución do catálogo da rede integrada da presenza na internet

Ao fin de 2025 o catálogo estaba constituido por **296 portais, 484 canles sociais e 42 aplicacións móbiles**. As seguintes gráficas recollen a evolución dos últimos anos.



Evolución do número portais, redes sociais e aplicacións móbiles do Catálogo da Rede integrada da presenza na internet

**En canto ás redes sociais**, as 484 iniciativas, suman un total de **4.224.566 seguidores** (Facebook, X, YouTube, Flickr, Vimeo, LinkedIn, Pinterest, TikTok...). Destaca o crecemento continuado de Instagram que acadou a 962.915, superando así a X (que por primeira vez sofre

unha caída de seguidores, pasando dos 896.897 de 2024 aos 872.456 en 2025). Con todo, Facebook, X, Instagram e YouTube suman xuntas 3.876.071 seguidores, o que supón o 91,75% do total.

#### 4.1.1.4.b. Catálogo da Rede integrada da presenza en internet – Administración e auditoría

Coa finalidade de garantir uns criterios comúns que permitan artellar unha presenza na internet ordenada, cunha imaxe coherente e recoñecible pola cidadanía e con información e servizos de calidade, elabóranse guías en materia de deseño e creación dos elementos que compoñen a Rede integrada da presenza na internet,

garantindo, entre outros, a seguridade, o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade e a reutilización de recursos. Estas guías denomínanse Guías de políticas web corporativas. Co obxecto de manter permanentemente actualizados os documentos que xa integraban a guía, realizáronse as seguintes **revisións de documentos en 2025:**



#### → **Actualizado! Políticas para o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos**

Incorporación dun novo punto "Crashlytics e Firebase Analytics" que recolle as indicacións sobre como recoller a información relativa ao uso

destes servizos nas aplicacións móbiles.

**Actualizado en maio de 2025.**



#### → **Actualizado! Políticas de accesibilidade dos sitios web e das aplicacións móbiles**

Modificación das referencias do "Sistema Integrado de Atención á Cidadanía" que figuran nas declaracións de accesibilidade dos portais, co fin de apuntar a unha nova sección creada no portal de atención á cidadanía (012), con información sobre os

mecanismos de comunicación en caso de comunicacións, solicitudes de información e queixas en materia de accesibilidade.

**Actualizado en decembro de 2025.**

### Auditorías de portais e de aplicacións

Co fin de revisar a súa adecuación ás "Guías de políticas web corporativas" realízanse auditorías periódicas de portais web e aplicacións (usabilidade, accesibilidade, cumprimento das políticas...). As conclusións do grao de cumprimento recóllense en documentos que se trasladan aos equipos responsables do mantemento e mellora continuas destes portais e aplicacións.

En 2025 realizáronse as seguintes revisións:

- ♦ **Portais web:** 225 revisións para 114 portais.
- ♦ **Aplicacións de xestión:** 408 auditorías para 263 aplicacións.

Tamén no 2025, desde o servizo de apoio especializado á Unidade Responsable de Accesibilidade realizáronse, seguindo o **Plan anual de auditorías** definido para esa anualidade, os seguintes informes de accesibilidade para o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital:

- ♦ **Informes de sitios web:** 113
- ♦ **Informes de apps móbiles:** 9
- ♦ **En canto a outros servizos transversais,** continuouse coa alta de novos portais en Google Analytics, a ferramenta que emprega a Xunta de Galicia para medir e analizar o tráfico web dos portais e servizos corporativos (visitas, interaccións



das persoas usuarias coa web, canles de acceso etc.). A día de hoxe, recóllense e analízanse as visitas de:

- ◆ Máis de 273 portais e servizos web do catálogo da Xunta. No último ano incorporáronse algúns como os do Rexistro de asociacións profesionais de traballadores autónomos, o visor de mapas da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde, Prensa histórica, Memoria e concordia, Portal do Comerciante Galego, SEALab, Cultura marítima ou Voluntariado Galego.

- ◆ 36 aplicacións móbiles. Actualmente están dadas de alta 36 apps, nas súas versións para Android e iOS.

Dende 2023 practicamente a totalidade dos portais corporativos están dados de alta en Google Analytics 4, a nova versión de Google que incorpora melloras na medición e na obtención de datos. Tamén se adaptaron a GA4 os informes estatísticos de Looker Studio; actualmente están dados de alta **127 informes mensuais**.

## 4.1.2. Plan de Administración e Goberno Dixital. Sistemas para o emprego público

A finalidade deste programa é acadar a dixitalización completa e eficiente dos procesos relacionados co emprego público: planificación, selección e provisión, avaliación e xestión.

Aborda a consolidación do expediente dixital do persoal empregado público (ou dos aspirantes a selo) como elemento facilitador e vertebrador na mellora e simplificación dos procesos.

Aborda tamén a xestión integramente dixital e automatizada neste ámbito. Así, deben proporcionarse ferramentas que permitan a execución eficiente e áxil dos procesos vinculados á xestión dos recursos humanos dentro da administración pública galega, acompañando aos órganos responsables destes procesos.

Estas liñas de traballo artéllanse ao redor dos sistemas orientados á xestión de recursos humanos, e á canle dixital do emprego público FIDES (<https://fides.xunta.gal>), como sistema único para a relación co persoal empregado público e para a relación coas persoas que optan ao emprego público. E se complementa con sistemas do ámbito da analítica de datos ou das tecnoloxías de automatización intelixente de procesos, descritos nos programas de xestión do dato ou de robotización e automatización.



### 4.1.2.1. Acadar o expediente dixital único do empregado público

O expediente dixital de cada empregado público inclúe a información e os documentos que conforman a historia laboral e curricular do empregado público na súa relación con esta administración pública.

En 2025, acadáronse os seguintes avances nas capacidades da Canle Dixital do Emprego público, **FIDES** (<https://fides.xunta.gal>), na consolidación da información do **expediente electrónico** dos profesionais e aspirantes ao Emprego público:



- ◆ **Ampliación dos tipos de méritos:** Análise e desenvolvemento do formulario de Permisos de Conducir. Integración directa con servizos de consulta da información da DGT.
- ◆ **Xestión de alegacións:** Novas funcionalidades para a xestión, presentación e revisión de alegacións ás distintas fases do proceso.
- ◆ **Accións de divulgación:** Colaboración coa Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de persoal na asistencia aos aspirantes e profesionais no acceso e mantemento dos datos do seu expediente e a divulgar o contido da regulación do expediente electrónico:
  - ◆ A través da EGAP consolídanse as actuacións de formación con novas edicións do curso Canle dixital do emprego público FIDES CV25037 - Canle dixital do emprego público FIDES con catro edicións.
- ◆ **Baremación dos datos que figuran no expediente en FIDES.** Varias modificacións orientadas a facilitar o seguimento dos cambios nos datos do expediente, unha vez que estos se traspasan de FIDES a Traslados para a súa revisión e posterior baremación.
- ◆ **Apoio e colaboración coa DXEPAP** na resolución de consultas e incidencias durante a tramitación, dende a configuración do baremo, investigación de incidencias e resolución de dúbidas en relación ao funcionamento dos distintos procesos.

#### ◆ **Funcionarizacións**

- ◆ **Listas do Servizo de prevención y defensa contra incendios forestais.** En 2025 desenvóléronse as modificacións necesarias para cumprir o Decreto 60/2019, do 23 de maio, polo que se regula o nomeamento de interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia en canto a disposición transitoria segunda, que habilita a Comisión Permanente para elaborar unha lista única de chamamentos como resultado da funcionarización.
- ◆ **Funcionarización doutras categorías profesionais.** Durante o primeiro trimestre de 2025 abordáronse diferentes procesos de funcionarización en Listas de contratación que estaban pendentes de realizar derivadas da funcionarización dunha serie de categorías e actualización das súas respectivas RPTs.
- ◆ **Adaptación do sistema de listas de contratación para obter os procesos selectivos con exames aprobados.** O sistema de listas ten que validar para listas cerradas, que os aspirantes a formar parte das listas teñan servizos prestados ou exames aprobados.
- ◆ **Sistema de Citacións Electrónicas.** Ao longo de 2025 traballouse en varias melloras orientadas a proporcionar información máis detallada ao cidadáns sobre os postos a cubrir no momento de realizar a elección dos postos.

O uso de citacións electrónicas sigue crescendo, este ano rexistráronse un total de **7.291 citacións electrónicas nas que se ofertaron 13.732 postos**. Ademais, o **88,57%** das comunicacións enviadas aos inscritos en listas para a cobertura temporal de postos realizáronse electrónicamente superando as **136.000 comunicacións**.

#### 4.1.2.2. Xestión integralmente dixital dos procesos de emprego público

Esta actuación recolle as iniciativas encamiñadas á dixitalización e automatización dos procesos de emprego público utilizando a información estruturada no expediente electrónico.

- ◆ **Canle dixital do emprego público, FIDES.**
  - ◆ No 2025 foron especialmente relevantes as tarefas encamiñadas á tramitación completa de **procesos selectivos**. Salientamos:
    - ◆ Definición de novos **baremos** de procesos de promoción interna. Mellorando a información ofrecida ás persoas participantes das puntuacións e detalle dos motivos asociados.
    - ◆ Inscripción en **listas para cobertura temporal de postos**. Consolidouse o emprego para a xestións de inscricións así como o emprego do expediente para a acreditación de méritos e requisitos asociados. (Experiencias externas).
  - ◆ En 2025 realizáronse a través de **FIDES 134.145 presentacións electrónicas** de trámites polas persoas interesadas.
- ◆ **Concurso de traslados:** Ao longo de 2025 tramitáronse varios concursos de traslados e para elo foi necesario traballar nas seguintes liñas:
  - ◆ **Adaptación da aplicación de Traslados** para dar soporte a novas bases publicadas en relación ao baremo e outras novas.

#### 4.1.2.3. Acreditación dixital do persoal empregado público

A Amtega conta con Puntos de Acreditación Dixital (PAD) nas 7 principais cidades de Galicia e dispón tamén de PAD móbiles que se desprazan a distintas ubicacións administrativas fóra destas cidades para facilitar medios de acreditación dixital evitando os desprazamentos ao persoal. Estes PAD atenden tanto a persoal da Administración Xeral como a persoal da Administración de Xustiza, mantendo sempre vixentes os seus medios de acreditación dixital.

- ◆ A finais de 2025, **32.604 persoas contan con acreditación dixital**, e moitas delas con máis dun certificado electrónico debido as súas necesidades específicas (certificado de pseudónimo, certificado de representante, certificado en dispositivos centralizados...). O **número total de certificados é de 35.143**, coa seguinte distribución:

| Tipo de certificado              | nº certificados |
|----------------------------------|-----------------|
| Empregado público                | 31.896          |
| Representante                    | 1.566           |
| Pseudónimo                       | 1.033           |
| Certificado en nube (mobilidade) | 648             |
| 35.143                           |                 |

- ◆ No 2025 substituíronse máis de 1.250 tarxetas como parte do proceso iniciado en 2022 de renovación das tarxetas de empregado público para manter a súa certificación como dispositivo seguro de creación de firma (QSCD) no marco do Regulamento Europeo eIDAS. .
- ◆ Para axilizar os procesos e reducir o esforzo da acreditación incorporáronse distintas melloras entre as que destacan:
  - ◆ Implantación dun **sistema de vídeo identificación** para a verificación da identidade dos titulares dos certificados. Este sistema evita os desprazamentos do persoal para a obtención dun certificado. No 2025 realizáronse 1.523 emisións por este sistema. Como parte da implantación incorporouse un novo formulario de Axudot de renovación de tarxetas e certificados con vídeo identificación.
  - ◆ A xestión das notificacións de caducidade de certificados automatizadas para facilitar o proceso de renovación de certificados que non necesitan nova tarxeta.
- ◆ Adaptación aos novos lectores de tarxetas RFID e a axilización do proceso de fichaxe.

- ◆ Continuouse coas emisións de **certificados na nube** que permite a sinatura a través de **dispositivos móbiles**.

#### 4.1.2.4. Evolución continua dos sistemas de xestión de recursos humanos

No marco da evolución continuada dos compoñentes da plataforma de xestión de recursos humanos, durante 2025 destaca:

- ◆ No sistema de **Relacións de Postos de Traballo** destacamos as melloras realizadas no módulo de xeración de informes co obxectivo de homoxeneizar a visualización da información e que esta sexa editable en todos os informes que se xeran dende o sistema. Durante este ano, tramitáronse **139 novas propostas de modificación**, máis dun 200% con respecto a 2024.
- ◆ En canto ás melloras para a xestión do teletraballo:
  - ◆ Implantación dunha **nova solicitude de declaración previa de teletraballo** que ten por obxectivo que as persoas que teñen concedida a modalidade de teletraballo poidan informar aos seus responsables dos días que van a teletraballar con antelación ao disfrute.
  - ◆ Incorporación no sistema de fichaxe da opción de teletraballo.
- ◆ Continúase traballando na **renovación funcional e tecnolóxica do sistema de xestión de persoal**. Durante este ano, foron migradas varias funcionalidades: Xestión de causas administrativas, consulta histórica de postos e o proceso de importación de RPT, este último finalizará no primeiro trimestre de 2026.
- ◆ En relación ao **Sistema de planificación e seguimento das Ofertas de Emprego Público (OEP)** realizáronse pequenas modificacións e púxose en marcha un piloto en colaboración coa Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal. Este piloto facilitou incorporar melloras no proceso de identificación dos postos vacantes.
- ◆ A implantación en 2025 do **novo sistema de xestión de quedas (XESAC)** nas residencias da terceira idade, implicou varias modificacións nos procesos de recursos humanos que proporcionan os datos a este sistema.
- ◆ Evolución do deseño do cadro de mando de seguimento de procesos selectivos.

### 4.1.3. Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria de Galicia

Ao longo do 2025, os esforzos centráronse en **adaptar os sistemas á constante modificación da normativa tributaria**. A evolución deuse tamén para **mellorar a xestión dos distintos tributos e actuacións** nesta materia, así como para **facilitar á cidadanía o cumprimento das súas obrigas e o exercicio dos seus dereitos** a través de medios electrónicos. Así, as iniciativas máis salientables foron:

#### Na mellora do sistema de información tributaria da ATRIGA (Xeito):

- ◆ **Evolución do módulo de recadación executiva.**
- ◆ **Simplificación da linguaxe administrativa** das notificacións tributarias, coa incorporación dun resumo informativo e melloras na xeración das notificacións. Tamén, posta en marcha do acuse electrónico nas notificacións emitidas internamente polas delegacións e oficinas liquidadoras.
- ◆ **Novos procesos para a xestión das domiciliacións** en contas da zona SEPA non colaboradoras coa Xunta de Galicia.
- ◆ **Novas integracións:** coa Tesoureira Xeral da Seguridade Social (TGSS) e co Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), entre outras.

#### Nas integracións dos sistemas tributarios con sistemas terceiros:

- ◆ Nova versión do certificado nacional de discapacidade "SVDSCDDWS02.
- ◆ Integración con TGSS e INSS para obter información de soldos/salarios e prestacións.
- ◆ Nova versión da ficha fiscal Ancert que incorpora distintas melloras: Código Rexistral Único (CRU), CSV da copia autorizada da escritura etc.
- ◆ Continuación da integración coa Dirección Xeral de Tráfico (DGT) para comunicar á DGT-IDEX a presentación dos impostos de medios de transporte usado (Mod.620), sucesións (Mod.650) e doazóns (Mod.651) segundo o protocolo definido no convenio ou acordo de colaboración que subscriba coa ATRIGA.
- ◆ Provisión de servizos web de autoliquidación de multas/sancións para posibilitar a integración de aplicacións externas.

#### Na evolución dos diferentes sistemas para adaptalos á constante modificación da normativa tributaria:

- ◆ **Novas funcionalidades na xestión documental** da Atriga e optimización do proceso automático de carga de documentos.

- ◆ **Melloras na aplicación web de cita** e na atención á cidadanía, ao simplificar os módulos que xestionan estas funcionalidades.
- ◆ Avances nos desenvolvementos para a posta en marcha dunha **nova aplicación web de axuda á liquidación do imposto de sucesións** (ALISweb).

#### No fornecemento da Oficina Virtual Tributaria (OVT):

- ◆ **Nova modalidade de pagamento mediante domiciliación** en entidades da zona SEPA non colaboradoras na recadación coa Xunta de Galicia.
- ◆ **Novos servizos de xestión de embargos** por pagadores de soldos, salarios e prestacións.
- ◆ Novos servizos de atención á cidadanía: entre eles, unha **nova canle de teleatención por videochamada e un novo servizo de asistencia telefónico/presencial** para a confección das autoliquidacións do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- ◆ **Redeseño da Oficina Virtual Tributaria.** Creouse unha versión inicial aliñada coa imaxe do portal ATRIGA.gal e co contido reestruturado e simplificado.
- ◆ Ampliación de servizos **na app móbil ATRIGA, co pagamento por transferencia.**

**Na automatización de procesos (RPA) de xestión tributaria:** posta en marcha de novos procesos e estabilización dos existentes (entre eles os procesos posteriores á presentación da autoliquidación do imposto de vehículos).

**No emprego de medidas de análise avanzada na detección do fraude,** implantouse de xeito integral o módulo de ingresos e pagos e desenvolveuse un plan formativo para facilitar a adaptación ao sistema de análise.

**Na aplicación Delfos** realizouse o traspaso de coñecemento ao novo provedor e realizáronse correccións no sistema de buscas.

#### 4.1.4. Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable

Neste ano 2025 avanzouse na dixitalización dos sistemas de información económico-financeiros e contables que prestan servizos horizontais á administración xeral da Xunta de Galicia e ás entidades do sector público autonómico. Destacan as actuacións levadas a cabo nos seguintes sistemas:

##### 1. Sistemas de información contable:

- ♦ **Adaptación para permitir a convivencia do actual Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (PXCPG) cun novo plan.**
- ♦ **Migración do sistema contable (XUMCO) a unha versión actualizada da plataforma tecnolóxica.**
- ♦ Continuación da **adaptación para a integración das universidades galegas.**

##### 2. Sistemas de planificación orzamentaria:

- ♦ **Melloras no procedemento de carga do orzamento de capítulo I dende o sistema contable XUMCO.**
- ♦ **Automatización de procesos de carga do datos para a visión homoxeneizada do orzamento.**
- ♦ **Melloras na validación do orzamento e no proceso de elaboración dos libros do proxecto de orzamentos.**

##### 3. Sistemas de xestión de fondos europeos:

- ♦ Incorporación de **funcionalidades de acordo cos requirimentos e calendario dos sistemas das autoridades de xestión dos fondos europeos FEDER e FSE.**

##### 4. Noutros ámbitos:

- ♦ **Nos Sistemas de xestión e control de operacións e entidades financeiras,** adaptouse o sistema vixente ás novidades na presentación da Declaración Estatístico Contable de distribuidores de seguros **do exercicio 2024.**
- ♦ **Nos servizos do ámbito da tesouraría,** implementouse a migración de garantías ao novo sistema de xestión da Caixa Xeral de Depósitos (GARANTA). Realizáronse tamén melloras funcionais, entre elas a incorporación de novos informes.
- ♦ **Nos sistemas de auditoría,** integrouse o módulo de comunicacións con REXEL e Notific@ e introducíronse mellores na elaboración de informes.
- ♦ **Nos sistemas de información de subvencións,** implementouse a adaptación funcional e técnica aos novos requirimentos técnicos e funcionais da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

- ♦ **Nos sistemas de contratación pública,** implantouse o Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION) na maior parte das entidades do Sector Público Autonómico e desenvolvéronse servizos web para que os sistemas externos poidan obter a información sobre a contratación pública.

- ♦ Tamén se incorporou a tramitación das consultas preliminares de mercado e dos anuncios previos de licitación, avanzouse na interconexión do Nodo de Contratación con sistemas internos e externos e mellorouse a seguridade dos sistemas.

- ♦ **Na xestión das nóminas dos empregados públicos,** realizáronse os procesos de pago e cotización extraordinarios derivados do recoñecemento do grao III da carreira profesional e dos incrementos retributivos retroactivos. Tamén se evolucionou o sistema para adaptalos aos cambios na cotización á Seguridade Social. Permittiuse ademais o acceso á Oficina Virtual do Empregado Público mediante Chave365.

- ♦ **No Inventario do Patrimonio,** integrouse un visor de información xeográfica dentro do inventario e púxose en funcionamento un novo módulo para a presentación e tramitación de solicitudes de partes de sinistro de danos patrimoniais para centros educativos.

##### 5. Sistema de información analítica

Ao longo do exercicio fixéronse numerosas **actuacións de mantemento e mellora** dos elementos de SIAN relacionados coa **área económico-financeira**, de tal xeito que os avances realizados permiten acometer a substitución definitiva do sistema anterior (RHM) polo novo (RHX), planificado para o primeiro semestre do 2026:

- ♦ **Incorporáronse ao Sistema de Información Analítica (SIAN) os datos do Sergas.**
- ♦ **Mellorouse a calidade da información e dos datos procedentes de Breixo.**

## 4.1.5. Plan Senda 2025: Xustiza Dixital

O Plan Senda 2025 constitúe a folia de ruta da transformación dixital da Administración de Xustiza en Galicia, consolidando os avances tecnolóxicos acadados e impulsando novas medidas baixo os principios de eficiencia e eficacia. Esta iniciativa busca garantir unha xustiza máis próxima, áxil e transparente, reforzando a confianza cidadá no sistema xudicial e facilitando a resolución de conflitos mediante ferramentas dixitais innovadoras. Enmárcase no **III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia**, sendo unha peza clave para acadar unha xustiza plenamente dixital e centrada nas persoas.

### 4.1.5.1. Dotar de medios para a atención a cidadanía

O grado actual de madurez dixital da **Administración de Xustiza en Galicia** permite avanzar na relación de xeito dixital coa cidadanía e cos profesionais que a representan: avogados/as, procuradores/as e graduados/as sociais.

Nesta actuación recóllense os servizos que se puxeron en marcha ou consolidaron ao longo do ano 2025.

#### 4.1.5.1.a. Sede Xudicial Electrónica

A Sede Xudicial Electrónica da Administración de Xustiza en Galicia (<https://sede.xustiza.gal>) é a canle de comunicación electrónica segura entre a cidadanía e a Administración de Xustiza e incorpora, ou está en proceso de incluír, a información e servizos electrónicos establecidos no Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, e, segundo se recolle na Orde de 22 de setembro de 2016 pola que se crea e regula a Sede Xudicial Electrónica de Galicia, o seu ámbito de aplicación esténdese á totalidade de oficinas xudiciais e fiscais con servizo de rexistro e repartición de Galicia.



No ano 2025:


- ◆ Púxose en marcha unha **nova Sede Xudicial Electrónica** que garante o pleno cumprimento das obrigas establecidas polo Real Decreto-lei 6/2023, asegurando o acceso á información dos expedientes xudiciais electrónicos segundo o establecido polas normas procesuais e aos servizos dixitais establecidos, entre os que destacan a presentación de escritos e a consulta do expediente xudicial electrónico, da axenda de sinalamentos,

do Taboleiro Edictal Xudicial Único (TEXU) ou das notificacións electrónicas.

- ◆ Renovouse o **portal xustiza.gal** na súa totalidade, cun deseño e base tecnolóxica común á Sede xudicial electrónica, realizando una reorganización dos contidos, e a creación de dous espazos para o IMELGA e para as oficinas de asistencia ás vítimas.
- ◆ **Consolidación da compartición do EXE** cos colectivos profesionais (avogados, procuradores, ...). A descarga inclúe un visualizador para facilitar o acceso a estrutura do expediente.
- ◆ **Novos perfís profesionais con acceso aos servizos da Sede electrónica Xudicial.** Habilitouse o acceso á consulta e descarga do EXE, a novos perfís como os administradores concursais e tamén aos avogados pertencentes aos diferentes colectivos non nominativos que se relacionan coa Administración de Xustiza en Galicia como os avogados do Estado, os servizos xurídicos da Xunta de Galicia ou do Sergas, etc. Para elo creouse o censo de profesionais destes colectivos a nivel autonómico que logo será integrado no modelo estatal.
- ◆ **Notificacións electrónicas:** Na área privada de persoas físicas e xurídicas habilítase a comparencia en sede das notificacións electrónicas emitidas polos órganos xudiciais. O envío de notificacións electrónicas faise dende o sistema de xestión procesual. A notificación enviada queda dispoñible no sistema de notificacións electrónicas de Galicia ([notifica.gal](https://notifica.gal)), na sede xudicial electrónica e na dirección habilitada única (DEHU).
- ◆ **Presentacións electrónicas:** Ampliación do catálogo de procedementos electrónicos, incorporando a presentación de reclamacións e os recursos contencioso-administrativos por parte de persoal funcionario. Ademais, engadiuse un asistente guiado por pasos que facilitar a cumprimentación dos formularios e mellorar a experiencia dos usuarios.



A distribución de escritos presentados de cada tipo e a evolución con respecto aos últimos anos é a seguinte:



A presentación electrónica de escritos está a experimentar a súa consolidación no seu uso, motivado polo continuo incremento de servizos e novos procedementos xudiciais a xestionar de forma electrónica a disposición dos cidadáns/ás.

#### 4.1.5.1.b. Sistema de información para as oficinas de atención ás vítimas do delito (OAVD)

As **Oficinas de Atención ás Vítimas (OAV)** son equipos multidisciplinares formados por un psicólogo e un traballador social para **prestar atención e asistencia ás vítimas dos delitos**. Teñen como obxectivo xeral prestar unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas e dar resposta ás necesidades

específicas no ámbito xurídico, psicolóxico e social. Configúranse como un servizo público e gratuíto para protexer adecuadamente a intimidade e dignidade da vítima e evitar o risco da súa revitimización ou vitimización secundaria. Radican nos "Servizos Comúns de Atención ao Cidadán e Asistencia á Vítima" e dependen dos Decanatos das sete cidades galegas.

Tras a implantación do sistema de xestión das Oficinas de Atención ás Vítimas do Delito no ano 2024 nas sete oficinas do territorio, durante o ano 2025 abordouse unha nova fase centrada na evolución funcional do sistema, a consolidación do seu uso e a mellora da información dispoñible, apoiando aos profesionais na prestación do servizo de atención á cidadanía:

- ♦ **Integración co sistema de xestión procesual**, que permite a consulta en tempo real das datas de sinalamento de xuízo das vítimas atendidas polas OAVD, garantindo a dispoñibilidade de información actualizada.
- ♦ **Xeración automática do xenograma** da vítima a partir da información rexistrada no sistema, proporcionando aos equipos psicosociais unha visión estruturada e inmediata do contexto familiar e da rede de apoio. Esta funcionalidade reduciu significativamente os tempos de elaboración manual e mellorou a calidade e homoxeneidade da información dispoñible para a intervención profesional.
- ♦ Posta en marcha do **módulo avanzado de explotación de datos**. Facilita estatísticas, indicadores e listaxes relacionadas con vítimas, expedientes e actuacións, reforzando a capacidade analítica do servizo e mellorando a toma de decisións tanto operativas como de planificación.



#### 4.1.5.1.c. Instituto de Medicina Legal

O sistema de información que dá soporte á actividade do **Instituto de Medicina Legal de Galicia: SIMELGA** está en continua evolución, co obxecto de incrementar as funcionalidades dispoñibles para os seus usuarios, avanzar na integración da información que corresponda no expediente xudicial electrónico e mellorar a eficiencia no desempeño da labor dos profesionais que o utilicen.

As evolucións levadas a cabo neste sistema durante o 2025 estiveron principalmente orientadas á dixitalización eficiente de determinadas tarefas, á xeración de novos informes e a implementación de módulos para a xestión e seguimento da actividade, destacando:

- ◆ **Dixitalización da elaboración de informes**, consolidouse o uso xeneralizado do módulo de sistema de elaboración e sinatura electrónica dos informes de valoración do dano corporal. E incorporouse a estandarización e automatización da xeración dos informes de internamentos hospitalarios, residenciais e de menores.
- ◆ **Xestión integral do ciclo de vida dos informes periciais**, a través do versionado e sinatura múltiple de informes periciais, desde a súa elaboración inicial e as sucesivas revisións ata a súa validación definitiva.
- ◆ **Xestión da interconsulta coa plataforma IANUS**, mediante o desenvolvemento dun procedemento que permite aos equipos psicosociais do IMELGA solicitar aos médicos forenses a consulta de información clínica recollida en IANUS e recibir dita información a través do propio sistema.

- ◆ **Intercambio de datos coa Dirección Xeral de Tráfico**, habilitando unha canle específica para o intercambio de información relativa a falecementos en accidentes de tráfico, na que os datos recollidos no módulo de análises clínicas constitúen un elemento esencial.
- ◆ Evolución do **módulo de explotación de datos**, orientada cara a unha solución máis flexible, dinámica e intuitiva, que garante a obtención áxil de información estatística e listaxes, facilitando a análise e a toma de decisións.
- ◆ **Certificación no Esquema Nacional de Seguridade (ENS)** de nivel alto, acadada tras a execución das correspondentes actuacións de aseguramento, reforzando as garantías de confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade da información xestionada polo sistema.
- ◆ **Actualización tecnolóxica** do sistema, co obxectivo de prever a obsolescencia técnica e asegurar a continuidade do soporte e a capacidade de evolución futura, mediante a actualización da infraestrutura conforme aos criterios corporativos vixentes.

Así mesmo, no IMELGA leváronse a cabo outras iniciativas entre as que destacan:

- ◆ **Recoñecemento de voz e textualización**, coa posta en marcha dunha solución para a transcrición automática de entrevistas e a xeración asistida de informes, que se estima permitirá reducir nun 70 % o tempo investido polos equipos psicosociais nestas tarefas. Á data de redacción deste informe está xa implantada en todos os equipos psicosociais.



- ◆ Estudio e configuración dunha ferramenta de **videoatención** para a realización de periciais extraxudiciais co IMELGA. Esta solución está a ser validada cun conxunto acoutado de médicos forenses, estando prevista a súa extensión no vindeiro ano 2026.
- ◆ Extensión do acceso ao **Visor EXE na totalidade do IMELGA**.

Como apoio ás melloras nomeadas, realizáronse videotutoriais divulgativos para a formación dos usuarios. Así mesmo realizouse a formación aos equipos psicossociais para o uso da nova ferramenta de textualización.

#### 4.1.5.1.d. O Rexistro Civil

O novo modelo de Rexistro Civil promulgado na Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil que entrou en vigor en abril de 2021, supón un cambio radical, no que se pasa dun modelo centrado nos feitos a outro centrado nas persoas, único e totalmente electrónico en todo o territorio español. O sistema de tramitación dos procedementos rexistrais pasa a ser completamente electrónico, tendo validez as transaccións dixitais, eliminando a dependencia do papel, e facendo un sistema moito máis seguro e adaptado ás necesidades do século XXI.

O proceso de implantación do novo sistema de Rexistro Civil estase a levar a cabo en todo o territorio español coordinado dende o Ministerio de Xustiza. En 2025 completouse a implantación do novo modelo de Rexistro Civil en Galicia, que abrangue un total de 45 oficinas xerais e 268 oficinas colaboradoras do Rexistro Civil. Dentro deste proceso en 2025 leváronse a cabo:

- ◆ En canto ás actividades de capacitación realizáronse **213 actividades de capacitación** no uso do sistema e nos medios en posto de traballo.
- ◆ En canto á revisión e dotación de medios TIC, abordouse a **renovación de 41 equipos multifunción A3/A4**.



#### 4.1.5.2. Consolidación do Expediente Xudicial Electrónico

O Real decreto lei 6/2023, do 19 de decembro, impulsa a **consolidación do expediente xudicial electrónico (EXE)**. Para dar cumprimento á totalidade dos requisitos establecidos no dito RD 6/2023 e asegurar o uso e a xestión axeitados do EXE en todos os órganos xudiciais, é preciso continuar levando a cabo un conxunto de iniciativas, das que no ano 2025 destacan:

- ◆ Implantación masiva da **xeración e consolidación do índice do expediente xudicial electrónico** que garante a integridade do expediente e a fiabilidade da información, con plenas garantías de completitude e integridade. O índice inclúe os documentos definitivos, as gravacións das vistas e os expedientes administrativos recibidos desde os distintos organismos públicos para ese expediente xudicial. A finais de 2025, 153.862 expedientes teñen o índice electrónico consolidado, fronte aos 55.894 que o tiñan a finais de 2024.
- ◆ Continuación co impulso de implantación das iniciativas orientadas á **interoperabilidade e comunicacións electrónicas** con terceiros:
  - ◆ Recibíronse 17.095 expedientes administrativos desde 268 organismos distintos da Administración pública, sendo o Instituto Nacional da Seguridade Social o organismo que fai un maior uso do servizo, con 9.360 expedientes presentados telematicamente ao longo de 2025.
  - ◆ Itineráronse de xeito electrónico desde Galicia máis de 1.500 expedientes ao Tribunal Supremo, o que supón 5 veces máis expedientes que en 2024.
  - ◆ Realizáronse 11.272.470 comunicacións electrónicas a través de Lexnet, con 620 caixas de correo de Lexnet en uso para a relación coas seguintes institucións ou colectivos.
  - ◆ Aliñado coa activación de WASMIN, púxose en marcha o envío a través de SIR por parte dos órganos xudiciais: 19.411 comunicacións electrónicas enviadas a administracións públicas a través desta canle.
- ◆ Implantación do **novo explorador do EXE (ViaEXE)**, que permitirá visualizar e traballar cos documentos dunha forma máis intuitiva e eficiente, ademais de mellorar a exploración dos mesmos permitindo a procura áxil de palabras, intervinientes, referencias normativas ou calquera outra información que sexa de interese buscar dentro dun expediente xudicial.



- ◆ No 2025 asináronse un total de 5.377.497 documentos, cunha media de documentos asinados por día laborable de 21.424.



Por outra banda, en 2025 fíxose un moi importante esforzo na **reestructuración do modelo de base de repositorios xudiciais** que permitan garantir a sostibilidade dos sistemas.

- ◆ Ata o ano 2023, o sistema de xestión procesual Minerva estaba implantado en Galicia en 50 instalacións illadas, asociadas cada unha delas aos xulgados de cada partido xudicial, as audiencias provinciais e ao Tribunal Superior de Xustiza. A consolidación do expediente xudicial electrónico e a necesidade de avanzar na interoperabilidade e a compartición de expedientes, requiriu reformular esta distribución. En 2023 definiuse unha nova estrutura de distribución de do sistema de xestión procesual en 7 únicas instalacións e preparáronse os procesos técnicos.

#### 4.1.5.3. Posto dixital avanzado para o persoal empregado público da Administración de Xustiza

O parque da Administración de Xustiza está constituído por aproximadamente 5.000 equipos e 2.440 máquinas de dixitalización e impresión.

En 2025:

- ◆ **Dotación/renovación** de 2.057 equipos, orientados a completar o plan de renovación de postos no colectivo de persoal funcionario, co modelo de posto dixital avanzado con capacidades de mobilidade. Dotación de 78 monitores en salas de vistas para a Fiscalía.
- ◆ Acceso ao sistema **escritorios virtuais (VDI)**: ampliouse o número de persoas usuarias que dispoñen de escritorio virtual a 3.888 usuarios.
- ◆ No contexto do proxecto de mellora continua dos **medios de impresión e dixitalización** na Administración de Xustiza en Galicia mobilizáronse 41 equipos de dixitalización e impresión novos distribuídos polos diferentes órganos xudiciais do territorio galego. Dótanse 14 impresoras de etiquetas para o IMELGA.
- ◆ Aliñado co resto de políticas corporativas que se aplican en materia de **ciberseguridade** na Xunta de Galicia, pero tendo en conta as particularidades e a especialización da Administración de Xustiza, leváronse a cabo no ano 2025 unha serie de actuacións de dotación e implantación de ferramentas tecnolóxicas (hardware e software)



que procuran reforzar a seguridade tanto a nivel de postos de traballo como das infraestruturas utilizadas no ámbito xudicial, tal e como xa se describiu en máis detalle no capítulo anterior. En concreto, activouse o dobre factor de autenticación para 1.000 usuarios de Microsoft 365 e, a finais de 2025, o 97% dos equipos estaban actualizados a Windows 11, garantindo as actualizacións de seguridade.




#### 4.1.5.4. Capacitación e acompañamento ás persoas usuarias

De xeito continuado, a consolidación da Administración Xudicial Electrónica vai acompañada dos programas de capacitación e implantación personalizados por colectivos e iniciativas a implantar.

Durante o ano 2025, realizouse un esforzo moi significativo nesta materia, destacando as actividades

relacionadas coa implantación do **Novo Modelo Organizativo do Servizo Público de Xustiza (NUMO)**, completando a capacitación precisa nos partidos xudiciais da Fase I tanto nos Tribunais de Instancia e Rexistro Civil como nas Oficinas de Xustiza no Municipio; a finalización da implantación dos sistema **DICIREG** no Rexistro Civil, e a implantación de novas funcionalidades nos sistemas en uso, destacando a implantación de viaEXE.

● N° actividades  
● N° horas impartidas



### Evolución interanual

No ano 2025 investíronse 3.306 horas na impartición de actividades de capacitación e implantación, facendo un aproveitamento dos recursos que logrou aumentar o número de asistentes nun 15%, chegando as 7.584 asistencias.

Este aumento da asistencia foi impulsado principalmente pola participación online nas actividades, un 47% maior que no 2023.



#### 4.1.5.5. Atención ás persoas usuarias

O **Centro de Servizo a Usuarios de Xustiza (CSU)** atende ou canaliza a atención das incidencias, peticións e consultas trasladadas polo persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia no uso das solucións ou medios TIC postos á súa disposición. Está estruturado nun servizo de **atención telefónica e soporte remoto** (primeiro e segundo nivel de soporte), técnicos de soporte in situ situados nas sedes xudiciais das sete cidades e un **equipo especializado en medios audiovisuais**. A súa actividade inclúe tanto a prestación do servizo de soporte como a participación nos procesos de implantación vinculados tanto á dotación de medios TIC (posto de traballo, equipamento multimedia, etc.) como á implantación dos sistemas de información. O CSU está, ademais, apoiado por equipos especializados de segundo e terceiro nivel, expertos en temáticas específicas e ámbitos tecnolóxicos concretos.

No ano 2025 o CSU de Xustiza atendeu **136.396 contactos** (chamadas, correos...), que se converteron nun total de **65.692 casos de atención**, incidencias ou peticións, cun 81,25% de resolución en menos de 24 horas.

O CSU opera de xeito continuado (24 horas x 7) baixo un modelo definido de mellora continua en base ás mellores prácticas de ITIL, e cos procedementos e ferramentas determinados de xeito transversal para este tipo de servizos na Amtega. Neste proceso

de mellora continua, durante 2025 abordáronse as seguintes liñas de actividade:

- ◆ Mellora nos procesos de soporte respecto á priorización de situacións críticas reforzando o seguimento e coordinación cos distintos equipos de soporte para reducir os tempos de resolución e resposta aos usuarios.
- ◆ Impulso da uso da canle autoservizo AXUDOT <https://axudot.xunta.gal> facilitando a xestión directa e áxil de incidencias e peticións mediante a habilitación de novos formularios relacionados cos casos máis habituais, fomentando o enfoque shift-left, por exemplo, peticións operativas de xestión de posto de traballo.
- ◆ Automatización de procesos cun alto volume de casos e un proceso moi claro e definido, relacionados coa xestión de usuarios.
- ◆ Soporte presencial durante a celebración de actos de especial relevancia e apoio no proceso de implantación do novo modelo de salas de declaracións.
- ◆ Apoio ao elaboración de contidos para os usuarios/as e participación en sesións de capacitación co fin de aportar unha comprensión práctica máis ampla da organización e procesos.




## GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DIXITAIS EN CIFRAS

### Administración e goberno dixital

- ♦ **88,69% das entradas** no sistema de rexistro **foron electrónicas**.
- ♦ Máis de **503.174 persoas interesadas** distintas utilizaron a sede electrónica para a presentación de solicitudes, escritos ou comunicacións.
- ♦ Máis de **137.000 descargas** da aplicación XuntaEu.
- ♦ Máis de **883.000 documentos dixitalizados** presentados pola cidadanía.
- ♦ Superáronse os 13 millóns de documentos asinados na **plataforma de sinatura electrónica**. A porcentaxe de documentos asinados en procesos automatizados acadou o 72% do total.
- ♦ **548.000 sinaturas** foron con utilizando certificados electrónicos "na nube" a través da sala de sinaturas. Asináronse en mobilidade o 15% das sinaturas non automatizadas.
- ♦ **No sistema corporativo Wanda** configuráronse 25 novos procedementos. 264 procedementos dos que 166 tiveron prazo de presentación aberto en 2025, con 101.783 expedientes. Hai 507 usuarios activos.
- ♦ O sistema corporativo de **Xestión de rexistros administrativos**, inclúe 8 rexistros para os que se recibiron máis de 36.000 solicitudes telemáticas.
- ♦ **RUE** permitiu a tramitación electrónica integral de 106 procedementos dos que se xestionaron 97.080 novos expedientes en 2025.
- ♦ Emitíronse **557 informes tecnolóxico-funcionais** de habilitación de procedementos (o 100% dos solicitados).
- ♦ 1.977.346 notificacións postas a disposición da cidadanía en **Notifica.gal**.
- ♦ Máis de 20 millóns de consultas ou verificacións de datos a través da plataforma de intermediación de datos PasaXe!.
- ♦ **141 servizos de interoperabilidade en PasaXe!** facilitados por 27 organismos. 9 destes servizos se incorporaron en 2025.
- ♦ O catálogo integrado da presenza en internet da Xunta de Galicia estaba constituído por 296 portais, 484 canles sociais e 42 aplicacións móbiles.
- ♦ **42 aplicacións móbiles** tiveron 703.423 total de descargas.

### Emprego Público



En **FIDES**, 134.145 presentacións electrónicas dos distintos trámites e procesos habilitados en 2025.

**49 baremos de procesos selectivos de diferentes tipoloxías** (Concurso oposición, oposición de promoción interna, acceso libre).

**7.291 citacións electrónicas** nas que se ofertaron 13.732 postos. O 88,57% das comunicacións enviadas aos inscritos en listas para a cobertura temporal de postos realizáronse electrónicamente superando as 136.000 comunicacións.

**32.604 persoas** empregadas públicas contan con **acreditación dixital**, incluíndo certificados de pseudónimo, certificado de representante, certificado en dispositivos centralizados... O número total de **certificados xestionados é de 35.143**.



## Xestión dixital financeira e contable

- ◆ Novo sistema de valoración dos bens inmobles.
- ◆ Novo módulo para que os centros educativos xestionen as solicitudes de partes de sinistros de danos patrimoniais.

### Xestor de expedientes de contratación



PLATION

Implantación en todas as entidades e Consellerías da Xunta de Galicia.  
70 entidades. 2962 expedientes tramitados.  
1.904 usuarios. 11.916 ofertas presentadas electronicamente.  
255.160 expedientes de contratación publicados no CPG.

### Sistema de información contable e tesourería



XUMCO

33 entidades integradas. 2 delas son Universidades.  
3.099 usuarios rexistrados.  
804.628 facturas xestionadas.  
841.964 documentos contables contabilizados.

### Sistema de Información de auditorías



AUDITA

Integración do módulo de comunicacións con REXEL e Notific@.  
74 usuarios internos rexistrados e 161 externos de empresas auditoras.  
176 informes de auditoría provisionais ou definitivos emitidos para 101 controles de auditoría.

### Sistema electrónico de Facturación



SEF

Integración da tramitación das facturas cos contratos en PLATION.  
1.031.589 facturas tramitadas.

### Sistemas de xestión dos fondos europeos e de compensación interterritorial



SISTEMA FONDOS2127

Incorporación de funcionalidades de acordo cos requirimentos das autoridades de xestión dos fondos.  
345 usuarios rexistrados en Fondos2127.  
3.143 operacións, 2.990 gastos e 3.200 proxectos xestionados en FEDER. 75 operacións, 47.685 gastos e 13.516 proxectos xestionados en FSE+.

## Axencia Tributaria de Galicia

- ◆ Ampliación de servizos na app móbil Atriga, coa incorporación do pagamento por transferencia.
- ◆ Redeseño da Oficina Virtual Tributaria (OVT).
- ◆ Posta en marcha dunha nova canle de atención á cidadanía por videochamada.

## Posto dixital avanzado do persoal empregado público e atención ás persoas usuarias



- **20.192 postos de traballo** e 3.346 equipos de impresión xestionados baixo criterios corporativos.
- **Renovouse** ou mellorouse o equipamento de **3.152 postos**.
- **3.638 persoas** usan xa o VDI.
- **Dotouse o equipamento especializado** de videoconferencia en 11 salas.
- **4.329 postos foron xa migrados** a Windows 11 (93% do parque tecnicamente migrable e o 73% do parque xestionado total).
- **109 persoas** que usan de forma efectiva solucións avanzadas de colaboración e de asistentes virtuais de **IA aplicadas ao posto de traballo**.
- **No ámbito da atención ás persoas usuarias**, xestionáronse un total de 254.744 contactos, acadando un 94 % de chamadas atendidas e unha taxa de resolución satisfactoria de tickets en menos dunha hora do 52 %.
- **Implantación de WhatsApp** coma nova canle de contacto coa cidadanía para o soporte técnico da aplicación **XuntaEu e da Sede Electrónica**, ampliando e mellorando as opcións de atención dixital.
- **Púxose en marcha un proxecto piloto de videoidentificación** para a emisión da tarxeta de empregado público.
- **Realizáronse 30 sesións formativas breves**, dirixidas ao persoal da Xunta de Galicia, orientadas á formación práctica en temas de interese xeral.

## Plataforma de automatización de procesos



Plataforma de Automatización: **activadas 29 automatizacións** (4 utilizando tecnoloxías de tratamento intelixente de documentos, IDP) de **10 ámbitos funcionais**.



**613.891 elementos procesados** por estas automatizacións, cunha estimación equivalente de 57.947 horas de traballo operativo.

## Compoñentes transversais



**61 millóns de avisos** canalizados a través dun compoñente transversal de AVISOS, que dá servizo a 55 aplicacións informáticas con 22 novas apps no 2025.

- **4,5 millóns de documentos creados en formato editable** e/ou en PDF cun compoñente transversal de INFORMES a partir dos datos que xestionan 157 ferramentas informáticas administrativas. O crecemento anual é do 20% no número de documentos.
- **451 ferramentas informáticas** que fan uso dun compoñente transversal P\_AUTORI para xestionar a autorización centralizada de usuarios, coa incorporación de 124 novas ferramentas en 2025.

## Xustiza Dixital

En canto ao expediente xudicial electrónico:

- **153.862 expedientes** teñen o índice electrónico consolidado, fronte aos 55.894 que o tiñan ao fin de 2024.
- **Máis de 5,3 millóns de documentos** asinados en 2025 e unha media duns 21.424 documentos asinados por día.
- **Máis de 119.585 vídeos integrados** no Visor, dos cales, preto de 108.153 foron textualizados mediante tecnoloxías de tratamento da linguaxe natural.
- **Recibíronse** nos órganos xudiciais preto de **17.095 expedientes administrativos** procedentes de uns 268 organismos distintos de diferentes administracións.
- **Enviadas 221.252 notificacións electrónicas** xurídicas a través de Notific@, DEHú e comparecencia en sede xudicial electrónica.
- **Na sede xudicial electrónica** presentáronse **17.421 escritos de 1.843 cidadáns/ás distintos**.
- **60.148 descargas de expedientes xudiciais** por 1.275 profesionais distintos, e 1.140 descargas mensuais de gravacións de actos procesuais.
- **Máis de 5,3 millóns de documentos asinados** electrónicamente en 2025 e unha media duns 21.424 documentos asinados por día.
- **17.095 expedientes** procedentes de uns 268 organismos distintos de diferentes administracións.
- **2 novas salas de vistas e 18 salas de declaracións**. 100% das salas (209) dispoñen xa de equipamento dixital. 4 salas Amables adecuadas aos novos estándares.
- **Conexión WIFI** nas sedes xudiciais: xa dispoñible en 57 edificios de xulgados e audiencias, chegando a un total de 322 puntos de acceso WiFi. En 2025 realizáronse 36.145 reunións por videoconferencia a través da plataforma Cisco Webex o que supuxo un total de 32.422 horas de reunións mediante videoconferencia.
- **Renováronse 2.057 postos de traballo** de persoal funcionario, dotáronse 78 monitores en salas de vistas para a Fiscalía, renováronse 41 equipos de impresión e dotáronse 14 impresoras de etiquetas para o IMELGA.
- **3.888 usuarios** configurados no sistema de escritorios virtuais (VDI).
- **810 actividades de acompañamento o u capacitación**, e con 8.654 asistencias individuais. Ademais, 6.527 matriculacións nas diferentes actividades de autocapacitación da Plataforma Xustiza Dixital.
- **O CSU de Xustiza atendeu 136.396 contactos** (chamadas, correos, ...), que se converteron un total de 65.692 casos de atención.





## 4.1.6. Programa de Robotización e Automatización

En 2023ponse en marcha a Plataforma de automatización intelixente de procesos da Xunta de Galicia, financiada fondos aportados polo Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR), dentro do C11.I3 – Transformación dixital e modernización das administracións das CCAA.

No 2024 consolidouse a infraestrutura e procedementos de goberno e operación da Plataforma de Automatización de procesos (RPA) na Xunta de Galicia incorporando novas capacidades.

### 4.1.6.1. Posta en marcha da Plataforma de automatización intelixente de procesos da Xunta de Galicia

Durante 2025 realizáronse os traballos necesarios para a xestión da plataforma, e en particular:

#### **Xestión, operación e soporte da plataforma tecnolóxica**

Garantiuse a correcta operación da plataforma corporativa de automatización mediante a realización de tarefas de administración, monitorización preventiva, resolución de incidencias e soporte especializado aos distintos departamentos usuarios. Estas accións permitiron asegurar a dispoñibilidade, estabilidade e seguridade da contorna tecnolóxica.

#### **Mantemento e evolución dos procesos automatizados en produción**

Os procesos previamente implantados foron obxecto de mantemento correctivo e evolutivo co fin de adaptar o seu funcionamento a novas necesidades

administrativas, cambios normativos ou axustes operativos derivados da experiencia de uso.

Mantemento e evolución da plataforma de validación intelixente de documentos: VALIA

Continuouse o traballo de mellora continua sobre a plataforma de validación intelixente de documentos, incorporando novas capacidades, optimizando algoritmos e ampliando a súa integración con procedementos administrativos para fortalecer a eficiencia na revisión e xestión documental.

#### **Desenvolvemento de compoñentes reutilizables**

Desenvolvemento do servizo transversal de verificación de sinatura electrónica de documentos.





#### 4.1.6.2. Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos

Durante o ano 2025 aumentou o número de procesos operativos a 29. Ademais desenvóléronse

completamente outros 3 procesos que se estabilizarán e estarán operativos a comezo de 2026. Neste ano identificáronse 12 procesos adicionais. A continuación, móstrase a relación dos procesos desenvolvidos:

| Consellería                                     | Entidade/ Área Funcional                     | Casos de Uso                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|-------------------------------------------------|----------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Consellería de Economía e Industria             | Industria                                    | <ul style="list-style-type: none"><li>• Xestión de alegacións ao PIE de San Rafael: descarga da documentación de entrada Rexel.</li><li>• Xestión de alegacións ao PIE de San Rafael: Clasificación e análise de alegacións.</li><li>• Xestión de alegacións ao PIE de San Rafael: Automatización de operacións en sistema de tramitación (RUE).</li></ul> |
| Consellería de Facenda e Administración Pública | Xestión tributaria                           | <ul style="list-style-type: none"><li>• Xestión de expedientes de impostos: Peche Expedientes non integrados notificados e cancelados.</li><li>• Xestión de expedientes de impostos: Requirimento a autoliquidacións pagas non presentadas.</li></ul>                                                                                                      |
|                                                 | Amtega – Atención ás persoas usuarias        | <ul style="list-style-type: none"><li>• CAU - Descarga de las grabacións de formacións de Empleo.</li></ul>                                                                                                                                                                                                                                                |
|                                                 | Transversal                                  | <ul style="list-style-type: none"><li>• Xustificación de subvencións: extracción de información de facturas e xustificantes de pago.</li></ul>                                                                                                                                                                                                             |
| Administración de Xustiza                       | RRHH                                         | <ul style="list-style-type: none"><li>• Validación de méritos.</li></ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|                                                 | Xustiza Dixital                              | <ul style="list-style-type: none"><li>• Monitorio: Fase decisión - Incompencia e oposición deudor.</li></ul>                                                                                                                                                                                                                                               |
| Consellería de Empleo, Comercio e Emigración    | Instituto Galego de Consumo e da Competencia | <ul style="list-style-type: none"><li>• Reclamaciones de Consumo: Asistencia en el rexistro de reclamaciones en MARCO.</li></ul>                                                                                                                                                                                                                           |
| Consellería De Política Social E Igualdade      | Política Social                              | <ul style="list-style-type: none"><li>• Xustificación de subvencións.</li></ul>                                                                                                                                                                                                                                                                            |

### 4.1.7. Xestión intelixente do dato

Este programa recolle actuacións incluídas no **Plan de Administración e Goberno dixitais. Horizonte 2020**. Céntrase na consideración do dato e da información como activo relevante para esta administración, entorno a dúas perspectivas:

- ◆ Dende a configuración do inventario de información administrativa que debe articular o modelo de información da Xunta de Galicia.
- ◆ Dende a perspectiva da aplicación de técnicas avanzadas para a análise do dato como fonte de información para a avaliación da relación coa cidadanía ou seguimento da aplicación das políticas públicas.

Neste ámbito, inclúense tamén todas as actuacións de deseño e desenvolvemento da Estratexia do Datos da Administración Pública Galega.

#### 4.1.7.1. Estratexia do dato – Catálogo de datos de referencia

No ano 2025:

- ◆ Adxudicouse a elaboración da **“Estratexia do Dato do Sector Público Autonómico”** dentro da “Liña 4. Administración intelixente. Goberno da información e xeración do coñecemento” da EDG2030, que establece e identifica a xestión do dato corporativo como un dos piares fundamentais de desenvolvemento da evolución dunha administración dixital. O dato para o desenvolvemento de produtos e servizos avanzados, convertido en coñecemento mediante a aplicación de tecnoloxías para a análise, e tamén como elemento relevante para o desenvolvemento económico e social mediante a compartición e aproveitamento dos datos públicos.
- ◆ Dentro dos instrumentos operativos que xurden dentro dos instrumentos de gobernanza do dato, iníciase a construción do sistema do “Catálogo de Datos de referencia”, baseado nunha tecnoloxía RDM e un sistema de descrições baseado en OpenMetadata.

#### 4.1.7.2. Desenvolver a identificación única da cidadanía que permita a visión unificada nas diferentes áreas da administración pública (citizen data hub)

Dentro dos proxectos financiados cos fondos MRR de Administración Dixital (C11.I3), avanzouse no **Nodo de información cidadá**, orientado a dispor dun modelo de información que permita a identificación única do cidadán e ofrecerlle unha visión 360° da súa relación coa administración pública. Neste sentido avanzouse no desenvolvemento de:

- ◆ Sistema de identificación do cidadá (on-boarding dixital) para o acceso aos servizos dixitais da Xunta de Galicia.
- ◆ Golden Record do cidadá. Deseño do modelo de **información transversal de repositorio poboacional** que preste servizo aos diferentes sistemas de tramitación e xestión de servizos dixitais, para a mellora das capacidades da carpeta cidadá e outros servizos dixitais, abordando o deseño das perspectivas técnicas, funcionais, de seguridade e xurídicas pertinentes.
- ◆ Deseño do dominio administrativo, que completa á carpeta cidadá, cara a facilitar ao cidadá a visión completa das súas relacións administrativas coa Xunta de Galicia.

#### 4.1.7.3. Impulsar o acceso ao sistema de indicadores da administración dixital – Infraestrutura para a xestión analítica corporativa

En 2025, a **Plataforma de Xestión Analítica Corporativa** seguiu evolucionando co obxectivo de integrar a información analítica de xeito transversal en toda a administración pública. En concreto avanzouse nos seguintes ámbitos:

- ◆ **Actualización continuada da contorna tecnolóxica:**
  - ◆ **Revisión da infraestrutura tecnolóxica de base**, coa creación dunha instancia de almacenamento de información propia, e a actualización continuada tanto da plataforma de publicación de indicadores, como de carga de datos. Rematan as probas de migración ao Oracle 19c e se actualiza a versión do Power BI Report Server. Actualízase a versión do PowerBI.
  - ◆ O **Power BI** reforza a súa presenza como ferramenta corporativa incorporando novos desenvolvementos. Definiuse, ademais, un

manual de estilo para asegurar a homoxeneidade e coherencia dos contidos publicados usando a ferramenta.

- ◆ **Incorporación de ferramentas Big Data:** Posta en marcha dun datalake que servirá de repositorio centralizado para o almacenamento, e ferramentas de procesado de grandes volumes de información
- ◆ **Consolidación de novas áreas analíticas,** e ampliación dos sistemas de análise despregados na plataforma. Desenvólvense e mellóranse novos escenarios de BI, entre eles o Sistema de análise de Atención á cidadanía, o plan de dixitalización dos procedementos, e o sistema de información da CMDDB. Engádense tamén novos paneis ao sistema analítico de función pública. Ao peche de 2025 están dispoñibles na plataforma de intelixencia 96 paneis de datos, 31 universos para o análise libre e 1.439 indicadores.
- ◆ **Sistema de Analítica avanzada para decisións estratéxicas.** Adxudicación e inicio da execución dun sistema de analítica avanzada para indicadores de carácter transversal da Xunta de Galicia. Finaliza a configuración da infraestrutura cloud–Azure para o desenvolvemento do sistema.

#### 4.1.7.4. Impulso da iniciativa de datos abertos da administración pública galega

Ao peche de 2025 o catálogo de datos do portal **Open Data da Xunta de Galicia** ten dispoñibles un total de 553 datasets, 20 máis que os que había a finais de 2024 (533).

No que respecta ao número de descargas, en 2025 rexistráronse **14.760 descargas**. O portal acumula 177.690 desde a súa publicación en 2012 ata decembro de 2025.

Entre os datasets máis destacados incorporados en 2025, cómpre destacar algúns como:

- ◆ Rexistro de asociacións profesionais de persoas traballadoras autónomas.
- ◆ Datos horarios históricos de estacións meteorolóxicas.
- ◆ Gastos do orzamento 2025.
- ◆ Ingresos do orzamento 2025.
- ◆ Gastos do orzamento 2025 sobre o Plan Estratéxico de Galicia.

En canto a entidades concretas, o Instituto Galego de Estatística (IGE); o Instituto de Estudos do Territorio (IET); a Consellería do Medio Rural; a Consellería

de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Meteogalicia continúan a ser as fontes que provén de máis datos ao portal.

Polo que respecta á distribución temática do catálogo, un 45,3% dos conxuntos de datos adscribíse ás temáticas de "economía, empresa e emprego". Se engadimos a esta última a de "territorio, vivenda e transporte", esta porcentaxe incrementase ata o 69,2%.

#### 4.1.7.5. Aliñamento cos diferentes espazos de datos identificados no ámbito europeo

- ◆ **Federación co portal estatal de datos abertos.** Desde 2014 todos os datos que a Xunta de Galicia ten dispoñibles en <https://abertos.xunta.gal> poden tamén consultarse a través do catálogo estatal <https://datos.gob.es>. Esta federación de datos entre ambas as dúas iniciativas é posible grazas á publicación dos metadatos de todos os dataset de Abert@s en .RDF e ao cumprimento das condicións que determina a Norma Técnica de Interoperabilidade de Reutilización de recursos da información. Desta forma, o catálogo galego convértese tamén en escalable a outras iniciativas open data (como xa é do caso do portal europeo <https://data.europa.eu>).
- ◆ Como dato a destacar, <https://datos.gob.es> reflicte nas súas estatísticas <https://datos.gob.es/es/dashboard>, un ano máis, que un dos conxuntos de datos que proveñen de Abert@s (Centros educativos de Galicia) se **atopa entre os 10 conxuntos de datos máis visitados desde 1/12/2016**.

## 4.1.8. Plan de Posto Dixital Avanzado do persoal empregado público

Esta actuación recolle as actividades desenvoltas no 2025 relacionadas coa identificación, definición, dotación e mantemento dos medios necesarios no posto de traballo, para garantir a dispoñibilidade dun posto adecuado ás necesidades de funcionamento dunha administración dixital.

### 4.1.8.1. Plan 2021-2023 de Postos Dixital Avanzado do Persoal Empregado Público

O funcionamento da administración pública nun contexto dixital esixe da dispoñibilidade dos medios dixitais que requiren as empregadas e empregados públicos para o desempeño da súa actividade.

As actividades recollidas, dan continuidade ao “Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público”, aprobado en abril 2021, que recolle a relevancia de dar resposta ás novas formas de traballo nas que a conectividade, a mobilidade e a actividade en espazos virtuais son chave para asegurar o funcionamento dos servizos públicos galegos.

Especificamente, nos seus obxectivos inclúe:

- ◆ Evolución das tipoloxías de equipamento no posto de traballo, nas que se contemple a posibilidade de facilitar os medios para mobilidade e teletraballo, evitando duplicar os equipos necesarios.
- ◆ Consolidación da plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI –Virtual Desktop Infrastructure), para garantir a mobilidade efectiva e o acceso seguro.


- ◆ Extensión no uso de sistemas de videoconferencia e de comunicacións unificadas e de ferramentas avanzadas de colaboración na nube.
- ◆ Finalización da extensión do modelo de xestión de medios de impresión e dixitalización nas sedes da administración pública galega, optimizando estes recursos nunha administración usuaria de documento electrónico.

### 4.1.8.2. Execución dos plans específicos de dotación de medios

#### POSTOS DE TRABALLO

No ano 2025 completouse a evolución de **3.152 postos de traballo**, incluíndo a mobilización de 2.592 postos novos e o reacondicionamento e melloras das prestacións doutros **560 postos reacondicionados**, dotándoos de elementos que melloraron o seu rendemento e/ou desempeño. Estas cifras supoñen ter evolucionado neste ano 2025 o **16% dos postos de traballo xestionados**.

A seguinte gráfica recolle a **distribución dos postos novos por ámbitos**:



Dos 2.592 postos de traballo novos, 2.460 son postos de traballo para uso de persoal empregado público, e outros 132 son postos para uso compartido en espazos comúns (postos en aulas de centros de formación ocupacional, postos de uso público en bibliotecas, postos para consulta e uso da cidadanía en oficinas rurais, etc.).

Centrándonos nos **2.460 postos de traballo** destinados a uso do persoal empregado público, no 2025 destacan as seguintes iniciativas:

- ◆ Completouse un proxecto específico de dotación de 121 postos móbiles completos en **Escolas Infantís e Puntos de Encontro Familiar da rede de centros de Benestar**, para evolucionar os postos empregados polo persoal que dá servizo nestes centros.
- ◆ No ámbito específico de postos da **rede de Distritos Forestais da Consellería do Medio Rural**, evolucionáronse 64 postos de traballo, mobilizando equipos avanzados de sobremesa para cubrir postos con necesidades técnicas específicas, continuando a estratexia de renovación e evolución deste postos xa iniciada en anos pasados.
- ◆ Completouse un proxecto específico de dotación de **54 postos móbiles completos** no ámbito específico da **rede de Oficinas de Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que permitiu renovar os postos dos directores das oficinas, acompañando a renovación do posto coa adopción de VDI no uso ordinario do seu posto de traballo.
- ◆ Xa no resto de **áreas administrativas e de servizos da Xunta de Galicia**, dotáronse 2.215 postos novos.

En paralelo ás accións de dotación de postos avanzados novos, executáronse ademais outros traballos complementarios que supuxeron a renovación ordinaria doutros 560 postos de traballo xa existentes, mediante ampliacións de capacidade, dotación de periféricos e outros elementos complementarios, co obxecto de mellorar o seu rendemento e/ou adaptalos aos novos perfís de posto avanzado do persoal empregado público.

## MEDIOS DE IMPRESIÓN

Rematada en toda a organización a implantación masiva inicial do modelo corporativo de impresión, no 2025 leváronse a cabo as seguintes iniciativas:

- ◆ Completouse unha primeira análise para optimización da distribución de equipos e da reestruturación de zonas de xestión, identificando e concretando os contratos derivados necesarios para dar continuidade aos servizos de impresión dos ámbitos nos que finalizou no 2024 a vixencia dos contratos derivados. Como resultado desta reestruturación, no 2025 adxudicáronse os primeiros **4 contratos derivados baixo o novo**

**acordo marco**, que permitiron dar continuidade a 6 contratos derivados xa finalizados. Esta xestión supuxo para estes ámbitos **reducir un 50% o número de contratos**, mantendo uns servizos de impresión de calidade ao tempo que se simplifica a xestión administrativa. Estes contratos, ademais de asegurar a continuidade dos servizos de dixitalización e impresión nestes centros, abordan procesos de renovación continua do equipamento para un mellor servizo, o que acumulando no 2025 investimentos para renovación duns 175k €.

- ◆ No contexto dos procesos de integración progresiva de novas entidades baixo o soporte da Amtega, no 2025 abordouse a **integración neste modelo corporativo do INEGA**, e dos servizos centrais do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Polo demais, mantívose a xestión centralizada sobre un total, a finais do ano 2025, de **3.346 equipos de dixitalización e impresión xestionados** segundo criterios corporativos, confirmándose ter acadado un dos obxectivos globais do plan de posto de traballo, de forma que todos os postos de traballo da organización dispoñen xa de acceso a uns servizos de dixitalización e impresión de calidade e baixo un modelo xestionado.

## DOTACIÓN DE MEDIOS EN ESPAZOS COMÚNS

No 2025 abordouse tamén a dotación de postos dixitais específicos atendendo especificamente ás necesidades de acceso a servizos dixitais e comunicacións nos distintos espazos de uso común existentes nos edificios administrativos e de servizos da administración. Nese sentido caben destacar neste ano a execución dos seguintes proxectos:

- ◆ **46 postos novos** para uso da cidadanía en diversos espazos comúns de centros da **Rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos**: postos para consulta do catálogo das bibliotecas, postos para consulta dos arquivos históricos, etc.
- ◆ **25 postos novos en 2 aulas xestionadas pola Amtega** fóra das aulas que teñen proxectos específicos de dotación (as dos centros de formación regrada en centros escolares e as da rede CEMIT). Para estas 2 aulas (CFEA de Lourizán e CFO de Ferrol) optouse por mobilizar equipos All-in-One.
- ◆ **25 equipos novos de uso público en Oficinas Agrarias Comarcais (OAC's)** da Consellería do Medio Rural, con equipamento tipo All-in-One.
- ◆ **25 equipos novos** de uso compartido para facilitar a fichaxe de persoal que desenvolve as súas funcións nas **Escolas Infantís da rede de Centros de Benestar** e non dispoñen de equipo propio.
- ◆ Continuando o proxecto xa iniciado en 2024, completouse a instalación e configuración de



**equipamento para videoconferencia en 12 novas salas de reunións de edificios administrativos e de servizos da administración.**

#### 4.1.8.3. Plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI – Virtual Desktop Infrastructure)

Atendendo a unha das liñas principais de evolución do **“Plan de posto dixital avanzado de empregado público”**, promoveuse o uso de VDI entre os colectivos que xa dispoñen de acceso a esta solución de traballo en mobilidade, executando sucesivas accións de difusión e de formación entre as persoas usuarias do sistema, e cubrindo aquelas necesidades específicas de virtualización de aplicacións específicas non cubertas inicialmente polo proxecto. Deste modo, **no sector público autonómico a finais de 2025 usan xa de xeito efectivo a plataforma VDI 3.638 persoas.**

- ♦ Durante este ano consolidouse o servizo de xestión da Plataforma de Virtualización VDI, asegurando dar unha resposta de calidade en tarefas coma a xestión e mantemento ordinario da plataforma, a definición e mantemento das contornas de escritorios virtuais ou na evolución continua destes.
- ♦ Ademais, iniciouse xa a **licitación dun novo acordo marco**, do que se prevé formalización no 1º semestre de 2026, que asegurará a continuidade do servizo corporativo de virtualización de escritorios de posto de traballo.

#### 4.1.8.4. Coordinación das políticas e procedementos no ámbito do inventario, monitorización, securización e xestión dos medios en posto de traballo

Na actualidade a Amtega xestiona un parque variado de postos de traballo dixitais, cunha xestión centralizada baseada nas seguintes ferramentas de xestión: ferramentas de directorio activo e políticas de dominio, actualizacións sistemáticas e periódicas do sistema operativo mediante WSUS, e sistema corporativo de xestión centralizada Altiris.

Na actualidade a Amtega xestiona un parque variado de postos de traballo dixitais, cunha xestión centralizada a través das máis de **90 políticas corporativas de software base aplicadas sobre todo o parque.**

Adicionalmente, inclúense neste ámbito as liñas de traballo dirixidas a consolidar a **estratexia de xestión**

**da Seguridade transversal** a todos os Organismos da Xunta de Galicia e entes públicos para os que a Amtega xestiona os sistemas de información, impulsáronse varias actividades de mellora continua no contexto da xestión e seguridade dos postos de traballo.

Destacan neste apartado os seguintes:

- ♦ Impulso do proxecto técnico de actualización do sistema operativo dos postos xestionados a Windows 11. A finais de 2025 un total de **14.590 postos foron xa migrados a Windows 11** (93% do parque xestionado que tecnicamente permite a migración, 72% do parque total xestionado).
- ♦ Consolidación do **inventario único de posto de traballo** e medios no posto de traballo. Actualización continuada da información recollida na CMDB corporativa (OTRS, identificando máis de 16.000 equipos persoais de posto de traballo xestionados. Se a esta cifra engadimos outros postos en espazos multidisciplinares e empregados por diversos colectivos, a cifra de postos xestionados sitúase nos 20.192 equipos.
- ♦ Evolución semestral das maquetas de referencia e mantemento do catálogo de software de posto de traballo.
- ♦ Continuación coa sistematización dos procesos de revisión semanal proactiva para asegurar o correcto funcionamento dos seguintes sistemas transversais da Xunta de Galicia.
- ♦ Coordinación coa subárea de Seguridade da Amtega na identificación e execución das tarefas necesarias para acadar os obxectivos establecidos pola Amtega no seu **Plan de Adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade** (proxecto PAENS) no que respecto á xestión e seguridade do posto de traballo.

#### 4.1.8.5. Iniciativas de adopción de solucións avanzadas de colaboración e de asistentes virtuais de intelixencia artificial aplicadas ao posto de traballo

No 2025 impulsáronse as primeiras iniciativas corporativas de adopción de **solucións avanzadas de colaboración e de asistentes virtuais de intelixencia artificial** aplicadas ao posto de traballo, iniciándose as primeiras iniciativas piloto.



Comezouse por acordar coas Consellerías de Xunta de Galicia un **modelo corporativo** que orienta e facilita a adopción deste tipo de tecnoloxías nas diferentes áreas e ámbitos da administración onde se identifiquen oportunidades de aplicación destas tecnoloxías para obter resultados dun xeito máis eficiente e unha maior calidade no desempeño xeral dos servizos públicos, con plenas garantías técnicas e xurídicas, e incluíndo mecanismos de sostibilidade económica.

Definido este modelo, abordáronse neste 2025 os primeiros proxectos de adopción de solucións avanzadas de colaboración nos seguintes ámbitos e colectivos:

- ◆ Colectivos xurídico / administrativo da Consellería de Facenda e Administración Pública e da Consellería da Presidencia, para os que se propuxo a adopción

da solución conxunta **O365 E3 máis Microsoft 365 Copilot**.

- ◆ Colectivos técnicos con necesidades de colaboración da DX de Formación e Cualificación para o Emprego, nos que se identificaron ata 3 perfís diferentes de colaboración, para os que se propuxeron distintas solucións (**O365 E1, O365 E3, Microsoft 365 Copilot**).
- ◆ Este primeiros proxectos de adopción, que incluíron talleres específicos de formación inicial nestas tecnoloxías para asegurar un uso axeitado e corporativo da solución, permitiron que **109 persoas usan xa de forma efectiva solucións avanzadas de colaboración e de asistentes virtuais de IA aplicadas ao posto de traballo**.

#### 4.1.9. Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias

En resposta ás distintas liñas de traballo definidas no "Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público" (aumento do volume de equipamento, optimización das ferramentas de soporte, etc.) no ámbito da atención ás persoas usuarias neste ano 2025 consolidouse a adaptación dos centros de atención derivadas do pulo da canle de autoservizo, do aumento dos procesos de auto-resolución, e da incorporación de novos ámbitos de actuación.

Co obxecto de cubrir calquera contacto do usuario no eido das TIC na Xunta de Galicia, a Amtega xestiona 4 servizos de prestación desta atención principais, diferenciados polo seu ámbito de actuación:

- ◆ **CAU Central**, para a atención ás persoas usuarias dos grandes centros administrativos da Xunta de Galicia (SSCC e Delegacións provinciais).
- ◆ **CAU Periférico**, para a atención a centros de prestación de servizos especializados, atención de segundo nivel á cidadanía a través do 012 ou do espazo de soporte técnico especializado de servizos dixitais da Xunta de Galicia cara a cidadanía, outras administracións e outros ámbitos nos que a Amtega presta servizos TIC.
- ◆ **CSU Xustiza**, para a prestación do servizo de atención ás persoas usuarias da Administración de Xustiza en Galicia.
- ◆ **UAC Educación**, para a atención aos centros educativos.

Neste programa centrarémonos **na actividade de CAU Central e CAU Periférico, que:**


- ◆ Ofrecen uns **horarios de atención directa e ininterrompida dende as 7:00 ás 21:00 horas de luns a venres laborables, máis os sábados de 8:00 a 15:00 horas**, completándose na resto da xornada con servizo de garda. Esta dispoñibilidade horaria, unida coa dispoñibilidade do portal de autoservizo, o correo electrónico ou os teléfonos de de garda, permitiu que na práctica a Amtega asegurase un escenario de atención **ininterrompida as 24 horas do día os 365 días do ano**. Nese escenario, cabe destacar que o volume do servizo ofrecido ven supoñendo que a Amtega atende, de media, un novo contacto cada 2 minutos.
- ◆ Aseguran a **prestación de servizo de atención a servizos dixitais de carácter transversal, tanto cara á cidadanía** (apoio no uso da sede electrónica da Xunta de Galicia, rexeneración da clave de Chave365 mediante videochamada, apoio no uso da pasarela de pagos de taxas, apoio no uso da plataforma FIDES en procesos selectivos, carreira profesional....) **como ao persoal empregado público** (altas e traslados de credenciais de usuario, uso da ferramenta VDI no contexto do teletraballo, altas en aplicacións corporativas...).

##### 4.1.9.1. Atención remota ás persoas usuarias

En **canto a súa actividade global**, acadouse un **novo valor máximo histórico da serie** en canto a volume de persoas atendidas, chamadas contestadas e incidencias resoltas, **atendéndose 254.744 contactos** no conxunto dos dous grupos de servizo analizados (CAU central e periférico).

Este importante volume atendido vese acompañado dun esforzo continuo por manter e mellorar os niveis da calidade no servizo prestado. Neste sentido, no conxunto destes dous grupos de servizo (CAU central e periférico), pese ao importante volume de actividade,

acadou no 2025 un valor anual de **porcentaxe de chamadas atendidas superior ao 95%**, e unha vez máis mellorouse a porcentaxe de **tickets resoltos satisfactoriamente en menos de 1 hora**, chegando a unha media do **53%**.




A gráfica seguinte recolle o incremento continuado que se produciu nos últimos anos derivado de: incremento dos ámbitos organizativos atendidos, incremento dos sistemas e dos medios dixitais dispoñibles, e incremento do seu uso. (inclúese nesta gráfica o CSU de Xustiza):

Neste ano púxose en marcha o **plan de sesións periódicas de difusión de uso de servizos de posto de traballo**, actividades proactivas consistentes en sesións de telepresenza de preinscrición libre e carácter periódico nas que especialistas do CAU expoñen dun

xeito práctico o uso das distintas tecnoloxías e proxectos corporativos, para un mellor aproveitamento dos medios dispoñibles. Deste modo, no 2025 o conxunto do CAU Central e CAU Periférico realizaron **30 sesións formativas breves**, dirixidas ao persoal da Xunta de Galicia, planificadas os venres ao longo de todo o ano en formato webinar, orientadas á formación práctica en temas de interese xeral, como o uso de Webex, Falemos ou a xestión das credenciais corporativas, entre outros.

Centrando xa a análise en cada un dos diferentes CAUs:



## CAU CENTRAL

O **CAU Central** ten coma ámbito de actuación básico os edificios administrativos (principalmente SSCC e Delegacións provinciais).

- ◆ Durante o 2025 rexistráronse neste ámbito un total de **145.983 contactos**, 3º valor máximo na serie histórica deste servizo, destacando ademais un relevante aumento da efectividade do servizo, cun **52% de porcentaxe de tickets resoltos polo CAU en 1º nivel** (8 puntos porcentuais superior á mesma media de anos pasados), e unha puntuación media de **9 sobre 10 nas enquisas de calidade do servizo**, resultado de máis de 1.000 enquisas completadas ao longo de todo o 2025 por usuarios do servizo.
- ◆ Atendendo á orixe das peticións, a actividade do CAU Central no 2025 repartiuse segundo a gráfica anexa:

Ademais da súa actividade ordinaria como canle de atención e 1º nivel, no 2025 o CAU Central desenvolveu as seguintes actividades a destacar:

- ◆ Acompañamento ás persoas usuarias na posta en marcha da na implantación do **dobro factor de autenticación MFA para acceso a M365**.
- ◆ Apoio e acompañamento ás persoas usuarias que usan a **solución corporativa de traballo en mobilidade VDI no proceso de migración a escritorio Windows 11**.
- ◆ Atención e soporte ao persoal empregado público no contexto das incidencias derivadas do uso de FIDES nos procesos de inscrición a **procesos de carreira profesional/complemento de desempeño** promovidos dende Función Pública.
- ◆ O 1 de xullo de 2025 formalizouse a incorporación de 36 funcionarios á Xunta de Galicia, procedentes da Administración Xeral do Estado, no marco do **traspaso de competencias en materia do litoral**. Neste contexto, o CAU Central asumiu a definición e execución dun **plan específico de formación inicial e acompañamento**, orientado a facilitar a integración do novo persoal e a súa capacitación nos aspectos básicos das ferramentas transversais e dos sistemas de administración electrónica empregados na Xunta de Galicia.


## CAU PERIFÉRICO

O **CAU Periférico**, actúa dende 2014 coma punto de contacto para a xestión e resolución de incidencias e peticións das persoas usuarias dos sistemas de información e medios TIC en ámbitos

fundamentalmente non administrativos e que non quedan cubertos polo CAU central.

Caracterízase pola enorme heteroxeneidade dos perfís de usuarios atendidos, o que condiciona as características da prestación. Así entre os ámbitos usuarios deste servizo destacan os seguintes: Soporte técnico especializado a diversos servizos dixitais ofrecidos á cidadanía; rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de Benestar (máis de 130 centros); ámbito de arquivos, bibliotecas municipais e escolares e museos (uns 2.000 centros); entidades locais no uso das ferramentas e sistemas que a Xunta de Galicia pon á súa disposición; e outras entidades.

Durante o 2025 recolléronse neste CAU periférico un total de **108.761 contactos**, o que supuxo o **2º valor máximo na serie histórica** dende a posta en marcha deste servizo. Na gráfica móstrase a distribución porcentual da súa actividade por ámbitos, destacando o peso das actividades de soporte á cidadanía (23%), ás persoas usuarias en Xunta (sumadas a rede de centros de Benestar e a rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos) (56%), e o soporte a entidades locais (7%).



Entre a actividade de soporte especializado de primeiro nivel do **CAU Periférico** caben destacar os seguintes ámbitos específicos:

- ◆ **Atención as persoas usuarias (cidadanía) de servizos dixitais**, como complemento ao servizo de atención prestada polo 012. No que ademais da atención aos usuarios da sede electrónica da Xunta de Galicia, da sede electrónica Administración de Xustiza en Galicia, ou da plataforma de notificación Notifica.gal, caben destacar ademais:
  - ◆ Á rexeneración remota das claves de **Chave365**, iniciado dende 2020, que permite á cidadanía rexenerar as súas claves mediante videochamada e sen necesidade de acudir

presencialmente a un rexistro, evitando así desprazamentos innecesarios. No ano 2025 rexeneráronse dende o CAU Periférico a clave de Chave365 mediante o procedemento da videochamada a un total de 256 cidadáns.

- ◆ Continuouse co servizo de atención e soporte á cidadanía no contexto das incidencias derivadas do **uso de FIDES nos procesos de inscrición a procesos selectivos e a listas de contratación promovidas dende Función Pública**.
- ◆ Púxose en marcha unha **nova canle de atención complementaria á cidadanía mediante WhatsApp** para atención aos usuarios de servizos dixitais coma a aplicación XuntaEu ou a Sede Electrónica.
- ◆ **Centros do ámbito de benestar.** Implantación efectiva do uso de lanus / HCEPRO en 14 novas residencias, públicas de xestión pública ou privada, e privadas con prazas concertadas, facilitando a alta das persoas usuarias, dando a formación inicial e asesorando no primeiro uso do sistema. No 2025 colaborouse ademais na dotación de tarxeta de empregado público e na implantación do sistema de fichaxe do persoal empregado público en 25 Escolas Infantís do ámbito.
- ◆ **"Campus Virtual de Formación para o Emprego"**, asúmese o acompañamento á implantación deste "campus virtual", incluíndo as actividades de formación e de soporte tanto aos centros propios dependentes da Consellería de Emprego e Igualdade coma aos centros inscritos ou acreditados para a formación para o emprego. Ademais da elaboración dos contidos de axuda e de soporte necesarios para que estes centros usen a plataforma, o CAU Periférico constitúe a canle específica de soporte a incidencias, e atención directa ás solicitudes de apoio técnico por parte do persoal dos centros/ entidades ao longo do proxecto: configuración inicial dos periféricos de vídeo e son para uso na videoconferencia, e apoio nos procesos de publicación de contidos. No ano 2025 impartíronse novas sesións formativas masivas en formato webinar sobre o uso e administración do Campus Virtual dirixidas a técnicos de seguimento da Consellería de Emprego e ás distintas entidades responsables dos cursos.
- ◆ Dende este CAU deuse soporte técnico aos 100 aspirantes que participaron nas primeiras **probos en liña para obtención da certificación oficial CELGA 4**, asegurando o seu correcto rexistro no sistema de proctoring, así coma o acceso ao portal onde se desenvolveu a proba de certificación.
- ◆ **Rede de Bibliotecas Públicas Municipais e rede de bibliotecas de centros escolares.** Migración do

Proxecto Meiga a Koha en 12 bibliotecas municipais e 117 bibliotecas escolares.

- ◆ No ámbito de atención ao persoal empregado público, púxose en marcha un proxecto piloto de **videoidentificación para a emisión da tarxeta de empregado público**, que permite realizar o trámite integramente en liña, sen necesidade de desprazamento ao PAD, e recibir posteriormente no posto de traballo a tarxeta co correspondente certificado de empregado público. No total do ano xestionáronse 1.549 videoidentificacións asociadas a esta xestión.

#### 4.1.9.2. Atención in-situ ao posto de traballo

Partindo deste modelo de atención, baseado nun primeiro punto de acceso a través dos Centros de Atención ás Persoas Usuarias, durante o ano 2025 mantívose a dinámica duns servizos de segundo nivel de atención aos que os CAU's derivan aquelas peticións e incidencias que non poden resolver de xeito remoto e deben ser atendidas por servizos de asistencia in situ.

Os servizos de apoio presencial ás persoas usuarias no ámbito dos centros periféricos xestionados pola Amtega organízase mediante **unha distribución territorial e tamén por especificidades funcionais**, o que permite chegar a calquera centro de traballo dependente da Xunta de Galicia teña asegurada unha calidade asistencial axeitada. Na actualidade identifícanse os seguintes servizos de atención en centros periféricos:

- ◆ Servizos Periférico\_Norte e Periférico\_Sur: que da cobertura as provincias de A Coruña e de Lugo (Norte), e de Ourense e Pontevedra (Sur) excluindo os centros de ámbitos especializados cubertos especificamente por outros servizos.
- ◆ Servizos Santiago Comarca: un servizo TIC remoto e in situ en calquera centro público administrativo, social ou doutra índole, dependente da Xunta de Galicia, na contorna xeográfica de Santiago de Compostela, incluíndo o seu ámbito urbano e a súa área de influencia.
- ◆ Servizo de soporte in-situ á Rede de Centros de Benestar, asegurando un servizo TIC especializado ao persoal que desenvolve as súas funcións nos centros incluídos na rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de benestar da Xunta de Galicia.
- ◆ Servizo de soporte in-situ á Rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos, asegurando un servizo TIC especializado ao persoal que desenvolve as súas funcións nos centros que conforman a rede de



bibliotecas públicas de Galicia, a rede de arquivos e a rede de museos dependentes da Xunta de Galicia.

- ◆ Servizo de soporte in-situ á Rede CEMIT, asegurando o mantemento dos equipos de posto de traballo e sistemas audiovisuais e multimedia das aulas da Rede CeMIT.

No 2025 cabe destacar non só a actividade ordinaria de soporte e atención ás persoas usuarias destes centros, senón tamén as accións de mellora no contexto do Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público, acompañando as liñas descritas no Programa "4.1.8 Posto dixital avanzado do persoal empregado público", senón tamén:

- ◆ O apoio no **proceso loxístico de emisión e distribución das tarxetas de empregado público**, asumindo a entrega física da nova tarxeta de empregado público en cada centro, evitándolles ás persoas usuarias destes centros (persoal sanitario de centros da rede de Benestar, xulgados de paz...) a necesidade de se desprazar ao PAD de referencia da súa provincia.
- ◆ **Migración progresiva a Windows 11** dunha ampla maioría dos postos de traballo dos centros atendidos susceptibles de ser migrados, en previsión do fin de soporte da versión actual Windows 10 en outubro de 2025.
- ◆ Execución dos **plans de visitas preventivas** a centros segundo o planificado en cada ámbito, de forma que se aplican sistematicamente medidas para previr os problemas e reducir así o número de incidencias. Neste sentido completouse polo menos unha visita anual preventiva desta natureza en cada centro baixo soporte.

Tamén se tivo en conta o inicio neste 2025, mediante procedemento anticipado, a da licitación dos servizos en

5 dos ámbitos sinalados, en previsión do fin dos actuais contratos en febreiro de 2026.

#### 4.1.9.3. Evolución dos medios tecnolóxicos para a prestación do servizo

A canle AXUDOT (<https://axudote.xunta.gal>), na que as persoas usuarias da Xunta de Galicia poden comunicar e facer seguimento das incidencias e peticións cara o CAU sen necesidade de contactar telefonicamente seguiu medrando no seu uso e nas súas posibilidades, permitindo permite reducir os tempos de atención e liberando ao persoal de atención do CAU de tarefas menos produtivas e incrementar o tempo de atención que lle pode dedicar á propia resolución da incidencia ou petición.

No 2025 destacan neste eido:

- ◆ A **consolidación do uso de AxudoT** conseguindo que un **40%** das incidencias ou peticións se recibisen mediante esta canle, aumentando un 2% respecto do ano anterior.
- ◆ **Escalado automático de incidencias** que afecten a colectivos que se teñan definido como **de especial sensibilidade**.
- ◆ Por outra parte, mediante RPA e en liña coa automatización de procesos, consolidáronse os **mecanismos de automatización** dirixidos a reducir os tempos de atención e/ou axilizar a resolución de peticións e incidencias:
  - ◆ Revisión e peche automático de tickets en estado "Pendente de recordatorio" e en estado "pendente de verificación".
  - ◆ Reclamacións automáticas de tickets a usuarios de acordo a certas regras prefixadas.



- ◆ Xestión automatizada dos formularios para alta e traslado de persoas usuarias da administración de Xustiza en Galicia.
- ◆ Avanzouse na **migración tecnolóxica da plataforma de xestión de ticketing e CMDB OTRS** coa finalidade de optimizar o seu funcionamento. Nesta liña de traballo, xa iniciada no 2024 coa migración de SGBD (de Oracle a mysql), avanzáronse os traballos de migración de versión OTRS, da que está prevista se finalice no 1º semestre do 2026.
- ◆ Completouse un **novo deseño do portal de autoservizo**, nun contexto de mellora continua orientada a unha mellor experiencia de usuario, aumento da usabilidade e incorporación de novas xestións dispoñibles en réxime de autoprovisión, coa previsión da súa publicación definitiva no 1º semestre do 2026.

#### 4.1.9.4. Incorporación de novos ámbitos de atención

Abordouse a análise preliminar, formalización mediante acordo, e a posterior coordinación e posta en marcha do **soporte aos postos de traballo do persoal en novos centros de traballo** de entidades que no 2025 se integraron baixo o soporte da Amtega, concretamente:

- ◆ **CIS Galicia**, co que se asinou acordo no 2025 polo que a Amtega pasa a prestarlle servizos dixitais e servizos dixitais e uso de servizos tecnolóxicos, entre os que se inclúe o soporte e atención de primeiro nivel (a través do CAU Central), o soporte in-situ e a renovación integral dos postos de traballo.
- ◆ **Galicia Calidade**, co que se asinou acordo no 2025 polo que a Amtega pasa a prestarlle servizos dixitais e servizos dixitais e uso de servizos tecnolóxicos, entre os que se inclúe o soporte e atención de primeiro nivel (a través do CAU Central), o soporte in-situ e a renovación integral dos postos de traballo.

Ademais, no 2025 iniciouse a análise preliminar da viabilidade da integración de XESTUR, actualmente fóra do soporte da Amtega, co obxecto de valorar a súa posible integración xa no 2026.

#### 4.1.9.5. A intranet corporativa

A intranet corporativa avanzou en 2025 cara maiores posibilidades de personalización e de incluíu novos espazos de difusión cara o persoal empregado público:

- ◆ Creación dun novo apartado sobre a **Automatización intelixente** no que se recolle

información sobre a automatización de procesos, sobre como se pode **avaliar un proceso potencialmente automatizable** e algúns **exemplos de automatización** empregados no ámbito da administración autonómica.

- ◆ Revisión íntegra do **Catálogo de servizos de interoperabilidade**. Realizouse unha revisión/actualización das 115 páxinas que conteñen información sobre os servizos de interoperabilidade que actualmente están dispoñibles, engadindo, entre eles, a publicación de 12 novos servizos.
- ◆ Publicación de **4 novas páxinas na sección sobre a sede electrónica** <https://intranet.xunta.gal/sede-electronica>. Incorporáronse a de información sobre: Compartir borradores, Identificación electrónica de persoas estranxeiras e non residentes na sede electrónica, Límite de presentacións por usuario/a e Cubrir anexos electronicamente.
- ◆ Publicación de 11 novos consellos de **seguridade** <https://intranet.xunta.gal/consellos-de-seguridade> e 2 novos consellos de **eficiencia enerxética** <https://intranet.xunta.gal/consellos-eficiencia-enerxetica>.



## OBXECTIVO II. PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

### 4.2.1. Programa Dixital da Política Social

#### 4.2.1.1. Mantemento e evolución de sistemas de información da Secretaría Xeral Técnica (SXT) e da inspección de servizos sociais

Continuouse a dar soporte aos principais sistemas empregados en unidades da SXT, destacando o mantemento do sistema de información que soporta as tramitacións do Rexistro Unificado de Entidades e Programas de Servizos Sociais e da actividade da Inspección de servizos sociais (**RUEPSS**) e o empregado para a xestión e control de contratos centralizados (**SUBCEN**).

- ◆ En relación ao RUEPSS cabe destacar os desenvolvementos realizados relacionados coa implementación da nova funcionalidade de tramitación de expedientes sancionadores, xunto con melloras nas integracións con REXEL e Sede Electrónica. Atendéronse ademais aspectos inaprazables de débeda técnica (migración de versión de servidor de aplicacións e de versión de servizos de NOTIFICA).
- ◆ En relación a SUBCEN cabe destacar o soporte á globalidade dos contratos centralizados vixentes.

Dentro do mantemento continuo que se lle da a varias webs da Consellería de Política Social, cabe salientar a continuación dos traballos de renovación da web institucional do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar.

#### 4.2.1.2. Desenvolvemento de novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade

Continuouse a dar soporte aos principais sistemas de información empregados nas áreas de Dependencia e Discapacidade, destacando especialmente o mantemento do sistema de información que soporta a xestión da dependencia (**SIGAD**) e da aplicación informática de tramitación do procedemento de recoñecemento da discapacidade (**CENDIS**).

O exercicio 2025 estivo complementemente condicionado polas importantes novidades normativas introducidas

na xestión dos procedementos de dependencia e discapacidade. En concreto a través da Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introducíronse cambios normativos de gran impacto nos fluxos de tramitación de ambos procedementos.

En relación ao **SIGAD**, os evolutivos levadas a cabo inclúen alcances relacionados con adaptacións en todas as fases de tramitación, dende o rexistro da solicitude ata o arquivo do expediente, desdobrando os fluxos de tramitación para distinguir as casuísticas de tramitación de expedientes individuais e conxuntos:

- ◆ Adaptacións ao novo formulario de solicitude posto en marcha en xaneiro de 2025.
- ◆ Adaptacións nas caixas de recepción e nos procesos de integración de entradas REXEL e Sede electrónica para soportar as novas necesidades de rexistro e xestión de solicitudes, introducindo elementos de coordinación coas unidades de discapacidade
- ◆ Adaptacións na funcionalidade e soporte aos procesos de citación de expedientes conxuntos, introducindo elementos de coordinación das citas en función da tipoloxía e criterios de prioridade dos expedientes.
- ◆ Adaptacións na funcionalidade e soporte aos procesos de valoración, abordando integracións con CENDIS relacionadas con facilitar a valoración da mobilidade en BAREDI, e a recuperación e compartición entre sistemas das puntuacións e informacións relacionadas coas distintas valoracións (BVD/EVE, BAREDI, Axuda de terceira persoa, Mobilidade).
- ◆ Adaptacións na funcionalidade e soporte aos procesos de ditame e resolución conxunta.
- ◆ Creación de nova funcionalidade para soportar o ofrecemento de prestacións económicas alternativas ou complementarias ao servizo público.
- ◆ Traballos de definición e desenvolvemento do escenario de coordinación conxunto con Sergas para a interoperabilidade do informe de condicións de saúde.

- ◆ Inicio dos traballos de preparación do sistema para a recollida de información dos novos servizos de interoperabilidade do TSD en troques do RSP, ante o peche de este último
- ◆ Desenvolvemento dunha API de servizos para permitir o reporte das horas realizadas no servizo SAF prestado a través dos concellos a través de interoperabilidade, como alternativa ao rexistro manual da información no módulo de Extranet-concellos; posta en marcha da integración co sistema de información CIBERSAD da empresa CIGESOC nun primeiro bloque de concellos (pechouse o ano con 20 concellos activados).

A maiores da actividade de evolución do sistema, cabe destacar a atención a outro tipo de actividades coma:

- ◆ Especial intensidade da actividade do equipo de soporte, atendendo a alta cantidade de situacións complexas creadas polos escenarios de tramitación conxunta.
- ◆ O mantemento e intensificación do uso do sistema de confirmación da data de cita a través de chamadas automáticas (SCCOM): extensión a maior número de concellos.

En relación ao **CENDIS**, os evolutivos e adaptacións levadas a cabo inclúen alcances relacionados con adaptacións tamén en todas as fases de tramitación, dende o rexistro da solicitude ata o arquivo do expediente, desdobrando os fluxos de tramitación para distinguir as casuísticas de tramitación de expedientes individuais e conxuntos:

- ◆ Adaptación ao novo formulario de solicitude posto en marcha en xaneiro de 2025.
- ◆ Adaptacións nos buzóns de recepción e nos procesos de integración de entradas REXEL e Sede electrónica para soportar as novas necesidades de rexistro e xestión de solicitudes.
- ◆ Adaptacións na funcionalidade e soporte aos procesos de citación de expedientes conxuntos.
- ◆ Adaptacións na funcionalidade e soporte aos procesos de valoración, facilitando a recuperación e compartición entre sistemas das puntuacións e informacións relacionadas coas distintas valoracións (BVD/EVE, BAREDI, Axuda de terceira persoa, Mobilidade).
- ◆ Adaptacións na funcionalidade e soporte aos procesos de ditame e resolución, tanto conxunta coma de expedientes de solo discapacidade vía homologación da dependencia.

A maiores da actividade de evolución do sistema, cabe destacar a atención a outro tipo de actividade coma:

- ◆ Especial intensidade da actividade do equipo de soporte, atendendo a alta cantidade de situacións complexas creadas polos escenarios de tramitación conxunta.
- ◆ Con anterioridade á informatización completa do proceso: soporte aos procesos de resolución por homologación da dependencia de expedientes de solo discapacidade.

Tamén foi intensa a actividade de desenvolvemento evolutivo levada a cabo no sistema específico denominado **VALORADORES**, que dá soporte aos instrumentos de valoración BVD e EVE. Así avanzouse na renovación deste sistema, completándose a renovación da aplicación de usuario final, que se migrou de aplicación de escritorio a aplicación web.

Tamén cabe destacar a adaptación levada a cabo en relación á aplicación informática **CONCEN**, na que se xestionan os contratos de concertos de prazas nas áreas de maiores e discapacidade: continuáronse a facer adaptacións para facilitar o adecuada aplicación do modelo de contratación de prazas a través da figura do **Concerto social**.

#### 4.2.1.3. Actuacións derivadas do novo modelo de atención residencial e coidados

Nesta actividade continuouse coa execución e consolidación de actuacións iniciadas en anos previos e correspondentes ao novo **Modelo de atención residencial** promovido pola Consellería de Política Social. Destacamos as seguintes actuacións:

- ◆ Evolucións e adaptacións nos sistemas **CENPOS** e **CENRES**:
  - ◆ Integracións con sistemas do Sergas: continuáronse os traballos de activación da sincronización automática do censo de residentes cos sistemas sanitarios, completándose a actuación nas Áreas Sanitarias de Ourense (xa iniciada en 2024) e de Lugo, avanzándose nas Áreas Sanitarias de Vigo e Santiago e iniciándose a planificación dos traballos coa Área Sanitaria de Pontevedra.
  - ◆ Comezouse a traballar na implantación de CENRES en Centros de día de maiores e discapacitados con praza pública concertada.
  - ◆ Continuáronse a abordar en CENPOS melloras na funcionalidade asistencial, acompañada de actividade de implantación e de xestión do cambio, incluído o seguimento e impulso ao

emprego dos Terminais táctiles de habitación (TTH) no rexistro dos coidados directamente na habitación do residente.

- ◆ Continuouse coa adaptación e impulso da implantación de CENPOS as particularidades do modelo de atención da rede de centros de maiores do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ◆ Completáronse os traballos de desenvolvemento e proba da capa de servizo pensada para a integración automática do censo con entidades externas, aínda que non se chegou a completar a activación da integración coa entidade coa que se está a traballar este escenario (DomusVi).
- ◆ Plan de implantación da ferramenta de **Historia Clínica (IANUS)** en centros residenciais de maiores e discapacitados de calquera tipoloxía.
- ◆ Completouse a execución do proxecto de implantación dunha solución de comunicación **residente-enfermeira** en residencias de maiores de xestión directa da Consellería de Política Social, estendéndose a varios centros residenciais do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ◆ Completouse a execución do proxecto de implantación dunha **solución de monitorización da actividade do residente**, de parámetros de confort e da seguridade dos residentes en residencias de maiores e discapacitados de xestión directa da Consellería de Política Social e Igualdade, estendéndose ademais a varios centros residenciais do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar.
- ◆ Ensaíouse o emprego da dotación de **reloxos de xeolocalización** dispoñibles en residencias de maiores para o seguinte caso de uso de especial interese para a Consellería nalgúns dos seus centros de xestión directa: funcionalidade de aviso de pánico polos profesionais en quenda de noite ante incidentes de agresión. Este caso de uso foi ensaiado no CRAPD de Vigo e na residencia de maiores de Oleiros.
- ◆ Abriuse unha nova fase de evolución e implantación do **sistema de información XESAC** para a xestión da actividade en quendas, procurándose a consolidación definitiva do emprego do sistema en todos os centros residenciais de maiores e discapacidade de xestión directa da Consellería de Política Social e Igualdade (expediente de licitación AMT-2025-0022).
- ◆ Rematouse o proxecto de subministro e instalación de dispositivos para a prestación do **servizo de teleasistencia domiciliaria** da Consellería de Política Social e Igualdade. O proxecto pechouse

cunha cifra de 6.763 domicilios coa solución tecnolóxica da Xunta de Galicia instalada, co resto de equipamento recibido en almacén e a disposición da Consellería de Política Social e Igualdade para o seu emprego na prestación do servizo.

- ◆ Abordouse na Residencia de maiores da Estrada a **implantación dun sistema de información de automatización da clasificación e reparto de roupa** en lavandería, e dun sistema de control de errantes aplicado a varias portas do centro.
- ◆ Seguiuse a traballar na posibilidade de **emprego de pulseiras de actividade** nun programa de envellecemento activo na Residencia de maiores de A Estrada, de xeito integrado con TAVRES.

#### 4.2.1.4. Desenvolver novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión das prestacións de inclusión

Continuouse a dar soporte aos principais sistemas de información da área da inclusión social, destacando especialmente as aplicacións informáticas de soporte á xestión das principais prestacións económicas (PNC/RISGA/AIS), xunto co proceso de financiación dos Servizos sociais comunitarios a través do **PLAN CONCERTADO**.

En relación a PNC (pensións non contributivas), dentro da actividade de mantemento cabe destacar:

- ◆ Melloras na integración con servizos de Administración electrónica (melloras na integración con REXEL; actuación na nova versión de servizos de NOTIFICA).
- ◆ Melloras na funcionalidade de xestión do proceso de revisión anual.

En relación a **RISGA/AIS** cabe destacar a atención de débeda técnica que acumulaba a aplicación, en concreto: actualización de versión de servidor de aplicacións e de JDK e mavenización do proxecto.

En relación ao **PLAN CONCERTADO**, comezouse a traballar na renovación completa da aplicación (actividade inaprazable dada a obsolescencia tecnolóxica da aplicación informática actual).

Dentro da actividade relacionada co soporte á prestación denominada **BONO SOCIAL TÉRMICO**, séguese a prestar soporte informático a esta prestación, na actualidade xestionada pola Dirección Xeral de Industria.

No que atinxe ao **PGIS** (plan galego de inclusión social) leváronse a cabo actuacións de soporte e mantemento como:

- ◆ Melloras no soporte á xestión de indicadores.
- ◆ Melloras a nivel de usabilidade (introdución de autocompletados e novos filtros en distintas pantallas de procuras).
- ◆ Melloras a nivel de controis relacionados con calidade de datos (control de duplicidades no rexistro de participantes).
- ◆ Iniciáronse traballos para o cambio de servidor de aplicacións (coma medida para paliar problemas de indisponibilidade da aplicación).

#### 4.2.1.5. Actuacións recollidas no proxecto “Modernización tecnolóxica dos servizos sociais”

Realizouse actividade relacionada coas liñas de actuación previstas no **“Proxecto 5. Modernización tecnolóxica dos do Servizos Sociais”** recollido no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia:

- ◆ Dispositivos de firma biométrica:
  - ◆ Continuouse coa incorporación en CENPOS da posibilidade de aplicar firma biométrica a novos tipos documentais en distintas tipoloxías de documentos.
- ◆ Despregouse o novo sistema Mapa social interactivo, incluíndo un visor de uso público, accesible nesta dirección: <https://mapaxeosocial.xunta.gal>.

#### 4.2.1.6. Desenvolvemento de novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familia e menores

Continuouse a dar soporte aos principais sistemas de información empregados nas áreas de Familia e Menores, destacando especialmente a actividade no sistema de información empregado polos equipos de protección de menores e xustiza penal (**MENOR**) e no sistema de información empregado para a xestión dos procesos de admisión nas rede de escolas infantís dependentes da Xunta de Galicia (**ESCINF**); continuouse tamén consolidando e ampliando a funcionalidade do sistema de información do eido de Familia (**SISFAM**) posto en marcha en 2023.

En relación a **MENOR**, dentro da actividade de mantemento cabe destacar:

- ◆ Melloras na xestión da historia e do expediente de protección, con adaptacións ao novo Plan individualizado de intervención (PIP).
- ◆ Desenvolvemento de novo módulo para a xestión e tramitación de gastos extraordinarios (parcial).
- ◆ Novos avisos, alertas e listados en todos os ámbitos da aplicación.
- ◆ Novos tipos de programas de acollemento familiar.
- ◆ Desenvolvemento da posibilidade de xestión de módulos nos centros de internamento.
- ◆ Posibilidade de rexistrar e validar a Peza individual do condenado nos expedientes de execución

A destacar tamén os traballos levados a cabo no contexto do emprego de CENPOS na rede de centros de protección de menores:

- ◆ Afináronse os procesos de xestión da financiación dos centros (nómina de menores), mellorando os controis establecidos na integración con MENOR e a xestión da sobre-ocupación.
- ◆ Mantívose a actividade de identificación de funcionalidades e consolidación do uso do sistema co Grupo de traballo creado con centros de protección e con persoal tanto das Xefaturas Territoriais coma de Servizos Centrais.

En relación a **ESCINF**, a actividade continuou a priorizar o soporte requirido pola implantación das políticas públicas relacionadas coa universalización da gratuidade da atención; dentro da actividade cabe destacar:

- ◆ Soporte á convocatoria de axudas para a continuidade das Casas niño, con notables ampliacións na funcionalidade de xestión de centros específica desta tipoloxía de centros.
- ◆ Melloras no asistente de configuración de convocatorias.
- ◆ Soporte ás convocatorias das dúas redes de escolas de xestión directa da Xunta de Galicia (AGASS-Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar); entre a nova funcionalidade.
- ◆ Soporte ás convocatorias de escolas privadas e de escolas **municipais**.
- ◆ Soporte á convocatoria de axuda para comedores.
- ◆ Melloras nos controis de persoas duplicadas entre redes AGASS e Consorcio.
- ◆ Actuacións relacionadas con débeda técnica (entre elas: migración á nova versión de servizos de NOTIFICA).

En relación á posta en marcha do novo sistema de información no eido de **familia SISFAM** cabe destacar a seguinte actividade:

- ◆ Soporte á convocatoria 2025 de Tarxeta Benvida, incluídas as novidades normativas en materia de servizos proactivos e simplificación da tramitación. Neste senso, no ano 2025 comezáronse as revisións de oficio de todas as solicitudes presentadas no ano 2024, con novo menú de revisións, procesos automáticos para a consulta por interoperabilidade de datos de padrón, nacemento e renda das familias ao cumprirse un ano da primeira solicitude, cálculo das novas capacidades económicas, e proposta favorable/desfavorable en función dos novos cálculos.
- ◆ Consolidación da aplicación de xestión de Familias numerosas, atendendo progresivamente evolutivos identificados, e activando o envío de información de familias numerosas ao sistema estatal de Tarxeta Social Dixital (TSD).
- ◆ Traballouse intensamente na consolidación da aplicación que informatiza a xestión do Rexistro de Familias Monoparentais, posta en marcha a finais de 2024 cun soporte básico aos procedementos de xestión.
- ◆ Avanzáronse traballos para a posta en marcha da obtención automatizada do carné de familia monoparental a través de XuntaEu (previsto por en marcha en 2026).
- ◆ Configuración e soporte á nova convocatoria do Bono concilia a través de Tramita (unha das ferramentas de tramitación electrónica horizontais da Amtega).

Imaxe do **novo carné de Familia monoparental** previsto en XuntaEU:



En relación ao ámbito dos **Puntos de Encontro Familiar (PEF)**, iniciouse a análise e desenvolvemento dunha nova aplicación específica para o soporte da actividade destes centros, contemplando tanto as necesidades de rexistro de información dos propios PEFs, como as necesidades de control e coordinación por parte da Subdirección de apoio á familia, infancia e adolescencia (prevista a súa posta en marcha inicial en 2026, como aplicación do ecosistema de HSUE).

Continuouse co impulso dende a Amtega á mellora nos **canais e procedementos de comunicación con Xustiza** (Fiscalías, Xuzgados).

A destacar negativamente o feito de que non se conseguise acadar a activación e posta en marcha dos buzóns LEXNET creados para o ámbito específico dos Puntos de Encontro Familiar (segue a ser un obxectivo para 2026).

En relación á temática da conciliación familiar, cabe destacar a materialización en 2025 da migración do sistema de tramitación legacy que soportaba a xestión da oferta de Campamentos de verán de Xuventude, a través da posta en marcha dun sistema de información vertical integrado co tramitador corporativo Tramita.

#### 4.2.1.7. Impulsar a Historia Social Única Electrónica como sistema de información central na prestación de servizos sociais aos cidadáns

Arrancouse a quinta fase do proxecto de desenvolvemento e implantación da **Historia Social Única Electrónica (HSUE)**, destacando as seguintes liñas de actividade:

- ♦ **Módulo de Servizos Sociais Comunitarios:** comezouse a pilotaxe e progresiva implantación do novo módulo de xestión para departamentos de traballo social dos concellos, baseado no emprego como activo acelerador da solución Imatia social, en substitución do actual SIUSSGAL, rematándose o ano con 10 concellos migrados.
- ♦ **Módulo de Atención temperá:**
  - ♦ Soporte á configuración e posta en marcha de novas unidades de Atención temperá e á nova convocatoria de axudas.
- ♦ **Módulo FUNGA:**
  - ♦ Completouse o desenvolvemento da versión inicial da aplicación e iniciouse en decembro a súa posta en marcha con todos os colectivos profesionais da FUNGA.
- ♦ Atendéronse peticións de adaptacións e evolucións identificadas tras a posta en marcha do **módulo de Desfuzamento en 2024**.
- ♦ Ampliacións do **módulo de Informes sociais** e de **Solicitudes**, incorporando:
  - ♦ Novos informes sociais no ámbito de desfuzamentos.
  - ♦ Adaptación de modelos documentais a posibilidade de firma biométrica (Proxectos de integración social; Incorporación a programas de desfuzamento).
  - ♦ Novo modelo de solicitude conxunta de dependencia-discapacidade.
- ♦ **Módulo de Pobreza enerxética:**
  - ♦ Continuouse a dar soporte ás cargas da información relativas á prestación económica do Bono social eléctrico e de ficheiros de impagos aportados polas empresas de subministro eléctrico.
- ♦ Traballouse intensamente na construción do **escenario de interoperabilidade con Sergas** para a petición e obtención electrónica do Informe de saúde normalizado de Dependencia (implica construír integracións con varios sistemas sanitarios e con SIGAD). Ademais operouse e deuse soporte ao mecanismo alternativo de envío de peticións e obtención dos informes de saúde a través

de intercambios semanais de ficheiros con Sergas aplicado mentres non se dispuña da informatización completa do escenario de intercambio.

- ♦ Seguiuse a traballar na **ampliación da capa de servizos actual con Emprego** para a xestión do acceso ao Tramo de inserción da RISGA e en xeral para o intercambio de información da RISGA, con vistas a eliminar os actuais envíos de información vía ficheiros mensuais (pendente de completar).
- ♦ Comezouse o desenvolvemento dun **novo módulo para a xestión dos PEF** (apuntado xa no epígrafe dedicado ao ámbito de Familia).
- ♦ Comezouse a empregar en produción as **capacidades avanzadas de extracción da información de solicitudes recibidas a través de Rexistro desenvoltas a través do proxecto DOCPOS**, activando o emprego deste sistema dende CENDIS, o tramitador do procedemento de valoración da discapacidade. A aplicación de técnicas de extracción de información baseadas en IA xenerativa neste procedemento está a resultar altamente satisfactoria, estando prevista a extensión destas capacidades a outros ámbitos de tramitación en 2026.

Como cifras indicativas da evolución positiva do sistema a nivel de implantación e consolidación do seu uso, amosamos a evolución nos últimos anos das cantidades de Informes sociais de inclusión, empregado fundamentalmente nos procedementos de acceso ás prestacións RISGA e AIS, realizados e enviados a través do sistema:





#### 4.2.1.8. Impulsar o desenvolvemento e implantación do sistema de información corporativo de xestión de Centros de Política Social e do Censo de residentes

Durante 2025 arrancouse a execución dunha nova fase do proxecto de desenvolvemento e implantación do **sistema de xestión de centros de Política Social (CENPOS)**, incluíndo neste mesmo proxecto os obxectivos de evolución e implantación doutro sistema de información corporativo con clara conexión funcional co mesmo, o **sistema de Censo global de residentes (CENRES)**.

Dada a transversalidade deste sistema ás distintas tipoloxías de centros da Consellería de Política Social, parte da actividade levada a cabo sobre o mesmo foi reflectida xa noutros apartados deste informe.

De xeito moi sucinto, sinalamos a continuación os principais grupos funcionais nos que se centrou a actividade no proxecto CENPOS/CENRES:

- ◆ **Centros de maiores e discapacitados de xestión directa da Consellería:** evolucións centradas na funcionalidade asistencial e de coidados

- ◆ **Centros da rede de maiores do Consorcio de servizos de igualdade e benestar:** evolucións centradas na funcionalidade asistencial e de coidados.
- ◆ **Censo de residentes nas áreas de persoas maiores e discapacitadas:** actividade centrada na ampliación do actual ámbito de aplicación do sistema, e na funcionalidade de soporte á xestión da nómina de centros con praza concertada en discapacidade.
- ◆ **Centros de protección de menores:** evolucións centradas nos controis relacionados coa xestión da nómina mensual de centros e na información de ocupación.
- ◆ **Residencias de tempo libre:** adaptacións centradas no soporte á convocatoria de prazas de 2025.

Como cifra indicativa da evolución moi positiva da implantación e uso do sistema no plano asistencial amosamos indicadores do rexistro de coidados acadados en 2025:

- ➡ Número de coidados marcados como realizados: **5.203.727**
- ➡ Número de coidados marcados como non realizados: **9.779.275**
- ➡ Total de rexistros de coidados xestionados: **7.973.291**

Esa cifra total de coidados supón o 22% dos rexistros de coidados totais no sistema a peche de 2025, o que tendo en conta a temporalidade do proxecto (primeira versión posta en marcha en 2017) da idea da evolución positiva do sistema coma soporte ao modelo de coidados dos centros.

#### 4.2.1.9. Mellora e evolución do sistema analítico corporativo de Política Social (BIPOS)

Continuouse coa execución da terceira fase do proxecto BIPOS, cuxo obxectivo é o desenvolvemento do sistema analítico corporativo de referencia para as principais áreas de xestión da Consellería de Política Social e Igualdade.

A actividade levada acabo durante 2025 centrouse en abordar melloras e ampliacións en varias das áreas analíticas do sistema, e en traballos de construción de novas áreas analíticas:

- ♦ **Residencias de maiores de discapacidade de xestión propia da Consellería:**
  - ♦ Implementouse o novo enfoque de Cadro de mando acordado coa Dirección xeral de maiores.
  - ♦ Abordáronse distintas extraccións a demanda da Dirección Xeral para facilitar os procesos de auditoría levados a cabo nos centros.
  - ♦ Dentro da actividade do proxecto relacionada con analítica predictiva, ensaiouse, aínda que sen éxito, a construción con técnicas de aprendizaxe automático supervisado a creación dun indicador predictor do potencial risco de caídas dun residente (proxecto cancelado).
- ♦ **Consortio de servizos de igualdade e benestar:**
  - ♦ Desenvolvéronse novos indicadores e informes na área analítica específica para centros de Consorcio, área na que as capacidades analíticas do sistema están a ter especial boa acollida
  - ♦ Residencias de tempo libre.
  - ♦ Evolucionouse e déuselle un pulo a esta área analítica, con melloras na interacción do usuario con varios gráficos, ampliándose os niveis de desglose e incorporándose novos informes.
- ♦ **Familia:**
  - ♦ Posta en marcha dun novo Cadro de mando dedicado a Tarxeta Benvida.
  - ♦ De dous informes de xeración automática, sobre prestacións recoñecidas e sobre actividade de xestión das Xefaturas territoriais.
  - ♦ Modificacións no informe de horas SAF.
- ♦ **Dependencia:**
  - ♦ Realizado prototipo dun novo Cadro de mando, pendente de revisión e validación pola Consellería.

Dentro da mellora das capacidades analíticas cabe destacar a execución do proxecto de construción do sistema de información denominado **"Mapa Xeosocial"**:

continuouse coa execución do proxecto, traballándose na construción e axuste dos procesos de carga da información, acadándose o fito de por en produción un visor público con información do RUEPSS.

#### 4.2.1.10. Desenvolvemento de novas funcionalidades nos sistemas de información do ámbito de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero

Continuouse a darlle soporte aos principais sistemas de información de empregados nas áreas de igualdade e violencia de xénero, atendéndose o mantemento das aplicacións informáticas sectoriais XOP (xestión de ordes de protección) e CIM (centros de información a muller).

En relación a CIM, cabe destacar o desenvolvemento da integración co Portasinaturas corporativo (medida aliñada co compromiso adquirido coa rede de CIMs de facilitar a aplicación de firma con pseudónimo): completouse o desenvolvemento, estando pendente de pasar a produción en 2026.

#### 4.2.1.11. Soporte á dotación tecnolóxica dos centros de política social

Dentro das actuacións de soporte a usuario e de equipamento de posto de traballo na rede de centros de Política social, cabe destacar o esforzo continuo que se segue a realizar respecto da rede de centros de maiores do Consorcio de servizos de igualdade e benestar (rede conformada por 85 centros de distintas tipoloxías: centros de día, fogares residenciais, mini-residencias, vivendas tuteladas):

- ♦ Mantemento en condicións operativas das conectividades de centros á rede Xunta e os niveis de cobertura wifi actuais (149 puntos de acceso en 39 centros de xestión propia).
- ♦ Mantemento da dotación de equipos informáticos asociados a posto de traballo, de acordo aos compromisos adquiridos pola Amtega.

A destacar tamén o traballo por parte da Amtega a nivel de actuacións de rede en relación ao mantemento en condicións axeitadas dos proxectos tecnolóxicos despregados estes anos previos en residencias de maiores e discapacitados da Consellería de Política Social e Igualdade, en concreto da solución de **comunicación residente-enfermeira e da solución de monitorización da actividade do residente e de residencia intelixente**.

Por último, compre destacar a actividade habitual de soporte á rede de centros de benestar (a maioría das tipoloxías de centros dependentes da Consellería de



Política Social e Igualdade, aínda que tamén se lles dá soporte á rede de centros da área de Xuventude), a través entre outros dos servizos articulados a través

cabe salientar a actividade do **CAU-Periférico e do Grupo de soporte de microinformática**.

## 4.2.2. Plan para a xestión dixital das políticas de emprego

Durante o ano 2025 desenvóléronse diversas actuacións no conxunto de sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación laboral, co obxectivo estratéxico de evolucionar e establecer novas canles de relación coa cidadanía e cos diferentes axentes implicados no proceso de emprego.

Estas melloras centráronse nos seguintes eidos:

- ◆ Evolucionar e establecer novas canles nos **sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación laboral**, entre as que destacan SICAS, PROSAN, DELIRA, POREMP, MOBEM, KIOSCO, XEMI e outros sistemas asociados, que constitúen a base operativa para a xestión da demanda de emprego, a intermediación, a comunicación coa persoa usuaria e o soporte aos procesos administrativos. Estas actuacións permitiron avanzar cara a un modelo máis dixital, accesible e eficiente dos servizos públicos de emprego, reforzando tanto a capacidade de atención á cidadanía como a xestión interna dos procesos de intermediación laboral.
- ◆ Evolucionar os **sistemas de información que dan soporte á S.X. das Cualificacións e Capacidades para o Emprego** como a aplicación de xestión das competencias clave (XESCL) e no sistema de gases fluorados (FLUOR).
- ◆ Evolucionar os **sistemas de información de xestión da orientación laboral** como a aplicación de orientación laboral (ORNSOA). As actuacións levadas a cabo estiveron orientadas á optimización do traballo dos orientadores, á mellora da comunicación cos usuarios e á flexibilización da configuración funcional do sistema sen necesidade de intervencións técnicas complexas.
- ◆ Desenvolver **modelos de avaliación do emprego** en Galicia e axuda á toma de decisións.
- ◆ Establecer as novas funcionalidades nos **sistemas de información** de xestión da formación como SIFO, FORMAN, RESPE, no portal de formación para o emprego DIPLOS, na aplicación interna de xestión do CNTG (CNTXES) ou no sistema de xestión de fichaxes a cursos de formación (COBIPE). As actuacións desenvolvidas centráronse na adaptación aos procedementos administrativos, na ampliación de funcionalidades e na modernización técnica das plataformas.
- ◆ Evolucionar os **sistemas de información de xestión da promoción de emprego e ás relacións laborais** como o sistema de xestión dos libros de subcontratación (LSUBCO), o sistema de xestión de cooperativas (COCESO) ou o sistema de xestión de eleccións sindicais (ELESIN). As actuacións realizadas durante 2025 nas aplicacións do ámbito da promoción de emprego e relacións laborais permitiron a posta en funcionamento de novas solucións e funcionalidades clave, a mellora da integración cos sistemas corporativos, a adaptación a novas necesidades normativas e procedementais ou o reforzo da xestión documental e da interoperabilidade.
- ◆ Evolucionar a **ferramenta EMI** para incorporar novos evolutivos e novas capacidades **de IA**. EMIEG é un sistema da Xunta de Galicia orientado á xestión da información e ao apoio na toma de decisións no ámbito do Servizo Público de Emprego de Galicia, baseado na aplicación de técnicas de intelixencia artificial e aprendizaxe automático. As actuacións desenvolvidas centráronse na implantación da infraestrutura inicial en contornos Cloud da AMTEGA, na integración con sistemas corporativos, no desenvolvemento de novas capacidades de análise e na evolución cara a modelos intelixentes baseados en datos.



## 4.2.3. Medidas para a xestión dixital da vivenda

### 4.2.3.1. Implantación das axudas do IGVS

No 2025 leváronse a cabo novos desenvolvementos vinculados a novos decretos, procedementos e convocatorias de xestión da vivenda no IGVS:

- ◆ Programas de axuda ao alugueiro na aplicación **IGVSAL**: novo módulo de axustes contables nas resolucións de concesións, para rexistrar modificacións no importe de concesión por perda de subvencións ou renuncias e melloras no módulo de xestión de recibos.
- ◆ Xestión de fianzas, aplicación **PROFIA**: Integración con Arpad, Integración co CAS de Amtega para os usuarios internos e cambio na comunicación con Abanca (novo identificador de recibo).
- ◆ Subvencións de rehabilitación (**REDEP**): Adaptación da tramitación a través de PasaXe! da consulta de concesións pola regra de Mínimis, do certificado de concesións de subvencións e axudas e do certificado de prestacións percibidas ou outorgadas polo INSS. Xestión de axustes orzamentarios por expediente.

### 4.2.3.2. Actuacións relacionadas co Plan Estatal de Vivenda 2022-2025

No 2025 continuouse coa ampliación e adaptación dos sistemas existentes para a xestión dos programas e liñas de axuda vinculados ao Plan Estatal de Vivenda 2022-2025:

- ◆ Programa de mellora da accesibilidade para vivendas: realizáronse as adaptacións necesarias na aplicación de axudas á rehabilitación REDEP (procedemento VI435B).
- ◆ Axudas ao alugueiro de vivenda: realizáronse as adaptacións necesarias na aplicación IGVSAL para a renovación da axuda VI483B (2ª prórroga 2025) e VI483D (1ª prórroga 2025). Completáronse todos os estados, desde a solicitude ata o pagamento para as dúas normativas.
- ◆ Bono prestación alugueiro social: aplicación ALUGA, co bono para colectivos vulnerables (VI482F), que inclúe tamén os anteriores bono social e bono vítimas de violencia de xénero. Adaptación da tramitación de expedientes por fin da normativa en decembro de 2026.

### 4.2.3.3. Evolución da Plataforma Integral de Vivenda e Solo (PLAVIS)

Durante o ano 2025 continuouse coa terceira fase (2024-2026) destinada o desenvolvemento da **plataforma integral de Vivenda e Solo (PLAVIS)**. Os avances ao longo do ano foron os seguintes:

- ◆ **Módulo de Rexistro de Demandantes**: desenvolvéronse as funcionalidades de xestión de credenciais e de sorteos, permitíndose o apagado da antiga aplicación RUDEVI a principios do segundo semestre. Incorporáronse avisos ao xestor, adaptouse a integración con Pasaxe ás



novas necesidades e completouse a integración con NOTIFICA na contorna de probas. Ademais, adecuouse o módulo de acceso da cidadanía que inclúe a plataforma web do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda (<https://rexistrodemandantesvivenda.xunta.gal/public/>) co fin de adaptalo á nova localización dos datos tras o apagado do sistema RUDEVI.

- ♦ **Módulo de Xestión Patrimonial:** xeráronse novos documentos asociados aos estudos económicos e ás adxudicacións, completando a súa integración con Portasinaturas. Incorporáronse as notificacións por correo electrónico sobre os estados dos estudos económicos e os avisos aos servizos centrais respecto da súa aprobación.
- ♦ **Módulo de Solo:** ao longo do ano realizouse un estudo orientado á mellora da funcionalidade, usabilidade e navegabilidade. Deixouse moi avanzada unha nova versión na contorna de probas antes de finalizar o ano, permitindo que os usuarios validasen numerosos cambios. Así mesmo, levouse a cabo unha actualización tecnolóxica do módulo.
- ♦ **Novo módulo transversal SIX:** iniciouse o desenvolvemento deste módulo, que integrará a información xeorreferenciada dos distintos módulos da plataforma.

**Módulo de Construcións:** comezouse a actualización tecnolóxica do módulo, incluíndo unha análise previa das necesidades para a súa adaptación ao sistema de xestión de expedientes de contratación da Xunta (PLATION).

Ademais prestouse soporte e mantemento aos módulos xa desenvolvidos.

#### 4.2.3.4. Actuacións relacionadas co desenvolvemento e soporte das aplicacións sectoriais do IGVS

No 2025 continuouse co desenvolvemento e soporte das aplicacións sectoriais en materia de vivenda que fan posible a xestión e operación diaria no IGVS como o Portal corporativo do IGVS ([igvs.xunta.gal](https://igvs.xunta.gal)), o Programa de Mobilización de Vivendas para Alugueiro (IGVMVA), o Portal de premios de arquitectura, aplicacións vinculadas á xestión da calidade da edificación (entre elas o Rexistro Único de Laboratorios e Entidades de Control de Calidade da Edificación de Galicia -RELAGA-, Rexistro Galego de Informes de Avaliación de Edificios -HERIAE e REGIAE), na xestión de recibos do IBI (IBIGVS), no Punto neutro (IGVSIS), ou no censo de vivendas baleiras (CEVIB).

## 4.2.4. Medidas para a xestión dixital da educación

### 4.2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión académica e dos centros

Para mellorar a xestión académica e dos centros educativos avanzouse no soporte e desenvolvemento de novas funcionalidades e servizos tecnolóxicos nos sistemas de información, co obxectivo de facilitar a xestión da información e a toma de decisións e mellorar a eficacia das políticas educativas e a calidade dos servizos.

No **sistema de Xestión Académica do Ensino (XADE)** os avances máis importantes foron:

- ♦ Consolidáronse e ampliáronse as adaptacións derivadas da implantación progresiva da LOMLOE. Destacou a evolución da modalidade de proba libre de Bacharelato e a actualización da pantalla de EDIXGAL nos centros aos novos requisitos normativos.
- ♦ Nas ensinanzas de persoas adultas configuráronse novos plans conforme á Orde do 2 de outubro de 2024.

- ♦ En Formación Profesional implantáronse os segundos cursos dos ciclos de Graos D e E, e incorporouse como centro usuario a Escola de Cantería de Poio.
- ♦ No eido técnico realizouse unha auditoría de seguridade (pentesting) e mellorouse a comunicación con Ciclos Admisión.

Na **aplicación Admisión Alumnado (ADALE)** a principal novidade de 2025 foi o desenvolvemento e publicación do servizo de "matrícula en liña", que permite cubrir e presentar telematicamente a solicitude de matrícula por parte das familias.

Na **admisión a ensinanzas artísticas** destaca a automatización da xestión do acceso aos Graos Superiores das Ensinanzas Profesionais de Artes Plásticas e Deseño, que anteriormente se realizaba fóra do sistema.

**Ciclosprobas**, é a aplicación que xestiona o proceso de acceso a ciclos medios e superiores. Neste ano, creáronse novas pantallas de estado de solicitudes de cara ao que o alumnado puidese consultar o mesmo e presentar reclamacións dende a propia aplicación.

**Ciclosadmisión (CICADM)** é a aplicación que xestiona os procedementos administrativos relacionados coa solicitude de praza en ciclos formativos e a adxudicación das mesmas, así como a xestión das bolsas “Retorna”.

Entre as melloras deste ano cabe destacar:

- ◆ Adaptación das pantallas dos distintos procesos a dispositivos móbiles e a implementación da matrícula online.
- ◆ Creación de novas pantallas para a xestión de convenios, adxudicación continuada de FP Básica e visualización dos datos dos listados en proba libre.
- ◆ Renovouse o proceso de alta de solicitudes así como varios aspectos técnicos respecto a elección dos servidores de informes.

Por outra banda, **abalarMóbil**, a app de comunicación coas familias, ao longo do 2025 experimentou un notable crecemento no número de persoas usuarias, cun incremento aproximado de 46.000 novos usuarios, superando os 536.000 usuarios activos. Este aumento consolida a aplicación como unha das principais canles de comunicación entre os centros educativos e as familias.

Durante o exercicio levouse a cabo:

- ◆ Unha renovación significativa da aplicación, destacando as melloras na funcionalidade de mensaxería, que permitiron ampliar a interacción entre o profesorado das especialidades de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) e as persoas responsables do alumnado, favorecendo unha comunicación máis directa e específica.
- ◆ Ampliáronse as opcións de xestión das notificacións, incorporando a posibilidade de escoller entre distintos canais —notificacións push ou mensaxes de correo electrónico—.
- ◆ Integrouse o envío de notificacións procedentes da aplicación de ProtocolosEducativos a través de abalarMóbil, reforzando o seu papel como ferramenta central de comunicación e información no ámbito educativo.

No **sistema de xestión de probas de diagnóstico (AVALIA)**, xestionouse a nova convocatoria cun piloto estendido de participación en liña.

## CENTROS EDUCATIVOS (CENEDU)

Na aplicación de centros educativos a mellora implementada este ano foi a de permitir a edición de áreas de influencia con SIX, dentro da propia aplicación.

**Sistema de información de Inspección Educativa (XIE):**

- ◆ Incorporouse información sobre actuacións pendentes e realizadas polo corpo de inspección noutras aplicacións.
- ◆ Creouse un apartado cunha guía de acompañamento de atención á diversidade realizado polo grupo técnico.
- ◆ Fixéronse tamén adaptacións en actividades e informes propostas polo servizo de inspección.
- ◆ Adaptouse a aplicación para a dotación extraordinaria de profesorado, desenvolveuse un sistema de temporalización dos plans provinciais, así como tamén se creou un apartado de recompilación de información de alumnado NEE/NEAE así como outro para a recompilación de información de profesorado).

**Sistema de homologación e validación de estudos estranxeiros (HOVAES):** Rematouse a migración CONVA e implementouse un desenvolvemento que permite integrar notificación con dous documentos distintos.

**Plataforma de educación a distancia (EDEDU):** rematouse a integración e automatización do Banco de recursos sobre a plataforma e actualizouse á versión 4.5 LTS antes do cambio de curso académico.

**Sistema de información de xestión dos Títulos Educativos:** Adaptáronse os SETS das ensinanza de réxime especial, adaptouse o aplicativo para a nova FP e incorporouse o dobre título de bacharelato na aplicación.

**Aplicación para a formación en centros de traballo (FCT):**

- ◆ Fixéronse as adaptacións necesarias para dar soporte á nova FP e ás prácticas en empresas das Ensinanzas Artísticas de Réxime Especial.
- ◆ Melloras importantes na xestión das altas na Seguridade Social, para mellorar a rapidez das consultas

**Sistema de Acreditación de Competencias Profesionais (ACREDITACION):** xestiona o procedemento de Inscripción no proceso de avaliación e acreditación de las competencias profesionais. Este ano rematouse de desenvolver as funcionalidades para os procesos de acreditación masivo e desenvolveuse o servizo de conexión da aplicación coa Consellería para emitir os Certificados de Profesionalidade, entre outras medidas.

## PROENS (PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E AUTONOMÍA PEDAGÓXICA)

Durante este ano:

- ◆ Desenvolveuse o novo módulo de programación para FP (LOOIFP).
- ◆ Implementouse a “programación de empresa”.
- ◆ Iniciouse a evolución cara á elaboración do PEC e do PXA.

**DOTACIÓN DE CENTROS:** adaptouse o catálogo aos novos ciclos da FP (LOOIFP) e avanzouse na categorización de tipos de centro e material para unha futura asignación automatizada de equipamento.

**INVENTARIO:** Durante este ano refactorizouse o panel de control para o equipo de soporte, mellorouse a delegación de permisos nos centros e reforzouse a integridade dos datos.

**ALMACEN/ALMACENTIC:** Completouse o procedemento de saída por ordes de distribución e incorporouse a funcionalidade de devolución de artigos, con reintegro automático no stock e xeración dunha acta de devolución cos números de serie.

## Sistemas de información de xestión de persoal e procedementos administrativos

Durante o ano 2025 continuouse coa evolución dos sistemas de información orientados á xestión do persoal docente e dos principais procedementos administrativos asociados, incorporando melloras funcionais, automatización de procesos e reforzo das capacidades de xestión e análise para os distintos servizos.

**Sistema de Información de Xestión dos Procedementos Selectivos (OPOEDU):** desenvolvéronse importantes melloras tanto na vertente de tramitación para os opositores como na explotación da información por parte dos servizos de persoal. Entre as que destacan:

- ◆ A incorporación de novas quendas para persoas con discapacidade intelectual, incluíndo a verificación da documentación a través de Pasaxe.
- ◆ Actualización dos estados dos expedientes na Sede Electrónica e incorporáronse funcionalidades para a creación e xestión de listaxes dinámicas.
- ◆ Implantáronse novas validacións automáticas na admisión de solicitudes.

**Na aplicación de comedores escolares COMEDORES:** Este ano, alcanzouse a xestión de 431 comedores en centros escolares de toda Galiza con un total de 61.986

usuarios. Como novidade, implantouse unha mellora clave no proceso de comprobacións de renda que pasou a executarse de forma automatizada.

## Sistema de Información de Xestión dos Datos Persoais e Expediente Electrónico dos Docentes (DPEDU):

- ◆ Avanzouse na automatización e control da información do expediente electrónico do profesorado.
- ◆ Desenvolveuse a funcionalidade necesaria para permitir a apertura permanente da convocatoria de recoñecemento de formación, aínda que non foi posta en produción por decisión funcional.
- ◆ Incorporáronse novas validacións automáticas na actualización de méritos.
- ◆ Mellorouse tamén a información dispoñible para as comisións de baremación e prestouse soporte aos servizos de persoal en todas as convocatorias.

**Sistema de Información de Xestión de Substitucións (SUBEDU):** iniciouse o desenvolvemento dun novo módulo de chamamentos automatizados a persoal substituto e incorporáronse melloras nas notificacións automáticas mediante NOTIFICA. A isto únense outras melloras funcionais no sistema.

**Sistema de Información de Xestión de Persoal docente (PERDOC):** Introducíronse melloras orientadas á descentralización e automatización da xestión, melloras no servizo de informes e modificouse o servizo de consulta de antecedentes penais.

**Sistema de Información de Xestión Formación do Profesorado (FPROFE):** unha das principais melloras introducidas foi a modificación do modelo de catalogación das actividades formativas, que pasaron a clasificarse en función de indicadores de aprendizaxe, en substitución do modelo anterior baseado en competencias profesionais. Outras novidades foron:

- ◆ Nova funcionalidade que permite unificar nunha única actividade a participación dun docente nun mesmo programa, facilitando a súa xestión e certificación. Para iso foi necesario implementar certas melloras funcionais no sistema.
- ◆ Ampliación da xestión de itinerarios formativos ao conxunto de actividades (máis alá das actividades PFFP).
- ◆ Avanzouse na mellora das ferramentas de consulta e explotación da información.

**Sistema de Información de Xestión dos Concursos de Traslados (CXTEDU):** desenvolvéronse diversas melloras destinadas a optimizar a xestión e reducir erros na tramitación das solicitudes. Destaca a incorporación



de listaxes dinámicas e novas ferramentas de validación, que facilitan o traballo dos servizos funcionais.

**Sistema de Información de Xestión do Procedemento de Adxudicación de Destinos Provisionais (CADP):**

Durante o ano 2025 acometéronse actuacións relevantes orientadas á mellora da xestión das adxudicacións. Incorporáronse os cambios necesarios para dar cobertura á nova quenda de persoas con discapacidade intelectual e introducíronse novos controis na xestión de solicitudes de comisións de saúde e renuncias.

**Sistema de información de protocolos de actuación en centros (Protocoloseducativos):**

implementouse o protocolo de absentismo (pendente de pilotaxe), revisouse unha primeira versión do protocolo de reclamacións e iniciouse unha primeira parte para comunicación de protocolos desde a propia aplicación.

**Sistema de Información de Xestión de Persoal de Centros (PERCEN):**

desenvolveuse a funcionalidade necesaria para incorporar o estado de “pendente de validación” das vacantes introducidas polos centros, permitindo o seu control por parte da inspección. Tamén se habilitou a carga masiva de titorías e mellorouse o buscador de persoas.

**Sistema de Información de Xestión do Catálogo de Primaria (UPTCENTROS):**

Durante 2025, entre outras novidades, avanzouse na evolución do sistema de xestión do catálogo de primaria, modificouse a configuración para permitir o cálculo de unidades mixtas agrupando por ciclos e desenvolvéronse novas funcionalidades para a xestión de postos compartidos entre centros.

**4.2.4.2. Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, etc.**

**Sistema de Información de Xestión de Programas Educativos (PROGRAMASEDUCATIVOS):**

Durante o ano 2025 continuouse coa evolución do sistema de xestión de programas educativos, incorporando melloras orientadas á simplificación da operativa dos centros e á optimización da xestión dos distintos programas e convocatorias.

**Sistema de Información de Xestión de Programa de Bibliotecas (PROGRAMASBIBLIOTECAS):**

Durante o ano 2025 consolidouse a evolución do sistema de xestión

dos programas de bibliotecas escolares mediante a incorporación de novos módulos e a mellora das funcionalidades existentes, orientadas a optimizar a xestión das convocatorias e facilitar o traballo das asesorías e dos centros. A mediados do exercicio completouse o desenvolvemento dos programas de bolsas e mochilas viaxeiras, iniciándose a súa primeira convocatoria en setembro a través do aplicativo ProgramasBibliotecas.

**Sistema de Información de Xestión do Fondo Solidario de Libros de Texto (FondoLibros):**

Durante o ano 2025, a evolución da aplicación estivo marcada principalmente pola integración do modelo híbrido E-Dixgal, o que implicou a adaptación dos procesos e estruturas de xestión para dar resposta ás novas necesidades funcionais derivadas deste modelo.

**AXUDASLE:**

O aplicativo AxudasLe está a experimentar unha evolución constante na súa operativa e mentres que en 2025 se estableceu a obrigatoriedade da presentación electrónica a través do propio aplicativo, para 2026 está prevista que a presentación realizárase directamente na Sede Electrónica, con recepción posterior dos datos en AxudasLe para o seu procesamento.

**4.2.4.3. Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario**

**NERTA:**

No ano 2025, resolvéronse as convocatorias de acceso a universidade PAU, nas que preto de 16.000 participantes matriculados realizaron 90.700 exames. Realizáronse melloras constantes tanto na xestión da información na aplicación, nos procesos de validación e acreditación das cualificacións así como a nivel de usabilidade.

O procedemento de admisión ó Sistema Universitario de Galicia rematou con 11.880 persoas matriculadas.

**ANEAE.**

Na aplicación ANEAE púxose en produción a xestión de solicitudes para o equipo EOE e realizouse a integración das adaptacións curriculares das programacións rexistradas en PROENS para poder incluílas nas solicitudes de adaptacións. Por último, agora as adaptacións curriculares acompañan o alumno ao longo do seu período de estudo permitindo ter a información no centro onde está matriculado.



## SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS EN CIFRAS

### Política social




Preto de **12.000 resolucións** de recoñecemento do grado de discapacidade.

+ **20.000 informes** de condicións de saúde obtidos directamente de Sergas.

**10 concellos** nos que se pon en marcha a nova aplicación do ecosistema de HSUE que renova o SIUSSGAL nos servizos sociais comunitarios municipais.

**55% porcentaxe de residentes con estancia activa do Censo de Residentes** dos que se integran os seus datos co Servizo Galego de Saúde.

### Xestión dixital das políticas de emprego



## Xestión dixital da vivenda



- **Número de solicitudes tramitadas nos programas de axuda ao alugueiro (aplicación IGVSAL):**
- **VI482E** (Inicial): **7.804 solicitudes tramitadas.**
- **VI483D** (1ª Prórroga): **3.678.**
- **VI483B** (2ª Prórroga): **986.**
- **VI436A** - depósito de fianzas de arrendamento e **VI436B** - cancelación de fianzas de arrendamento: tramitáronse **50.777 solicitudes de fianza**, con **47.717 depósitos**, e **37.826 cancelacións de fianzas** na aplicación PROFIA.
- **VI406E** - programa de axudas para a mellora da eficiencia enerxética en vivendas: **1.614 expedientes solicitados** e **774 expedientes concedidos** (774 inmobles).
- **VI408** - programas de rexeneración e renovación no ámbito das ARIs (Áreas de Rehabilitación Integral):
- **VI408O** – **175 expedientes solicitados**, **121 cualificados** (216 inmobles).
- **VI408P** – **228 expedientes solicitados**, **203 cualificados** (481 inmobles).
- **VI408Q** – **100 expedientes solicitados** e **98 expedientes concedidos** (XESCP inmobles).
- **VI482F** Bono para colectivos vulnerables: **2.138 expedientes solicitados** e **1.373 expedientes concedidos.**
- **VI435B** programa de mellora de Accesibilidade en edificios e vivendas: **1.654 expedientes solicitados** e **242 expedientes concedidos** (1.809 inmobles).
- **PLAVIS: Rexistro de demandantes:**  
Novos usuarios cidadáns: 13.040; Presentacións descargadas: 20.310; Expedientes de inscrición: 14.524, dos cales aprobáronse 12.074. Expedientes de actualización: 1302, dos cales se aprobaron 1.224. Expedientes de renovación: 1.742, dos cales se aprobaron 1.498.
- **Xestión patrimonial:** 39 usuarios xestores. Estudos económicos realizados: 89, todos en réxime de alquiler. Adxudicacións realizadas: 212 Documentos electrónicos firmados a través de portasinaturas: 175.
- **IGVMVA:** **1.103 expedientes** e **595 concesións realizadas** en 2025.
- Rexistro de informes de avaliación de edificios (**REGIAE**): **981 informes presentados**, **4.776 inscricións realizadas**, **34.719 vivendas dos informes inscritas**, **5.108 locais dos informes inscritos.**
- Xestión do envío de correos e SMS (**IGVSEC**): 9.214 correos enviados e 16.427 SMS.
- Xestión de recibos de IBI (**IBIGVS**): 5.122 recibos IBI xestionados.
- Punto **neutro** (IGVISIS): Número presentacións: 15.967. Número presentacións posteriores: 56.359.

## Xestión dixital da educación

**ADALE:** 52.560 solicitudes de reserva e admisión e 5.562 matriculas telemáticas.

**PROENS FP LOOIFP:** 20.747 programacións de aula e 4.761 programacións de empresa.

**431 comedores** xestionados e **61.986 usuarios** rexistrados.

**FPROFE:** 127.114 certificados de formación emitidos.

**NERTA:** 16.000 matriculados na PAU e 90.700 exames realizados na PAU.

**abalarMóbil:** 545.855 persoas rexistradas das que **317.686** considéranse activas. 49.152.760 accesos rexistrados, 407.733 mensaxes SMS enviadas, 3.225.403 correos electrónicos enviados, 7.856.060 notificacións push remitidas.

**PROENS LOMLOE** xestionou un total de **99.465** programacións didácticas, 560 concrecións curriculares e 36.129 Adaptacións Curriculares Individualizadas (ACIs).





## Servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria



- No 2025 o Rexistro Unificado Empresarial (RUE) xestionou 106 procedementos administrativos; 97.080 novos expedientes xestionados.
- 85.256 boletíns dilixenciados de forma automática e 942.601 documentos xestionados e clasificados.
- O RUE xestiona case 700.000 entidades de diferentes rexistros administrativos, 81.291 delas creadas en 2025.

## Xestión dixital do medio ambiente e o territorio



- **LICAPE:** Expedíronse no 2025 42.701 licenzas de caza e 42.254 licenzas de pesca fluvial.
- **XESCOP:** Tramitáronse no 2025 918 solicitudes do procedemento MT807B e 763 solicitudes do procedemento MT807C para os sorteos de permisos en cotos de pesca (individual e grupo respectivamente).
- **XILAX:** Tramitáronse 3.778 expedientes de axudas e 6.831 avisos.
- **REGIAC:** rexistráronse 72.253 animais no 2025.
- **PAACI:** Déronse de alta 10 Plans de Ordenación Quinquenais de Caza a través do procedemento MT720B e 484 Plans de Ordenación Anuais a través do procedemento MT720A.
- **LMPREA:** Tramitáronse 46 expedientes.
- **1.446 expedientes** foron dados de alta no 2025 pola APLU no novo tramitador.
- **354 expedientes** tramitados en IURIS2 en 2025.
- **1.682 documentos** asinados de xeito desatendido en SINDOC no 2025
- **AREOSO:** 11.746 autorizacións de acceso emitidas no ano 2025.
- **ILLASR:** 273.837 autorizacións de acceso emitidas no 2025 para as Illas Cíes e 131.892 para as Ons.
- **MONATR:** 270.279 visitas xestionadas para a praia das Catedrais.
- **Aplicación móbil de Parques Naturais:** 2.062 descargas en Android e iOS.
- **Máis de 1.900.000 de usuarios activos** do portal de Meteogalicia, 15 millóns de sesións e 46 millóns de páxinas vistas do portal no 2025.
- **+60.000 descargas da app móbil** de Meteogalicia no 2025, con preto de 200.000 usuarios activos na aplicación.

## Xestión dixital do transporte e das infraestruturas

As viaxes bonificadas coa **tarifa +65** ascenderon a máis de 3,75 millóns incrementándose máis do 19% respecto ao ano anterior.

O número de **tarxetas Xente Nova** ascende a case 132.000 tarxetas, un 4,47% máis que en 2024.

No ano 2025, pagáronse coa **tarxeta TMG ou Xente Nova** case 23 millóns de billetes, un 4,92% máis que no ano 2024.

Máis de **75.000 persoas** se beneficiaron dos descontos da tarifa específica +65 en máis de 3 millóns de desprazamentos o que supuxo un aforro a este colectivo de 2,41

Posta en produción da aplicación EXOPA para o control e mantemento das **obras de paso e noiros** situados nas estradas titularidade da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

Posta en produción do sistema de información para a **tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto** (XEXPRO) para o Xurado de Expropiación de Galicia (XEG).

## Xestión dixital do sector primario

- **Ordenación Forestal:** máis de 1.350.000Ha de superficie ordenada, 198.075 instrumentos de ordenación, 195.252 instrumentos en trámite e 183.781 instrumentos autorizados/validados.
- **INAFOR** incorpora un total de 1.252.522 fincas (incremento de 235.062), 2.376 instrumentos de ordenación, 189.217 adhesións a un modelo silvícola (e un total de 240.506 actuacións. Todos estes datos foron incorporados con orixe desde 7 aplicacións ou sistemas diferenciados.
- **Rexistro de montes:** 3.656 montes, 715.838 superficie xestionada, 1.354 o número de elencos, 214.338 de superficie de elencos e 3.766 o número de pertenzas.
- **Rexistro galego de materiais:** 516 unidades de admisión, 221 provedores e 187 certificados patrón. Xestión económica: 8.721.033 euros de importe adxudicado e 4.514.858 euros de importe certificado.
- **Cortas de madeira:** 338.702 solicitudes de corta de madeira xestionadas (29,5% solicitudes de autorización e 59,5% declaracións responsábeis) a través do sistema CORWEB-CORPRI cun incremento do 36% respecto do ano anterior. Tamén un incremento anual dun 13,11% de usuarios externos ata acadar os 31.400 usuarios.
- **Cortas públicas:** 335 expedientes, 102 procedementos xestionados, 158 ofertas presentadas con Sobre Electrónico, 13.316.951 euros de importe adxudicado e 785.325,28 de volume adxudicado.
- **Sanidade forestal:** 1.849 unidades de intervención e 5.439 actuacións.
- **Plataforma Tecnolóxica da Pesca:** 2,7 millóns de notas de primeira venda de pesca fresca (en particular 2.688.765 npv) e 282.218 documentos telemáticos, con máis de 9.000 usuarios rexistrados (9.521 usuarios activos).
- **Sistema de modernización de lonxas SISCOT** (comercialización): 1,2 millóns de lotes xestionados, cun volume total comercializado de máis de 18 mil toneladas de peixes e mariscos cunha facturación total en primeira venda de 80 millóns de euros. 11.260 poxas realizadas e 60.460 ofertas de compra recibidas.
- **Sistema de modernización de lonxas XESLON** (xestión): 1.504.169 notas de venda procesadas, 41.411 clientes e 36.992 provedores xestionados no sistema. Facturación a clientes de lonxa: 92,4 millóns €. Facturación a provedores de lonxa: 81,8 millóns €.
- **LONXAS GALEGAS 4.0:** 53 lonxas e centros de venda e 67 confrarías (pendente finalización últimas implantacións 1T2026).



## Xestión dos incendios forestais



## Xestión da biomasa



## Axudas

### Convenios e adendas xestionadas coas entidades locais

|              |                                 |
|--------------|---------------------------------|
| 328          | Convenios xestionados           |
| 13.559.225 € | Importe comprometido            |
| 4.022.531 €  | Importe pagado (Fondos Propios) |
| 5.112.588 €  | Importe pagado (Feader)         |

### Fomento Forestal (2025)

|              |                     |
|--------------|---------------------|
| 2.133        | Expedientes creados |
| 18.962.010 € | Importe resolto     |
| 9.600.967 €  | Importe certificado |
| 13.432.436 € | Importe pagado      |



## Xestión agro/gandeira



### Campañas saneamento:

- Actuacións: 22.458
- Mostros xestionados: 763.042



### AGSG

- Actuacións: 103.251
- Mostros xestionados: 493.015



### Saneamento gandeiro

- Actuacións xestionadas: 162.915
- Mostros xestionados: 1.632.471



### Vacunación

- Actuacións: 32.443
- Vacinas xestionadas: 371.062



### Matadoiros

- Actuacións: 4.785
- Mostros xestionados: 3.352
- Sacrificios realizados: 1.652
- Sacrificios de animais de especie porcina: 248
- Sacrificios de animais de especie ovina: 601
- Sacrificios de animais de especie caprina: 302



### Sanidade Animal

- Mostros analizadas: 684.774
- Mostros con entrada telemática: 605.810



### Rendemento Leiteiro

- Número de explotacións activas: 2.172
- Número de controis realizados: 1.942.094
- Mostros analizadas: 684.774
- Mostros con entrada telemática: 605.810



### Contabilidade vitivinícola

- Documentos de acompañamento emitidos: 936
- Libros de rodeteo de entradas e saídas creados (2025): 186
- Libros de prácticas enológicas (2025): 74
- Novas plantas adheridas para a levaras dos libros de control (2025): 13 (actualmente 161)



### Explotacións Agrarias

- Modificacións rexistradas de explotacións agrícolas: 242.000
- Modificacións rexistradas de explotacións agrícolas: 242.000
- Declaracións de cultivo recollidas: 18.000





### Procesos e labores de control e certificación da calidade diferenciada (AGACER)

|     |                                                    |
|-----|----------------------------------------------------|
| 849 | Solicitudes tramitadas de operadores das DOP e IXP |
| 459 | Solicitudes de persoas e empresas artesás          |
| 24  | Información xestionada: DOP e IXP                  |
| 745 | Información xestionada: Operadores                 |
| 21  | Auditorías xestionadas (2025): DOP e IXPs          |
| 73  | Auditorías xestionadas (2025): Artesanía           |

### Xestión de axudas

|             |                                                      |
|-------------|------------------------------------------------------|
| 736         | Solicitudes tramitadas en AXIPRO (2025)              |
| 184.025 €   | Importe de fondos manexados en AXIPRO                |
| 253         | Solicitudes tramitadas en AXUTT (2022-2025)          |
| 1.358.286 € | Importe de fondos concedidos en AXUTT: MR331A (2022) |
| 2.418.153 € | Importe de fondos concedidos en AXUTT: MR331B (2024) |
| 1.966.466 € | Importe de fondos concedidos en AXUTT: AC (2025)     |
| 3           | Liñas de axuda implantadas en AXUTF                  |
| 400         | Expedientes activos en AXUTF                         |

### Formación Agroforestal

|       |                                               |
|-------|-----------------------------------------------|
| 4.168 | Entidades Rexistradas                         |
| 273   | Cursos Realizados (2025)                      |
| 952   | Benestar animal. Certificados Emitidos (2025) |
| 7.061 | Carnés emitidos (2025)                        |



#### Procedementos e instrumentos

- Aídeas modelo: 21
- Polígonos agroforestais: iniciativa pública: 26
- Investigación de titularidade: 4
- Permutas de especial interese agrario: 1
- Expediente do procedemento MR709B: 1



#### Banco de Terras de Galicia:

- Número de parcelas xestionadas: 16.654
- Hectáreas xestionadas: 6.117
- Número de arrendamentos xestionados: 3.517



#### Concentración parcelaria

- Zonas de concentración: 89
- Zonas en fase de bases: 13
- Zonas en fase de acordo: 38
- Fincas cargadas: 22.505
- Titulares afectados: 81.794



#### Xestión das axudas baixo a metodoloxía LEADER

- Submedida 19.2: 2.001 solicitudes
- Submedida 19.4: 664 solicitudes



#### Mapa de usos agroforestais de Galicia

- Número de parcelas xestionadas: aproximadamente 20.000.000



- **338.702 solicitudes de corta de madeira xestionadas (29,54% solicitudes de autorización e 59,51% declaracións responsábeis)** a través do sistema **CORWEB-CORPRI**. No tocante aos usuarios rexistrouse un incremento do 13% ata os **31.400 usuarios**.
- **+163.169 informes internos** xestionados no sistema **CORPRI** coa a autorización de **93.000 cortas de madeira**.
- **Rexistro de montes:** 3.656 montes, 715.838 Ha de superficie xestionada, 1.354 elencos e 214.338 Ha de superficie de elencos e 3.766 o número de pertenzas.  
Ao fin de **2025, INAFOR** incorpora un total de **1.252.522 fincas** (incremento de **235.062**), **2.376 instrumentos de ordenación** (incremento de **90**), **189.217 adhesións a un modelo silvícola** (incremento de **36.581**) e un total de **240.506** actuacións. Todos estes datos foron incorporados con orixe desde **7 aplicacións** ou sistemas diferenciados.
- En **XORFOR** creáronse **198.075 novos instrumento** sendo actualmente a superficie ordenada de **1.350.000 ha**.
- **Plataforma Tecnolóxica da Pesca:** 2,7 millóns de notas de primeira venda de pesca fresca (en particular 2.688.765 npv) e 282.218 documentos telemáticos, con máis de 9.000 usuarios rexistrados (9.521 usuarios activos).
- **Rexistro de Buques de Galicia:** 5.403 buques con porto base en Galicia (4.125 buques pesqueiros e 1.278 buques auxiliares de pesca e acuicultura). 2.684 expedientes xestionados.
- **Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA):** No ano 2025 xestionáronse 59 convocatorias a través da aplicación en 33 liñas de axudas diferentes, con 6.750 expedientes e máis de 428.000 documentos asociados (58% documentación de entrada procedente de REXEL/Sede, 22% documentación obtida por consultas aos diferentes servizos integrados (Pasaxe!, PTP...) e 20% xerados directamente no sistema.
- **Formación pesqueira:** 5.150 solicitudes de matriculación, 6.133 títulos e 2.837 prácticas xestionadas.
- **Rexistro de Acuicultura:** 4.937 establecementos, con máis de 17.800 expedientes administrativos tramitados no sistema (3.991 xestionados no ano 2025), referente aos 20 procedementos existentes nese eido.
- **Rexistro de Acuicultura:** 4.937 establecementos, con máis de 17.800 expedientes administrativos tramitados no sistema (3.991 xestionados no ano 2025), referente aos 20 procedementos existentes nese eido.
- **Eleccións a confrarías:** xestión de 10.061 membros das 63 confrarías de pescadores existentes en Galicia.
- **Marisqueo a pé:** 3.091 renovacións de expedientes de permisos de marisqueo a pé.
- **Sistema de modernización de lonxas SISCOM (comercialización):** 1,2 millóns de lotes xestionados, cun volume total comercializado de máis de 18 mil toneladas de peixes e mariscos cunha facturación total en primeira venda de 80 millóns de euros. 11.260 poxas realizadas e 60.460 ofertas de compra recibidas
- **Sistema de modernización de lonxas XESLON (xestión):** 1.504.169 notas de venda procesadas, 41.411 clientes e 36.992 provedores xestionados no sistema. Facturación a clientes de lonxa: 92,4 millóns €. Facturación a provedores de lonxa: 81,8 millóns €.
- Consolidado o proxecto **LONXAS GALEGAS 4.0** ata acadar as 53 lonxas e centros de venda e 67 confrarías (pendente finalización últimas implantacións 1T2026)

## Coordinación interna da administración pública

- ◆ Finalización da implantación do novo sistema de Comisión e Consello en todas as Consellerías.
- ◆ Inicio do desenvolvemento do novo sistema de xestión de recursos humanos da administración de Xustiza en Galicia no marco do PRTR.
- ◆ Posta en marcha de Chave365 para non residentes no ámbito dos galegos no exterior para convocatorias da SX de Emigración.

## 4.2.5. Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias

### 4.2.5.1. Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia

No ano 2025, completouse a funcionalidade do módulo de control de transportes especiais da **aplicación EXOPA** para o control e mantemento das obras de paso e noiros situados nas estradas titularidade da **Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)**. Este módulo permite comprobar a capacidade estrutural das obras de paso e verificar o gálibo dispoñible a longo do itinerario dun transporte especial. Realizáronse tamén outros evolutivos menores como: servizos SIX para actualización da capa de estradas, melloras nas fichas ou actualizacións tecnolóxicas de compoñentes transversais. Para continuar evolucionando a aplicación EXOPA, licitouse un novo contrato, cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027, para dotar de novas funcionalidades ao módulo de obras de paso e para incluír o rexistro e xestión de noiros.

No **sistema de información para a tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto (XEXPRO)** para o Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) deuse soporte aos usuarios finais e realizouse o mantemento evolutivo e correctivo da aplicación. Entre os desenvolvementos realizados destacan: a elaboración da memoria de tramitación anual, melloras nas integracións con compoñentes transversais e facilitar aos usuarios maior flexibilidade e autonomía na tramitación de pezas, recursos e contenciosos.

No **sistema de información para a tramitación de expropiacións (SITEX)** deuse soporte aos usuarios de negocio e implantáronse novas funcionalidades como: historificación de táboas para reducir os tempos de consulta, integración con portasinaturas e xestión de asinantes e implementación dunha máquina de estados dos expedientes e documentos. Por último, durante o ano 2025 completouse a migración de expedientes de expropiacións antigos a SITEX, incorporándose máis de 150.000 fincas e máis de 180.000 titulares.

No **sistema de xestión de actuacións e expedientes da AXI (XESTA)** completouse a integración con Notific@ e realizáronse melloras na tramitación de expedientes e na xeración oficios e listados. Os principais esforzos destináronse no desenvolvemento da integración de XESTA con Plation, aplicación corporativa para a tramitación e xestión de contratos públicos da Xunta de Galicia. A AXI adxudicou no ano 2025 un **contrato para a dixitalización de estudos e proxectos do arquivo da Axencia Galega de Infraestruturas**, de clave GA/24/141.09. Para este proxecto, denominado

CEPRAE, a Amtega aprovisionou a infraestrutura base necesaria para o despregue da solución técnica ofertada, FulcroMD, na modalidade IaaS. Este proxecto únese aos xa existente CEARAE (dixitalización de autorizacións na RAEGA). En outubro, puxéronse en servizo os **novos contratos das sete zonas conservación de estradas de Galicia**.

Por último, realizouse o soporte e **desenvolvementos** menores noutras **aplicacións como CEERAE** (consulta dos expedientes dixitalizados de expropiacións da rede autonómica de estradas de Galicia).

### 4.2.5.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información de xestión do transporte público

Durante o ano 2025, leváronse a cabo tarefas de operación do servizo, a elaboración de informes a medida e de monitorización do **procesamento de colectas no SITME** (Sistema de Información do Transporte Metropolitano).

No ámbito do SITME, implantouse o **novo formato de colecta v7**, que incorpora as operacións validadas mediante QR do **proxecto QR Xente Nova**. Así mesmo, implantouse o novo mestre 6.1 de oferta, que integra os cambios na oferta de transporte derivadas dos festivos locais e dos días de libre disposición dos centros escolares.

Igualmente, xestionáronse as **bonificacións aos usuarios da tarxeta Xente Nova, tarifa +65** e os **demais colectivos** que se benefician de políticas sociais no transporte, cálculo da recorrencia interurbana e metropolitana, soporte aos convenios de Barbadás, Pontevedra, Ribeira e Santa Cristina, a elaboración de informes derivados dos servizos de interese municipal (SIMU) de Ames, Arteixo, Cambre, Ceredo-Cotobade, Culleredo, A Illa de Arousa, Nigrán, Sanxenxo, Teo e Tordoia.

Por último, proporcionouse soporte e mantemento evolutivo da **aplicación de xestión do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (SGAMP)**, dirixido a persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia, incorporando melloras na xestión de esqueletos e solicitudes. Así mesmo, completouse a migración da aplicación a unha nova infraestrutura como servizo (IaaS) da AMTEGA. Ademais, levouse a cabo a carga dos datos necesarios —empresas, vehículos, condutores, acompañantes, entre outros— para a posta en marcha dos sete novos lotes o día 17 de marzo de 2025, no marco do expediente de contratación 9/2024 da Dirección Xeral de Mobilidade.

#### 4.2.5.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información para a xestión das inspeccións e sancións en materia de transporte

Realizouse o mantemento evolutivo da **aplicación de xestión de expedientes sancionadores en materia de transporte** (IURIST e IURIST\_WS). Entre os principais desenvolvementos destacan: a automatización da carga de pagamentos en vía executiva, a eliminación das dependencias con Internet Explorer para a descarga e edición de plantillas e a finalización da integración coa aplicación NSGE de tramitación de sancións do Ministerio.

No sistema integral para a dixitalización dos labores de inspección en materia de transporte, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU (P\_INSPEC) púxose en explotación a primeira versión operativa da aplicación que permite a tramitación electrónica dos requirimentos ás empresas de transporte. Durante o ano 2025, desenvóléronse, ademais dos requirimentos empresariais, as inspeccións in situ de transporte regular de viaxeiros (planificación,

realización do control dende oficina, control dende a tablet coa APP e análise automática de infraccións).

#### 4.2.5.4. Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións

Durante o ano 2025, integráronse en Tramit@ catro novos procedementos e realizouse o mantemento evolutivo e o soporte dos procedementos de autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas dos que se iniciaron máis de 6.000 expedientes no ano 2025.

Por último, realizouse o mantemento evolutivo e soporte do sistema de xestión e tramitación de expedientes de reclamación á **Xunta Arbitral de Transportes (XARBIT)**, da plataforma de formación para a **certificación de profesionais do transporte (CERTRA)**, do sistema para o pago de taxas por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público viario (**ODOPU2**) e do rexistro de **licenzas e autorizacións interurbanas de taxi (RTAXI)**.

### 4.2.6. Medidas para a xestión do Medio Ambiente e do Territorio

#### 4.2.6.1. Evolucionar os sistemas de información meteorolóxica, calidade ambiental e cambio climático

Os sistemas de información de predición, observación e difusión de información meteorolóxica, calidade ambiental e cambio climático teñen un papel fundamental para a sociedade, debido ás súas implicacións sociais, económicas e ambientais.

Entre as principais actuacións levadas a cabo no 2025 cabe destacar as seguintes:


No ámbito de **Meteogalicia**:

- ◆ Publicación da **nova licitación** para a contratación do servizo de desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento das aplicacións para a difusión á cidadanía da información meteorolóxica de Meteogalicia (Expediente: AMT-2025-0117). Con esta licitación continuarase coa evolución e mellora do portal Web de Meteogalicia (visitado no ano 2025 por máis de 1.900.000 usuarios) e da app móbil, ademais da renovación doutras plataformas relacionadas coa xestión da información meteorolóxica.
- ◆ Continuouse co mantemento do **portal Web de Meteogalicia**. Desenvolveuse un sistema configurable para a comunicación de avisos,

melloráronse os anuncios no apartado de calidade do aire, o visor de raios, a información, con novos links a novos documentos no apartado de visitas de formación, o indexado en buscadores das novas páxinas publicadas no proxecto anterior e completáronse as iconas de ceo na lenda. Ademais integrouse o portal coa nova versión do Thredds.

- ◆ Continuouse co mantemento e evolución da **aplicación móbil de Meteogalicia**, que tivo no ano 2025 máis de 60.000 descargas entre as dúas versións dispoñibles (iOS e Android) e máis de 200.000 usuarios. Incluíuse información de mareas e clustering no mapa da sección de praias, o IRDI e UV na sección de concellos, a táboa e gráfica de mareas por horas e a fase lunar actual na sección de mareas e novos parámetros a visualizar na sección de estacións meteorolóxicas. Ademais, realizáronse unha serie de desenvolvementos técnicos para mellorar e manter a usabilidade e seguridade da aplicación: actualizacións no widget, a migración de servizos ao API Manager, a migración do servizo MeteoSix e a incorporación da pantalla de consentimento de cookies.

## Imaxes das seccións concellos, Mareas e Praias:



- ◆ Continuouse co proceso de migración dos sistemas de Meteogalicia á infraestrutura corporativa da AMTEGA, máis avanzada tecnoloxicamente, con maiores prestacións, capacidade, calidade de servizo e seguridade. Acadouse o obxectivo proposto para o 2025 da migración do 40% das aplicacións e do 30% das bases de datos de Meteogalicia relacionadas con: radar, adversos, mareas, predición marítima, raios, alertas, clima e plataformas.
- ◆ Seguiuse dando soporte e evolución ás aplicacións relacionadas coa difusión da información meteorolóxica en Meteogalicia, en particular as relativas á calidade do aire, a predición, a observación, a difusión web ou os servizos SIX.

Por outra banda, tamén se realizaron as seguintes actuacións **nos ámbitos de calidade ambiental e cambio climático**:

- ◆ Mantemento e soporte dos **portais Web relacionados co cambio climático**, como o da Alianza Galega polo Clima, que xa conta con 256 entidades adheridas, ou o do Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, con 287 concellos rexistrados.
- ◆ Mantemento e soporte das **aplicacións deste ámbito**.
- ◆ Mantemento e soporte da **tramitación dos procedementos administrativos** neste ámbito xestionados coa aplicación Tramita.
- ◆ Desenvolvemento dunha serie de **formularios** na ferramenta **APUNTA** para o **registro e control das adhesións presentadas polos concellos**

aos diferentes convenios cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor de residuos por parte das entidades locais.

- ◆ Desenvolvemento dun novo apartado **na web de Gaia "Plataforma de economía circular"** co fin de ofrecer asesoramento, formación e recursos tanto a empresas do sector industrial como a concellos, co obxectivo de fomentar a reutilización de recursos, reducir os residuos e promover un uso sostible dos materiais.
- ◆ Desenvolvemento dun novo apartado **na web de Gaia "Pacto circular da moda"** co fin de transformar o sector téxtil e da moda en Galicia, promovendo a sostibilidade, a economía circular e a innovación.

### 4.2.6.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo

Os sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.

No 2025 realizáronse as seguintes actividades:

- ◆ Novas funcionalidades, mantemento e soporte do tramitador de expedientes para a Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística (APLU), integrado coas ferramentas de administración electrónica. Evolutivos relacionados coas notificacións aos interesados,

xestión de expedientes, buscas, avisos e melloras de usabilidade.

- ◆ Evolución da aplicación IURIS2 para a xestión dos pagos por sancións e multas da APLU. Migración tecnolóxica ás novas versións de P\_INFORMES e P\_SCANAV.
- ◆ Mantemento e soporte do portal web da APLU (W\_APLU).
- ◆ Mantemento e soporte do portal web de Territorio e Urbanismo (W\_OTURB).
- ◆ Mantemento e soporte da aplicación de xestión de expedientes urbanísticos (SXEU).
- ◆ Mantemento e soporte da aplicación SINDOC, que permite a sinatura desatendida de documentos urbanísticos. Actualización da integración con XUMCO, migración tecnolóxica ás novas versións de P\_INFORMES e P\_SCANAV. Configuración de novos selos para a utilización da aplicación polo IGVS.

#### 4.2.6.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia.

Os sistemas de información para a xestión da conservación da biodiversidade e para xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia son elementos críticos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.

Durante o ano 2025 destacan as seguintes actividades:

- ◆ Mantemento evolutivo e **soporte do sistema integral para a xestión de permisos en coutos de pesca fluvial con capacidades SIX (XESOP)**, no que se inclúe a tramitación dos procedementos: MT807B, MT807C e MT807K.
- ◆ No 2025 completouse a **xestión de coutos de pesca fluvial no sistema** coa incorporación dos seguintes procedementos: MT807E, MT807H, MT807I, MT807J, MT807G, MT807L, MT808A, MT723A.
- ◆ Renovación da **Oficina Virtual de Licenzas de Caza e Pesca**, e migración á aplicación interna de XESOP a xestión das licenzas.



- ◆ Mantemento evolutivo e soporte do **sistema de emisión e renovación de licenzas de caza e pesca fluvial de Galicia (LICAPE)**. Continuouse coas melloras de proactividade na expedición de licenzas: modificacións na expedición de licenzas gratuítas para discapacitados e expedición de licenzas sen caducidade para maiores de 65 anos. Integración coa aplicación móbil XuntaEU. Migración Tecnolóxica.
- ◆ Mantemento evolutivo do **portal Web de Pesca Fluvial** en Galicia e incorporación dos contidos de Caza no portal.
- ◆ Mantemento e evolución da **aplicación móbil de pesca fluvial en Galicia**, que permite á cidadanía interesada en participar na actividade de pesca fluvial consultar a información relacionada coa tempada de pesca e xestionar os seus permisos, ademais de consultar a información dos coutos nun mapa SIX.
- ◆ Mantemento evolutivo e soporte dos sistemas seguintes para as convocatorias 2025:
  - ◆ Xestión dos plans de ordenación cinexética (POC) e plans anuais de aproveitamento cinexético (PAAC). Procedementos MT720A e MT720B respectivamente.
  - ◆ Xestión de autorizacións para a pesca de lamprea nas pesqueiras do río Ulla (MT823A) e río Tea (MT823B).
- ◆ Mantemento evolutivo e soporte da **aplicación XILAX**, que permite a xestión dos procedementos:
  - ◆ Xestión de axudas económicas para paliar os danos producidos polo lobo (MT809B).

- ◆ Xestión de axudas económicas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas (MT809E).
- ◆ Xestión de axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo (MT815A).
- ◆ Durante o 2025 continuouse coa implementación da **tramitación das novas axudas** recentemente incorporadas na aplicación:
- ◆ Xestión de axudas económicas para a prevención dos danos que causan as especies silvestres (MT809D).
- ◆ Xestión de axudas económicas aos custos derivados da instalación de valados fixos para a prevención dos danos que poida ocasionar o lobo (MT809F).
- ◆ Xestión de axudas económicas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en ganderías para a prevención dos danos que poida ocasionar o lobo (MT809G).
- ◆ Mantemento evolutivo e soporte do **Rexistro Galego de Identificación de animais de compañía (REGIAC)**. Modificouse o sistema de cumprimentación dos datos de inscrición no rexistro para a integración con sede das presentacións e a aprobación desatendida das mesmas, simplificando o proceso e reducindo a carga de traballo da unidade de forma significativa. Recepción automática e anotación no Rexel das presentacións feitas na Sede, creación de expedientes na carpeta cidadá e mellora do sistema de control de datos na sesión. Migración tecnolóxica.
- ◆ Mantemento e soporte da aplicación para o **Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (REGANUZ)**.
- ◆ Mantemento e evolución do portal do proxecto BIOS (Biodiversidade: Información, Observación, Seguimento), con información sobre algúns dos taxons da flora e da fauna de Galicia, obtida a partir das actividades de inventario, estudo e seguimento da biodiversidade desenvolvidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- ◆ Xestión na aplicación Tramita do procedemento MT812L para a súa tramitación dixital.

#### 4.2.6.4. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia

Os sistemas de información para a xestión, conservación, promoción e difusión de espazos naturais protexidos son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.

No ano 2025 realizáronse as seguintes actuacións no ámbito da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia:

- ◆ Continuouse co mantemento e soporte das aplicacións de **xestión de autorizacións de acceso aos espazos naturais** das Illas Atlánticas (ILLASR), praia das Catedrais (MONATR) e acceso ao illote Areoso (AREOSO) e realizáronse desenvolvementos evolutivos nestas aplicacións para optimizar a xestión e cubrir novas necesidades. Na aplicación ILLASR, mellorouse a xestión da reserva de grupos e a mostra da información, proporcionando maior visibilidade das prazas dispoñibles, ademais doutras melloras na Xestión dos guías de grupos.
- ◆ **Adaptouse a aplicación móbil (ILLASR\_MOBIL)** para a lectura dos QRs das autorizacións con dispositivos Zebra, para un control máis áxil dos accesos ás Illas por parte dos controladores do Parque Nacional.
- ◆ Avanzouse no **desenvolvemento da aplicación para a xestión de autorizacións de fondeo e mergullo** no Parque Nacional de Illas Atlánticas.
- ◆ Continuouse co mantemento e soporte dos portais **Web de Illas Atlánticas, Patrimonio Natural e Reserva da Biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés** e continuouse cos traballos para a renovación do portal de Patrimonio Natural.
- ◆ Ademais seguiuuse co mantemento e soporte da **aplicación móbil de Parques Naturais**, que tivo no 2025 2.062 descargas (Android e iOS).

## 4.2.7. Medidas para a xestión dixital do sector primario

### 4.2.7.1. Impulsar sistemas para a xestión transversal da información no sector agroforestal

No eido do sector agrícola e gandeiro, podemos resaltar dúas tipoloxías principais de actuacións, en función do destinatario dos sistemas: xestión interna y servizos cara ao cidadán/sector.

#### MELLORA E MODERNIZACIÓN NA XESTIÓN INTERNA

Facemos mención ao soporte e mellora de sistemas relevantes como son:

- ◆ **Saneamento gandeiro (sistema FICADI):** No ano 2025 este sistema experimentou unha serie de evolucións orientadas tanto á mellora funcional como á optimización técnica e á integración con outros sistemas. Destaca a adaptación ao crotal electrónico bovino, que mellora a identificación e trazabilidade dos animais, así como as melloras no rexistro de actuacións para reducir erros e inconsistencias.
- ◆ **Rendemento leiteiro (sistema CEGCOL):** A evolución deste sistema no ano 2025 centrouse na mellora da usabilidade, a automatización de procesos e a integración con outros sistemas. Entre os avances máis destacados atópase a posibilidade de realizar baixas múltiples e o traslado de animais entre diferentes REGAS en casos de compras masivas ou fusións.
- ◆ **Xestión de matadoiros:** No ano 2025 incorporouse un novo perfil para o acceso ao sistema de persoal de matadoiros externos e abordouse a integración da información dos sacrificios de gando bovino de matadoiros externos.
- ◆ **Xestión ensaios e mostras de Sanidade e Produción Animal (sistema MARIS):** No ano 2025 este sistema evolucionou cun enfoque de mellora da integración, da usabilidade e da infraestrutura técnica, co obxectivo de ofrecer un servizo máis eficiente e adaptado ás necesidades das persoas usuarias. Un dos aspectos máis destacados foi o axuste da integración co sistema INGAN, o que permitiu mellorar a coherencia e fluidez no intercambio de información entre ambos sistemas.
- ◆ **Produtores e operadores de medios de defensa fitosanitarios (sistema ROPOF):** No ano 2025 deuse soporte e realizáronse diversas xestións relacionadas coa actualización dos datos afectados por la sentenza de Castilla y León.
- ◆ **Produción vexetal (sistema PROVEX):** No ano 2025 leváronse a cabo diversas evolucións orientadas a mellorar o seu funcionamento e adaptalo ás

necesidades operativas. Entre outras medidas, desenvolveuse e integrouse un servizo web para o sistema MATFOR ou a eliminación da validación da referencia SIXPAC na declaración de cultivos cando a provincia non é galega.

#### No ámbito vitícola:

- ◆ No eido do **proxecto PDAGRO**, estase a traballar na análise e desenvolvemento de novas ferramentas de xestión no eido vitícola. Os obxectivos destes traballos son a actualización tecnolóxica e funcional das aplicacións informáticas internas de xestión dotándoas de capacidades xeográficas e de integración con outros sistemas (Rexistro Vitícola e Reestruturación de Viñedo); a automatización e simplificación dos controis de campo; a Integración do Rexistro Vitícola con Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REXAGA), con SIEX e con elementos transversais (como a xestión de inspeccións); a xestión da explotación vitícola por parte do Cidadán e interacción electrónica coa Administración (XEAGA): Consulta do Rexistro Vitícola e xestión da explotación vitícola (elementos, actuación e procedementos en conexión coa xestión do rexistro vitícola); así como impulsar Ferramentas informáticas que permitan tanto ao viticultor como aos xestores de explotacións poder actualizar de maneira alfanumérica e gráfica as explotacións/parcelas vitícolas.

No ano 2025 abordouse neste sistema a definición e implantación dos distintos catálogos necesarios para garantir a consistencia e normalización da información en todos os módulos do sistema.

- ◆ **Rexistro de contabilidade vitivinícola (sistema ACIOS):** No ano 2025 un dos eixos principais da evolución dese sistema foi a adecuación e preparación ao novo marco normativo derivado do Decreto previsto, garantindo que o sistema estea plenamente actualizado e preparado para os cambios regulatorios. Paralelamente, optimizáronse os procedementos asociados aos Documentos de Acompañamento no movemento de produtos vitivinícolas, facendo máis áxil e segura a súa elaboración e xestión.

#### XESTIÓN DE AXUDAS

En relación aos sistemas de información que dan soporte á xestión de liñas de axuda cabe destacar, polo volume e/ou implicacións cara ao sector, os seguintes:

- ◆ **Solicitud única da Política Agraria Común (SGA).** As axudas directas como elemento esencial

de apoio á renda dos agricultores e agricultoras, funcionan como unha rede de seguridade para os seus ingresos. Permiten achegar axudas aos agricultores e agricultoras por aspectos do seu traballo que non remuneran os mercados e que son servizos públicos vitais para a sociedade. No ano 2025, o FEGA continuou traballando na mellora do sistemas, liberando diferentes versións que incorporan as funcionalidades definidas a través nacional a través dos grupos de traballo establecidos a tal efecto (GOC). Cómpre destacar o traballo desenvolvido no 2025, coordinado por distintos grupos de infraestruturas, sistemas e xerencia do medio rural para identificar punto de mellora nas configuracións, recursos dispoñibles e parametrización/configuración de SGA a nivel autonómico, que permita na campaña do 2026 mellorar riscos e situacións de inestabilidade e bloqueo producidos durante a campaña do 2025.


- ◆ **Xestión das axudas para a mellora estrutural das explotacións agrarias (sistema MELLES):** Durante este período, o sistema adaptouse plenamente ás convocatorias de 2024 e 2025, garantindo a cobertura completa de todo o ciclo de vida das axudas: desde a presentación de solicitudes ata as fases de control administrativo, resolución, fiscalización e xustificación, evitando interrupcións e a necesidade de procesos manuais adicionais. Un dos avances máis relevantes foi o reforzo das integracións con sistemas corporativos como REAGA, SICOP, XESGAN, REXPAX e PEPAC, o que permitiu automatizar validacións, mellorar a

calidade dos datos e reducir significativamente os erros.

- ◆ No ano 2025 púxose en funcionamento un novo sistema de información destinado á **xestión integral das axudas no ámbito da apicultura**, tanto no réxime individual como no das cooperativas. Esta ferramenta permite automatizar o tratamento dos datos e abordar de maneira completa todas as fases do procedemento, desde a recepción das solicitudes ata o pagamento aos beneficiarios, incluíndo tamén a xestión da petición de fondos e o envío dos ficheiros de pagamento ao organismo pagador (FOGGA).
- ◆ **Xestión de liñas no eido de explotacións (sistema XEOLA):** No ano 2025 realizáronse diversas adaptación para habilitar e implementar a convocatoria anual.

## XESTIÓN DE GANDARÍA

- ◆ **Sistema de información XESGAN** é un dos proxectos estruturais neste eido, xa que da apoio integral nos principais procesos en relación á xestión da Gandaría, constando dos seguintes módulos principais: SIGAN (sistema de información xeral de gandería), REGAN (rexistro de explotacións gandeiras), INGAN (xestión sanitaria de gandería), SEGAL (xestión da seguridade alimentaria) e MOGAN (rexistro dos movementos de animais de gandería).



No ano 2025 leváronse a cabo distintas actuacións nos diversos módulos que integran o sistema de xestión integral de Gandaría (XESGAN), co fin de seguir avanzando na súa consolidación e mellora global:

- ◆ SIGAN: Incorporación da información dos representantes.
  - ◆ REGAN e INGAN: Integración co módulo de movementos animais.
  - ◆ INGAN: carga da información dos candidatos a veterinario de explotación.
  - ◆ MOGAN: posta en marcha do novo sistema de información, incluíndo a integración cos sistemas SIREGAL e MATGAN e o control de desconexión co servizo web do Ministerio.
- ◆ **Sistema contable do organismo pagador (FOGGA):** é o organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia: Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (Feader).


O sistema de información SICOP é a ferramenta que lle da apoio facilitando a xestión contable. Cómpre resalta que SICOP é un proxecto desenvolvido desde Galicia e compartido a nivel estatal co resto de Comunidades Autónomas, no marco dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o FEGA.

A evolución do sistema SICOP ao longo do ano 2025 vén marcada pola súa adaptación aos novos requirimentos normativos, a mellora das funcionalidades existentes e a ampliación das capacidades de control e integración con outros sistemas corporativos. Un dos principais eixos de traballo foi a adaptación ás circulares do PEPAC, que implicou modificar os criterios de xestión, control e seguimento das axudas da PAC, con efectos directos nos procesos de pagamento, na xestión de incidencias e na xustificación contable.

## EXPLOTACIONES AGRARIAS

- ◆ **Restro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA):** é unha aplicación estrutural para a Consellería do Medio Rural, que centraliza a información das explotacións agrarias de Galicia e o rexistro de terceiros da Consellería de Medio Rural. No ano 2025 abordáronse neste sistema diversas actuacións centradas na súa evolución funcional, a adaptación normativa e o reforzo da interoperabilidade. Entre elas, destaca a adecuación do modelo de datos e da estrutura da información aos requirimentos establecidos por SGAREX e SIEX, incluíndo a adopción das codificacións dos catálogos definidos neste marco.

Impulsouse a integración co novo rexistro de explotacións a través das aplicacións SGA e SLEX, así como o desenvolvemento das capacidades necesarias para o intercambio bidireccional de información con sistemas corporativos como XEAGA e XESBEX.



## CADERNOS DE EXPLOTACIÓN

- ◆ No ámbito da iniciativa PDAGRO, o **sistema de información RECUE** permite a xestión dos cadernos de explotacións autonómicas, posibilitando aos xestores administrativos a consulta da información das actuacións e cadernos e a realización das accións de xestión, así como a interconexión con outras aplicacións que necesiten coñecer esta información.

No ano 2025 realizáronse diversos traballos neste sistema orientados a mellorar as súas capacidades de integración e análise e a adaptación ao marco normativo vixente. Destaca a integración con distintos sistemas corporativos e sectoriais, como XEAGA, permitindo a recepción e tratamento de actuacións, así como co rexistro ASPAFITOS e co sistema SGAREX, reforzando a interoperabilidade e o intercambio de información entre plataformas. Así mesmo, desenvóléronse e puxéronse en funcionamento servizos de exposición de estatísticas, co obxectivo de facilitar o acceso á información agregada e apoiar a análise e seguimento da actividade.

## FACILITAR FERRAMENTAS CARA Á CIDADANÍA

- ◆ Oficina Virtual do Medio Rural (<https://ovmediorural.xunta.gal>) é a plataforma de servizos orientados á cidadanía para a consulta de datos e a realización de trámites administrativos no ámbito de medio rural, facilitando así a realización electrónica de numerosos servizos prestados nese eido; en particular a Oficina Virtual de Gandaría de Galicia (OVGAN) permite entre outros a xestión das altas, guías por nacemento, movementos, duplicados dos


Documentos de Identificación Bovina, entidades identificadoras...

A evolución da Oficina Virtual do Medio Rural ao longo do ano 2025 caracterizouse pola mellora dos servizos ofrecidos ao cidadán, o fortalecemento da interoperabilidade con outros sistemas e a actualización tecnolóxica da plataforma.

- ◆ **Sistema de Xestión de Explotacións Agrarias de Galicia (XEAGA)** incardínase como parte dunha plataforma de información agraria (proxecto PDAGRO) que posibilita a prestación de servizos dixitais en materia de parcelas e explotacións, especialmente aqueles dirixidos a compartir a información dos titulares das explotacións agrarias e a Administración, tanto a nivel de facilitar a canle de comunicación dos titulares coa Administración, como para que esta poida ofrecer servizos de valor engadido aos mesmos.

A evolución do sistema XEAGA ao longo do ano 2025 estivo marcada polo seu avance como peza clave da plataforma PDAGRO, reforzando tanto a xestión dixital das explotacións agrarias como a interoperabilidade co ecosistema estatal e autonómico. Un dos ámbitos máis relevantes foi o desenvolvemento de novas funcionalidades orientadas á xestión de insumos, mellorando o seguimento das actividades nas explotacións e facilitando o cumprimento das obrigas asociadas ao caderno dixital, en liña co SIEX.

A seguinte figura ilustra un esquema global do proxecto Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia (PDAGRO), proxecto 2024\_2027 financiado polo programa FEDER Galicia.



#### 4.2.7.2. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal

Modernizar os servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración coma na súa propia xestión, e impulsar a través da tecnoloxía tanto a xestión dos recursos forestais, a través da información e servizos ofrecidos aos usuarios, e a xestión, a toma de decisións, e a explotación da información en poder da administración.

##### NO EIDO DA ORDENACIÓN FORESTAL:

**Instrumentos de Ordenación Forestal (sistema XORFOR)**, avanzouse na consolidación da súa base técnica e funcional, reforzando a súa capacidade para a xestión e tramitación sobre cartografía forestal. Esta evolución permitiu mellorar tanto a eficiencia nos procesos como a experiencia de uso para profesionais e administracións, asentando un sistema máis robusto, accesible e preparado para futuras ampliacións.

- ◆ No marco da versión V2, leváronse a cabo traballos de mantemento evolutivo e correctivo que garantiron a continuidade e estabilidade operativa do sistema e avanzouse no desenvolvemento da versión V3.



**Sistema de Inventario de Actividade Forestal (INAFOR)**: durante o 2025 experimentou unha evolución orientada a reforzar a calidade, centralización e capacidade de explotación da información forestal, sentando, ademais, as bases do futuro sistema de análise e aproveitamento avanzado destes datos. Este sistema incorpora un visor XIS mellorado, funcionalidades de seguimento da actividade forestal, un buscador avanzado e capacidades de listaxe, exportación e análise. Ademais, avanzouse na automatización da carga de datos desde outros sistemas forestais, como CORWEB, CORPRI e XORFOR e implementouse a xeración de capas XIS oficiais para sistemas como CORPU e REXMON.

**Plan Forestal de Galicia 2021-2040**, titulado “Cara á neutralidade carbónica”, é a estratexia aprobada pola Xunta de Galicia que establece as directrices para a xestión sostible dos montes galegos durante as próximas dúas décadas.

Durante o ano 2025 leváronse a cabo diversas actuacións de evolución do **sistema de rexistro de indicadores (REXIND)**, orientadas a reforzar a súa capacidade para a xestión e o seguimento dos indicadores asociados aos plans estratéxicos.

O principal avance foi o desenvolvemento e implantación dun novo sistema de rexistro, que permite consultar e xestionar a información dun xeito máis organizado, estruturado e seguro. Este sistema integra o seguimento do Plan Forestal de Galicia (PFG) e doutros plans clave, proporcionando unha visión global e coherente do seu grao de execución e da súa evolución.

##### NO EIDO DA XESTIÓN DE CORTAS:

Neste ámbito resulta destacable a ferramenta de **Cortas Públicas (CORPU)** que está en funcionamento para a xestión dos aproveitamentos económicos das talas que xestionan os servizos provinciais de Montes.



No ano 2025, o sistema CORPU centrou a súa evolución na mellora da eficiencia nos procedementos de poxas públicas, adaptándose ás esixencias europeas en materia de sustentabilidade, o que permitiu sentar as bases dunha modernización progresiva e consolidar a súa transición cara a un modelo máis eficiente, aliñado coa normativa vixente e tecnoloxicamente avanzado, orientado a garantir unha xestión máis áxil, fiable e sostible no futuro.

Un dos avances máis destacados foi a incorporación de funcionalidades para a visualización e descarga de información vinculada á normativa EUDR e o desenvolvemento da versión CORPU-NEXT.



A **xestión de permisos de cortas de madeira** en superficies forestais de xestión privada foi obxecto no ano 2025 de varias melloras nos sistemas de información que permiten tanto as solicitudes dos cidadáns a nivel de referencia catastral (**CORWEB**) como na aplicación de xestión interna da administración forestal (**CORPRI**).

O **sistema CORWEB** experimentou unha evolución orientada a reforzar a calidade dos datos, mellorar a experiencia de usuario e simplificar os trámites asociados á xestión de aproveitamentos forestais. Entre os principais avances destaca a inclusión e mellora da información cartográfica, coa incorporación dos polígonos de corta e a ampliación da base de datos de respaldo de catastro, o que proporciona datos máis completos e precisos para a tramitación.

O sistema **CORPRI** evolucionou coa finalidade de mellorar a precisión da información cartográfica, incrementar a fiabilidade dos datos e simplificar os procesos de tramitación, facilitando o traballo tanto en oficina como no ámbito territorial. Un dos avances máis destacados foi a incorporación da visualización dos polígonos de corta no contexto da EUDR.

## NO EIDO DA XESTIÓN DE AXUDAS:

O **sistema AXUFOR** dá soporte á xestión das axudas de Fomento Forestal. No ano 2025 un dos aspectos máis destacados neste sistema foi a xestión e incorporación de novas liñas de axuda, tanto coa consolidación das convocatorias existentes como coa incorporación de dúas novas liñas (MR605C e MR616C). Isto supuxo unha ampliación do alcance do sistema, permitindo dar cobertura a un maior número de programas e beneficiarios.

## NO EIDO DA SANIDADE VEXETAL FORESTAL:

O **sistema SAVFOR** dá soporte ao proceso completo de vixilancia da sanidade forestal que inclúe a planificación, as medidas preventivas, as pragas en tempo real e a explotación da información de mostraxe e o seguimento das accións tomadas, con uso de ferramentas en mobilidade sobre o terreo e aproveitamento das tecnoloxías SIX.

No ano 2025, este sistema experimentou unha evolución orientada a reforzar a vixilancia fitosanitaria e a mellorar a capacidade de resposta ante ameazas forestais, mediante avances na comunicación, na análise de datos e na precisión diagnóstica. Un dos eixos principais foi a mellora do portal público de comunicación de avisos fitosanitarios.



#### 4.2.7.3. Incluir funcionalidades avanzadas e dar soporte aos sistemas de xestión de prevención e extinción de incendios

Modernización dos servizos e instrumentos que permitan a xestión da defensa do monte, en relación á prevención, á investigación e a extinción dos incendios forestais, á toma de decisións, e á explotación da información.

No que respecta á prevención e defensa contra os incendios forestais, as actuacións están enmarcadas no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA) que ten por obxecto o establecemento da organización e os procedementos de actuación dos recursos para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir, no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na prevención e loita contra o lume.

#### SOPORTE Á EXTINCIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS:

O soporte da xestión dos medios técnicos e humanos para a xestión da extinción dos incendios forestais (**XEINFO**), cuxo núcleo é a aplicación XeoCode 2.0, así como varios sistemas conexos. XeoCode está accesible desde unha aplicación de escritorio e tamén conta cunha app móbil – XeoCode Lite – para o persoal operativo sobre o terreo.

O sistema XeoCode integra toda a información necesaria para o apoio á xestión da extinción dos incendios forestais, o sistema permite o control da Rede de Vixilancia dos Espazos Forestais de Galicia (RVEFG) que conta con 153 cámaras dispoñibles, que actualmente cobren o 62% do territorio de Galicia e integra outras fontes de datos determinantes para a extinción.

Para atender estes e outros sistemas dispónse dun grupo de **soporte aos medios vinculados ao dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais** da Xunta de Galicia (CAU Incendios).

No 2025 realizáronse importantes melloras no ecosistema XEINFO entre as que cómpre sinalar as seguintes:

##### ◆ **XeoCode:**

- ◆ O sistema de posicionamento TETRA foi obxecto dunha mellora significativa en termos de escalabilidade e robustez, mediante a súa actualización á versión TETRA-DOTS v3.
- ◆ Incorporouse a visualización do posicionamento da Unidade Militar de Emerxencias (UME), o que supuxo unha ampliación das capacidades de coordinación e seguimento en tempo real.

- ◆ **Sistema de información Quendas:** procedeuse á evolución das funcionalidades de xestión dos procesos de pagamento de complementos e axudas de custo, co obxectivo de mellorar a eficiencia, a trazabilidade e o control administrativo destes procedementos.

- ◆ **Innovación:** procedeuse á incorporación de proxectos piloto baseados en Intelixencia Artificial para a detección automática de incendios, co obxectivo de mellorar a capacidade de prevención e resposta temperá.

- ◆ **Migración tecnolóxica** dos compoñentes críticos do sistema a versións actualizadas, garantindo a sustentabilidade tecnolóxica, a seguridade e a compatibilidade futura da plataforma.

##### ◆ **Soporte:**

- ◆ Exportación ao Ministerio da información correspondente á Estatística Xeral de Incendios Forestais (EGIF), así como dos datos relativos ás Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAIs).
- ◆ Acompañamento durante o episodio de incendios forestais, asegurando a continuidade do servizo e a estabilidade operativa do sistema en situacións de especial criticidade.

O **CAU de Incendios** contempla o servizo de soporte e resolución das incidencias de hardware e software ao persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia. Durante o ano 2025, destacar a atención de máis de 5.900 incidencias e peticións de servizo, en moitos casos con desprazamentos a oficinas de distritos forestais e servizo provinciais que totalizaron 38.586 km.

No ámbito da **aplicación da Intelixencia Artificial, o proxecto AILUME** ten como finalidade a detección de incendios forestais a partir das cámaras de vixilancia do monte.

No ano 2025 avanzouse na mellora iterativa do modelo de IA, no desenvolvemento do sistema de xestión das deteccións, na implantación de mecanismos de control da calidade das alertas e na posta en marcha dun sistema básico de notificación.

#### PREVENCIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS:

Neste ámbito, o **sistema de xestión de biomasa** nas faixas secundarias (**XESBIO**) facilita o control e as comunicacións entre os concellos e os titulares catastrais das parcelas que deben manterse limpas para evitar que os lumes forestais poidan achegarse ás vivendas.

Na ferramenta web realizáronse ao longo do ano 2025 diversas melloras e evolucións motivadas, principalmente, pola entrada en vigor do novo Convenio de Biomasa, o cal introduciu novas necesidades e supuxo unha modificación substancial do enfoque na xestión das parcelas, que pasou a artellarse en base a convenios e non exclusivamente en relación con anualidades. Neste contexto, destaca a actualización levada a cabo do parcelario correspondente ao exercicio 2025, o que implicou un cambio significativo na información rexistrada a nivel GIS, partindo con datos do ano 2018 ata datos do 2025.

No ano 2025 reduciuse en torno a un 1% o número de parcelas en faixas secundarias xestionadas no sistema (ata as 2.237.132 parcelas, cunha superficie de 175.567 Ha.). Esta redución débese, fundamentalmente, á actualización do parcelario levada a cabo en 2025.

No ámbito da prevención dos lumes, o sistema CONLU é a ferramenta que facilita a xestión dos convenios que asina a Consellería do Medio Rural coas distintas entidades locais, permitindo o control centralizado das actuacións preventivas municipais e a xestión de toda a información e documentación asociada ás mesmas.

#### 4.2.7.4. Impulsar e facilitar a xestión dos instrumentos para o desenvolvemento rural e o impulso das medidas da Lei da Terra Agraria de Galicia

Apoio na estratexia e xestión da elaboración, proposta e desenvolvemento das actuacións de fomento do desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego, da dinamización das áreas rurais de Galicia, da formulación de iniciativas e programas de desenvolvemento das zonas rurais e da execución das accións que contribúan á diversificación económica no medio rural, incluíndo a mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural e os instrumentos e mecanismos definidos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (LRTAG).

A continuación descríbense as actuacións desenvoltas no ano 2025 neste eido:

##### ◆ Xestión dos instrumentos e procedementos de recuperación da terra agraria de Galicia

O sistema de información TERREC proporciona apoio na xestión dos procedementos e instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. No ano 2025, o sistema de información TERREC consolidouse como unha ferramenta clave de apoio á xestión dos procedementos e instrumentos recollidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, reforzando tanto as súas capacidades operativas como analíticas.

No ano 2025 xestionouse mediante este sistema a solicitude de máis de 13 millóns de euros e o pago de máis de 9 millóns.

Os traballos realizados en CONLU durante a anualidade 2025 centráronse, principalmente, na adaptación da convocatoria ao marco do PEPAC, así como na incorporación de novas funcionalidades orientadas a facilitar aos Servizos Centrais unha xestión máis áxil e eficiente das distintas fases de tramitación dos expedientes.

O **sistema de información AXUINC** é a ferramenta de xestión das axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais ou catástrofes, en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (SOFOR). Durante o 2025 concluíronse os traballos de confluencia do sistema de xestión das axudas de fomento forestal (AXUFOR) e AXUINC, consolidando unha contorna tecnolóxica común para a xestión das liñas de axuda, poñendo ao alcance dos usuarios de AXUINC de toda a funcionalidade dispoñible en AXUFOR.

Avanzouse na xestión integral da información das persoas interesadas, incorporáronse funcionalidades para o rexistro e control dos custos ou para a creación, edición e parametrización de modelos de documentos e informes de control, e reforzáronse os cadros de mando do sistema, entre outras medidas.

##### ◆ Banco de Explotacións

No ano 2025 púxose en marcha o sistema que dá soporte á tramitación e xestión dos procedementos relacionados co Banco de Explotacións (XESBEX) segundo a normativa e procedementos establecidos. Este sistema permite aos xestores do Banco de Explotacións administrar tanto as solicitudes de incorporación ao banco (procedemento MR617B), como as mostras de interese recibidas (procedemento MR617C).



#### ◆ Xestión do Banco de Terras de Galicia

O Banco de Terras de Galicia (Bantegal) busca evitar o abandono de terras agrarias e poñelas ao dispor de persoas interesadas na súa explotación. O sistema de información SITERR proporciona o soporte para a xestión do Banco de Terras de Galicia, e fai uso de ferramentas XIS para a xestión de distintos trámites e permite a consulta do estado dos expedientes e das fincas incorporadas ou dispoñibles.

No ano 2025, este sistema de información experimentou unha evolución significativa, orientada á mellora da súa funcionalidade, integración e eficiencia na xestión dos procedementos asociados á mobilización de terras.

#### ◆ Portal WEB de acceso público Terras de Galicia (SITEGAL)

Proporciona información dos diferentes procedementos e instrumentos recollidos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. É accesible a través de <https://info-sitegal.xunta.gal>.



#### ◆ Sistema de información de xestión dos procesos de concentración parcelaria de Galicia (INFCOP)

Permite a carga e consulta integrada de información alfanumérica e xeográfica correspondente ás fases de bases, enquisa de bens, enquisa previa ao acordo. O sistema facilita ao persoal técnico a visualización de fincas e parcelas, así como a historificación dos arquivos, permitindo recuperar e analizar a evolución das distintas zonas.

No ano 2025, o sistema de información INFCOP continuou a súa evolución incorporando novas funcionalidades que melloran tanto a calidade da información como a súa accesibilidade e xestión.

#### ◆ Sistema de información XALEA

Este sistema proporciona soporte integral á xestión das axudas da intervención LEADER no marco do Plan

Estratéxico da Política Agraria Común 2023-2027, facilitando o seguimento e execución das operacións tanto para os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) como para as persoas e entidades promotoras de proxectos.

No ano 2025, o sistema XALEA consolidouse como plataforma integral para a xestión das axudas LEADER, permitindo cubrir de forma completa o ciclo de vida dos expedientes administrativos, desde a presentación das solicitudes e as súas posibles emendas ata a xestión dos pagamentos e a súa fiscalización en contornos plurianuais.

Un dos avances máis relevantes foi a súa integración cos principais sistemas corporativos da Xunta, como PASAXE, REXEL e ARPAD.

#### ◆ Mapa de usos agroforestais de Galicia

No ano 2025 avanzouse no desenvolvemento e posta en marcha tanto do portal público (portal web de acceso para a cidadanía que permite a consulta e análise da información do mapa de usos agrarios actuais e do mapa de usos agrarios históricos, así como da información dos sistemas agrarios de alto valor natural), como do portal de xestión.

#### ◆ Proxecto EIRA (Espazo de Innovación Rural Aplicada)

É unha iniciativa impulsada pola AGADER e AMTEGA que ten como obxectivo fomentar o desenvolvemento do medio rural galego mediante a aplicación da tecnoloxía, a innovación e a xestión intelixente do territorio.

Nunha primeira fase, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural identificou ámbitos temáticos e territorios rurais con problemáticas concretas susceptibles de ser abordadas mediante innovación tecnolóxica. Tras un proceso de análise e priorización, definiuse o desenvolvemento de tres liñas piloto centradas na loita contra a avespa velutina, a xestión das principais pragas do castiñeiro e a mellora do manexo do gando porcino en réxime extensivo, estruturadas nos subproxectos EIRA Plagas e EIRA Gando.

#### 4.2.7.5. Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos e marcas de calidade, e outras iniciativas da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)

Prover plataformas e ferramentas de xestión, valorización, promoción e trazabilidade da calidade dos produtos galegos do sector primario (agro e mar)

amparados polas denominacións e indicativos de calidade ou marcas promocionais recoñecidos.

No eido da Calidade Alimentaria realizáronse avances, entre os que cabe destacar as seguintes actuacións:

O **sistema de xestión das tarefas administrativas de AGACAL (ENFIA)** centraliza nun único repositorio toda a documentación no ámbito da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

No ano 2025 levouse a cabo a posta en marcha do sistema, acompañada de diversas tarefas de formación e soporte aos usuarios, que resultaron especialmente relevantes nesta fase inicial de implantación. Paralelamente, ENFIA completou o seu desenvolvemento coa incorporación de novas funcionalidades orientadas á xestión económica. De maneira complementaria, comezouse o desenvolvemento do módulo de xestión de proxectos de I+D+i.


O **sistema de xestión dos servizos prestados por AGACAL nos procesos e labores de control e certificación da calidade diferenciada (AGACER)** dá soporte a un amplo conxunto de funcionalidades. Durante o ano 2025 desenvóléronse actuacións orientadas á mellora e consolidación da información e dos procesos asociados a distintos ámbitos de xestión. Neste sentido, levouse a cabo a migración e optimización da información relativa ás Denominacións de Orixe Protexidas (DOP) e ás Indicacións Xeográficas Protexidas (IXPs) e procedeuse á incorporación de novas actividades artesanais, en consonancia coas Normas Técnicas publicadas.




No ámbito da xestión de axudas, AGACAL conta cun **sistema de xestión e tramitación de axudas individuais a produtores (AXIPRO)**. Durante o ano 2025 leváronse a cabo diversas actuacións entre as que destacan, as adaptacións necesarias para dar soporte ás novas convocatorias, liñas e plans de axuda, a integración e migración do sistema ARPAD, así como a integración co servizo Pasaxe para a consulta de débedas con distintos organismos.

No tocante ao **sistema de xestión e tramitación de axudas a proxectos de transferencia tecnolóxica (AXUTT)**, realizáronse diversas actuacións de adaptación e mellora do sistema para dar resposta ás novas convocatorias e ás novas liñas ou plans de axuda correspondentes a ese exercicio, así como á implantación de controis sobre o terreo e a posteriori. Neste contexto, desenvóléronse e optimizáronse cadros de mando para o seguimento das convocatorias e acometéronse adaptacións específicas vinculadas á fiscalización AC do PEPAC.

No sistema de información de soporte á **xestión das axudas no ámbito da formación e transferencia e de financiamento propio AXUTF** desenvóléronse actuacións orientadas á evolución e adaptación do sistema en diferentes ámbitos. Entre elas, destacan a configuración das novas convocatorias correspondentes ao exercicio 2025, así como as adaptacións realizadas na xestión dos pagamentos das axudas.





O **sistema de soporte dos cursos de produtos fitosanitarios e outra formación agroforestal xestionada por AGACAL (FOAGRO)** acometeu diversas actuacións no sistema, dirixidas á mellora funcional e á modernización dos procesos de xestión vinculados á formación e aos sistemas de información. Entre elas, levouse a cabo a reestruturación do formulario público de inscrición en accións formativas e informativas, así como a implementación de melloras na xestión das accións formativas no ámbito do benestar animal. Así mesmo, desenvóléronse funcionalidades para a xestión da anulación de carnés e avanzouse na integración cos sistemas corporativos de elaboración de informes de AMTEGA.



No ano 2025 levouse a cabo a migración da **plataforma de información fitosanitaria do viñedo (FITOVIT)** á infraestrutura corporativa da AMTEGA. Esta plataforma ten como obxectivo principal optimizar a aplicación de produtos fitosanitarios aos viñedos. Deste xeito, os modelos empregados permiten detectar a presenza das principais enfermidades do viñedo a partir dos datos de entrada e calcular o mellor momento para aplicar os tratamentos correspondentes.

En relación ao proxecto de **promoción e comercialización dos produtos alimentarios con Denominación de Orixe Protexida, Indicación Xeográfica Protexida, ecolóxicos ou artesanais cualificados (W\_EXPCA)**, que busca dar apoio ás empresas galegas elaboradoras destes produtos, proxecto Experiencias de Calidade, no mes de xullo de 2025 púxose en marcha o novo marketplace, xestionado pola AMTEGA: <https://experienciasdecalidade.gal>.

En relación ao **portal web da Axencia Galega da Calidade Alimentaria** que dispón de información institucional, de Calidade Alimentaria, Investigación e Transferencia, Formación... (<https://agacal.xunta.gal>), durante o ano 2025 incorporáronse diferentes melloras orientadas a facilitar o acceso á información e a optimizar a navegación, mediante a reorganización dos contidos, a incorporación de nova información de interese e actuacións dirixidas a reforzar a accesibilidade.



#### 4.2.7.6. Por en marcha sistemas transversais que permitan a xestión agregada da información

No ano 2025 púxose foco na evolución cara a unha mellor xestión agregada da información e en conexión con este obxectivo, cos sistemas e instrumentos que poden servir de xeito transversal en distintos eidos do sector primario.

### NIVEL INTERNO

#### ◆ Repositorio centralizado de subvencións e axudas REPAXU

No ano 2025, o sistema REPAXU experimentou unha evolución significativa orientada a ampliar o seu carácter transversal e a reforzar a súa integración cos sistemas corporativos de tramitación e xestión administrativa. Neste senso, acometeuse a adaptación dos compoñentes de integración para dar soporte a tramitacións que non corresponden exclusivamente a liñas de axuda ou subvencións e actualizouse o visor xeográfico EDISIX, o que supuxo unha mellora na visualización e xestión da información espacial asociada aos expedientes.

#### ◆ Librerías e aplicacións transversais

Compre destacar tamén a utilización e a mellora de dúas librerías que permiten axilizar os procesos de desenvolvemento cara a xestión de axudas e rexistros:

**MRFACES:** librería transversal creada a partir da arquitectura JSF\_MRFACES, que achega solucións desde a capa de vista ata a capa de acceso a datos. No ano 2025 incorporou melloras funcionais e técnicas orientadas a optimizar a experiencia dos usuarios e a eficiencia no desenvolvemento de aplicacións.

**TRAXU:** librería que define un modelo e unha serie de funcións comúns aos sistemas de tramitación de expedientes e achega funcións adicionais para as tramitacións de liñas de axuda/subvencións. Esta librería incorporou iniciativas para mellorar a súa eficiencia técnica, a calidade da información xestionada e a súa capacidade para dar resposta a esixencias normativas.

#### ◆ Compoñente web SIX para a visualización e edición de información xeográfica

O compoñente EDISIX busca, mediante o desenvolvemento dun visor SIX, facilitar melloras na visualización xeográfica da información en numerosas aplicacións de traballo administrativo.

En 2025, o compoñente EDISIX evolucionou para mellorar a súa reutilización, funcionalidade e adaptabilidade, consolidándose como un visor SIX moderno, flexible e configurable, preparado para integrarse eficientemente na arquitectura corporativa. O avance máis destacado foi a súa conversión nun web component, facilitando unha integración máis sinxela e independente en distintas contornas e favorecendo a súa reutilización en múltiples aplicacións.

#### ◆ Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 Galicia

Para dar difusión ao Plan Estratéxico da PAC (PEPAC) de España, o portal <https://pdr-medioural.xunta.gal>, proporciona información detallada das actuacións impulsadas pola Autoridade de Xestión do PDR en Galicia, así como da normativa, liñas de axudas, proxectos de innovación, eventos, novas e todo o relacionado co mesmo.

Como ferramenta complementaria a este portal, o sistema de xestión de indicadores do PDR facilita o reporte agregado da información procedente dos sistemas de xestión de axudas PDR/PEPAC, mediante módulos de explotación de datos que permiten aos usuarios un acceso flexible e configurable para a obtención de listaxes, estatísticas e gráficos.

En 2025, a súa evolución centrouse na adaptación ao novo marco PEPAC e na mellora da calidade dos datos, da capacidade analítica e da usabilidade. Destacou a adecuación ás novas esixencias normativas, garantindo información coherente, actualizada e fiable para o reporte. Tamén se reforzou a plataforma mellorando a explotación de datos e permitindo xerar análises máis precisas que facilitan a toma de decisións.

#### ◆ Ferramentas de apoio nos controis e inspeccións de campo

A plataforma HUBINS é unha solución corporativa de servizos de inspección en mobilidade que permite a calquera sistema da Xunta de Galicia delegar a realización de inspeccións en campo mediante unha aplicación móbil.

A través dunha API de integración, os sistemas poden solicitar a execución dunha inspección concreta e obter posteriormente os datos recollidos no terreo mediante dispositivos móbiles, como tablets ou smartphones.

No ano 2025, a plataforma HUBINS continuou a súa evolución coa incorporación de novas funcionalidades para a consulta e edición de inspeccións, permitindo unha xestión máis completa e áxil desde o backoffice.

## RELACIÓN COS AGRICULTORES ACTIVOS

### ◆ Plataforma Agroforestal Dixital de Galicia

A Plataforma Dixital Agroforestal de Galicia (PDAGRO) é un proxecto estratéxico iniciado en 2024 coa finalidade de modernizar e fortalecer a relación dixital entre os titulares das explotacións agroforestais e a Xunta de Galicia. Concíbese como unha xanela única de servizos, que pon á disposición dos produtores información integrada, ferramentas avanzadas de xestión das súas explotacións e apoio directo para o cumprimento das obrigas legais, destacando o caderno de explotación dixital.

Como exemplo do traballo desenvolvido no 2025, o **Visor de Parcelas** (OPA) actúa facilitando a visualización e a comunicación, como un frontal de integración que permite a consolidación e o intercambio eficiente de información entre os distintos sistemas do sector primario da Xunta de Galicia. Deste xeito puidéronse trasladar aos titulares de explotacións dados de alta en XEAGA distintas comunicacións administrativas, sanitarias ou informativas relacionadas coas explotacións agrarias de Galicia.



### 4.2.7.7. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito pesqueiro

No eido de sector pesqueiro, podemos resaltar dúas tipoloxías principais de actuacións, en función do destinatario dos sistemas.

#### MELLORA E MODERNIZACIÓN NA XESTIÓN

Facemos mención ao soporte e mellora de sistemas relevantes como son:

#### Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP)

Durante o exercicio 2025, a actividade do proxecto estivo centrada principalmente no soporte e mantemento do amplo conxunto de aplicacións que o integran, así como no desenvolvemento e posta en marcha de novos módulos destinados a dar resposta a novas necesidades detectadas polos usuarios funcionais.

Entre os traballos evolutivos máis salientables realizados durante 2025, destacan os seguintes:

- ◆ Elaboración de publicacións estatísticas oficiais, incorporando neste exercicio o anuario de acuicultura continental de Galicia.
- ◆ Finalización e posta en funcionamento das novas versións das aplicacións móbiles MOVTIC.
- ◆ Actualización tecnolóxica da plataforma.
- ◆ Desenvolvemento e posta en marcha de novos documentos de xestión da actividade, xunto con melloras nos xa existentes.
- ◆ Deseño e desenvolvemento das novidades correspondentes á nova campaña da mexilla.



### Aplicación MOV TIC

Permite ás persoas do sector da pesca e da acuicultura a emisión, consulta e anulación dos documentos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade. A actividade durante o exercicio 2025 estivo centrada na finalización e posta en funcionamento de novas versións, tanto para usuarios administrativos como sectoriais, sobre unha nova plataforma tecnolóxica.

### Xestión das eleccións a confrarías (XECONF)


Durante o exercicio 2025 desenvolveuse e puxéronse en funcionamento novas funcionalidades orientadas á xestión das actas dos procesos electorais das confrarías de pescadores de Galicia, incluíndo a migración dos datos e documentos existentes no anterior sistema ELECON. Así mesmo, levouse a cabo o deseño e desenvolvemento dun novo módulo de información.

### Sistema de información TRAZAMAR

Constitúe a ferramenta de soporte para a xestión das actividades sectoriais e da documentación asociada. Durante o exercicio 2025 incorporáronse diversas melloras, entre as que destacan especialmente as relacionadas coa adaptación do sistema ás novidades introducidas na xestión da información correspondente á nova campaña da mexilla.

### Rexistro de Buques de Galicia (REXBUQ)

Durante o 2025 leváronse a cabo melloras técnicas e funcionais no rexistro de embarcacións pesqueiras, orientadas a ampliar as funcionalidades da solución e optimizar o seu desempeño. Así mesmo, realizáronse melloras de carácter transversal no sistema de tramitación, especialmente dirixidas a reforzar os controis de validez da información xestionada. Finalmente, adaptouse a solución ás novidades introducidas polo Real Decreto de Ordenación Pesqueira, incorporando nova información relativa ás embarcacións pesqueiras.



### Proxecto de soporte á xestión da acuicultura (REXEAC)

Entre os fitos acadados cómpre salientar a incorporación da visualización de información sobre cuadrículas ocupadas e vacantes, así como a ampliación das opcións para a xestión de coordenadas nos establecementos.



### Proxecto AXUMAR

Sistema que dá soporte á xestión de todos os procedementos ordinarios e extraordinarios vinculados aos fondos **FEMPe FEMPA**, as actuacións desenvolvidas ao longo de 2025 centráronse en dous obxectivos principais.

- ◆ Por unha banda, a posta en marcha dos primeiros procedementos de axudas de fondos FEMPA dependentes da DXPAIT.
- ◆ Por outra, a incorporación de melloras nas convocatorias de procedementos xa integrados no sistema, especialmente nas segundas e sucesivas convocatorias de fondos FEMPA, tanto no ámbito da DXDP como da DXPAIT.



Abordáronse actuacións de carácter transversal, como a mellora na xestión dos anticipos e a reordenación da tramitación posterior á concesión, mediante a integración dos trámites de xustificación e pagamento. Tamén se implantou unha nova xestión de permisos de Asistencia Técnica de TRAGSA no ámbito da DXPAIT e se reforzaron os controis sobre a tramitación para garantir a fiabilidade da información rexistrada.

### Novo sistema de información de rexistro e xestión dos permisos de marisqueo a pé (MAREX)

Entrou en funcionamento neste 2025 e iniciouse a fase de soporte para a xestión dos expedientes de marisqueo a pé con embarcación auxiliar (PE401D), así como a migración dos datos e expedientes correspondentes desde o anterior sistema PEMAPE a MAREX.

### Sistema que dá soporte á xestión das Organizacións de Produtores Pesqueiros (OPPs)


Durante o exercicio 2025, deuse soporte e mantemento do sistema de información despois de realizar o ano anterior todos os avances significativos do proxecto que consolidaron o proxecto.

### Xestión de autorizacións de primeira venda

Ao longo de 2025 continuouse co soporte e mantemento do **sistema AVEMAR**, limitándose ás actuacións imprescindibles para garantir o seu correcto funcionamento por parte das persoas usuarias. No que respecta a **AVEPEF**, durante 2025 iniciouse a análise para a xestión do procedemento PE627A, relativo á autorización de venda de produtos pesqueiros que non son obxecto de primeira venda en lonxa. Paralelamente, abordouse a evolución do compoñente de tramitación XTRAM, ampliando as súas capacidades para que poida servir como soporte do sistema de tramitación que se está a desenvolver.

### FEIMAR

Sistema de información deseñado para dar resposta ás necesidades de xestión das feiras nas que participa a Consellería do Mar, así como para centralizar as relacións coas empresas colaboradoras no marco destes eventos. Ao longo de 2025 leváronse a cabo diversas melloras, entre as que destacan o desenvolvemento de novas funcionalidades no módulo de xestión de edicións de feiras, así como a evolución do módulo de xestión de empresas. Tamén se introduciron novas estratexias destinadas a facilitar a recollida de enquisas de satisfacción das empresas participantes. Deseñáronse e desenvolvéronse funcionalidades para a xestión da aceptación da normativa de participación nas feiras, incorporando a posibilidade de aplicar penalizacións ás empresas en caso de incumprimento. Finalmente, creouse un cadro de mando que recolle os principais indicadores do proxecto.



## Sistema Integrado de Pesca Marítima de Recreo (SIPMAR)

Permite recoller nun único punto tódalas xestións e informacións relativas á pesca marítima de recreo nas augas da Comunidade Autónoma de Galicia. No 2025 desenvolveuse a Integración do sistema de licenzas de pesca deportiva co proxecto SIPE (nacional) e a Adaptación ao Novo Regulamento Comunitario.

## Novo sistema de información analítico no ámbito de Mar (BIMAR)

Comezou a desenvolverse este ano 2025, cuxo obxectivo é a creación dunha serie de cadros de mando que permitan realizar análise sobre a información xestionada na Consellería de Mar, avanzouse no deseño e desenvolvemento do sistema de información analítico relacionado coa información de primeira venda de pesca fresca e no deseño e desenvolvemento do sistema de información relacionado coa información de permisos de marisqueo a pé.



## FACILITAR FERRAMENTAS CARA Á CIDADANÍA/ SECTOR

### Licenzas de pesca deportiva (SIPMAR)

En conexión co proxecto SIPMAR, o portal "PESCREATIVA": <https://pescreativa.xunta.gal/gl/> inicio, facilita ao cidadán a xestión das licenzas e o acceso a información relacionada. No ano 2025 adaptáronse estas app para dispositivos móbiles cos novos requirimentos de Android e iOS.

A integración de SIPMAR con XUNTAEU. permite que dende a APP XuntaEU se poidan consultar e descargar as licenzas de pesca marítima de recreo tanto en formato certificado como en formato de tarxeta (PKPASS).



### Portal de comunicación do FEMPA\_GALICIA

Trátase dunha canle de comunicación sobre as bases e obxectivos do mesmo, así como os proxectos, convocatorias, documentación, elementos de participación e outras seccións de interese no desenvolvemento das accións impulsadas neste marco pola Consellería do Mar <https://fempa.xunta.gal/es>.

## Trazabilidade e promoción da marca PESCADERIAS, DE ONDE SE NON?

É a marca para os produtos procedentes da pesca artesanal galega. O portal de promoción asociado <https://deondeseñon.xunta.gal> recibe preto de 10.000 visitas mensuais. O sistema de trazabilidade deu apoio para a xestión no 2025 de 2 millóns de etiquetas desta marca de calidade que se corresponden cun volume certificado de case 20 millóns de kg (142 especies catalogadas na marca), das 370 entidades (empresas) adheridas á marca.



Durante o ano 2025 no sistema de xestión da trazabilidade da marca Pescaderías (PERISC) realizouse unha actualización da contorna e a simplificación e mellora da integración de datos entre os sistemas Lonxas Galegas 4.0 e PescadeRías.

### Atención a usuarios de Confrarías e Lonxas

No 2025 atendeu e resolveu 5.009 peticións (692 relacionadas coas rulas e confrarías, 2.957 cos TICPESC e 626 con MOVTIC) en 90 confrarías de pescadores e centros pesqueiros, 62 TICPESC e 1 punto de control de desembarco de lamprea, incluíndo a intervención insitu nas lonxas así como as visitas de mantemento preventivo (734).

### Modernización das Lonxas e Confrarías (LONXAS GALEGAS)

Durante o ano 2025, a actividade estivo centrada na segunda fase da implantación do proxecto en novas entidades, así como no deseño e desenvolvemento do portal promocional do proxecto, orientado á difusión da información e á súa posta en valor.



A solución componse de dous elementos de alto nivel, intimamente relacionados:

- ♦ **Sistema de comercialización (SISCOM):** Dá soporte, en tempo real, ás fases do proceso de comercialización. Acometéronse melloras de carácter significativo en diversas funcionalidades do sistema:
  - ♦ Simplificación do proceso de envío a Pescaderías dos lotes comercializados certificados coa marca de calidade.
  - ♦ Soporte á poxa sen lotes en entorno web orientada a dar solución as necesidades de venda de produtos específicos (camarón, nécora...).
  - ♦ Desenvolvemento do rexistro de pesadas.
  - ♦ Integración do rexistro de información con sistemas de clasificación externos.
  - ♦ Mellora no diálogo de adxudicación de lotes coa incorporación dun chat nas aplicacións.
- ♦ **Sistema de xestión (XESLON):** Trátase dunha solución de xestión integral (tipo ERP) que permite a administración da actividade das lonxas e das confrarías. Durante o exercicio 2025 incorporáronse ao proxecto 23 novas entidades e levouse a cabo unha actualización tecnolóxica xeral e a modernización da infraestrutura de servidores. Así mesmo, desenvóléronse e implantáronse diversas melloras funcionais, entre as que destacan:
  - ♦ Incorporación dun punto de acceso único (PAU) para o módulo de trazabilidade da comercialización.
  - ♦ Traballos de adaptación e integración co sistema Verifactu da Axencia Tributaria.
  - ♦ Desenvolvemento dun novo módulo de xestión de envases e almacén.

- ◆ Deseño e inicio do desenvolvemento dun novo sistema de xestión de entidades
- ◆ Avance no módulo de información xeral, lonxa e servizos.

### Formación para o sector

Co apoio do sistema de xestión da formación pesqueira e do mar (XESTEN), dáse resposta á xestión integral dos procesos formativos.

No marco das actuacións desenvolvidas durante 2025, prestouse soporte e mantemento ao sistema de información e iniciáronse os traballos necesarios para habilitar a xestión, por parte dos departamentos territoriais, das tarxetas de identidade marítima de náutica de lecer (PE616A).

Aliñado con estes traballos de índoles técnica, redeseñouse a interface de usuario asociado para facelo máis atractivo e adaptado á imaxe corporativa actual da Xunta de Galicia.

Respecto do soporte que a ferramenta presta ás **Academias Homologadas** para a formación no sector, estas notificaron a realización dun total de 2598 saídas para a realización de prácticas para a obtención de titulacións de recreo.

### Novos proxectos

- ◆ Lanzamento do **laboratorio atlántico SeaLab**, unha plataforma web que funciona como un espazo dixital de innovación costeira e que reúne boas prácticas, ferramentas técnicas, exemplos de proxectos sostibles e recursos orientados á acción local.
- ◆ Análise e os primeiros traballos para a construción dun novo sistema de información destinado ao **registro e á explotación dos datos recollidos pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB)** da Consellería do Mar. O obxectivo é desenvolver unha solución para a xestión de mostraxes a bordo das embarcacións pesqueiras, que permita avaliar o estado das especies e a dinámica das poboacións explotadas pola frota de baixura.



- ◆ Iniciouse a análise e construción dun sistema de información destinado a dar soporte á **xestión dos descritores do bo estado do medio mariño (DMEM)** e á información relativa aos indicadores de saúde das poboacións explotadas. O obxectivo do proxecto é desenvolver unha solución de xestión que posibila a recollida e análise da información asociada aos descritores do bo estado do medio mariño.



- ◆ **Plan da cultura marítima de Galicia:** O plan é un documento único e pioneiro tanto a nivel nacional como internacional que ten como obxectivo xeral a preservación e a activación da cultura marítima galega. Para dar visibilidade á iniciativa e potenciar e facilitar a visualización do patrimonio marítimo de Galicia, iniciouse a construción de tres portais, un deles punto de entrada aos outros dous:
  - ◆ W\_PCUMA – Portal informativo: <https://culturamaritima.xunta.gal/>
  - ◆ W\_VIPCM – Visor GIS do censo: desenvolvemento completo coa información proporcionada e publicado en produción, só accesible desde a rede da Xunta: <https://censo-culturamaritima.xunta.gal/>
  - ◆ W\_AREAN – Tour Virtual das Áreas Nai: publicación do tour virtual das Áreas Nai na infraestrutura da Xunta.
  - ◆ <https://areasnai-culturamaritima.xunta.gal/>

## 4.2.8. Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria

Este programa persegue o desenvolvemento pleno da interrelación tecnolóxica das empresas, industrias e comercios coa administración pública galega. Por unha banda, mediante o aumento da axilidade e simplificación na realización de trámites que supón acadar un rexistro único empresarial, e por outra, a través do desenvolvemento de servizos dixitais para facilitar os procedementos vinculados ao consumidor.

### 4.2.8.1. Evolucionar o rexistro único empresarial, para a xestión integralmente dixital dos procesos administrativos neste ámbito

Ao longo de 2025 realizáronse actuacións específicas na plataforma **Rexistro Único Empresarial (RUE)** nos distintos rexistros xestionados.

En canto aos procedementos relacionados co **Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais**, desenvóléronse ferramentas para facilitar a xestión dixital de procedementos onde se estima un volume importante de solicitudes, melloras e evolucións do fluxo de tramitación de proxectos e o desenvolvemento do procedemento para a solicitude de condición de interesado que será publicado a comezos do 2026.

No **ámbito do "Rexistro industrial"**, levouse a cabo o desenvolvemento e implantación de diversos procedementos e a actualización visual e tecnolóxica dos formularios de procedementos de industria que serán publicados durante o 2026.

No **ámbito do "Censo do Solo Empresarial"**, prepárase o novo censo do solo industrial.

No **ámbito do "Rexistro mineiro"**, destaca a creación do rexistro de municipios mineiros.

No **ámbito dos "Seguimentos ambientais"**, executáronse melloras na visualización da información e na simplificación do formulario de presentación.

No **ámbito de "Igualdade"**, levouse a cabo o desenvolvemento do procedemento de Obtención e renovación da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade para a súa tramitación dixital.

Así mesmo desenvóléronse melloras e novas funcionalidades comúns a toda a plataforma do Rexistro Único Empresarial.

### 4.2.8.2. Mapa industrial de Galicia

En 2025 continuou a construción do **mapa industrial de Galicia**, que viu ampliados os seus subprodutos con novas ferramentas de análise e visualización.

Neste senso, desenvolveuse a ferramenta do **censo de solo industrial**, créanse cadros de mando de **indicadores socioeconómicos** e creouse un **visor de parques empresariais**.

### 4.2.8.3. Dixitalización dos procedementos do ámbito de comercio

Neste ámbito destacan dúas liñas de actuación:

- ♦ A continuación co proceso de dixitalización integral das convocatorias de axudas ao sector comercial e artesanal, utilizando a plataforma corporativa w@nda.
- ♦ A posta en marcha do **novo portal** orientado ao sector do comercio (<https://comercio.xunta.gal>).

### 4.2.8.4. Evolucionar o sistema integral de xestión do Instituto Galego de Consumo e Competencia.

O sistema integral de xestión do **Instituto Galego do Consumo e da Competencia, MARCO**, constitúese como unha plataforma para a xestión dos procesos do IGCC e das entidades relacionadas. O seguinte mapa recolle o seu alcance funcional:



As liñas de evolución acadadas no sistema en 2025 atinxen aos distintos módulos do sistema e destacan, entre outros, a incorporación de novos tipos de laudo ou a Integración con Notifica.gal para a comunicación da Mediación a empresas non adheridas a arbitraje, a incorporación da funcionalidade de expediente dixital para a carga e organización de documentación dun expediente sancionador, a incorporación da xestión de empresas dadas de baixa ou a posibilidade de consulta

de documentación de arquivo por parte de empresa e reclamante subida no sistema MARCO.

Adicionalmente levaronse a cabo melloras tecnolóxicas para facilitar a interoperabilidade ou a integración coa sede electrónica.

Tamén no 2025 púxose a disposición da cidadanía, en xullo, o novo portal do IGCC (consumo.xunta.gal) ofrecendo unha experiencia máis moderna, accesible e eficiente.

#### 4.2.9. Outros ámbitos sectoriais

Este programa persegue o desenvolvemento e posta en marcha dos sistemas que permitan a xestión dixital dos procesos de **coordinación interna da administración pública**, e de funcionamento de diversos rexistros vinculados á Presidencia, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte, e a modernización dos sistemas de información vinculados a diversos ámbitos sectoriais da administración pública galega (deporte, emigración, interior,...). Destacan en 2025 as seguintes actuacións:

- ◆ No relativo a renovación de **diversos sistemas transversais**:

- ◆ En canto ao **Sistema de xestión da documentación das sesións da Comisión de Secretarios e do Consello da Xunta**, traballouse ao longo deste ano en dúas liñas que foron a migración completa da información histórica dende aplicación anterior ao novo sistema, preservando a continuidade do servizo e a preservación do histórico de sesións, acordos e documentación asociada, e por outra banda a evolución funcional do visor de Comisión e Consello, para mellorar a experiencia de usuario. A finais do 2025, en canto a este visor, está pendente a corrección de detalle de usabilidade. Como indicadores de uso, sinalar que xestionáronse, por medio de este sistema máis de 1.000 asuntos e máis de 7.000 documentos.

- ◆ Continuouse co soporte, evolución e mantemento do **Sistema de xestión de gabinetes que facilita a operativa cotiá do traballo dos gabinetes**. Durante o 2025 abordouse unha evolución funcional do sistema para mellorar a xestión de contactos e reforzar os mecanismos de interacción entre gabinetes, incorporando funcionalidades para a xestión de peticións e traslados de asuntos entre distintos gabinetes. Tamén se desenvolveu un módulo de consulta de datos históricos, co obxecto de facilitar o apagado do sistema substituído. Durante este ano implantouse o sistema nos

gabinetes da Secretaría da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e na Secretaría da Consellería de Economía e Industria.

- ◆ O **sistema de Xestión do Parque móbil** foi obxecto dunha renovación en profundidade, concibido para dar respostas ás necesidades de xestión de vehículos do parque móbil. Este sistema incorpora e amplía a funcionalidade ofrecida polas aplicacións PARMOB, do ámbito de Presidencia e PAMOB do ámbito de Medio rural, Medio Ambiente e Mar. Durante o 2025 deseñouse e desenvolveuse un produto mínimo viable que da resposta aos distintos modelos organizativos e operativos ao contemplar un modelo de parametrización flexible. Desenvolveuse unha aplicación móbil en Android, que permite o rexistro de rutas por parte de usuarios, emprega tecnoloxías de xeolocalización e incorpora mecanismos de sincronización que permiten o emprego en condicións de baixa cobertura. A finais do 2025 planificouse o piloto para a implantación, cun conxunto de 70 usuarios (a día de hoxe en curso). O obxectivo deste piloto era garantir o aliñamento da funcionalidade atendida pola aplicación coas necesidades dos usuarios e comprobar a usabilidade da mesma.

- ◆ En canto ao **Sistema Integral de Xestión da Asesoría Xurídica (SIXAX)** continuáronse as tarefas de soporte e evolución, en particular melloras na usabilidade do sistema, melloras na Xestión interna dos Procedementos e melloras na exportación de listaxes, coa incorporación de novos formatos, e a reestruturación e mellora dos filtros de busca dispoñibles no sistema. A pedimento da Asesoría Xurídica traballouse na mellora da Xestión de ausencias de letrados e notificacións internas.

- ◆ No ámbito da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte:

- ◆ **No sistema de xestión de solicitudes de recoñecementos** médicos rexistráronse máis de 9.900 solicitudes de empregados da Xunta e Administración de Xustiza en Galicia e máis de 10.500 solicitudes de persoal docente e non docente na campaña de vixiancia da saúde en Educación para o curso académico 2024-2025. Abordouse a evolución do sistema para cubrir as necesidades funcionais das unidades usuarias, entre elas a tramitación das solicitudes de adaptación do posto de traballo.
- ◆ O sistema para a xestión de preguntas parlamentarias é o encargado de levar a cabo a xestión dos procesos que se realizan dende a **Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias** como ponte de comunicación entre o goberno da Xunta de Galicia e os diferentes grupos parlamentarios. Durante o ano 2025 leváronse a cabo tarefas evolutivas co fin de mellorar as capacidades de desempeño do persoal e a xestión do dato facilitando a clasificación das iniciativas segundo a súa taxonomía, a través da modificación múltiple en temas, materias e etiquetas e a cualificación de entrada das iniciativas achegadas dende Parlamento mediante o envío de follas de cálculo pre cargadas. No Rexistro de convenios realizáronse tarefas de mantemento orientadas a mellorar e axilizar as tarefas de tramitación. A finais do 2025 retomáronse os traballos de desenvolvemento dunha nova solución para a sestión de iniciativas parlamentarias, cun horizonte de 12 meses e deseñado para substituír paulatinamente ao sistema actual. A primeira fase concluíu cun módulo de explotación de datos parametrizable, con capacidades avanzadas de consulta, análise e explotación de información.
- ◆ No ano 2025 continuouse coa evolución funcional e tecnolóxica do sistema de xestión de habilitacións, que permite a xestión de gastos a xustificar do capítulo 2. Entre outras, actuouse no rexistro e almacenamento de facturas, xestión de gastos e ingresos, traspasos de fondos, xestión das xustificacións, emisión dos modelos a enviar á AEAT e consultas de saldos. O fito máis salientable é o módulo de dietas e locomocións que permite a xestión, por parte das habilitacións dos gastos incorridos nas comisións de servizo. En decembro de 2025 había máis de 310 usuarios do sistema en 145 habilitacións e rexistráronse no sistema máis de 38.300 facturas
- ◆ No ámbito da **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior**, continuaron os traballos de evolución e mantemento do Sistema

Integrado de Protección Civil. Durante este ano desenvolveuse e púxose en marcha un piloto da aplicación móbil para as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, fixéronse melloras nos procesos de notificación de altas e baixas de voluntarios, nas consultas dos plans de autoprotección (con xeolocalización), así como a consulta dos plans de autoprotección por parte dos membros dos corpos de seguridade que se identifican co certificado profesional. Tamén se comenzaron os traballos de análise para incorporar os Plans de Emerxencia Municipal e a provisión do rexistro de condecoracións

- ◆ Un dos fitos máis salientables é a entrada en funcionamento da nova aplicación e a renovación do portal da Academia Galega de Seguridade Pública. A nova aplicación de xestión mellora funcionalidades como a xestión de faltas de asistencia, xestión de aulas e localizacións externas, melloras na xeración de informes. Con este sistema no 2.025 xestionáronse máis de 500 actividades formativas, e máis de 28.200 solicitudes de acceso a cursos.
- ◆ Continuouse coa evolución do sistema de Xestión das unidades da Policía Autonómica (XESUPA), entre elas a renovación tecnolóxica do software de base, desenvolvemento dun novo módulo de drones, un novo módulo de gratificacións e cambios e melloras en varios informes xerados pola aplicación. A estas tarefas hai que engadir as derivadas do soporte a usuarios.
- ◆ Continuouse tamén coa evolución do Rexistro de Policía Local Galegas. O ámbito máis salientable foi a integración coa nova versión de Notifica e a migración a unha nova versión do xestor de base de datos ademais de algunha mellora funcional solicitada polas unidade usuarias.
- ◆ No ámbito da Dirección Xeral de Administración Local, en 10/2025 formalizouse o contrato para a prestación do servizo de evolución, soporte especializado e dinamización do portal EidoLocal. No 2025 traballouse no desenvolvemento do portal EidoLocal.gal, en concreto na evolución do novo portal en Liferay. En canto á dinamización do portal, durante o ano 2025 déronse de alta 1.260 novos usuarios e fixéronse máis de 4.000 publicacións en redes sociais (Facebook e X) ademais da publicación de 279 noticias e 158 eventos na sección de actualidade e 2.211 publicacións de ofertas de emprego das entidades locais. En canto ao persoal de Entidades Locais, dende a oficina eConcellos,

en coordinación coa área de Infraestruturas, fixéronse 4 xornadas de sensibilización e formación sobre ciberseguridade ás que asistiron máis de 490 persoas.

- ◆ No ámbito da **Dirección Xeral de Xustiza**: En maio do 2025 houbo o arranque do novo sistema de Rexistro de Parella de Feito, que permite a tramitación dixital das solicitudes de inscrición no rexistro autonómico de parellas de feito (procedementos PR212A/B/C/D/E). No ano 2025 recibíronse máis de 5.000 solicitudes telemáticas e máis de 3.300 presencias, resolvéronse máis de 6.300 expedientes, emitíronse máis de 3.500 certificados, asináronse máis de 9.700 documentos e enviáronse máis de 8.400 notificacións. O fito máis destacado foi acadar a certificación de conformidade co Esquema Nacional de seguridade de nivel medio. Ademais:
- ◆ Continuáronse os traballos de soporte, evolución e mantemento do Sistema de xestión da Asistencia Xurídica gratuita (AXGnet). Destaca a superación da auditoría para a certificación de nivel alto de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade e a homologación (en abril do 2025) da integración con Lexnet, que está en fase piloto na comisión de AXG de Ourense. Durante o 2025 tramitáronse máis de 50.000 expedientes de recoñecemento e enviáronse a través de [Notifc@gal](mailto:Notifc@gal) máis de 57.000 notificacións, por medio deste sistema.
- ◆ En canto ás aplicacións de xestión de Recursos Humanos (Rexistro de Persoal da Administración de Xustiza e a Oficina de Persoal da administración de Xustiza) o fito máis destacado foi acadar a certificación de conformidade co Esquema Nacional de seguridade de nivel medio. Fixéronse avances nas solicitudes de cambio de situación administrativa e solicitudes de permisos licenzas e vacacións, ademais do desenvolvemento dos servizos web de integración entre as aplicacións de xestión de recursos humanos. Houbo tamén, a finais do 2025 as xornadas de formación co persoal da Dirección Xeral e das delegacións territoriais. Con estes sistemas xestionáronse máis de 68.300 solicitudes e tramitáronse máis de 7.400 dilixencias por parte dos xestores das delegacións territoriais.
- ◆ Hai que destacar, no ámbito das aplicacións de xestión de Recursos Humanos os traballos derivados da entrada en vigor da lei Orgánica 1/2025 de 2 de xaneiro, de medidas en materia

de eficiencia do Servizo Público de Xustiza (NUMO), que implicou a reasignación do persoal ás novas unidades organizativas. Esta adecuación implicou o desenvolvemento de utilidades para a xestión dos cambios, entre outras o mapeo do persoal dende as antigas unidades ás novas, creación da documentación, envío a Portasinasaturas e Notifica e envío de parte de modificación de prazas ao Cixtec.

- ◆ No ámbito da **S.X. para o Deporte**, no ano 2025 continuouse coa evolución e soporte do Rexistro de entidades deportivas, púxose en marcha o novo sistema de Rexistro de Entidades deportivas no que se tramitaron máis de 7.200 solicitudes telemáticas, rexistráronse máis de 3.400 asentos, emitíronse máis de 2.200 certificados e enviáronse máis de 11.600 notificacións. Traballouse na evolución e mantemento da plataforma XOGADE (xogos galegos en idade escolar), realizando cambios como: as adaptacións necesarias pola incorporación dunha nova mutua, e melloras funcionais orientadas ás federacións e Concellos. Tamén se traballou na modernización do frontal para facilitar os traballos de mantemento e diversas melloras que afectan á seguridade do sistema.
- ◆ En canto á **Fundación Deporte Galego**, traballouse na evolución e mantemento das aplicacións de xestión. No caso de ACTFIS (plataforma de xestión de fomento da actividade física, deportiva e saudable), incorporáronse máis de 4.000 novas instalacións, traballouse na evolución tecnolóxica da plataforma e houbo melloras de usabilidade. Tamén se fixeron traballos de evolución e mantemento dos no caso de DAFIS (plataforma galega para a valoración da condición física saudable) o fito máis destacado foi a integración con IANUS e o comezo dos traballos de desenvolvemento do sistema para completar a funcionalidade do sistema.
- ◆ No caso da **S.Xeral de Emigración**, dependente da Consellería de comercio, emprego e emigración:
  - ◆ Continuou a evolución e dinamización continuada do seu espazo de referencia (<https://emigración.xunta.gal>), e a app para dispositivos móbiles.
  - ◆ En canto a BOLEGA, sistema no que de presentación das solicitudes de "Bolsas de Excelencia da Mocidade Exterior (BEME)" continuáronse as tarefas de evolución tecnolóxica, houbo melloras de usabilidade e unha revisión dos fluxos de tramitación, para adecualos ás necesidades da unidade funcional



de referencia. O sistema tramitou máis de 3.700 solicitudes.

- ◆ Durante o ano 2025, a través da sede da Xunta e identificación por medio de Chave 365 as entidades colaboradoras no exterior presentaron máis de 8.000 solicitudes do PR925A, que foron xestionadas coa ferramenta de tramitación Wanda.
- ◆ En canto a REXGAL, aplicación que xestiona o rexistro de galeguidade, fíxose un redeseño da sección de patrimonio das entidades, permítese a xeración automática da memoria trimestral e o modelo de certificación nominal de persoas socias, así como un módulo que permite ver o estado da carga de actividades por parte das entidades. Traballouse nunha nova sección de informes, a pedimento da Subdirección Xeral.
- ◆ No ano 2025 continuáronse as tarefas de evolución e soporte de Xofre, ferramenta que permite a xestión e seguimento das actividades das oficinas de asesoramento e seguimento ao retorno.

- ◆ En canto ao sistema de xestión de xogo, que da servizo á **SX de Xogo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda**, cabe sinalar a obtención do certificado de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade de categoría media. Outras liñas de traballo abordadas no 2025 foron:

- ◆ Integración con Notificav4.
- ◆ Diversas melloras funcionais na xestión de varios procedementos, entre elas adaptación do procedemento PR327A para rexistrar a información da subrogación da Autorización de Instalación e Localización.
- ◆ A finais de ano púxose en funcionamento o módulo de consulta destinado aos inspectores.
- ◆ Continuou o traballo de desenvolvemento do módulo de xestión de actas, en fase de piloto para garantir o aliñamento das funcionalidades coas necesidades das tarefas de inspección.
- ◆ Traballouse no desenvolvemento, a pedimento da SX de Xogo, dun módulo de comunicación de avarías, que permita o envío dende o portal de empresas.



## OBXECTIVO III. GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS

### 4.3.1. Medidas de continuidade de servizo de infraestruturas de sistemas

#### 4.3.1.1. Manter e evolucionar as plataformas de backup corporativa, almacenamento, servidores e virtualización para a Xunta de Galicia

Durante o exercicio 2025 desenvóléronse actuacións clave orientadas a garantir a continuidade operativa, a escalabilidade e a evolución das **infraestruturas corporativas de almacenamento e backup da Xunta de Galicia**, reforzando a súa capacidade de resposta ante novas necesidades de servizo e incrementos de demanda.

Destacan as seguintes actividades executadas neste 2025:

- ◆ Publicación do Acordo Marco para a subministración de sistemas de almacenamento de bloque.
- ◆ Tramitación de 3 contratos derivados para a renovación das infraestruturas de almacenamento de bloque.
- ◆ Tramitación de un contrato derivado para adquisición de equipamento para a prestación dun servizo de almacenamento tipo S3.
- ◆ Formalizouse un contrato para a ampliación do soporte da plataforma corporativa de copias de seguridade corporativas.

#### 4.3.1.2. Desenvolver o Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia

Ao longo de 2025 desenvóléronse actuacións orientadas a garantir a continuidade, consolidación e evolución do **Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia**, cun especial foco na unificación de recursos e na mellora da calidade do servizo prestado ás distintas áreas sectoriais.

- ◆ Licitación dun contrato ponte para a administración do CPDi.
- ◆ Formalización da prórroga do contrato anterior garantindo a prestación ininterrompida dos servizos.

- ◆ Licitación do novo contrato de administración de CPDi (SS2).
- ◆ Formalizouse a prórroga do contrato da Oficina Cloud.
- ◆ Realizouse unha enquisa de satisfacción dirixida aos usuarios dos servizos ofrecidos polo Departamento de Sistemas.

#### 4.3.1.3. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de administración das plataformas de correo electrónico corporativas

Dentro do alcance das actividades realizadas en 2025, desenvóléronse actuacións clave orientadas a garantir a continuidade, a estabilidade e a evolución tecnolóxica das **plataformas corporativas de correo electrónico da Xunta de Galicia**, en coherencia co Plan de Acción definido para este exercicio.

Durante o exercicio 2025, a actuación máis destacada neste ámbito foi a **renovación da infraestrutura da plataforma Microsoft Exchange**, mediante a subministración de novo equipamento composto por servidores con capacidade de almacenamento.

A xestión das plataformas de correo electrónico durante 2025 continuou incluíndo a supervisión dos niveis de servizo, a monitorización permanente dos sistemas e a aplicación de medidas preventivas orientadas a garantir a seguridade, a confidencialidade e a dispoñibilidade da información transmitida a través do correo electrónico.

As actuacións desenvolvidas en 2025 no ámbito da administración das plataformas de correo electrónico corporativas permitiron garantir a continuidade do servizo, mellorar a súa base tecnolóxica e reforzar a súa capacidade de evolución, ofrecendo aos usuarios da Xunta de Galicia un servizo de correo electrónico fiable, eficiente e alineado coas necesidades actuais e futuras da organización.

#### 4.3.1.4. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas

No marco das actuacións do exercicio 2025 desenvolvéronse varias delas orientadas a garantir a dispoñibilidade, continuidade e evolución do soporte do conxunto de **solucións software e ferramentas tecnolóxicas** necesarias para a correcta administración das **plataformas e sistemas corporativos da Xunta de Galicia**.

Destacan as seguintes actuacións;

- ◆ No marco do correspondente Acordo Marco, tramitáronse e formalizáronse contratos derivados para a renovación das licenzas de Red Hat.
- ◆ Formalizouse a prórroga dos catro lotes do contrato de paquetes de software Enterprise.
- ◆ Tramitouse e formalizouse o contrato para a subministración dos paquetes de subscripción e actualización de licenzas de software de monitorización e analítica de datos.
- ◆ Tramitouse e formalizouse o contrato destinado á subministración de licenzas de actualización e soporte de produtos Oracle.
- ◆ Formalizouse o contrato para a subministración dos paquetes de subscripción e actualización de licenzas de software base das plataformas corporativas de arquitecturas orientadas a servizos (SOA).
- ◆ Iniciouse a tramitación do expediente do Acordo Marco para a subministración e actualización tecnolóxica de software de virtualización de servidor para a Xunta de Galicia.
- ◆ Tramitáronse durante 2025 tres contratos derivados, orientados tanto á renovación como á ampliación de licenzas en distintas entidades da Xunta de Galicia.

#### 4.3.1.5. Desenvolver o servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos

Como parte das liñas estratéxicas das actividades realizadas en 2025, continuáronse desenvolvendo actuacións orientadas á **coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe dos proxectos e infraestruturas tecnolóxicas** da Xunta de Galicia, mantendo unha liña de continuidade respecto aos exercicios anteriores e reforzando aqueles aspectos clave para garantir o correcto desenvolvemento das iniciativas en curso.

A realización de actividades de **monitoraxe e seguimento do avance dos proxectos activos**, continuou a ser unha tarefa fundamental para asegurar o cumprimento dos plans establecidos e dos obxectivos marcados.

A **monitoraxe dos sistemas e infraestruturas tecnolóxicas** mantívose como un elemento clave do servizo, permitindo asegurar o correcto funcionamento das plataformas, a detección proactiva de incidencias e a resposta áxil ante posibles problemas.

Así mesmo, continuouse co seguimento e actualización do Plan de Continuidade dos Servizos de Infraestrutura da administración dixital, garantindo a súa vixencia e adecuación ás necesidades reais da contorna tecnolóxica.

Como elemento diferencial no exercicio 2025, procedeuse á licitación e adxudicación do contrato da Oficina de Apoio destinado a reforzar as tarefas de soporte técnico, coordinación, xestión e apoio operativo asociadas ao servizo de administración de sistemas do CPDi.

#### 4.3.1.6. Continuar coa incorporación de infraestruturas de última xeración nos CPDs da Xunta de Galicia, que permitan a mellora da dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

Durante o exercicio 2025 continuouse avanzando na **renovación e ampliación das infraestruturas tecnolóxicas dos Centros de Procesamento de Datos (CPDs)** da Xunta de Galicia, coa incorporación de equipamento de última xeración orientado a mellorar a dispoñibilidade, a seguridade e a capacidade de resposta dos servizos públicos dixitais.

Estas actuacións centráronse principalmente no reforzo da infraestrutura de computación:

- ◆ Tramitación de 5 contratos derivados para a renovación de servidores hiperconverxentes e standalone.
- ◆ Incorporación dunha nova plataforma de virtualización baseada en software libre, como alternativa á plataforma de virtualización empregada
- ◆ Reforzo global da infraestrutura de computación dos CPDs

#### 4.3.1.7. Manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da AMTEGA

Dentro do alcance das actividades realizadas en 2025, continuouse co desenvolvemento e consolidación das **actuacións orientadas a manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da Amtega**, mantendo unha liña de continuidade respecto aos exercicios anteriores.

Ao longo do ano realizouse un esforzo sostido para **incrementar o grao de automatización dos sistemas**, así como para asegurar o mantemento e soporte das automatizacións xa existentes. Estas actuacións tiveron como obxectivo principal mellorar a eficiencia operativa, reducir a posibilidade de erros humanos e optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

Co fin de garantir a correcta evolución deste modelo, continuouse coa **identificación de procesos susceptibles de automatización**, priorizando aqueles cun maior impacto operativo ou cunha elevada carga manual.

No ámbito da **capacitación técnica**, mantívoase a formación dos equipos de Sistemas en tecnoloxías de contedores, reforzando os coñecementos necesarios para a súa correcta administración.

Así mesmo, continuouse co desenvolvemento e mantemento de **roles e playbooks de automatización**, que permiten definir e executar tarefas de maneira estandarizada e reproducible.

Durante 2025 mantívoase tamén o **servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos**, incluíndo o seguimento das actuacións da Oficina de Apoio de Infraestruturas. Este servizo resultou clave para asegurar que as iniciativas se desenvolvesen conforme aos plans establecidos e para facilitar a coordinación entre os distintos equipos implicados.

No ámbito da difusión e transferencia de coñecemento, continuáronse realizando **actividades de divulgación e capacitación**, incluíndo accións de consultoría DevOps, iniciativas relacionadas con tecnoloxías emerxentes e sesións formativas sobre distintas solucións tecnolóxicas empregadas pola organización.

Finalmente, realizáronse de maneira continuada **reunións e actividades de coordinación**, tanto a nivel interno da Área como cos distintos grupos e xerencias ás que se presta servizo.

### 4.3.2. Medidas de calidade e Arquitecturas de aplicacións

#### 4.3.2.1. Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia

Ao longo do ano 2025 realizouse unha revisión continua das **arquitecturas de aplicacións dos sistemas da Amtega**. As principais accións levadas a cabo foron:

- ◆ Soporte para a definición da arquitectura física e implantación de novas plataformas nas que o departamento actúa como promotor, a migración das mesmas xunto coa actualización das aplicacións, garantir a estabilidade das contornas, incorporar ferramentas de automatización no eido do desenvolvemento e administración, etc.
- ◆ Dinamización e divulgación das plataformas corporativas.
- ◆ Soporte e dinamización da actualización das arquitecturas das aplicacións, especialmente as arquitecturas dos proxectos complexos.
- ◆ Revisións técnicas dos novos proxectos da Amtega, especialmente da arquitectura técnica.

- ◆ Polo procedemento de publicación revisáronse 4.059 solicitudes en produción e 2.073 en preproducción.
- ◆ Impulso e difusión en seminarios, comités e procedementos do modelo de xestión de débeda técnica nos proxectos.
- ◆ Soporte aos equipos de proxecto nos estándares, procedementos, ferramentas e plataformas corporativas da Amtega, principalmente naquelas nas que o departamento actúa como promotor.
- ◆ Soporte á migración das plataformas legacy da organización a tecnoloxías innovadoras.
- ◆ Soporte cercano á evolución dos proxectos singulares da organización. Incorporación de auditorías en diferido.

Ao longo do ano 2025, continuouse **fomentando o uso da plataforma de integración continua** para os proxectos de desenvolvemento da Amtega, así como traballando na evolución da mesma. Entre as tarefas cómpre destacar:



- ◆ Incorporación de **GITLAB community** á plataforma de integración continua. Migración de proxectos ao novo sistema.
- ◆ Incorporación de **proxectos Liferay** e aplicacións Android á plataforma de integración continua.
- ◆ Actualización da **versión de Liferay**.

#### 4.3.2.2. Evolucionar as arquitecturas das plataformas e implantación das plataformas que dan soporte ás aplicacións da Xunta de Galicia

No ano 2025 realizáronse as seguintes tarefas e actividades relacionadas coa **implantación e evolución das plataformas que dan soporte ós grandes proxectos**:

- ◆ Actualización da plataforma de reporting corporativo.
- ◆ Actualización da versión maior de Nexus nas contornas produtivas.
- ◆ Actualización de Sonar á nova versión na contorna de ciclo de vida.
- ◆ Actualización da plataforma para a documentación de proxectos.
- ◆ Actualización da ferramenta para a elaboración de probas funcionais na organización.
- ◆ Implantación dun servizo transversal para o rexistro da actividade das aplicacións.
- ◆ Implantación dunha plataforma de streaming de datos corporativa, inicialmente a utilizar no rexistro de actividade.
- ◆ Continuación coa migración dos proxectos ás novas versións de Api Manager e ESB da plataforma SOA. Actualización da plataforma para traballar nun orquestrador de contedores.
- ◆ Gitlab: substitucións da versión empresarial por unha versión community sen necesidade de licenza.
- ◆ Continuación co soporte á implantación da plataforma de contedores. Modelo de desenvolvemento, monitorización (openTelemetry) e despregue. Dinamización da incorporación de proxectos a esta plataforma.
- ◆ Soporte á actualización da plataforma de Seguridade para a identificación e xestión de permisos dos usuarios.
- ◆ Soporte á plataforma de xestión de eventos en modo activo-activo. Paso a contorna produtiva.
- ◆ Actualización e soporte da plataforma CAS (Central Authentication Service).

- ◆ Actualización e incorporación de melloras no portal de divulgación TIC corporativo: XuntaTIC. Incorporación de cursos gravados.
- ◆ Soporte á implantación da plataforma de caché REDIS. Estandarización e modelo de uso.
- ◆ Soporte á plataforma Dependency-Track. Actualización e divulgación no ámbito da seguridade de aplicacións.
- ◆ Soporte á implantación de ferramentas de monitorización de sistemas e aplicacións: Kibana, Grafana, Prometheus. Dinamización para a incorporación de proxectos.
- ◆ Soporte á ferramenta para a xeración dos compromisos de confidencialidade que se manexan na organización.
- ◆ Soporte ao desenvolvemento e mantemento dos arquetipos, compoñentes transversais e servizos reutilizables entre aplicacións: seguridade, mestras, informes, escaneo de antivirus, xestión de colas, notificacións, etc.
- ◆ Soporte o desenvolvemento e mantemento de automatizacións baseadas en Maven e Ansible: despregue de proxectos GIS, alta dun proxecto nas contornas e ferramentas corporativas (CAS, ApiM, AMQ, JRS, Sonar, etc).

#### 4.3.2.3. Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos

No ano 2025, no eido das **Arquitecturas de aplicacións e Calidade, fixéronse 50 incorporacións de estándares e procedementos**, entre novos contidos e actualizacións dos existentes. Estes estándares e procedementos serven de base para a revisión das arquitecturas técnicas no desenvolvemento de aplicacións. Realizáronse as seguintes tarefas e actividades:

- ◆ Apoio e coordinación da estandarización e organización nos diferentes ámbitos da operación da Amtega.
- ◆ Actualización e revisión de procedementos e estándares de calidade e definición doutros novos.
- ◆ Revisión e actualización dos estándares técnicos existentes. Elaboración de novos estándares técnicos no ámbito da arquitectura e desenvolvemento de aplicacións.
- ◆ Realización de seminarios e talleres divulgativos dos procedementos e estándares da Amtega, así como a coordinación de seminarios con fabricantes.

- ◆ Dinamización do Comité de Arquitectura de Aplicacións.
- ◆ Dinamización e revisión dos arquetipos do repositorio de compoñentes software transversal na Amtega.
- ◆ Coordinación do procedemento de revisión de pregos TIC de organismos non integrados na Amtega. No ano 2025 revisáronse 82 pregos de entidades non integradas, o dobre que o ano anterior.

#### 4.3.2.4. Implantar a certificación de normas de calidade nos procesos corporativos

No ámbito da implantación e certificación de normas de calidade nos procesos corporativos, realizáronse as seguintes tarefas e actividades:

- ◆ Apoio á certificación nas auditorías externas ó departamento: ENS, FOGGA, etc.
- ◆ Apoio á implantación de procesos ITIL na Amtega.
- ◆ Colaboración para o mantemento da certificación ISO 9001:2015, realizando tarefas como a auditoría anual externa de seguimento da certificación, a valoración da inclusión nos procesos certificados doutros procesos da Amtega e a coordinación das actividades de seguimento por parte da Dirección.
- ◆ Continuación do despregamento do sistema de xestión de calidade na Amtega coa inclusión

de novos procesos e definición de indicadores, evolución dos procesos xa integrados no sistema de xestión, realización de auditorías internas e coordinación da auditoría externa, definición e recollida de indicadores, realización de enquisas de satisfacción, etc.

- ◆ Seguimento dos seguintes procesos no Sistema de Xestión da Calidade: Xestión de incidencias de Alto Impacto, Alta de Novos Proxectos e Implantación de Sistemas internos do Departamento de Interoperabilidade e Servizos Dixitais.
- ◆ Actualización do portal de divulgación XuntaTIC.
- ◆ Dinamización do portal XuntaTIC.
- ◆ Dinamización de melloras no eido da xestión de contratos da Axencia.

#### 4.3.2.5. Dinamizar o proceso de xestión da configuración

Realizáronse as seguintes tarefas e actividades:

- ◆ Coordinación da xestión de compromisos de confidencialidade na organización con 1.292 acordos xestionados no ano 2025.
- ◆ Auditoría anual da CMDB. Coordinación do comité de xestión da configuración. Creación de novos elementos de configuración (Compoñente Software, Servizo de Xestión de Información Xeográfica, etc) e actualización dos existentes.




## A SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS EN CIFRAS

### Infraestructuras e sistemas da Xunta de Galicia


#### Equipamento de almacenamento e backup corporativo

- 1 **Acordo Marco** publicado para a subministración de almacenamento de bloque.
- 5 **lotes** incluídos no Acordo Marco, cubrindo plataformas principais, secundarias, backup, rede de fibra e almacenamento de longa duración.
- 3 **contratos** derivados formalizados para a renovación de infraestruturas de almacenamento.
- 6 **cabinas de almacenamento** despregadas para a prestación do servizo S3.
- 7.942 **TBs de capacidade** bruta incorporada ao clúster de datos fríos.
- 16 **meses adicionais de soporte** garantidos para a plataforma corporativa de backup.

#### Servizos de administración das Plataformas de Correo Electrónico corporativas



- Preto de **22.000 contas de correo electrónico** persoais migradas á nova infraestrutura.
- **Porcentaxe de buzóns** de correo xestionados (Dec/2025)



#### Ocupación en disco: 186 TB

- Xunta: 105 TB
- Educación: 79 TB
- Xustiza: 2 TB

#### Servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas

- 7 **entidades** da Xunta de Galicia incluídas na **renovación global de licenzas Microsoft**.
- **Renovación de licenzas Microsoft por 3 anos**, garantindo cobertura ata maio de 2028.
- Formalización do novo contrato para o soporte e actualización das licenzas corporativas baseadas en software libre.
- Formalización do novo contrato para o soporte e actualización das licenzas de backoffice e servidor.
- Formalización do novo contrato para o soporte e actualización das licenzas de Base de Datos.

### Servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos

35 Servizos Monitorizados:

- Clusters ElasticSearch: 7
- Cluster HHTT:
  - Aplicacións transversais: 5
  - 16 Aplicacións

### Servizo de incorporación de infraestruturas de última xeración nos CPDs

- **5 contratos** derivados destinados á adquisición de servidores.
- **83 servidores standalone** adquiridos para distintos proxectos estratéxicos.
- **30 servidores** adicionais adquiridos para a creación dun clúster de virtualización baseado en software libre.
- **1 nova plataforma de virtualización** alternativa incorporada aos CPDs.
- **Tarxetas Fibre Channel de 32 Gbps** subministradas para a integración coa infraestrutura de almacenamento.
- **100% Subministración** da nova infraestrutura de servidores para a actualización das plataformas corporativas de bases de datos.

### Calidade e Arquitectura de Aplicacións

**1 procesos** incorporados no SXCAL Amtega. ●

**Revisións técnicas** de proxectos da Amtega: **1.082 etapas** de procedemento de auditoría revisadas. ●

**Revisión por procedemento** de publicación de **4.059** solicitudes en produción e **2.073** en preprodución. ●

**Revisáronse 82 pregos** de entidades non integradas. ●

**50 procedementos, estándares, normativas actualizados** ou creados no ámbito de Calidade e **Arquitecturas de Aplicacións**. ●

**91,1% Porcentaxe de auditorías técnicas** resoltas en menos de 7 días. ●



**92,07% Porcentaxe de novos proxectos** na plataforma de integración continua corporativa, salvo os proxectos herdados, adquisicións e aplicacións móbiles. ●

No ano **2025** celebráronse **4 sesións do comité de arquitecturas**. ●

Tramitación de **1.617 acordos de confidencialidade**; 1.594 acordos persoais e 23 acordos de organización. ●

**2 Enquisas de satisfacción** dos usuarios dos servizos da Amtega realizadas. ●

Expandiuse o **Sistema de Xestión da Calidade** coa inclusión, monitorización e definición de indicadores específicos para 3 procesos críticos: Xestión de incidencias de Alto Impacto, Alta de Novos Proxectos e Implantación de Sistemas internos de Interoperabilidade. ●

## Estratexia Cloud



- 100% de despregamento dunha contorna de Landing Zone en cloud pública.
- 5 Seminarios realizados relacionados con cloud privado e cloud público.
- Pilotos arrancados e xestionados, indicando cantos son de IA: 11
- Implantación de **copias de seguridade** na nube pública.
- Inicio de **piloto de migración de contornas de xestión** de AMTEGA á nube pública co fin de mellorar a dispoñibilidade ante problemas nos CPD locais.

## Soporte e evolución de redes corporativas



## Plan Director de seguridade TIC



**433 actividades de Formación/concienciación** realizadas neste ano.



**1.007 Auditorías** de seguridade realizadas no 2025.



**14 políticas, normas e procedementos** actualizados ou creados neste ano.



**1 Auditoría de certificación** de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade.



**1 Licitación** da nova plataforma SIEM.



**5 Indicadores adicionais** no cadro de mano de ciberseguridade específico para o ámbito da Administración de Xustiza de Galicia.



### Nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal:

**73 actividades** realizadas no marco do Nodo Ciber.gal.

- Celebración en novembro do V Encontro CIBER.gal con máis de 3.600 inscricións, a participación de 75 relatores e a implicación de case 60 entidades, e contou coa participación de 5.000 alumnos no marco do concurso Ciberseguridade no cole.
- Xornada de Ourense, Galicia cibersegura, protexendo o tecido empresarial:  
Realización dunha xornada en Ourense vinculada ao V Encontro CIBER.gal, en xuño, que acadou 150 inscricións.
- Convenio entre a Amtega e a CSAG:  
Esta colaboración permitiu acadar un impacto de 3,8 millóns de visualizacións.
- Adhesión de 7 novas entidades ao Nodo CIBER.gal:  
Estas incorporacións contribúen a seguir reforzando o ecosistema de ciberseguridade en Galicia, e a ampliar a representación empresarial, institucional e tecnolóxica.
- Grupo de Traballo de Empresas:  
Leváronse a cabo máis de 20 actividades, co apoio de máis de 30 entidades colaboradoras.
- Impartíronse 937 horas de formación especializada a través do CNTG para máis de 300 profesionais TIC, ademais de lanzar 14 cursos.
- 9 convenios e contratos en marcha para a execución do programa RETECH en ciberseguridade, cos obxectivos, entre outros, de implantar unha rede de laboratorios de ciberseguridade, reforzar a formación na materia en diferentes ámbitos e realizar campañas de concienciación.



## Plan Director de Ciberseguridade

Consolidación de rexistros de **actividades de tratamento (RATs)** e avaliacións de impacto na protección de datos (EIPDs) en 10 grandes organismos, a adecuación total desde cero de 3 novas entidades e o inicio da revisión noutras 3 consellerías clave.

**+263M** de intentos de ataque bloqueados polas plataformas de seguridade perimetral da Xunta de Galicia.

**433 actividades de formación** e concienciación durante o ano.

**15.339 incidentes de seguridade** xestionados relacionados co roubo de credenciais de persoas usuarias.

**4 grandes itinerarios de alta especialización** xunto á EGAP, destacando os Cursos Superiores en Ciberseguridade e en Protección de Datos Persoais.

Acadouse o **100%** do obxectivo anual no **Esquema Nacional de Seguridade (ENS)** cun total de 10 sistemas certificados ou renovados.

**Despregue masivo de antivirus** en servidores, logrando unha cobertura do 95% en sistemas Windows, do 81% en Linux e do 90% en contornas de nube privada (IaaS).

**756M de eventos diarios** recollidos na plataforma de xestión de información e eventos de ciberseguridade no ámbito Xunta.

**710M** de eventos diarios recollidos na plataforma de xestión de información e eventos de ciberseguridade no ámbito das entidades locais.

**Máis de 1.800 empregados públicos participantes** en cursos de ciberseguridade e protección de datos.

### 4.3.3. Estratexia Cloud da Xunta de Galicia

#### 4.3.3.1. Despregar un portal de autoprovisión baseado nunha solución cloud privada

##### EVOLUCIÓN DO MODELO DE GOBERNANZA DE CLOUD PRIVADA

No ano 2025 continuouse coa evolución e consolidación do modelo de gobernanza do cloud privado da Amtega, co obxectivo de mellorar o control, a eficiencia e a seguridade destas contornas:

- ◆ En canto ás melloras de seguridade das contornas de Infraestrutura como servizo (IaaS), avanzouse coa implantación no uso do axente antivirus, quedando o despregamento practicamente finalizado. Así mesmo, continuouse coa definición e avance da proposta de escaneos de vulnerabilidades para reforzar o control de seguridade da infraestrutura.
- ◆ Aplícase o procedemento destinado a garantir unha correcta xestión da documentación técnica dos proxectos. Revisouse a documentación dispoñible e solicitouse ás áreas responsables a actualización da referente aos proxectos IaaS, asegurando así que toda a información necesaria se atopa actualizada, consolidada e dispoñible para consulta e seguimento.
- ◆ Mantivéronse as convocatorias periódicas dos comités mensuais cos distintos grupos da Área de Infraestruturas implicados. Nestas sesións procedeuse á revisión sistemática do avance das diferentes liñas de traballo, así como a análise e valoración das propostas de evolución da contorna de cloud privada.
- ◆ Implantouse un procedemento para a avaliación de novos servizos en cloud privado baseado nun modelo de xestión de riscos, que inclúa a casuística de proxectos con características especiais.

##### EVOLUCIÓN DA CONTORNA TECNOLÓXICA DESTINADA A CLOUD PRIVADA.

- ◆ Optimizouse a capacidade e rendemento das contornas IaaS. Co fin de mellorar o rendemento e liberar carga nos IaaS de produción, procedeuse á creación dun novo cluster para os IaaS de contornas non produtivas, composto por 7 servidores novos.
- ◆ Desenvolveuse un método de estimación de custos das contornas de cloud privado, especialmente relevante ante a incorporación de novos entes ao modelo.

#### 4.3.3.2. Implantar un modelo de contratación de servizos de cloud pública

Destacan as seguintes liñas de actuación:

- ◆ Formalizáronse varios contratos derivados do acordo marco de servizos de cloud pública (formalizado en novembro 2023) destinados ao uso de servizos de cloud pública e á posta en marcha e soporte da infraestrutura de nube pública da Xunta de Galicia.

Un destes contratos ten por obxecto dispoñer de crédito para o consumo do proxecto de copias de seguridade na cloud pública da Área de Infraestrutura e Seguridade da AMTEGA, proporcionando tamén cobertura ao resto de proxectos da Área e a outras iniciativas da AMTEGA cun consumo reducido. Adicionalmente, formalizáronse outros contratos derivados, entre eles un promovido pola Xerencia de Emprego para o proxecto EMIEG (Emprego Intelixente) e outro impulsado polo SERGAS para un proxecto de analítica de datos.

- ◆ Mantivéronse reunións mensuais co adxudicatario do Acordo Marco, facendo un seguimento continuo dos avances relacionados coa implantación do Acordo Marco de Cloud Pública en Amtega.
- ◆ Asistencia a outros entes da administración galega interesados en facer uso do acordo marco de cloud pública para o despregamento de solucións en cloud pública.

#### 4.3.3.3. Implantar un modelo de gobernanza cloud soportado por unha Oficina cloud

No ano 2025:

- ◆ Publicouse o modelo de gobernanza para proxectos de cloud pública en AMTEGA cos requisitos mínimos que deben cumprir os proxectos en cloud pública na Amtega, así como outras recomendacións técnicas.
- ◆ Publicouse a FAQ cloud pública, un recurso destinado a resolver dúbidas con respecto ao proceso para solicitar un piloto, o seu paso a produción, cuestións relacionadas cos custos, responsabilidades e outros aspectos clave da xestión en contornos cloud públicos.
- ◆ Publicouse o Modelo de responsabilidades en contornos de cloud pública de Amtega.
- ◆ Realizouse a implantación en produción do backup na nube pública.

- ◆ Leváronse a cabo seminarios formativos relacionados coa cloud pública.
- ◆ Iniciáronse diversos pilotos de IA en distintos ámbitos da Xunta como: Xerencia de Medio Rural e Mar, Xerencia de Educación, Xerencia de Traballo e Oficinas de Emprego.
- ◆ Avanzouse tamén en proxectos como a evolución do proxecto EMIEG (Emprego Intelixente), impulsado pola Consellería de Emprego para o uso de IA e big data en contornas cloud, iniciouse o proxecto OEPA, orientado a dar soporte á toma de decisións estratéxicas mediante analítica avanzada, tecnoloxías Big Data e técnicas de intelixencia artificial.
- ◆ Levouse a cabo a supervisión mensual dos custos tanto dos proxectos como dos pilotos na nube.
- ◆ Mantense un comité periódico co equipo de Ciberseguridade da Amtega para revisar aspectos relativos ao despregue de proxectos e solucións en contornas de cloud pública e privada.
- ◆ Continúase realizando unha labor sistemática de monitorización e seguimento das licitacións e proxectos en curso ou previstos que poidan requirir servizos ou recursos de cloud pública.

### 4.3.4. Medidas de soporte e evolución das redes corporativas

#### 4.3.4.1. Mellorar os servizos de comunicacións da rede corporativa

Durante o ano 2025 continuouse coa execución dos traballos da Amtega para acadar unha **conectividade de mellor calidade para todos os centros administrativos e de ensino públicos**.

Ao longo de 2025:

- ◆ Incrementouse o ancho de banda dos centros conectados á rede corporativa da Xunta de Galicia.
- ◆ Avanzouse na execución do contrato para a renovación de infraestrutura de rede obsoleta do CPDI.
- ◆ Formalizouse o contrato para a renovación e ampliación da infraestrutura de transporte óptico DWDM entre CPDs da Xunta de Galicia.

#### 4.3.4.2. Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións

No ano 2025 continuouse a prestar o servizo de **mantemento da electrónica de comunicacións da rede corporativa** da Xunta de Galicia, que está incluído no contrato de telecomunicacións da rede corporativa da Xunta de Galicia.

Neste senso:

- ◆ Continuou a prestación do servizo de revisión de proxectos de infraestrutura común de telecomunicacións (ICT) en edificios de titularidade

das Administracións públicas de Galicia que se constrúan ou que sexan obxecto dunha reforma. Ao longo de 2025 emitíronse 60 informes iniciais e 44 informes finais.

- ◆ Seguiuse coa prestación do servizo de administración da rede corporativa. Ao longo do ano, desde o centro de xestión de rede atendéronse 54.769 chamadas, resolvéronse 5.327 incidencias e 11.395 peticións de servizo.

#### 4.3.4.3. Mellorar o cableado e o equipamento de comunicacións dos centros conectados á Rede Corporativa

Durante o 2025 continuouse coa **renovación da electrónica de comunicacións e ampliación da cobertura wifi dos centros** e co despregamento de cableado estruturado para a rede corporativa da Xunta de Galicia, realizándose importantes melloras na electrónica de comunicacións e no cableado de diferentes edificios administrativos, xulgados, centros de servizos sociais, centros educativos e outros.

Licitouse un novo acordo marco para a subministración de equipamento wifi e un novo acordo marco para a subministración de terminais TETRA para a Rede de Emerxencias.

Instaláronse 232 novos conmutadores e 221 puntos de acceso wifi en centros da Rede Corporativa.

## 4.3.5. Plan Director de Ciberseguridade

### 4.3.5.1. Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito

A continuación enuméranse as principais iniciativas desenvolvidas neste ámbito durante o ano.

- ◆ **Normativa transversal**
  - ◆ **Proposta de novo Decreto de boas prácticas de uso dos sistemas de información da Xunta de Galicia.**
- ◆ **Protección de datos persoais**
  - ◆ **Regulamento europeo de protección de datos persoais e LOPDGDD.**
  - ◆ **Centro de Ciberseguridade: equipo de protección de datos persoais.**
    - ◆ Continuouse coa atención de consultas en materia de protección de datos persoais, formuladas tanto por parte da Amtega coma polo resto da Xunta de Galicia.
    - ◆ Xestionáronse diferentes requirimentos realizados pola AEPD e polas Forzas e Corpos de Seguridade.
    - ◆ Continuouse coa divulgación de coñecemento e concienciación relativo a esta materia.
    - ◆ Xestionáronse diferentes incidentes por violacións da seguridade dos datos persoais.
    - ◆ Continuouse coa atención de reclamacións, exercicios de dereitos, realización de procedementos, etc.
    - ◆ Traballouse no proceso de revisión da adecuación da Amtega ao RXPd, elaborándose as avaliacións de impacto necesarias.
    - ◆ Colaborouse cos equipos de traballo de proxectos co obxectivo de garantir a normativa relacionada coa protección de datos.
  - ◆ **Servizo de apoio e evolución do rol de Delegado de Protección de Datos nas consellerías e na Amtega**
    - ◆ Brindouse apoio para retomar as reunións de coordinación dos DPD da Xunta de Galicia e para dinamizar as diferentes liñas de traballo asociadas.
    - ◆ Apoio e colaboración en materia de protección de datos persoais, nas tarefas desenvolvidas polos DPD da Xunta de Galicia.
- ◆ Durante o 2025 continuouse coa elaboración dos boletíns de información especializados en materia de protección de datos orientados ás persoas DPDs.
- ◆ **Mellora da adecuación ao regulamento de protección de datos e LOPDGDD**
  - ◆ Xestión do servizo de soporte á adecuación á normativa de protección de datos na Xunta de Galicia.
  - ◆ O proxecto inicial, iniciado en 2018, rematou a finais de 2024. En 2025 iniciouse unha nova etapa, para continuar co apoio para a mellora continua no cumprimento da normativa de protección de datos persoais en todas as consellerías e entidades instrumentais nas que presta servizo a Amtega. A continuación, indícanse as principais tarefas realizadas:
    - ◆ Revisión e actualización de tomas de datos, finalización de avaliacións de impacto na protección de datos (EIPDs) pendentes e consolidación e publicación de rexistros de actividades de tratamento (RATs) para as seguintes entidades: Consellería de Economía e Industria, Presidencia, Aturga, Xacobeo, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Axencia de Innovación, Fundación do Deporte Galego, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Consellería do Medio Rural, Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
    - ◆ Adecuación ao RXPd de novas entidades: Instituto Galego de Consumo, Secretaría Xeral Técnica de Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Dirección Xeral de Enerxías renovables e cambio climático de Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
    - ◆ Iniciouse o proceso de revisión da adecuación RXPd das seguintes entidades: Consellería de Cultura Lingua e Xuventude, Consellería de Política Social e Igualdade e Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
    - ◆ A medida que se revisou o cumprimento RXPd dos organismos, identificáronse as aplicacións asociadas ás actividades de tratamento, revisáronse as valoracións dos servizos ENS e consolidouse esa información na CMDB.
- ◆ **Elaboración e evolución da normativa no ámbito da protección de datos persoais:**

- ◆ Procedemento para a xestión das solicitudes de exercicio dos dereitos relativos á protección de datos persoais na Xunta de Galicia.
- ◆ Procedemento para o Mantemento dos Rexistros de actividades de tratamento.
- ◆ Procedemento de actuación no caso de violación da seguridade dos datos persoais.
- ◆ Guía de tratamento de riscos na xestión de datos persoais.
- ◆ Guía de privacidade dende o deseño e por defecto.
- ◆ Guía de protección de datos para empregados públicos.
- ◆ Guía de protección de datos para a cidadanía. Decálogo.
- ◆ Guía para o manexo seguro de documentación con datos persoais en papel.
- ◆ Instrución sobre o bo uso das ferramentas dixitais no ámbito de Educación.
- ◆ Modelos de adecuación á nova normativa de protección de datos.
- ◆ **Esquema Nacional de Seguridade**
  - ◆ **Durante o ano 2025 continuouse traballando na adecuación ao novo ENS, sendo as principais liñas de traballo:**
    - ◆ Colaboración cos responsables de proxectos na valoración de novas aplicacións e tamén actualización das valoracións de servizos xa existentes.
    - ◆ Elaboración do Plan de auditorías internas para 2026 e execución das auditorías internas correspondentes ao 2025.
    - ◆ Dinamización das liñas de traballo relacionadas coa implantación dun segundo factor de autenticación acorde co sinalado no novo ENS.
    - ◆ Mellora nas políticas de cifrado en diferentes ámbitos (Proxy Web e Balanceadores).
    - ◆ Traballouse na definición do plan de recuperación ante desastres e dun modelo para a xestión de crises.
- ◆ **Elaboración e evolución da normativa asociada ao cumprimento do ENS:**
  - ◆ Instrución para o uso de ferramentas de IA na contorna corporativa.
  - ◆ Instrución para o uso seguro dos servizos corporativos de almacenamento.
  - ◆ Procedemento de xestión de certificados dixitais.
  - ◆ Boas Prácticas xestión de elementos de seguridade. Xestión da configuración.
- ◆ **Auditorías ENS**
  - ◆ Acadouse o obxectivo para o ano 2025 de obter a renovación dos 5 sistemas certificados no ano 2023. Cabe destacar que 3 de estas renovacións fixéronse elevando a categoría de certificación a ALTA. Adicionalmente durante o ano 2025 obtivéronse 5 novas certificacións, 2 de elas en categoría ALTA.
  - ◆ Novas certificacións:
    - ◆ Gravación de vistas xudiciais.
    - ◆ Xestión Persoal Admon Xustiza.
    - ◆ Xestión da asistencia xurídica gratuíta (XAG).
    - ◆ Xestión do Rexistro de Parellas de Feito.
    - ◆ Servizos de Xogo.
  - ◆ Renovacións de certificacións:
    - ◆ Sistema de Intermediación das CC.AA. (SPEG).
    - ◆ Acreditacións.
    - ◆ Oficina Virtual del SPEG.
    - ◆ Xestión integral de Centros.
    - ◆ Xestión do IMELGA.
- ◆ **ISO2700**
  - ◆ **Continuouse traballando na aliñación coas normas da serie ISO 27000:2022, en particular no ámbito do FOGGA e da dirección xeral de Defensa do Monte.**

#### 4.3.5.2. Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información

As principais actuacións corresponden a:

##### ◆ Medidas de protección

##### ◆ Ciclo de vida de desenvolvemento de software:

- ◆ Participouse activamente no ciclo de vida dos proxectos de desenvolvemento e adquisición de software, para asegurar o cumprimento da normativa e o cumprimento dos principios de seguridade dende o deseño e por defecto, apoiando aos equipos de desenvolvemento neste ámbito.
- ◆ O máis relevante neste ámbito foi a realización, coa plataforma corporativa de probas de seguridade sobre aplicacións, de centos de análises e revisións sobre as diferentes versións e aplicacións previa a súa posta en produción. Apoiouse esta actividade coa realización de auditorías de intrusión como complemento estas probas.
- ◆ Continuouse a traballar na concreción das medidas necesarias a implementar nas aplicacións para un mellor cumprimento do ENS.

##### ◆ Servidores e servizos ofrecidos por Sistemas

- ◆ Colaborouse con Sistemas para a mellora da seguridade en distintas plataformas:
  - ◆ Servidores:
    - ◆ Bastionado de seguridade dos servidores Apache, Tomcat, MySQL, etc..
    - ◆ Control da navegación cara á Internet dende os servidores dos CPD.
  - ◆ Securitización de Office 365 e Copilot.
  - ◆ Seguridade do servizo de correo electrónico.
  - ◆ Seguridade do servizo DNS.
  - ◆ Seguridade no servizo de Directorio Activo.

##### ◆ Contornas de nube privada e nube pública

- ◆ Seguridade das contornas de nube privada (IaaS):
  - ◆ Levouse a cabo a implantación de antivirus na gran maioría das máquinas.
  - ◆ Traballouse na protección dos servizos a través do cortalumes de aplicacións.

- ◆ Realización de análise e detección de vulnerabilidades.

- ◆ Traballouse no evolución do procedemento de auditorías técnicas de seguridade coa súa adaptación para a realización das probas sobre este tipo de contornas.

##### ◆ Seguridade das contornas de nube pública:

- ◆ Continuouse a colaborar coa oficina Cloud nas labores de asesoría, deseño e implementación das medidas de seguridade necesarias para estas contornas, en particular colaborando na definición do modelo de gobernanza e realizando diferentes guías de referencia de seguridade na nube.
- ◆ Realizáronse auditorías específicas de seguridade con ferramentas especializadas.

##### ◆ Redes, equipos e servizos ofrecidos por Telecomunicacións

- ◆ Segmentación das redes de comunicacións.
- ◆ Securitización de elementos de rede.
- ◆ Xestión do proxecto de capas de rede.
- ◆ Traballouse na revisión das L2L.
- ◆ Avanzouse na restrición de acceso a Internet de servidores.
- ◆ Colaborouse na integración das redes de facenda na RCXG.
- ◆ Colaborouse na migración da RCXG á nova tecnoloxía de virtualización da rede do CPDi.

##### ◆ Posto cliente

- ◆ Securitización do posto cliente aumentando o número de equipos protexidos con antivirus, EDR e microCLAUDIA.
- ◆ Traballouse no control do uso de dispositivos USB.
- ◆ Traballouse na revisións das configuracións do posto cliente no relativo á seguridade e propostas de mellora nese ámbito, en coordinación co departamento responsable e apoiándose na utilización da ferramenta CLARA do CCN.
- ◆ Implantouse o uso do certificado máquina nos equipos corporativos como un factor válido de autenticación á hora de poder conectarse á rede WIFI corporativa ou á rede corporativa de xeito remoto.

##### ◆ Seguridade en teléfonos móbiles

- ◆ Continuouse a colaborar no proxecto de implantación da solución de seguridade para teléfonos móbiles intelixentes. Durante o 2025 valoráronse diferentes plataformas de protección fronte a ameazas en dispositivos móbiles
- ◆ **Seguridade física**
  - ◆ Revisión das medidas de seguridade física e propostas de mellora nese ámbito, incluíndo as accións de mellora sinaladas no plan de protección específico.
  - ◆ Xestión do servizo de seguridade física do CPDi.
- ◆ **Protección de persoas usuarias singulares**
  - ◆ Durante o 2025 leváronse a cabo labores de consultaría e auditoría para coñecer o detalle das actuacións que se levan a cabo en termos de seguridades sobre este colectivo e as ferramentas e servizos empregados. Realizouse unha proposta de procedemento para implementar unha monitorización especial para a detección de ameazas contra este colectivo e a súa notificación ao grupo de soporte correspondente.
  - ◆ Traballouse na preparación de actividades formativas e de concienciación, destinadas especificamente a estas persoas usuarias.
- ◆ **Plataformas e ferramentas de seguridade**
  - ◆ **SIEM**
    - ◆ Administración, soporte e evolución da plataforma.
    - ◆ Realizáronse reunións mensuais de seguimento do servizo de soporte ata a data de finalización do contrato.
    - ◆ Realizouse un informe integral de valoración da solución, así como a identificación de novas necesidades.
    - ◆ Incorporáronse novas fontes e configuráronse novas regras.
    - ◆ Licitouse a contratación, mediante un acordo marco, para a subministración e implantación dunha nova solución SIEM con capacidades ampliadas
  - ◆ **AntiDDOS**
    - ◆ Administración, soporte e evolución da plataforma.
    - ◆ Traballouse na implementación do descifrado de tráfico TLS para a mellora da protección sobre o tráfico cifrado.
  - ◆ Realizouse a integración e comunicación automática dos equipos corporativos de protección fronte ataques de denegación de servizo cos equipos do servizo de tráfico limpo proporcionado polo operador.
  - ◆ Creáronse novas automatizacións que permitan a configuración automática de proteccións máis restritivas ante diferentes tipos de ataques. Teñen especial relevancia aqueles para facer fronte aos ataques do grupo NoName057(16).
  - ◆ Realizouse una auditoría sobre esta plataforma tecnolóxica para a identificación de melloras e aproveitamento das funcionalidades de seguridade.
- ◆ **IPS**
  - ◆ Administración, soporte e evolución da plataforma.
  - ◆ Preparouse a licitación da contratación para a subministración e implantación dunha nova plataforma.
  - ◆ Realizouse un informe integral de valoración da solución, así como a identificación de novas necesidades.
- ◆ **WAF**
  - ◆ Administración, soporte e evolución da plataforma.
  - ◆ Reunións periódicas de coordinación do servizo de soporte.
  - ◆ Continuouse coa dinamización do uso desta plataforma para incrementar o volume de aplicacións protexidas.
  - ◆ Licitouse e formalizouse o contrato de ampliación do soporte desta plataforma, xestionándose o cambio de provedor consecuencia da nova adxudicación.
  - ◆ Implantouse o novo procedemento dentro do ciclo de vida de software para a inclusión por defecto de toda nova aplicación publicada ao exterior dentro do ámbito de protección do WAF.
  - ◆ Realizouse unha auditoría sobre esta plataforma tecnolóxica para a identificación de melloras e aproveitamento das funcionalidades de seguridade.
- ◆ **Antivirus**
  - ◆ Administración, soporte e evolución das plataformas de antivirus.

- ◆ Avanzouse coa extensión da cobertura de cliente antivirus en servidores, alcanzando unha cobertura en Windows do 95% e en Linux do 81% dos servidores. Ademais, en particular nas contornas IaaS tamén se acadou un cobertura do 90%.
- ◆ Xestión e mellora da protección dos sistemas antivirus específicos para a análise de ficheiros subidos a aplicacións.
- ◆ Analizouse o uso e as funcionalidades aportadas pola plataforma específica de antivirus para o correo electrónico ante o fin de vida desta.
- ◆ **EDR**
  - ◆ Administración, soporte e evolución da plataforma de EDR.
  - ◆ Mantívose a cobertura de axente EDR en servidores, en particular coa protección en modo hardening e/ou lock.
- ◆ **MicroCLAUDIA**
  - ◆ Administración, soporte e evolución da plataforma microCLAUDIA.
- ◆ **Análise dinámico de malware (sandbox)**
  - ◆ Administración, soporte e evolución da plataforma de análise dinámico de malware (sandbox).
- ◆ **Probos de seguridade nas aplicacións**
  - ◆ Administración, soporte e evolución da plataforma implantada.
- ◆ **Antispam**
  - ◆ Colaboración con Sistemas na renovación da nova plataforma de correo electrónico e na definición de medidas de seguridade nesta plataforma.
  - ◆ Analizáronse as capacidades actuais de protección do antivirus propio de servidor de correo corporativo.
  - ◆ Realizouse unha auditoría sobre a configuración da protección Antispam, centrándose nas funcionalidades de seguridade.
  - ◆ Continuouse a traballar na mellora da protección de correo electrónico por medio de SPF, DKIM Y DMARC.
  - ◆ Realizáronse informes periódicos de DMARC. Durante o 2025 comezouse unha colaboración específica co CCN en relación coa evolución da configuración DMARC da organización.
- ◆ Continuouse a traballar na definición de políticas na definición de políticas específicas contra malware e phishing.
- ◆ **Proxecto de migración da cabina de datos**
  - ◆ Mantívose a colaboración con Sistemas no proxecto de migración de cabinas de datos, en particular no uso da solución adquirida para a protección fronte a ransomware e auditoría de ficheiros e nos procedementos asociados á xestión destas alertas.
- ◆ **Xestión de contrasinais**
  - ◆ Realizouse a definición de casos de uso para a solución corporativa para a xestión de contrasinais, comezándose co seu uso por parte dos diferentes equipos de Sistemas, do Centro de Ciberseguridade e da Subárea de Seguridade.
  - ◆ Tráballose na integración dos eventos de auditoría de esta ferramenta no SIEM.
- ◆ **LUCIA e outras ferramentas do CCN**
  - ◆ Administración, soporte e evolución das ferramentas do CCN xa implantadas (SAT-INET, REYES, LUCÍA, CLARA, microCLAUDIA).
  - ◆ Acadouse o nivel obxectivo de comunicación de incidentes mediante LUCÍA
  - ◆ Integrouse o uso da solución de análise da superficie de exposición do CCN ELSA dentro da organización.
- ◆ **Control e auditoría de acceso a sistemas de ficheiros**
  - ◆ Administración, evolución e explotación da plataforma de control e auditoría de acceso a sistemas de ficheiros para: incrementar a protección e supervisión da información almacenada nos repositorios corporativos e a actividade dos usuarios no Directorio Activo.
  - ◆ Mellora das capacidades de detección e resposta a ameazas.
- ◆ **Cortalumes**
  - ◆ Colaboración con Telecomunicacións na xestión da ciberseguridade dos cortalumes, en particular, na definición da segmentación da conectividade entre sedes (anteriormente só controlaba o acceso a CPD, Internet e redes de terceiros).
- ◆ **Plataforma IaaS**
  - ◆ Durante o ano 2025 continuouse coa mellora da xestión da contorna IaaS do Centro de Ciberseguridade, para o control das máquinas

existentes como o bastionado, a actualización do software que aplique, a monitorización, etc.

- ◆ Continuouse coa evolución da contorna de laboratorio no IaaS de ciberseguridade.

#### ◆ MISP

- ◆ Administración da solución MISP corporativa para dar resposta ás necesidades da integración coa Red Nacional de SOC.
- ◆ Durante o 2025 ampliouse a colaboración coa Rede Nacional de SOCs (RNS), compartindo

indicadores de compromiso mediante o uso da plataforma de intercambio MISP, en aqueles incidentes detectados mediante a sonda SAT-INET e os relacionados con incidentes de phishing.

#### ◆ Detección de ataques con cebo

- ◆ Monitorización da detección preventiva de ataques mediante o uso dos cebos vulnerables e sen servizo produtivo (honeypots) configurados dentro da infraestrutura da Amtega.

### 4.3.5.3. Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información

Descrición das actividades executadas:

#### ◆ Monitorización

- ◆ Realizouse a monitorización e atención de eventos de seguridade en 24x7, e continuouse a monitorización por parte da oficina técnica en 8x5.
- ◆ Continuouse a traballar na mellora do proceso de revisión de alertas e ofensas desde o SOC.
- ◆ Traballouse na mellora da automatización para a xeración de indicadores de compromiso propios.
- ◆ Definíronse novas alertas para distintos casos de uso, tendo en conta as distintas ferramentas de protección de posto cliente e servidores, e tamén os procedementos de actuación ante este tipo de alertas. Traballouse para incluír tamén alertas xeradas a partir do proceso de busca e captura activa de ameazas dentro da organización co uso da ferramenta corporativa de telemetría.
- ◆ Durante diferentes períodos do ano 2025 levouse a cabo unha monitorización especial debido a situacións excepcionais que o requiriron.

#### ◆ Vixilancia dixital

- ◆ Vixilancia dixital para a detección de credenciais roubadas, fugas de información da organización e preparación de ataques contra a infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.
- ◆ Realizáronse informes sobre distintos temas relacionados coa actividade dixital da Amtega e a súa exposición en Internet.

- ◆ Traballouse na detección automática da valoración da reputación das aplicacións e dos servizos prestados dende Amtega.

- ◆ Realizáronse as xestións necesarias para suspender e bloquear varias páxinas webs e dominios fraudulentos asociados a incidentes de suplantación de identidade contra algún ámbito da organización.

#### ◆ Xestión de incidentes

- ◆ Atención e resposta aos incidentes de seguridade que se produciron na organización.
- ◆ Realizáronse traballos de actualización dos procedementos de xestión de incidentes e do modelo de xestión de crise de ciberseguridade. Realizouse un simulacro de tipo xogo de escritorio simulando un incidente crítico de alto impacto (xestión de crises) para validar estas propostas de actualización.
- ◆ Destacaron varios incidentes de seguridade de relacionados con ataques de denegación de servizo levados a cabo polo actor NoName057. O impacto destes ataques viuse minimizado polas contramedidas xa establecidas e automatizacións de resposta específicas, sobre as que se realizaron melloras adaptativas.

#### ◆ Xestión de vulnerabilidades

- ◆ Actividades relacionadas co proceso de xestión de vulnerabilidades da infraestrutura e das aplicacións, en coordinación cos departamentos da Amtega afectados en cada caso.
- ◆ Xestionáronse vulnerabilidades de seguridade atopadas como resultado da execución periódica do servizo automatizado de análise de vulnerabilidades sobre a superficie de exposición externa e adicionalmente fixéronse varias probas automatizadas de penetración para o análise dinámico de diversas aplicacións web.

- ◆ Este ano, adicionalmente, tívose en conta a información facilitada pola solución do CCN para a análise da superficie de exposición das administracións públicas, ELSA.
- ◆ Continuouse coa utilización da ferramenta para a realización da análise de vulnerabilidades internas sobre a infraestrutura tecnolóxica da Amtega, que complementa ás realizadas dende os servizos externos.
- ◆ Tamén se traballou na mellora do procedemento global de xestión de vulnerabilidades, en colaboración cos diferentes grupos funcionais da Amtega, para poder reportar con máis efectividade as vulnerabilidades relevantes a cada un dos grupos e xerencias responsables, así como facilitar a súa xestión.
- ◆ Tráballose na mellora das deteccións que se levan a cabo coa ferramenta de análise de código estático, realizándose tamén a valoración de outras ferramentas para poder complementar estas análises.
- ◆ **Auditorías técnicas e probas de intrusión**
  - ◆ Continuouse coa realización de probas de intrusión e auditorías técnicas de seguridade sobre a infraestrutura e as aplicacións, incluíndo aplicacións móbiles, onde se executaron 120 xornadas por parte de auditores técnicos especializados.
  - ◆ No relativo ás aplicacións, durante o 2025, levouse a cabo a operación, administración e evolución da plataforma interna para a análise de vulnerabilidades de aplicacións web.
  - ◆ Realizáronse auditorías técnicas de bastionado sobre as maquetas a través da ferramenta do CCN CLARA e adicionalmente realizáronse auditorías de bastionado sobre maquetas corporativas de distintas plataformas tecnolóxicas (TOMCAT, MySQL, APACHE, etc.).
  - ◆ Realizouse un exercicio de Red Team, elaborando un plan de mellora onde se recollen tódalas iniciativas asociadas aos aspectos atopados. Ademais, nesta mesma liña, realizouse seguimento dos plans de mellora resultado de anteriores exercicios.
- ◆ **Xestión de certificados dixitais**
  - ◆ Realizouse asesoramento e supervisión da seguridade da plataforma de certificación interna corporativa.
  - ◆ Durante o 2025 colaborouse en novas liñas de traballo abertas para a adaptación aos novos requirimentos derivados da redución do período máximo de validez dos certificados de tipo TLS e

a utilización obrigatoria de certificados de tipo hardware no caso dos certificados para a firma de código.

- ◆ Continuouse coa xestión do proceso de solicitudes a Camerfirma.
- ◆ **Continuidade e xestión de desastres**
  - ◆ Colaboración con outros departamentos no contexto do Plan de Recuperación Fronte a Desastres.

#### 4.3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia

### ESTRATEGIA GALEGA DE CIBERSEGURIDADE

- ◆ En 2023 presentouse a Estrategia Galega de Ciberseguridade 2030, que terá vixencia ata o ano 2030. En 2024 elaborouse o Plan Director de Seguridade para o ámbito Amtega para o período 2024-27.
- ◆ Ao longo de 2025 continuouse coa execución das liñas estratéxicas establecidas nestes instrumentos.

### ESTRUTURAS DE GOBERNO DA SEGURIDADE

- ◆ Órganos colexiados transversais con competencias en materia de seguridade da información.
  - ◆ Subcomisión de Seguridade: fíxose unha reunión deste órgano colexiado no mes de xuño.
- ◆ Comité de seguridade no ámbito xudicial galego.
  - ◆ No 2024 elaborouse unha proposta de constitución dun comité de seguridade no ámbito xudicial galego, que está pendente de decisión ao respecto e posterior implantación.
- ◆ Comisión Intelixencia Artificial.
- ◆ Comités de seguridade nas consellerías.
  - ◆ Apoio aos comités de seguridade da información das consellerías e entidades instrumentais (hai comités polo menos en Medio Rural, FOGGA, AGADER, RETEGAL), aínda que o único realmente activo na actualidade é o do FOGGA.
- ◆ Comité técnico de seguridade da Amtega.
  - ◆ Celebráronse dúas reunións do Comité técnico de seguridade da Amtega ao longo do ano.
- ◆ Coordinación entre grupos.
  - ◆ Continuáronse celebrando as reunións de coordinación periódicas:

- ◆ Coordinación entre Telecomunicacións e Seguridade (mensuais).
- ◆ Coordinación entre Sistemas e Seguridade (mensuais).
- ◆ Coordinación entre Sistemas Correo e Seguridade (mensuais).
- ◆ Coordinación co departamento de Medios e Capacitación Dixital (mensuais).
- ◆ Coordinación coa OTAXE, CSU e grupos de xestión Xustiza do Departamento de Xustiza Dixital (mensuais).
- ◆ Participación nas reunións periódicas de coordinación coas áreas, departamentos e xerencias de proxectos e en reunións de arranque de proxecto.
- ◆ Participación no comité de arquitectura de aplicacións.
- ◆ Participación no comité cloud privado e IaaS e nas reunións periódicas para a revisión de temas de seguridade na cloud pública.

## COLABORACIÓN CON TERCEIROS

- ◆ Participación no grupo de traballo de seguridade dependente da Comisión Sectorial de Administración Electrónica (CSAE), coordinado polo CCN.
- ◆ Participación no grupo de traballo de seguridade e interoperabilidade do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica (CTEAJE), en particular no Subcomité de Seguridade e grupos de traballo dependentes deste.
- ◆ Colaboración co Centro Criptolóxico Nacional e con Incibe.
- ◆ Colaboración coa AEPD.
- ◆ Colaboración coa Xustiza e as forzas e corpos de seguridade.
- ◆ Colaboración con outras AAPP galegas no ámbito da ciberseguridade.
- ◆ Participación en CSIRT.es.
- ◆ Participación na Rede Nacional de SOC.
- ◆ Colaboración con centros educativos de formación profesional para impartir charlas sobre ciberseguridade.
- ◆ Colaboración público-privada no contexto do Nodo Galego de Ciberseguridade.

## CADRO DE MANDO

- ◆ Evolucionouse o cadro de mando de seguridade da Amtega (CMSA), incorporando novos indicadores para mellorar a información do estado da ciberseguridade en Amtega.

## CSIRT.GAL EN REDES NACIONAIS E INTERNACIONAIS DE CSIRTS:

- ◆ Durante o 2025 mantívose dito nivel de acreditación, continuouse colaborando con CSIRT.es, participando nas reunións regulares e nas votacións de aprobacións de estatutos e procedementos.

## NODO GALEGO DE CIBERSEGURIDADE CIBER.GAL

- ◆ Realización en novembro do V Encontro CIBER.gal (Encontro galego de ciberseguridade). Celebrouse nos días 5, 6 e 7 de novembro de 2025 no Edificio Fontán (Cidade da Cultura, Santiago). O programa estruturouse en tres xornadas diferenciadas para Administración Pública, tecido empresarial e cidadanía. Rexistráronse mais de 3.600 inscricións, o que supón un incremento do 43% respecto da edición anterior. Participaron 75 relatores e case 60 entidades. O evento incorporou as experiencias "Stand" e "Roadshow" do INCIBE, a competición Capture The Flag, a iniciativa Conecta Senior, 18 exposicións de solucións de ciberseguridade por parte das entidades patrocinadoras, 15 espazos técnicos de exposición de proxectos e 3 demostracións abertas ao público (seguridade cuántica con 5G, plataforma POSEIDON e laboratorio de ciberseguridade IoT). Tamén asistiron 1.170 escolares na xornada de cidadanía.
- ◆ Continuouse coa realización de concursos de ciberseguridade no eido educativo, obradoiros prácticos, demostracións de I+D+i, e outras actividades de sensibilización e capacitación en ciberseguridade no marco do V Encontro.
  - ◆ No 2025 destaca a quinta edición do concurso "Ciberseguridade no cole!", con preto de 80 centros na fase en liña —dos cales 28 foron de nova incorporación— e 5.000 alumnos participantes ao longo do proceso. Así mesmo, tamén se realizaron 3 obradoiros prácticos destinados a estudantes especializados no ámbito da FP.
- ◆ Realización dunha xornada en Ourense vinculada ao V Encontro CIBER.gal. En xuño de 2025 celebrouse, no Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole, San Cibrao das Viñas, Ourense), a xornada "Galicia cibersegura: protexendo o tecido empresarial", en colaboración co CPEIG e entidades do ecosistema.

Abordáronse novidades normativas vencelladas á directiva NIS-2, ciberseguridade en contornos industriais, evolución da ciberdelincuencia e oportunidades de financiamento, así como retos de ciberseguridade no vehículo conectado. Acadoune unha participación de case 150 inscricións.

- ◆ Continuouse dinamizando o espazo web do nodo CIBER.gal, (enmarcado no portal ciberseguridadegalicia.gal).
  - ◆ Consolidación do espazo web como punto de referencia: cobertura de novas e axenda, páxinas específicas de iniciativas de concienciación, contidos divulgativos e recursos con actualización continua. Ao longo de 2025 publicáronse 43 novas, reforzando así a difusión das actividades e servizos do Nodo CIBER.gal.
- ◆ Dinamización e coordinación do grupo de traballo da cidadanía e das actividades que del se deriven.
  - ◆ No 2025 avanzouse no desenvolvemento e definición das próximas liñas de actuación do Grupo de Traballo de Cidadanía, establecendo as bases para a nova quenda deste grupo. Este traballo permitiu orientar as futuras accións de sensibilización e formación dirixidas á cidadanía, reforzando o papel do Nodo como espazo de coordinación e impulso destas iniciativas.
- ◆ Dinamización e coordinación do grupo de traballo de empresas e das actividades que del se deriven.
  - ◆ Executouse a segunda remesa do Grupo de Traballo de Empresas cun ciclo de 20 encontros nas 5 liñas definidas (obradoiros, cesión de ferramentas e recursos, asesoramento experto, xeración de coñecemento e píululas formativas). Participaron máis de 30 entidades do Nodo, con máis de 300 asistentes.
- ◆ Monitorización de programas estratéxicos e de financiamento europeos e nacionais, no ámbito da ciberseguridade, participando naquelas convocatorias que se estime oportuno. En 2025 continuouse coa monitorización continua das principais convocatorias autonómicas, estatais e europeas en ciberseguridade, identificando oportunidades axeitadas para o ecosistema galego. Incluíronse como exemplos:
  - ◆ Empresa Cibersegura 2025: convocatoria de axudas para reforzar a seguridade dixital
  - ◆ Liña de axudas do IGAPE: código de procedemento IG402A, convocatoria 2026-2027
  - ◆ Convocatoria Horizon Europe Work Programme 2025 – Cluster 3: Civil Security for Society
- ◆ Renovación do convenio coa CRTVG para dar continuidade á realización de #CiberEsther,

entrevistas e reportaxes nos medios da CRTVG, e ademais, outras accións e formatos especiais de difusión da cultura da ciberseguridade nas redes sociais da CRTVG.

- ◆ O convenio entre Amtega e a CSAG mantivo en 2025 unha colaboración efectiva en materia de sensibilización en ciberseguridade. Dado o éxito acadado, avanzouse nos traballos para a súa renovación e definición do alcance para 2026, formalizándose o convenio a principios de 2026. Mantívose activa a campaña con #CiberEsther e pezas breves en redes sociais, con máis de 70 vídeos, 3,8 millóns de visualizacións e 12 entrevistas en programas da TVG ao longo do ano.
- ◆ Continuouse coa adhesión ao Nodo de novas entidades públicas e privadas [XG1.1].
  - ◆ No ano 2025 incorporáronse 7 novas entidades ao Nodo CIBER.gal, reforzando o ecosistema e ampliando a representación empresarial, institucional e tecnolóxica. Con estas incorporacións, o Nodo consolidouse arredor dun conxunto próximo ás 60 organizacións colaboradoras que inclúen administracións públicas, empresas, universidades, centros de coñecemento e axentes xurídicos e asociativos.
- ◆ Publicouse o III Informe do Estado de Ciberseguridade en Galicia.
  - ◆ O III Informe do Estado da Ciberseguridade en Galicia pasou finalmente a publicarse como o primeiro informe específico sobre a ciberseguridade nas empresas galegas, elaborado por OSIMGA coa colaboración do IGE na recompilación formal dos datos a través da enquisa específica para tal fin.
- ◆ Participación en eventos de referencia en ciberseguridade en Galicia e a nivel nacional para facer visible a aposta de Galicia nesta materia.
  - ◆ Ao longo do 2025 participouse nos eventos do VI Foro Rexional ISMS Forum Galicia, a feira SEDEXPO en Silleda e no Congreso APEP, entre outros.
- ◆ Continuar fomentando a inclusión de persoas con discapacidade no eido da ciberseguridade en Galicia, mediante a participación no Programa Include da Fundación Goodjob.
  - ◆ No ano 2025 mantívose activa a participación no Programa #Include materializándose en dúas edicións ao longo do ano —marzo e outubro—.
- ◆ Realizouse a asemblea anual do Nodo reunindo a todos os socios e colaboradores.
- ◆ Durante 2025 elaborouse a Memoria de actividade do Nodo en dita anualidade, que

serviu de base para a presentación da IV Asemblea Xeral do Nodo CIBER.gal, celebrada a comezos de 2026.

- ◆ Colaboración con asociacións nacionais e europeas en materia de ciberseguridade.
  - ◆ Ao longo do 2025 mantense a colaboración coa Global Cyber Alliance, a través do programa AIDE desenvolvido con Gradient, no proxecto de análise intelixente de rexistros de ciberataques. Mantense tamén a colaboración co ISMS Forum Galicia, e refórzase a cooperación con INCIBE en iniciativas compartidas e no desenvolvemento das experiencias e do Roadshow.
- ◆ Realización dunha enquisa específica sobre ciberseguridade para empresas galegas en colaboración co Instituto Galego de Estatística.
  - ◆ Realizada en colaboración Amtega/OSIMGA e IGE a primeira edición da Enquisa de Ciberseguridade nas Empresas Galegas, base do Informe 2025, con vocación de continuidade en 2026.

#### **PROXECTO RETECH CIBERSEGURIDADE: CENTRO DE COMPETENCIAS EN CIBERSEGURIDADE NOS ÁMBITOS DE SAÚDE, TRANSPORTE INTELIXENTE, INDUSTRIA E EXCELENCIA OPERATIVA**

- ◆ Ao longo de 2025 desenvolvéronse principalmente as seguintes iniciativas:
  - ◆ Rede de laboratorios e centros demostradores:
    - ◆ Convenio con centros tecnolóxicos para posta en marcha dunha rede de laboratorios de ciberseguridade: foi asinado en outubro de 2024, continuándose a súa a súa execución ao longo de 2025, tendo como principais fitos:
      - ◆ A publicación da licitación "Equipamento para a creación dun laboratorio orientado ao ensaio de solucións de seguridade para redes OT", no marco do laboratorio liderado por parte da Universidade de Vigo.
      - ◆ A finalización das adaptacións necesarias nas infraestruturas do Demostrador de conectividade 5G/6G segura para vehículos conectados que lidera o CTAG no marco da rede de laboratorios.
      - ◆ A subministración da infraestrutura do laboratorio de ciberseguridade industrial de Gradient que permite abordar de maneira integral a seguridade das redes 5G abertas e virtualizadas.
      - ◆ O deseño integral, tanto funcional como estrutural, do Laboratorio Móbil Avanzado

de ITG, definindo a súa arquitectura xeral, a distribución interior e as bases técnicas necesarias para a integración dos subsistemas requiridos nas auditorías do espazo aéreo UAS.

- ◆ Licitación para a posta en marcha do laboratorio de ciberseguridade do CECIGA: a licitación foi realizada no 2025 formalizándose o acordo marzo a finais de outubro e os primeiros contratos derivados en decembro. En decembro de 2025 acadouse o fito de dotar do subministro de equipos e licenzas e maquetas ao laboratorio de ciberseguridade industrial, e tamén a realización dun estudo estratéxico do laboratorio e centro demostrador en produtos con elementos dixitais.
- ◆ Convenio coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para potenciar a formación regulada en ciberseguridade: o convenio foi asinado en xullo de 2024 e continuouse a súa execución ao longo de 2025. Así, no marco deste convenio impartíronse en 2025 un total de nove cursos de especialización en ciberseguridade IT e cinco cursos de especialización en ciberseguridade OT.
- ◆ Convenio coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para potenciar a formación en ciberseguridade dos profesionais do sector TIC: en 2024 elaborouse proposta de convenio e solicitouse o inicio da súa tramitación. Asinouse o convenio en agosto de 2025 e iniciouse a licitación dunha serie de actividades formativas específicas complementarias á programación actual do CNTG, que serán executadas en 2026. Adicionalmente, os cursos financiados con fondos propios a través do CNTG, acadaron un total de 937 horas de formación e máis de 300 alumnos beneficiarios no 2025.
- ◆ Execución de campañas de concienciación en medios de comunicación: licitouse un acordo marco para a execución de campañas formalizado en outubro de 2025, formalizándose o primeiro contrato derivado no mes de decembro.
- ◆ Participación na Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias (SEDEXPO), entre o 26 e o 28 de marzo, na que se promocionou a iniciativa da rede de laboratorios e centros demostradores da man de CTAG e Gradient.



## CENTRO DE EXCELENCIA EN CIBERSEGURIDADE DE GALICIA

- ◆ Seguimento da construción do edificio do Centro de excelencia en ciberseguridade de Galicia.
- ◆ Licitación do mobiliario: licitado o contrato, formalizado e executada a subministración do mobiliario comercial.
- ◆ Continuouse traballando na definición de funcións e estrutura organizativa de cara a posta en marcha do centro.

## PRESTACIÓN DE SERVIZOS Á ADMINISTRACIÓN LOCAL, CIDADANÍA E EMPRESAS

- ◆ Coordinación da implantación de todos os servizos e xestión destes fronte ás deputacións provinciais e entidades locais galegas, mantendo reunións periódicas específicas con todas as deputacións e cos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- ◆ Soporte ao cumprimento do ENS.
- ◆ Promoción e apoio na implantación así como soporte no uso das ferramentas do CCN (INES, LUCIA, microCLAUDIA, Trillion, ...).
- ◆ Monitorización continua da superficie de exposición: mediante a supervisión automatizada dos activos de Internet de cada entidade, a xestión continua de vulnerabilidades e dos test de penetración persistente de servizos web.
- ◆ Desenvolvemento de ciberexercicios.
- ◆ Actividades de concienciación e formación en ciberseguridade nos seguintes ámbitos:
  - ◆ Charlas de concienciación á cidadanía a través das aulas CeMIT.
  - ◆ Obradoiros sobre a pegada dixital e boas prácticas na configuración (seguridade e privacidade) dos perfís nas redes sociais para alumnado do ámbito de Educación.
  - ◆ Inicio do programa "Menores conectados: educación dixital en ciberseguridade e privacidade para familias" dirixido ás ANPAs.
  - ◆ Charlas formativas de ciberseguridade para os usuarios das entidades locais.
- ◆ Cuarta edición do evento "Somos cibernéticas" para fomentar o talento feminino na ciberseguridade.
- ◆ Elaboración de pílulas nos ámbitos da protección de datos e a ciberseguridade enviadas por correo electrónico á administración local e publicadas no portal web ciberseguridadegalicia.gal.

- ◆ Elaboración de infografías e vídeo-pílulas nos ámbitos de protección de datos, seguridade da información e ciberseguridade orientadas á administración local, ás empresas ou á cidadanía en xeral, e difundidas a través do portal ciberseguridadegalicia.gal e das redes sociais.
- ◆ Operación, administración e evolución do sistema de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM) dedicado ás deputacións, entidades locais e outros organismos públicos galegos.
- ◆ Servizo de apoio especializado na resposta a incidentes de seguridade 24x7.
- ◆ Servizo de vixilancia dixital.
- ◆ Dinamización e mellora do portal web ciberseguridadegalicia.gal.
- ◆ Revisións técnicas de seguridade sobre a infraestrutura tecnolóxica e sistemas de información das administracións locais.
- ◆ Coordinación da implantación de todos os servizos ampliados no acordo marco e xestión destes fronte ás deputacións provinciais e entidades locais galegas.

## MELLORA DA CIBERSEGURIDADE NO ÁMBITO DE XUSTIZA

Ao longo do ano 2022 e 2023 leváronse a cabo proxectos de reforzo da ciberseguridade no ámbito de Xustiza, aproveitando os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Ao amparo deste proxecto estableceuse unha oficina técnica de seguridade, co obxectivo principal de reforzar a ciberseguridade, avanzar no cumprimento do ENS e implantar as ferramentas e plataformas do CCN no ámbito de Xustiza. Esta oficina técnica estivo contratada dende 2024 ata finais de 2025. As tarefas principais onde se desenvolveu a súa actividade neste 2025 foron:

- ◆ Continuouse impulsando melloras na cooperación e coordinación coa Área de Administración Dixital e grupos dependentes.
- ◆ Execución de novas iniciativas de formación e sensibilización para o persoal do ámbito da Administración de Xustiza en Galicia.
- ◆ Apoiar á Área de Administración Dixital na constitución dun Comité de Seguridade en Xustiza.
- ◆ Apoio na evolución do Cadro de Mando de Seguridade de Amtega con indicadores diferenciais acoutados ó ámbito de Xustiza.
- ◆ Controlar a implantación no total de postos cliente e servidores de Xustiza das solucións de antimalware corporativas: EDR, microCLAUDIA e

antivirus. Fortalecer as políticas de seguridade de que se aplican nestas plataformas.

- ◆ Aumentar as capacidades e evolucionar a explotación da plataforma para o control e auditoría dos repositorios de información corporativos e do Directorio Activo.
- ◆ Apoio para mellorar a integración e o intercambio de información de CSIRT.gal na Rede Nacional de SOC.
- ◆ Continuouse coa inclusión de melloras nos labores de monitorización realizados na solución SIEM corporativa no ámbito de Xustiza, así como a inclusión de novas fontes.
- ◆ Realización dunha consultaría de alta especialización para a mellora da protección da infraestrutura de servidores do ámbito de Xustiza e do Directorio Activo corporativo.
- ◆ Valoración da implantación de solucións do CCN.
- ◆ Impulsar melloras para a adecuación e certificación ENS, en particular:
  - ◆ Revisión e novas categorizacións de servizos do ámbito de Xustiza.
  - ◆ Implementar mecanismos de autenticación reforzada nas aplicacións utilizadas en Xustiza.
  - ◆ Acadar as certificacións en ENS de 3 sistemas do ámbito de Xustiza en categoría ALTA e 2 en categoría MEDIA. Lístanse dentro deste documento no capítulo correspondente á normativa ENS.

## MELLORA DA CIBERSEGURIDADE NO ÁMBITO DE FACENDA

- ◆ Melloras na cooperación e coordinación coa Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica e grupos dependentes participando nas reunións de coordinación e nas diferentes reunións específicas de seguimento.
- ◆ Apoiar a Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica na integración dentro dos grupos e procesos de seguridade da Xunta de Galicia, destacando os avances na integración cos procedementos corporativos de xestión de vulnerabilidades e de probas de seguridade sobre as aplicacións.
- ◆ Valoración da incorporación de novos indicadores no cadro de mando de seguridade do ámbito de Facenda, xeración periódica e análise e seguimento dos indicadores.
- ◆ Traballouse na implantación e evolución de políticas en postos cliente e servidores de Facenda

das solucións de antimalware corporativas: EDR, microCLAUDIA e Antivirus.

- ◆ Continuouse coa inclusión de melloras nos labores de monitorización realizados na solución SIEM corporativa no ámbito de Facenda, coa creación de regras para a xeración de ofensas orientadas á plataforma tecnolóxica de Facenda.
- ◆ Traballouse na mellora da seguridade na configuración base dos postos de traballo e servidores da plataforma tecnolóxica do ámbito de Facenda segundo as guías/recomendacións aplicadas no ámbito Xunta.

## 4.3.5.5. Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais

### CONCIENCIACIÓN

- ◆ Realizáronse diferentes campañas de concienciación por correo electrónico e na Intranet da Xunta de Galicia, coa elaboración de pílulas, tanto no ámbito da ciberseguridade como no de protección de datos.
- ◆ Dinamización da sección da Intranet dedicada á divulgación, concretamente nos temas relacionados coa seguridade da información.
- ◆ Licitación dun acordo marco para a elaboración e execución do plan de medios das campañas de promoción dos ámbitos competenciais atribuídos á Amtega, que se empregará para facer, entre outras, unha campaña de concienciación sobre ciberseguridade para a cidadanía.

### FORMACIÓN:

- ◆ Colaboración coa EGAP na preparación e execución dos cursos de seguridade da información, de introdución á protección de datos persoais, de aspectos avanzados e implantación no RXPD na Xunta de Galicia, e de Esquema Nacional de Seguridade para responsables de información e de servizos, e coordinadores de seguridade da información.
- ◆ Curso superior EGAP en ciberseguridade (no contexto do nodo CIBER.gal).
- ◆ Curso superior EGAP en protección de datos persoais (no contexto do nodo CIBER.gal).
- ◆ Formación en materia de protección de datos persoais, ciberseguridade e seguridade da información para persoal docente: colaboración co CAFI.



- ◆ Formación en protección de datos persoais, especialmente para os Delegados de Protección de Datos.
- ◆ Realización de actividades formativas variadas durante o ano para o persoal que traballa no ámbito da seguridade, para asegurar a súa capacitación coa formación continua.
- ◆ Charlas de concienciación baixo o título “Fundamentos de ciberseguridade” na Consellería de Medio Rural.
- ◆ Formación en protección de datos persoais no contexto do proxecto de mellora da adecuación ao RXPD.

#### **DIVULGACIÓN:**

- ◆ Seminarios internos ao persoal técnico que presta servizos na Amtega relacionados coa resposta áxil fronte a ataques por ransomware.
- ◆ Realización de seminarios e webinars para a difusión, ao resto de grupos de Amtega, dos servizos prestados pola Subárea de Seguridade, así como das políticas de seguridade Amtega.



## OBXECTIVO IV. FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS

### 4.4.1. Plan de impulso á educación dixital

O plan de Impulso á Educación dixital ten por obxectivo **impulsar unha educación innovadora e personalizada** que integra como elemento esencial da práctica educativa as tecnoloxías dixitais.

Seguindo as liñas de acción da Estratexia Galega de Educación Dixital 2030, este programa busca potenciar o desenvolvemento dun sistema educativo dixital de calidade, accesible e dotado cun conxunto de ferramentas dixitais para o ensino que redunde na dotación de competencias dixitais ao alumnado para facilitar que prospere nun mundo cada vez máis dixital.

#### 4.4.1.1. Impulsar a evolución das infraestruturas tecnolóxicas nos centros educativos

Os proxectos dixitais en centros educativos requiren que as infraestruturas e a dotación TIC estean adecuadamente dimensionadas, permitindo a posta en práctica dunha educación dixital de calidade.

No ano 2025 deuse un importante impulso aos proxectos de dotación a centros educativos, destacando especialmente a dixitalización das aulas do ensino público, coa instalación nas aulas en centros públicos de 5.500 paneis dixitais interactivos de 86", e a dotación a centros doutro material TIC, como poden ser os máis de 2.000 portátiles de 15", 1.500 equipos ultraportátiles de alumnado, ou os preto de 1.000 PCs de altas prestacións.

En total a inversión en material TIC destinado a centros educativos foi de 4,5 millóns de euros.

A totalidade das aulas adscritas ao **proxecto Edixgal** contan cun panel dixital interactivo, dotado dun módulo OPS integrado ou dun portátil asociado a cada panel. Con carácter global, cómpre salientar que:

- ♦ Hai instalados 15.957 paneis dixitais en aulas de centros educativos, formen ou non parte do proxecto Edixgal.
- ♦ Todos estes paneis dispoñen do correspondente sistema de acceso (OPS ou portátil), garantindo a súa plena operatividade e integración nos sistemas dixitais corporativos.

Esta dotación de paneis dixitais estendeuse de maneira xeneralizada ao conxunto do sistema educativo público galego, chegando ás aulas ordinarias de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato, así como aos ciclos de formación profesional e ás

ensinanzas de réxime especial. O proceso de instalación desenvólvese a través dos expedientes de contratación da AMTEGA, AMT-2021-0041 e AMT-2022-0099, que incluíron distintas solucións tecnolóxicas con paneis de 75 e 86 polgadas.

#### 4.4.1.2. Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo E-DIXGAL

A transformación educativa nos sistemas estatais e europeos, incluído o galego, require da facilitación e dispoñibilidade de contornas virtuais de aprendizaxe e contidos dixitais adecuados. A través do proxecto E-Dixgal, proporciónanse medidas tecnolóxicas orientadas a reforzar e garantir unha contorna dixital fiable e adaptada ás necesidades da comunidade educativa, así como a dispoñibilidade de contidos dixitais de calidade accesibles nas ditas contornas.

##### Plataforma EVA de EDixgal

O **Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA)** está orientado a facilitar o acceso do profesorado e do alumnado a contidos educativos dixitais, servir como espazo centralizado de traballo docente e de aprendizaxe do alumnado, garantir a continuidade pedagóxica e metodolóxica en contornas dixitais, integrar procesos de comunicación, avaliación e seguimento académico.

- ♦ Número total de docentes matriculados no EVA: 10.460
- ♦ Número total de alumnas e alumnos matriculados no EVA: 62.165

Dende o inicio do curso académico, o profesorado realizou un uso intensivo do EVA, tanto en modalidade en liña como en situacións de traballo sen conexión. O proxecto Edixgal dispón dunha infraestrutura dixital amplamente despregada e homoxénea, que garante as condicións técnicas necesarias para a integración

efectiva do Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) na práctica educativa diaria, tanto nas aulas como a nivel individual de profesorado e alumnado.

Como complemento á infraestrutura das aulas, o proxecto Edixgal conta cun importante parque de dispositivos portátiles de uso persoal, dirixido a alumnado e profesorado;

- ◆ 66.930 netbooks Edixgal destinados ao alumnado, para uso persoal nos centros educativos con carros de carga en cada aula.
- ◆ 5.223 portátiles Edixgal destinados ao profesorado, asignados igualmente para uso persoal nos centros.

#### 4.4.1.3. Mellorar as infraestruturas dixitais educativas a través da extensión dos medios que facilitan o acceso e utilización de ferramentas de ensino virtual

Durante 2025, consolidáronse as canles de comunicación e servizos dixitais que conectan centros, profesorado, familias e alumnado, así como na mellora das plataformas de aprendizaxe e dos portais de difusión de recursos.

#### abalarMóbil

A día de hoxe, o número histórico total de persoas rexistradas na aplicación abalarMóbil ascende a 545.855, das que 317.686 considéranse activas.

Os datos de utilización da plataforma durante o 2025:


- ◆ 49.152.760 accesos rexistrados.
- ◆ 407.733 mensaxes SMS enviada.
- ◆ 3.225.403 correos electrónicos enviados.
- ◆ 7.856.060 notificacións push remitidas.

#### 4.4.1.4. Evolucionar as canles de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital

Durante o 2025 continuouse dando unha atención áxil e fiable das consultas, peticións e incidencias da comunidade educativa para garantir a fluidez na execución dos procesos apoiados polos sistemas de información no ámbito educativo.

Durante todo o ano, xestionáronse desde a UAC un total de 132.334 incidencias por canle telefónica e 54.108 mediante correo electrónico.

Por outra banda, desde o servizo premium, o total de incidencias xestionadas ascendeu a 24.808.



|                                                 | Xan   | Feb   | Mar   | Abr   | Mai   | Xuñ    | Xul    | Ago   | Set    | Out    | Nov   | Dec   | Total   |
|-------------------------------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|--------|--------|-------|--------|--------|-------|-------|---------|
| Incidencias xestionadas por teléfono desde UAC  | 6.954 | 6.392 | 7.898 | 8.266 | 8.075 | 21.918 | 21.858 | 1.780 | 27.254 | 11.289 | 7.509 | 5.305 | 132.334 |
| Incidencias xestionadas por correo desde UAC    | 3.302 | 3.270 | 3.247 | 3.284 | 3.713 | 6.349  | 6.430  | 1.150 | 10.703 | 6.148  | 3.720 | 2.792 | 54.108  |
| Incidencias xestionadas desde o Servizo Premium | 2.866 | 2.760 | 2.322 | 2.156 | 1.775 | 2.524  | 1.852  | 511   | 5.201  | 3.718  | 2.133 | 1.728 | 24.808  |

## 4.4.2. Plan Galego de competencias dixitais

O desenvolvemento e consolidación das novas tendencias tecnolóxicas no mercado de traballo actual debe ir acompañada dun proceso de capacitación dixital en todos os sectores produtivos da economía galega, incluíndo a Administración. Neste sentido, no seo deste programa trabállase no desenvolvemento do Marco Galego de Competencias Dixitais, regulado no *DECRETO 123/2021, do 2 de setembro*, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais para promover que a cidadanía e o persoal empregado público dispoña das capacidades dixitais necesarias para formar parte do novo contexto dixital, dando lugar a unha mellor calidade de vida, á creación de novas oportunidades de emprego e á redución da brecha de participación existente entre colectivos máis vulnerables.

Neste plan inclúense tanto o desenvolvemento dos instrumentos tecnolóxicos ou organizativos para a execución do marco, como as actividades de capacitación e xeración de contidos, que permitan acadar un amplo número de cidadáns con capacidades dixitais como mínimo básicas.

Igualmente inclúense as actividades de capacitación dixital orientadas especificamente ao persoal empregado público.

E as liñas de traballo dos espazos dixitais para a capacitación promovida pola Xunta de Galicia.

### 4.4.2.1. O Marco Galego de competencias Dixitais (MGCD)

Dentro das actividades estratéxicas e de grupos de traballo amparados polo comité especializado para o deseño e a definición do Marco galego de competencias Dixitais (en adiante MGCD), no 2025 cabe destacar:

- ◆ A publicación dunha nova versión do Documento de Bases, e a posterior aprobación polo Consello Reitor, para incorporar melloras no proceso de acreditación das competencias dixitais no ámbito educativo, derivadas da experiencia da súa aplicación durante o ano anterior, tanto das vías de validación coma de equivalencia no ámbito das competencias dixitais do alumnado (secundaria, bacharelato e estudos de formación profesional).
- ◆ A elaboración dun borrador para revisión do decreto de regulación do Marco galego de competencias dixitais para incorporar os cambios organizativos que se teñen identificado como necesarios tralos primeiros anos de execución do proxecto. A finais de 2025 elevouse proposta de borrador á correspondente comisión de publicación, estando

prevista a aprobación e publicación do novo decreto xa no 2026.

- ◆ No 2025 formalizouse un novo convenio entre unha maioría das Comunidades Autónomas de España, co obxecto de impulsar a liña de colaboración xa iniciada en anos pasados, e que inclúe a posta en común de ferramentas e plataformas tecnolóxicas, contidos dixitais, e calquera outra iniciativa relacionada co marco europeo de competencias dixitais.

#### 4.2.1.a. Plataformas tecnolóxicas e contidos dixitais para o MGCD

A execución do marco galego de competencias dixitais require dispor de instrumentos para a execución, difusión, xestión e análise tanto das actividades de capacitación como de certificación. Inclúese a xestión do rexistro de certificacións, de entidades colaboradoras, plataformas de difusión, autodiagnóstico, de certificación, de xestión de contidos, de capacitación. En 2025, traballouse na:

- ◆ a) Evolución das canles para a execución do MGCD:
  - ◆ **Certificación – proxecto COMREX:** puxéronse en marcha novos mecanismos de integración e de automatización que aumentan a eficiencia na tramitación das certificacións e na emisión dos propios certificados do MGCD. Nese contexto, completouse a integración entre w@nda e as plataformas do MGCD, o que consolida un sistema de tramitación integramente dixital ao tempo que se reduce significativamente os tempos de tramitación, por exemplo dende que unha persoa realiza unha proba para obter a certificación e a administración emite o correspondente certificado dixital ComDix. Ademais os certificados emitidos póñense automaticamente á disposición das persoas no seu expediente administrativo, con aviso a través de notific@ e acceso a través da propia Sede da Xunta de Galicia.
  - ◆ **Plataforma de Probas de Certificación – proxecto TUCERT** - <https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/>. No 2025 melloráronse diversos aspectos da plataforma, destacando optimizacións e novas funcionalidades para xestión das reclamacións, así coma recálculo e revisión automatizado dos resultados cando as reclamacións son atendidas.
  - ◆ **Difusión** - <https://competenciasdixitais.xunta.gal/>. No 2025 continuouse publicando neste portal as principais novas relacionadas co

proxecto de interese xeral para a cidadanía, ao mesmo tempo que se abordaba unha evolución tecnolóxica do portal orientada a mellorar a súa accesibilidade e usabilidade xeral, e a facilitar os mecanismos internos para publicación dos contidos.

- ♦ **b) Elaboración e actualización continua dos contidos dixitais de referencia para a capacitación en competencias dixitais:**
  - ♦ Completouse a adaptación e revisión dos contidos dos 6 cursos base que **compoñen o itinerario formativo "ComDix Intermedio" para o escenario particular do persoal empregado público**, o que permitiu ofrecer xa no segundo semestre de 2025 as primeiras edicións destes cursos titorizados nun novo itinerario dirixido a persoal empregado público.
  - ♦ Abordouse unha revisión, actualización e mellora dos contidos dos **7 cursos base que compoñen o itinerario formativo "ComDix Iniciación"**, tendo en conta as recomendacións establecidas polo proxecto europeo DIGCOMP, orientadas a actualizar a formación transversal en materia TI atendendo a aspectos novidosos como a aplicación da IA.
  - ♦ Melloráronse e ampliáronse os bancos de preguntas e simulacións para uso nas probas de certificación dos niveis "ComDix Iniciación" e "ComDix Intermedio".
  - ♦ Co obxecto de prever unha ampliación da oferta formativa, fíxose unha análise preliminar e propuxéronse 11 cursos curtos complementarios para a capacitación no marco galego, orientados a temáticas específicas de especial interese (IA, ferramentas de control parental...), cursos que complementarán os itinerarios xa existentes dos niveis iniciación e intermedio, tanto cara a cidadanía como cara o persoal empregado público. A partir deste deseño, a Amtega iniciará xa en 2026 a elaboración dos contidos destes novos cursos.

#### 4.2.1.b. Plans específicos de capacitación e acreditación dixital no MGCD

- ♦ **a) No contexto do MGCD, e no caso do persoal empregado público:**
  - ♦ En colaboración coa EGAP, ofertáronse **ao persoal empregado público** novas edicións dos cursos necesarios para a obtención da acreditación "COMDIX nivel iniciación" e "COMDIX nivel intermedio". Concretamente, desenvolvéronse **49 accións formativas** ComDix cun total de **2.050 horas**, nos que se incluíron:
    - ♦ 36 edicións, seis de cada un dos 6 cursos que compoñen o itinerario formativo para a obtención do nivel "ComDix Iniciación", que supuxeron 1.800 persoas formadas mediante titorización activa.
    - ♦ 6 edicións, unha de cada un dos 6 cursos que compoñen o itinerario formativo para a obtención do nivel "ComDix Intermedio", que supuxeron 300 persoas formadas mediante titorización activa.
    - ♦ 6 edicións do curso de convalidación "De CODIX a ComDix", que supuxeron 300 persoas formadas mediante titorización activa.
    - ♦ 1 edición do curso de introdución ao MGCD, "Empezamos! Que nivel de competencias dixitais teño? Introdución ao Marco galego de Competencias Dixitais", xa en réxime de autoformación, curso que completaron un total de 2.047 persoas.
- ♦ Tamén en colaboración coa EGAP, executáronse as primeiras 6 edicións de probas libres para obtención da certificación "ComDix Iniciación" para persoal empregado público, acumulando no 2025 un total de 750 inscristas e 520 certificacións "ComDix Iniciación" finalmente emitidas.
- ♦ **b) No contexto do MGCD, e de xeito coordinado coa Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, e de acordo cos criterios aprobados polo comité do MGCD para as competencias dixitais do alumnado, no 2025 executáronse:**
  - ♦ Probas para a certificación:
    - ♦ Probas para certificación "ComDix Intermedio" por validación, para alumnado de 2º de Bacharelato e ciclos de Formación Profesional de Grao Medio, cun total de 7.518 participantes e 5.808 alumnos con dereito a certificación.
    - ♦ Probas para certificación "ComDix Intermedio" para alumnado de 4º de ESO (adultos) e FP Básica, cun total de 276 participantes e 26 alumnos con dereito a certificación.
  - ♦ Certificacións por equivalencia:
    - ♦ Para 24.345 alumnos de ESO e FP, que por titular no 2025 nestes estudos teñen dereito á certificación "ComDix Iniciación".
    - ♦ Para 10.238 alumnos de determinados estudos de Formación Profesional de Grao Medio e Superior, que por titular no 2024 nestes estudos teñen dereito á certificación "ComDix Intermedio".

#### 4.4.2.2. Capacitación dixital do persoal empregado público

No 2025 desenvolvéronse **152 accións formativas en materia de capacitación dixital do persoal empregado público en diversos eidos, accións que supuxeron un total de 4.993 horas de formación.**

No marco da colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), desenvolvéronse os seguintes programas:

- ♦ Programa de formación recollido no **Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a convocatoria e desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e de protección de datos.** Ao abeiro deste programa desenvolvéronse:
  - ♦ **45 accións formativas, cun total de 1.017 horas de formación, en materia de administración electrónica e nas que se inclúen:**
    - ♦ As dirixidas ao impulso á implantación da administración electrónica Integral na Xunta de Galicia, afondando en aspectos como a relación coa cidadanía, o documento electrónico na tramitación administrativa, a tramitación de expedientes administrativos (w@ndA), a automatización de procesos e robotización aplicada á xestión pública, os sistemas de análises de datos, ou a accesibilidade e usabilidade dos sistemas dixitais.
    - ♦ As dirixidas a afondar nos sistemas para a contratación electrónica acompañando á plena implantación da licitación electrónica, con formación sobre os sistemas que conforman o Nodo de contratación pública de Galicia. (Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION), o Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) ou o sistema electrónico de facturación (SEF).
  - ♦ **29 accións formativas, cun total de 901 horas de formación, en materia de seguridade dos sistemas de información,** aliñadas co Plan de Seguridade da Xunta de Galicia, abordando temáticas coma a seguridade informática básica na Xunta de Galicia, a protección de datos de carácter persoal e o Regulamento europeo 2016/679, aspectos avanzados e implantación da normativa de protección de datos na Xunta de Galicia, ou as implicacións derivadas do Esquema nacional de seguridade.
- ♦ **4 accións formativas,** cun total de 160 horas de formación, en materia de Tecnoloxías de Información e Comunicacions (TIC), especificamente dirixidas a persoal TIC da administración, abordando temáticas coma "Git e Github", ferramentas para analítica de datos, tecnoloxías disruptivas (5G, RPA...) ou sistemas SIX.
- ♦ **"Curso superior de Administración electrónica",** de 114 horas de duración, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG). 13ª edición deste curso, dende a súa creación en 2009, que permitiu que 70 empregados públicos con responsabilidades de xestión puidesen afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, para adquirir e perfeccionar os coñecementos teóricos e prácticos que lles permitirán liderar dende as súas respectivas unidades a implantación dos novos modelos de traballo que supoñen os sistemas dixitais. Así como un primeiro achegamento a temáticas como automatización ou xestión do dato na administración pública.
- ♦ **"Curso superior de Ciberseguridade",** de 99 horas de duración. 5ª edición deste curso, que permitiu que 70 empregados públicos con perfil TIC e responsabilidades de xestión puidesen afondar en diversos temas do eido da ciberseguridade desde unha perspectiva xurídica e técnica práctica, dotándoos de boas prácticas para previr e detectar contratempos na utilización de sistemas das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), tratando os aspectos relacionados coas políticas de seguridade na utilización de medios electrónicos recollidos no Esquema nacional de seguridade (ENS), e proporcionando ao alumnado unha visión global da seguridade dos sistemas de información, das súas vulnerabilidades, das ameazas a que está sometido e dos riscos que comporta o seu uso.
- ♦ **"Curso superior en Protección de Datos",** de 109 horas de duración. 4ª edición deste curso superior, orientado a afondar en diversos temas do eido da protección de dato, tanto desde unha perspectiva técnico-xurídica como desde unha perspectiva práctica, de xeito que se conciencie o alumnado na relevancia e importancia do dereito fundamental á protección de datos persoais desde unha perspectiva normativa e práctica; se aborden os principios básicos de seguridade e as medidas que cómpre implantar nos sistemas de información desde a perspectiva do risco e con base no disposto no Regulamento xeral de protección de datos (RXPd) e no Esquema nacional de seguridade (ENS); e se proporcione ao alumnado unha visión global da protección de datos persoais, das funcións e responsabilidades correspondentes

aos diferentes roles que interveñen no tratamento dos datos persoais e do papel que desenvolven as autoridades de control como a Axencia Española de Protección de Datos..

- ♦ **Plan ofimático de Galicia.** Neste plan ofrecéronse 394 horas de formación repartidas en 11 accións formativas.
- ♦ No contexto da iniciativa **Universo EGAP innova**, e coa finalidade de proporcionar formación práctica presencial ao persoal empregado público da Administración autonómica galega e á cidadanía que axude nas transformacións tecnolóxicas, organizativas e lexislativas derivadas da Administración electrónica, colaborouse nos relatorios técnicos de 6 xornadas de formación práctica dixital E-martes celebradas no 2025, o que supuxo un total de 36 horas de formación presencial, destacando a consolidación destas xornadas, que fomentan a participación do alumnado, a autoxestión da aprendizaxe, e a busca da identificación de novas oportunidades para a innovación e o cambio nas administracións públicas.

#### 4.4.2.3. Sistemas de apoio aos Programas de formación en Rede

Nos últimos anos tivo un forte impulso o desenvolvemento de espazos dixitais para a capacitación e aprendizaxe, que na Xunta de Galicia se artellan a través da **plataforma corporativa de e-learning Plafor**. Baseada en software libre (Moodle), Plafor permite dispoñer de xeito ordenado dun espazo para o desenvolvemento de actividades formativas, organizadas no marco de programas ou organismos dependentes da administración pública autonómica.

No 2025 rexistráronse de novo altísimas cifras na actividade global do proxecto. Dese xeito, no ano a plataforma rexistrou **35.556 persoas** con actividade, cun total de **2.913 cursos activos**. Desta maneira, PLAFOR consolídase como unha solución altamente efectiva para o desenvolvemento de calquera actividades de formación en liña que precise a administración, capaz de chegar con calidade de servizo a un importante número de persoas, e incluíndo non só capacidades de formación en liña senón mecanismos especialmente eficaces para realizar procesos de acreditación con emisión automatizada das correspondentes certificacións de ter completado unha determinada acción formativa ou proba de nivel.

No 2025 tiveron actividade un total de **18 espazos de formación**, entre os que caben destacar:

- ♦ **"Campus Virtual de Formación para o Emprego"** (<https://campusvirtualemprego.xunta.gal/>). Posto en marcha no ano 2021, o 2025 confirmou a consolidación deste "campus virtual", orientado á realización de actividades de formación para fomento da empregabilidade entre a cidadanía, promovidas dende a Dirección Xeral de Formación e Colocación da Xunta de Galicia. Este ano realizáronse neste campus virtual un total de **621 cursos** dos que se beneficiaron un total de **3.714 alumnos**.
- ♦ A **Secretaría Xeral de Política Lingüística** ofreceu á cidadanía en 2025 a través desta plataforma os cursos de capacitación na lingua galega CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3, CELGA 4 e "Cursos de Linguaxe Xurídica e Administrativa", completándose un total de 173 edicións nas que participaron **9.931 persoas**. Neste ano 2025 cabe destacar que este portal de teleformación da Lingua Galega converteuse no primeiro proxecto autonómico en **convocar unha proba para certificación oficial de idioma en liña**. Dar o paso de levar unha proba de certificación oficial de idiomas presencial a unha proba en liña esixía aplicar técnicas de proctoring, solución técnica que garante que a persoa que realiza a proba é realmente quen di ser, resolvendo o risco de suplantación de identidade, e que o exame se desenvolve sen axudas externas, evitando prácticas fraudulentas e mantendo a integridade da proba oficial en condicións non presenciais. Facendo uso da **tecnoloxía de proctoring SMOWL**, integrada en PLAFOR, celebrouse neste 2025 a 1ª experiencia piloto de certificación oficial en liña coa convocatoria da proba en liña para a obtención da certificación oficial CELGA 4, á que puideron optar 100 aspirantes dende o seu domicilio.
- ♦ Formación online dentro da **rede de aulas CEMIT, para a adquisición de competencias dixitais por parte da cidadanía**. Neste contexto publicáronse ata **156 accións formativas** que permitiron que **4.431 cidadáns** se beneficiasen dunha ou de varias desas accións formativas.
- ♦ A **Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)** mantivo a súa aposta pola teleformación a través desta plataforma, convocando este ano a través da plataforma **560 accións formativas**, cunha participación global de **5.489 alumnos**, incluíndo a celebración de 89 sesións de telepresenza.
- ♦ **Centro Superior de Hostelería de Galicia:** continuando a súa actividade de formación en liña, publicou no 2024 un total de **262 cursos** en liña usados por **431 alumnos**.
- ♦ **Consellería do Medio Rural con accións** destinadas á sensibilización en materia de calidade

dos produtos, xestión sustentable dos recursos naturais, xestión técnico económica, incorporación de novos activos agrarios, protección do medio e conservación da paisaxe, seguridade e saúde laboral e aumento da competitividade do sector agrícola forestal con **251 cursos** nos que participaron un total de **936 alumnos**.

- ♦ **Consellería do Mar** para a capacitación dos traballadores da pesca e os mariñeiros para o exercicio da súa profesión con **46 cursos** nos que participaron un total de **223 alumnos**.
- ♦ A **Consellería de Política Social** celebrou 21 cursos en liña no contexto da aprendizaxe e auto formación no manexo das aplicacións informáticas usadas no eido dos Servizos Sociais (proxecto CENPOS e HCEPRO) dos que se beneficiaron un total de 433 alumnos con actividade.

- ♦ **FOGGA** celebrou 227 cursos en liña dos que se beneficiaron un total de 650 alumnos.
- ♦ A **Axencia de Turismo de Galicia** usou un ano máis a plataforma, pero xa con menos intensidade que en anos pasados, publicando no 2025 ata 142 accións formativas dirixidas a formar a colectivos de hostalaría e restauración. que permitiron que **377 alumnos** distintos se beneficiasen dunha ou de varias das accións formativas programadas.
- ♦ A propia **Amtega** empregou esta plataforma para desenvolver ata 71 cursos e seminarios en liña dirixidos a mellorar a capacitación técnica dun total de 1.567 técnicos dos seus equipos de traballo.


### 4.4.3. Bibliotecas en rede de Galicia

Este programa aborda o desenvolvemento de medios e servizos dixitais nas tres tipoloxías de bibliotecas (a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, as bibliotecas escolares e bibliotecas especializadas).

A finais de 2025, o número total de bibliotecas usuarias do Sistema de Xestión Bibliotecario baseado en KohaLS, ascendía a 1.115 (309 bibliotecas municipais, 773 escolares e 33 especializadas).

#### 4.4.3.1. Servizos Dixitais nas bibliotecas do Sistema Galego de Bibliotecas

A **Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (RBPG)**, no ámbito tecnolóxico estruturase ao redor dos seguintes elementos: un Sistema de Xestión bibliotecaria común (baseado en KOHAILS), un carné de acceso, unha plataforma de préstamo de libro dixital (GaliciaLe), e os portais de presenza en internet tanto da rede como das bibliotecas centrais territoriais.



En 2025, abórdouse a publicación do portal **Furgoteca** e a renovación dos portais das 6 bibliotecas nodais. Estas últimas, migradas a Drupal 10, son agora máis usables e accesibles e presentan unha interface máis moderna, conforme ás últimas tendencias en deseño web. En concreto, renováronse os portais

das Bibliotecas Públicas: Ánxel Casal, de Santiago de Compostela; Miguel González Garcés, da Coruña; Juan Compañel, de Vigo; Antonio Odriozola, de Pontevedra; Nós, de Ourense e da Biblioteca Pública de Lugo. As súas portadas e enlaces móstranse no apartado [Canles dixitais](#) deste documento.

En febreiro de 2025 publicouse tamén o portal web da Furgoteca, un servizo de biblioteca móbil que presta a Xunta de Galicia en colaboración cos Concellos que non dispoñen deste equipamento cultural. Como calquera outro centro bibliotecario, achégalle á veciñanza servizos diversos como: préstamo de libros, revistas e outros materiais; asesoramento e recomendacións de lectura; xestión de carnés de usuario/a...

Realizáronse tamén:

- ♦ Actualizacións tecnolóxicas ás sucesivas versións do arquetipo corporativo, e actualizacións de seguridade.
- ♦ A posta en marcha do servizo **GaliciaLe+**, orientado ás persoas de fóra de Galicia para que poidan facer uso da Plataforma de préstamo dixital en galego obtendo un carné de usuario exterior.



As **bibliotecas escolares**, no ámbito tecnolóxico estrutúranse ao redor dos seguintes elementos:

- ◆ Un **servizo de biblioteca dixital, extendéndoos neste momento a máis de 800 centros escolares**, accesible a través de <https://bega-elbe2.edu.xunta.es/>



- ◆ Continuación do proceso de migración do Sistema de Xestión bibliotecaria MEIGA cara o sistema baseado en KOHAILS. Así, en 2025 incorporáronse 183 bibliotecas escolares, sumando un total de **773 bibliotecas a empregar Kohails** como sistema de xestión.

#### 4.4.3.2. Outros sistemas no ámbito do fomento da lectura

Inclúense neste punto diversos Sistemas vinculados ao ámbito dos fondos editoriais e fomento da lectura. En concreto, no 2025 abordáronse novas funcionalidades nas diferentes liñas, destacando o seguinte:

- ◆ **Renovación da Librería Institucional** (<https://libreria.xunta.gal>).

Esta plataforma centraliza a distribución e comercialización do fondo editorial da Xunta tanto en formato físico coma electrónico, tanto venal coma non venal, e tanto para os compradores finais como para as

librerías e establecementos comerciais. Converteuse así na primeira canle de comercio en liña da Administración autonómica, dando cumprimento ao artigo 11 da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e a da lectura de Galicia, que no seu punto 4 di: "a Xunta de Galicia creará unha Librería Institucional do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia na que se ofrezan todas as publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo do Goberno".

A finais de 2025, a Librería Institucional conseguiu xa a distribución dun alto número de exemplares por diferentes vías:

- ◆ A entrega de **2.440 pedidos nos que se distribuíron 6.587 publicacións**: 4.838 venais e 1.749 non venais.
- ◆ **71.027 descargas en PDF** de publicacións gratuítas.
- ◆ **11.345 accesos** á consulta das publicacións da Xunta nos portais web das bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.

A aplicación funciona tamén como ferramenta de xestión, establecendo diferentes tipos de usuarios e un fluxo de accións que permite unha xestión eficiente e distribuída dos procedementos relacionados coa autorización de publicacións por parte da Comisión Permanente de Publicacións.

En 2025 iniciouse a primeira fase do proceso de renovación deste portal para afrontar un cambio tecnolóxico (migración a Drupal 10) e, en consecuencia, un cambio de deseño e a incorporación de novas funcionalidades. **Esta renovación implica evolución do portal web e adaptación da plataforma á identidade corporativa vixente da Xunta de Galicia, priorizando a experiencia de navegación en dispositivos móbiles** mediante unha estrutura visual máis clara, compoñentes máis accesibles e unha organización dos contidos optimizada para pantallas pequenas. Así mesmo, revisáronse e modernizáronse os estilos visuais do portal.

- ◆ **Evolución do sistema de Xestión do depósito legal DLEGAL** e avances na definición das funcionalidades para **Filmoteca** no marco DLEGAL. Filmoteca como centro conservador de obras. O traballo no sistema de xestión do Depósito Legal estivo centrado en tres liñas principais:
  - ◆ Adecuación do sistema á normativa que obriga a realizar o **depósito dixital dos exemplares das publicacións periódicas (seriadas)**.
  - ◆ Outras **evolucións funcionais como**:
    - ◆ Revisión e mellora do proceso de preparación de borradores de libros por parte das editoriais.



- ◆ Optimización do envío de copias dixitais á Biblioteca Nacional.
- ◆ Melloras nos buscadores das aplicacións.
- ◆ Realizáronse actualizacións tecnolóxicas, así como as últimas versións das librerías transversais e de base de datos.
- ◆ Evolución do sistema de **Adquisición de novidades editoriais**, centrada en actualizacións tecnolóxicas, mediante novas versións das librerías transversais, novas funcionalidades para as convocatorias e ampliación dos permisos dos administradores.
- ◆ **Xestión de enquisas**, automatizouse a exportación dos datos das enquisas cara a dúas plataformas onde se analizan e publican estes resultados, como son Alzira (a ferramenta interna que se usa para xestionar e analizar información), e o portal de estatística da Rede de Bibliotecas de Galicia (estadística-rbgalicia.xunta.gal), onde se publican datos oficiais.
- ◆ No **Directorio de bibliotecas** realizouse unha actualización tecnolóxica integral. Esta intervención permitiu adaptar a plataforma ás últimas versión, mellorando así a súa estabilidade e rendemento. Ademais, incorporáronse novos filtros de busca integrada, que facilitan localizar información de maneira máis eficaz, e ampliáronse as estatísticas xerais dispoñibles, atendendo ás necesidades e solicitudes formuladas polos propios servizos bibliotecarios.
- ◆ **Programa de bolsa de biblioteconomía**, onde destaca a posta en marcha do desenvolvemento dun novo sistema de xestión destinado a adaptarse ás novas bases da próxima convocatoria. Este avance incorpora melloras significativas, como a automatización na adxudicación das prazas, a creación dun novo procedemento para a xestión de renuncias, o cálculo automático das puntuacións dos expedientes e un algoritmo de desempate renovado, permitindo un seguimento máis preciso e eficiente das persoas solicitantes e suplentes.
- ◆ No **Programa LerContaMoito**, xunto coa apertura da convocatoria correspondente ao ano 2025, o esforzo centrouse na actualización tecnolóxica.
- ◆ Adicionalmente abordouse a análise de requirimentos de dúas novas áreas de traballo:
  - ◆ **O Rexistro de Propiedade Intelectual** avanza a fase de análise para establecer as bases funcionais do sistema, así como orientar o seu deseño cara a unha plataforma máis eficiente, moderna e adaptada ás necesidades de xestión e tramitación.
  - ◆ O proxecto de **Clubs de Lectura** completa o documento funcional.



## O FOMENTO DAS COMPETENCIAS DIXITAIS EN CIFRAS

### Educación Dixital

#### Dotación de Equipamento



- 15.245 aulas **dixitalizadas** que contan con panel dixital interactivo e PC.
- 5.500 novos **paneis dixitais interactivos de 86"** instalados en centros públicos
- 15.957 paneis dixitais en aulas de centros educativos.
- 2.000 **portátiles de 15"**, 1.500 ultra portátiles dotados ao alumnado e preto de 1.000 PCs de alta prestacións.
- 21.639 **equipos** de fenda dixital dotados.
- 700 centros **coa ferramenta** de filtrado de contidos CT Parental implantada.
- 66.930 **netbooks Edixgal** destinados ao alumnado e 5.223 portátiles Edixgal destinados ao profesorado.



#### Alumnado en educación dixital

10.460 docentes e 62.165 alumnos matriculados no Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA).

### Marco galego de competencias dixitais (MGCD) e competencias dixitais (ComDix)



**44.138 certificacións ComDix** emitidas durante o 2025, 28.424 delas do nivel "ComDix Iniciación" e 15.714 do nivel "ComDix Intermedio".



152 accións de **capacitación dixital para o persoal empregado público**, **9.517 prazas**, **4.993 horas de formación**.

### Capacitación dixital do persoal empregado público



**152 accións formativas en diversas materias:** administración dixital, seguridade, competencias dixitais transversais e ofimática.

### Sistema de apoio aos programas de formación en rede

- ♦ **35.556 persoas con actividade rexistrada en PLAFOR.**

## Bibliotecas en rede de Galicia



**1.115 bibliotecas** usuarias do **Sistema de Xestión bibliotecario** baseado en **KohaILS**

- **309** bibliotecas **municipais**
- **773** bibliotecas **escolares**
- **33** bibliotecas **especializadas**

## Inclusión, capacitación e talento dixital



### Rede CeMIT

- **645.459 horas planificadas** de formación na Rede CeMIT.
- **127.335 persoas usuarias** da Rede CeMIT.  
Número de persoas usuarias da Rede CeMIT (maiores de 55 anos): 41.079 (das cales 16.497 son homes e 24.582 son mulleres), o que supón un 32,27 % das persoas usuarias totais da Rede.
- **Aliados dixitais:** 211 entidades, asociacións, empresas e organismos públicos (152 entidades colaboradoras, 43 mecenas, 18 mentores), 92 aulas CeMIT e 788 persoas voluntarias dixitais.
- **Nº de axentes colaboradores:** 157 axentes colaboradores (122 entidades de acción voluntaria, 11 organismos colaboradores e 24 mecenas dixitais).



### ComDix

- **Primeira convocatoria do curso titorizado en Competencias Dixitais con aproveitamento activo no nivel Iniciación**, que acredita oficialmente as competencias adquiridas neste nivel formativo, e dá dereito á certificación ComDix de nivel Iniciación.
- Máis de **3.500 prazas ofertadas** para optar á certificación ComDix.
- Presentáronse ás probas un total de **3.201 persoas**, das cales **1.577 corresponderon** ao nivel **Iniciación** e **1.624** ao nivel **Intermedio**.
- Certificáronse un total de **2.298 persoas**: 1.336 no nivel Iniciación e 962 no nivel Intermedio. O **70% das persoas certificadas foron mulleres**, cun rango de idades comprendido entre os 16 e máis de 65 anos.
- Na primeira edición do **curso titorizado no nivel Iniciación** convocáronse 300 prazas. Matriculáronse 281 alumnos e alumnas, dos cales 197 superaron con éxito o itinerario formativo e obtiveron a certificación ComDix de nivel Iniciación, sendo 149 mulleres e 48 homes.
- **5 edicións dos cursos titorizados de competencias dixitais de nivel Iniciación**, e ao redor de 200 persoas inscribíronse para participar.
- 50 edicións do curso de **competencias dixitais de nivel Intermedio** en modalidade titorizada, con máis de 25.900 persoas inscritas e máis de 15.200 que finalizaron a formación.



### 2 novas edicións do Programa Tecnólog@ por un día:

- **48 prazas ofertadas** polas empresas TIC galegas na 12ª edición.
- **46 prazas ofertadas** polas empresas TIC galegas na 13ª edición.
- **19 alumnos/as participantes** na 12ª edición, de 10 centros educativos galegos distintos.
- **57 alumnos/as participantes** na 13ª edición, de 106 centros educativos galegos distintos.

#### 4.4.4. Plan para o impulso da inclusión, capacitación e talento dixital

O Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia ten por misión promover un novo paradigma de sociedade máis próspera e inclusiva na que todas as persoas estean mellor preparadas para adaptarse e coexistir coa continua evolución tecnolóxica tanto na súa vida profesional como privada. Artellado en tres eixes estratéxicos, busca pechar a fenda dixital de acceso, uso e impacto das tecnoloxías entre os cidadáns, con especial atención ao colectivo das persoas maiores, á perspectiva de xénero e ao rural; promover as competencias dixitais dos profesionais e impulsar as vocacións e o talento dixital avanzado en Galicia. No primeiro ano do Plan, o catálogo de actuacións de fomento do talento dixital acadou ata 39 actividades planificadas, para as que se contou coa colaboración das empresas do sector TIC galego e dos colexios e asociacións do eido tecnolóxico de Galicia.

##### 4.4.4.1. Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía

Durante o 2025, a Rede CeMIT continuou a implementar iniciativas para **facilitar a adquisición de coñecementos e competencias dixitais** a través da formación presencial e online. Os responsables das aulas ofertaron diferentes actividades, como **cursos, charlas, titorías e asesoramentos personalizados** sobre o manexo de dispositivos tecnolóxicos, seguridade na Rede, habilidades dixitais, o emprego da tecnoloxía como ferramenta de inclusión e accesibilidade, poñendo o foco nos colectivos máis afectados pola fenda dixital, especialmente no rural.



## DINAMIZADORES DAS AULAS DA REDE CEMIT

### III Encontro de dinamizadores da Rede CeMIT: "Dinamiza TIC"

- 2 sesións formativas
- 9 axentes

### Newsletter

Compartida cos axentes TIC da Rede novas

### Wiki interna CeMIT

Compartición de material formativo

### Foro Axentes TIC

- Dinamizado na plataforma EMA
- 5 concellos

#### 4.4.4.2. Impulso de iniciativas para combater a fenda dixital das persoas maiores

A Rede CeMIT continuou impulsando un ano máis iniciativas dirixidas ao **colectivo de persoas maiores** para continuar ampliando os coñecementos e habilidades dixitais de maneira que poidan **participar activamente no novo contexto dixital**. Algunhas das destas actuacións, executadas durante o 2025 son as seguintes:

- ♦ **"Ciberseguridade, os teus primeiros pasos"** en colaboración co servizo de Ciberseguridade Acordo Marco de Telefónica co obxectivo de sensibilizar á cidadanía da importancia da formación no uso da tecnoloxía no día a día. Leváronse a cabo 19 sesións presenciais as que asistiron preto de 262 persoas usuarias.
- ♦ **Curso "Prepárate para un Nadal ciberseguro"**, actividade para concienciar á cidadanía sobre os riscos de ciberseguridade no período do Nadal. Contou coa participación de 219 persoas de 18 concellos das 4 provincias.
- ♦ **"Enredando Tour"**, iniciativa realizada en colaboración coa Cruz Vermella para impulsar a autonomía dixital e fomentar o achegamento ao entorno dixital a persoas que viven en núcleos rurais. Percorréronse 20 localidades cunha participación de 342 persoas.
- ♦ **Ciclos de seminarios online** en colaboración coa Federación Galega de Asociacións Universitarias Sénior (FEGAUS), para fomentar o uso máis habitual e práctico da tecnoloxía. Contou con máis de 370 persoas beneficiarias e máis de 70 actividades ofertadas sobre diversas temáticas.
- ♦ **"Plan Piloto – Canal Sénior na Rede CeMIT"** en colaboración co aliado dixital FEGAUS co obxectivo de potenciar as competencias dixitais prácticas no

día a día das persoas maiores, ensinar a empregar ferramentas dixitais para mellorar a súa saúde e benestar, así como combater a soidade non desexada, fomentando a interacción social e o sentimento de comunidade. Participaron preto de 120 persoas.

#### 4.4.4.3. Promoción da formación e certificación galega en competencias dixitais para a cidadanía

- ♦ **Convocatorias da Certificación galega en competencias dixitais - ComDix** no seu nivel Iniciación e Intemedio: ofertáronse máis de 6.500 prazas, para que a cidadanía galega puidese obter a nova certificación.
- ♦ Primeira convocatoria do **curso titorizado en Competencias Dixitais** con aproveitamento activo no nivel Iniciación, que acredita oficialmente as competencias adquiridas neste nivel formativo, e dá dereito á certificación ComDix de nivel Iniciación. Convocáronse 300 prazas e matriculáronse 281 alumnos/as.
- ♦ **Creación e posta ao dispor de contidos formativos en competencias dixitais de nivel iniciación**. A través da plataforma de teleformación da Rede CeMIT creouse un itinerario formativo de apoio á preparación para a obtención da certificación ComDix Iniciación.
- ♦ Lanzáronse cinco edicións dos **cursos titorizados de competencias dixitais de nivel Iniciación**, que comezaron no último trimestre do ano, e ao redor de 200 persoas inscribíronse para participar.
- ♦ Durante o ano desenvolvéronse **50 edicións do curso de competencias dixitais de nivel Intermedio en modalidade titorizada**, con máis de 25.900 persoas inscritas e máis de 15.200 que finalizaron a formación.



#### 4.4.4.4. Desenvolvemento de actuacións para o fomento das vocacións tecnolóxicas na infancia e na xuventude

Para estimular o talento precoz no ámbito STEM e motivar o atractivo vocacional no eido STEAM e nas profesións científico-tecnolóxicas dende idades temperás, este 2025 puxéronse en marcha diversas iniciativas entre descritas no apartado 4.4.4.1. Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía, e entre as que destaca a planificación de **dúas novas convocatorias anuais do Programa Tecnólog@** por un día para o ano 2025 ofrecendo a estudantes de 12 a 17 anos a oportunidade de experimentar en primeira persoa unha xornada laboral en empresas do sector TIC de Galicia, co obxectivo de contribuír no impulso de vocacións STEAM a través de sesións inmersivas. Este ano celebrouse a 12ª e 13ª convocatoria do programa na que participaron un total de 76 alumnos de 26 centros educativos galegos.

#### 4.4.4.5. Desenvolvemento de actuacións para o impulso da presenza da muller no eido dixital e a redución da fenda de xénero

Durante o 2025 continuouse a traballar para potenciar a presenza da muller no eido dixital, promovendo a redución da fenda de xénero e visibilizando o rol feminino no eido tecnolóxico a través de varias actuacións, entre as que destacan:

- ◆ Posta en marcha dunha nova edición do **Ciclo de obradoiros Girl STEAM**, dirixido á rapazada entre 9 e 16 anos en colaboración co Colexio profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia (CPETIG). A actividade contou coa participación de máis de 280 rapaces e rapazas de 18 concellos, co obxectivo de acercar a tecnoloxía de maneira creativa e inspiradora a través de actividades prácticas de experimentación tecnolóxica, como a creación de autómatas de cartón postos en funcionamento a través dun motor programable partindo do kit de robótica das aulas CeMIT.

#### 4.4.4.6. Reforzo da oferta formativa para o impulso do talento dixital avanzado

Iniciativas de formación e asesoramento co obxectivo de promover coñecementos e habilidades dixitais avanzadas relacionadas cos ámbitos da transformación dixital e das tecnoloxías emerxentes. Durante o 2025 desenvóléronse accións destinadas a favorecer a captación, desenvolvemento e fidelización de talento cualificado, así como a fortalecer habilidades tanto transversais como técnicas, con especial atención ao emprendemento e ao liderado no ámbito dixital.

Nesta liña destaca a posta en marcha da III Edición do Programa Mentoring FP, liderado pola Amtega e a Consellería de Educación e dirixido a estudantes de FP e de cursos de especialización STEAM co obxectivo de ofrecerlles mentorización e acompañamento no desenvolvemento da súa carreira profesional ou a posta en marcha dun proxecto emprendedor.

#### 4.4.4.7. Actuacións para o reforzo da oferta formativa para o impulso do talento dixital avanzado

Durante o 2025 leváronse a cabo varias accións enmarcadas dentro do convenio de colaboración entre a AMTEGA e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do **Plan de reforma e ampliación da Rede de Aulas CeMIT**. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022- 2025:

- ◆ **Entrega material tecnolóxico** básico ás aulas CeMIT adheridas ao Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT.
- ◆ **Plan formativo orientado aos axentes TIC**, ao abeiro do cal se celebraron catro xornadas de carácter presencial, co fin de garantir un adecuado coñecemento técnico do equipamento básico, así como a súa aplicación práctica na aula.
- ◆ **Cesión equipamento tecnolóxico a entidades sen ánimo de lucro**: en agosto de 2025, púxose en marcha un programa de cesión de equipamento tecnolóxico, propiedade da Xunta, a entidades sen ánimo de lucro, no marco do convenio AMTEGA-FEGAMP para a Rede CeMIT, co fin de mellorar os servizos á cidadanía, promover o software libre e a soberanía dixital, fomentar a reutilización responsable dos equipos, reducir residuos electrónicos e contribuír á diminución da fenda dixital.
- ◆ **Instalación da maqueta Windows 11 corporativa** en todos os equipos das aulas da Rede CeMIT.
- ◆ **Desenvolvemento da versión v.01.01.00 da nova ferramenta de soporte e xestión das aulas CeMIT (XECM)**.

- ◆ **Nova versión de XEA-GCISIS v.3.4.27** principalmente de corrección de bugs.
- ◆ **Nova versión da Web CeMIT v.04.00.00** co paso de Drupal 9 a Drupal 10.
- ◆ Realización de **procesos de auditoría da páxina web de CeMIT** e da plataforma de teleformación CeMIT, co fin de mellorar a usabilidade e a navegación, mellorar o deseño visual e organización do contido de ambos portais. Así mesmo, inicio dos traballos de mellora da plataforma de teleformación de CeMIT (definición de contidos, elaboración de mock ups...).

#### 4.4.4.8. Apoio nas actuacións de comunicación e difusión no eido das actuacións de redes de banda larga ultrarrápida

No ano 2025 leváronse a cabo as seguintes accións:

- ◆ Mantemento das seccións da web Amtega correspondentes ao programa de Bonos Dixitais para colectivos vulnerables.
- ◆ Elaboración de contidos e extracción de datos de avance para as notas de prensa publicadas pola Amtega sobre as distintas actuacións postas en marcha.

#### 4.4.4.9. Colaboración e seguimento de iniciativas con resultados no eido da cobertura de redes de banda larga doutros organismos públicos

Dende o inicio do **PDBL2020** realízase unha **tarefa continua de canalización de toda a información e avances** relacionados coa banda larga, que inclúe:

- ◆ Solicitudes de información e actualización de datos para os distintos Plans e Programas globais da Xunta de Galicia nos que se enmarcan as actuacións de conectividade.
- ◆ Colaboración no traspaso de información relacionada coa banda larga con outros organismos interesados.

#### 4.4.4.10. Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo e técnico das telecomunicacións para Entidades Locais

No marco do convenio entre a Amtega e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) lanzouse o **servizo de asesoramento a concellos sobre normativa e solucións técnicas** para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación.

Este equipo de traballo específico, integrado por enxeñeiros de telecomunicación, ofreceu soporte centralizado e permanente ás entidades locais para resolver dúbidas sobre a aplicación da normativa e cuestións técnicas da implantación dos equipamentos

de telecomunicación que afectan as actividades das Administracións locais.

Do mesmo xeito, levouse a cabo o **control da nova actualización normativa do sector das telecomunicacións, así como, a formación e difusión de boas prácticas e interpretacións da normativa de impacto nos despregamentos.**

#### 4.4.4.11. Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións

A **Oficina do Plan de Banda Larga** asume os obxectivos de centralizar e canalizar toda a información referente á banda larga, fomentar o avance homoxéneo das distintas actuacións en materia de telecomunicacións e dotar a todos os axentes implicados e persoas interesadas dun punto único de información.

Neste senso, durante o ano 2025 continuou funcionando o servizo prestado pola **Oficina do Plan de Banda Larga** con máis de 300 consultas respondidas nas seguintes liñas:

- ◆ Resposta á demanda de información referente ás actuacións da Xunta no eido da banda larga por parte de cidadáns, administracións (local, provincial e rexional), empresas e outros axentes implicados.
- ◆ Soporte técnico e asesoramento en temas relacionados coas telecomunicacións a todos os axentes implicados e á propia cidadanía en ámbitos como normativa, solucións técnicas, instalación de redes, etc.
- ◆ Soporte na coordinación, seguimento e control das actuacións postas en marcha.

#### 4.4.4.12. Proxectos Smart Villages

Actuación centrada na definición e posta en marcha de **iniciativas Smart Villages**. Esta actuación, que conta cun total de 12 millóns de euros de fondos FEADER no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común 2023 -2027 cofinanciadas con fondos FEADER.

En 2025 revisouse o alcance das **Estratexias Smart Villages**, adoptándose un modelo estruturado en cinco estratexias horizontais que permiten ampliar o ámbito territorial de actuación e optimizar o uso dos fondos públicos. Neste marco, analizáronse e valoráronse diferentes proxectos susceptibles de desenvolvemento dentro das novas estratexias.

En concreto, producíronse avances no proxecto de **Tótems de emprego**, integrado na Estratexia de Emprego Rural, e no proxecto de Transporte rural regular a demanda, discrecional e adaptado, no marco da Estratexia de Mobilidade Rural, ambos orientados a reforzar os servizos e oportunidades nas zonas rurais.

## OBXECTIVO V. IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE

### 4.5.1. Programa Galicia Territorio Intelixente

Ao longo de 2025, avanzouse de forma significativa no **despregamento da Plataforma Territorio Intelixente**, consolidando as súas bases tecnolóxicas e de gobernanza como infraestrutura transversal ao servizo da administración pública galega. Este impulso materializouse na incorporación de novas capacidades tecnolóxicas nos sistemas xeoespaciais corporativos, entre as que destacan a **intelixencia artificial, a internet das cousas (IoT) e o big data**, ampliando así as posibilidades de captura, tratamento e análise avanzada da información territorial. Paralelamente, reforzáronse os mecanismos de gobernanza que garanten a interoperabilidade, a calidade do dato e a integración coherente dos recursos cartográficos dentro da plataforma, en liña co Plan Cartográfico de Galicia.

Este avance produciuse no marco da iniciativa **RETECH "Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en xemelgos Dixitais"**, que artella a colaboración con outras comunidades autónomas — A Rioxa, Comunidade Foral de Navarra, Castela-A Mancha e Extremadura— e que constituíu o principal vector de evolución da plataforma durante este período.

A participación neste programa permitiu orientar o desenvolvemento da infraestrutura cara a un novo paradigma: **o da plataforma habilitante para a construción de xemelgos dixitais territoriais**. Deste xeito, o traballo realizado en 2025 ten como obxectivo estratéxico asentar os cimentos dunha plataforma que permita desenvolver con axilidade xemelgos dixitais sectoriais, facilitando a súa implementación sobre unha base común, interoperable e escalable que se converterá no principal instrumento para a xestión intelixente do territorio.



#### 4.5.1.1. Consolidación e evolución da Plataforma Territorio Intelixente cara á habilitación de xemelgos dixitais

O exercicio de 2025 estivo marcado por un intenso traballo de desenvolvemento orientado aos obxectivos estratéxicos descritos: dotar á plataforma das capacidades técnicas necesarias para soportar xemelgos dixitais sectoriais e reforzar simultaneamente os mecanismos que garanten a calidade e o aproveitamento da información xeoespacial corporativa.

- ◆ **No plano tecnolóxico**, completouse a implantación dos compoñentes que materializan esta evolución do SIX corporativo.

- ◆ **No ámbito da gobernanza**, o traballo central do exercicio orientouse a reforzar os marcos que garanten a calidade, trazabilidade e aproveitamento da información xeoespacial corporativa.
- ◆ **No ámbito formativo** e de transferencia de coñecemento, impartíuse una nova edición do curso da EGAP "SIX Corporativo orientado a persoal TIC".
- ◆ **No plano da proxección exterior**, desenvolveuse un encontro sobre o Xemelgo Dixital de Galicia no contexto do Máster de Planificación e Xestión Territorial da Universidade de Santiago de Compostela, participouse no I Congreso de Cidades Intelixentes e Economía Circular celebrado en Pontevedra e na feira Greencities de Málaga, consolidando a visibilidade e o posicionamento da iniciativa galega nos principais foros sectoriais de referencia.

#### 4.5.1.2. Sistema transversal de xeocodificación do territorio

En 2025 iniciouse o desenvolvemento do **sistema transversal de xeocodificación do territorio**, que permitirá consolidar e manter de forma distribuída un repositorio unificado de enderezos, mellorando substancialmente as condicións de despregamento de servizos sobre o territorio e a calidade da información de base dispoñible para o conxunto da administración.

#### 4.5.1.3. Desenvolvemento de sistemas especializados para a xestión e análise territorial

En paralelo á evolución da plataforma transversal, desenvolveuse un conxunto de sistemas e ferramentas especializadas que fan uso das capacidades xeoespaciais corporativas para dar resposta a necesidades concretas de distintos ámbitos da administración, contribuíndo á vez a enriquecer o ecosistema de solucións dispoñibles sobre a plataforma.

- ◆ Sobre esta plataforma tecnolóxica e de gobernanza así reforzada, e no marco do proxecto RETECH "Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemellos Dixitais", iniciouse o **despregamento dos primeiros xemellos dixitais de referencia**.



- ◆ Así mesmo, no marco da colaboración con **AGADER** a través do **proxecto EIRA** (Espazo de Innovación Rural Aplicada), iniciáronse os traballos para o despregamento dos primeiros xemellos dixitais orientados ao territorio rural, con foco en problemáticas de alto impacto para o sector agrogandeiro e forestal galego.
- ◆ Evolucionouse o **visor de concursos de dereitos mineiros** para incorporar información sobre a dispoñibilidade de minerais en cada zona do territorio, integrando capas xeradas mediante redes neuronais.
- ◆ En materia de **información cartográfica** de base, completáronse os traballos de captura para a elaboración da Base Topográfica de Galicia V1.1 a escala 1:500 de 80 concellos da provincia de Ourense.
- ◆ Abordáronse traballos de **ordenación, conexión e mellora dos sistemas de toponimia**, co obxectivo de establecer un fluxo integral que permita recompilar achegas voluntarias de usuarios.
- ◆ Finalizaron os traballos de desenvolvemento e evolución dos **proxectos TIERRA**, desenvolvidos no marco da iniciativa estratéxica para o desenvolvemento de solucións innovadoras no ámbito dos sistemas e vehículos non tripulados.
- ◆ Realizáronse **tarefas de apoio e coordinación da implantación de compoñentes e servizos xeográficos** en distintos sistemas sectoriais e de tramitación da administración.

## 4.5.2. Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility

### 4.5.2.1. Desenvolver novos sistemas de información e xestión intelixente da mobilidade

Realizouse o desenvolvemento e **púxose en marcha un novo cadro de mando** para o seguimento xeográfico e temporal da oferta de transporte público nos servizos interurbanos. Ademais, realizáronse tarefas de soporte e mantemento nos cadros de mando de Xente Nova, +65, demanda e no mapa de traxectos.

Por outra banda, desenvolvéronse **melloras no proxecto QaSAE**, que permite medir a calidade das estimacións de paso por parada dos autobuses en tempo real (ETA, Estimated Time of Arrival), integrando a consulta das estimacións calculadas por SAEGAL a través do estándar SIRI.

Tamén se comezou o **desenvolvemento en PowerBI** dun cadro de mando para o seguimento das denuncias e expedientes sancionadores en materia de transportes.

Por último, realizouse o mantemento do observatorio de custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da comunidade autónoma de Galicia: <https://observatoriotransporte.xunta.gal/>

### 4.5.2.2. Desenvolver e dar soporte a un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual

Durante o ano 2025, o sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual, **OTRANS**, continuou incorporando novos desenvolvementos tecnolóxicos e operativos.

- ◆ Realizáronse desenvolvementos orientados á mellora e automatización dos procesos de cálculo e funcionalidades para facilitar a carga automática da información remitida a través do Anexo I asociada ás liquidacións.
- ◆ Iniciouse a definición dun novo módulo para a xestión dos servizos de interese municipal (SIMU) para a súa futura incorporación en OTRANS, de acordo cos requirimentos definidos.
- ◆ En relación coa xestión de circulacións e coa xeración das liquidacións, desenvolvéronse servizos web específicos para a descarga das circulacións a xustificar e para a remisión masiva das xustificacións.
- ◆ Avanzouse na definición e desenvolvemento de novos perfís para o persoal da Inspección. Ademais, traballouse na integración coa plataforma de inspección P\_INSPEC.

- ◆ Impulsouse unha nova funcionalidade para a súa xestión a través de Sede.
- ◆ Finalizouse e implantouse o desenvolvemento relativo aos festivos locais e aos días de libre disposición dos centros escolares.
- ◆ Traballouse na implantación dun módulo de alertas meteorolóxicas integrado coa AEMET para a xestión de alertas activas.
- ◆ Iniciáronse os traballos necesarios para a xestión dos servizos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso especial, escolar, mediante 71 lotes, expediente DXM-ORD-2025-009.
- ◆ Avanzouse na integración con MoBT.
- ◆ Desenvolvéronse novos informes no xerador de informes e melloras nos informes de circulacións con adscripción de vehículos, no informe de adscripción dinámica e nos informes de anexos unificados, entre outros.
- ◆ Desenvolveuse un módulo de consulta das reservas de praza de servizos baixo demanda.

### 4.5.2.3. Realizar a xestión integral da rede de estradas de Galicia

O 23 de decembro adxudicouse o contrato de desenvolvemento dun sistema de xestión integral dos estudos e proxectos sobre a **Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA)**. Esta plataforma permitirá o rexistro e xestión de todos os trámites administrativos dos proxectos e expedientes, diferenciándoos segundo o seu tipo e estado de tramitación.

### 4.5.2.4. Modernizar os sistemas de pago no transporte público

En setembro do 2025, púxose en servizo en todos os contratos de transporte interurbano, o **módulo QR Xente Nova** na APP transporte público de Galicia que permite aos mozos e mozas menores de 21 anos viaxar de balde nos autobuses interurbanos co seu móbil sen necesidade de activar a tarxeta moedeiro nin de adiantar o pagamento das viaxes.

Na plataforma galega de mobilidade 4.0, denominada MoBT, destacaron os seguintes fitos.

- ◆ Comezou un **piloto family & friends** de pago con móbil.

- ◆ Elaborouse o deseño externo da **nova tarxeta MoBT** en modalidade ABT a partir do estándar TESC de ITS España e deseñouse o esquema de seguridade para o acceso e verificación da información a partir da xestión dun módulo MiFare SAM AV3.
- ◆ Completáronse as especificacións técnicas para implementación dos pagamentos con tarxeta bancaria no marco do proxecto MoBT baixo a modalidade EMV Transit e completouse o desenvolvemento da aplicación de pagos para os terminais de Busmatick.
- ◆ Publicouse nos markets de Apple y Google a nova aplicación móbil MoBT polo que xa está dispoñible para todos os cidadáns.
- ◆ Para dar a coñecer o proxecto entre os cidadáns sobre todo na área de Pontevedra, elaborouse un **plan de comunicación**.

#### 4.5.2.5. Mellorar os sistemas de información ao usuarios

Durante o ano 2025, continuouse coa coordinación e seguimento da integración dos SAEs locais dos concesionarios no **SAE de mobilidade de Galicia (SAEGAL)** mellorando as porcentaxes de detección de circulacións e paradas acadándose regularmente valores de detección medias próximos ao 100%.

Entre os fitos a resaltar:

- ◆ Púxose en explotación na ITS SUITE unha nova versión do reprodutor de rutas que permite reproducir o percorrido real realizado por un vehículo nunha expedición de transporte regular nos últimos 90 días.
- ◆ Traballouse nunha nova especificación de **integración de SAE's locais** para incorporar tanto na información histórica como na información en tempo real o NIF do condutor cifrado que prestou o servizo de transporte.
- ◆ Desenvolvéronse uns servizos para a importación automática de mestres e topoloxías. Tamén se desenvolveu un **novo módulo Mobile Adapter** para

integrar o posicionamento e os pasos por parada dos vehículos que prestan servizos de transporte regular de uso especial (escolar) a través da APP móbil Tráeme.

- ◆ Habilitáronse os **servizos SIRI da ITS Suite** para permitir o consumo directo das estimacións xeradas por este sistema.
- ◆ Periodicamente seguen cargándose os datos da oferta estática dos servizos interurbanos en formato GTFS en Google Transit e na web do Punto de Acceso Nacional de datos de transporte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (<https://nap.mitma.es/Files/Detail/1386>).
- ◆ Traballouse na migración tecnolóxica **do portal bus.gal** da versión Drupal 7 a Drupal 10. Tamén se introduciron novos contidos relacionados cos descontos para membros de familias numerosa e elaborouse unha nova sección con información relacionada co proxecto MoBT.
- ◆ Na **aplicación móbil de Transporte Público de Galicia**, mellorouse a usabilidade da funcionalidade para a consulta das estimacións de chegada ás paradas dos autobuses tempo real e realizáronse as modificacións para permitir aos usuarios menores de 15 anos dispoñer de viaxes ilimitadas a partir do 1 de xullo tal e como establece o Real Decreto-lei 1/2025, de 28 de xaneiro.
- ◆ Publicouse a **nova aplicación móbil MoBT**, que virá a substituír a actual APP Transporte Público de Galicia.
- ◆ Tamén se completou o desenvolvemento do **novo portal MoBT**, que estará dispoñible no enderezo web: <https://mobt.xunta.gal>. Este portal ofrecerá funcionalidades equivalentes ás da APP móbil, agás o pagamento dos billetes mediante códigos QR.



### 4.5.3. Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio

#### 4.5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica

A Amtega puxo en marcha no ano 2015 a **plataforma galega de información ambiental GaIA**, un sistema galego de información ambiental, integrable, escalable e con capacidades de interconexión e de interoperabilidade con outros sistemas de información que manexen información ambiental tanto nacionais coma europeos.

Así, durante o ano 2025 continuou a impulsarse esta plataforma, destacando as seguintes actuacións:

- ◆ Resolución da licitación, arranque e execución do novo proxecto para o desenvolvemento de novas funcionalidades na plataforma GaIA relacionadas co tratamento e xestión de Residuos (expediente AMT-2025-0010).
- ◆ Resolución da licitación do novo proxecto para o desenvolvemento de novas funcionalidades na plataforma GaIA (expediente AMT-2024-0090).

#### 4.5.3.2. Pó en marcha unha plataforma urbanística dixital de Galicia

Este proxecto atópase enmarcado no desenvolvemento do Plan Tecnolóxico de modernización no ámbito do Urbanismo de Galicia, especificamente para os procesos de tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio.

No 2025 iniciouse a execución do servizo para o desenvolvemento da **Plataforma Urbanística Dixital de Galicia**, destacando as seguintes actuacións:

- ◆ Inicio do desenvolvemento da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia.
- ◆ Identificación, priorización e proposta de desenvolvemento de proxectos para o ámbito de urbanismo e ordenación do territorio no marco do Programa Galego de Intelixencia Artificial 2025-2027.
- ◆ Probas de concepto de aplicación da IA para a identificación automática de informes sectoriais e a anonimización de datos na tramitación urbanística.



## TERRITORIO INTELIXENTE: A ECONOMÍA DIXITAL EN CIFRAS

### Galicia territorio intelixente



- **Integración de funcionalidades xeográficas** en 15 novos proxectos.
- **2.655 servizos de información xeográfica** actualmente publicados.
- **4 pilotos de xemelgos dixitais** en marcha.
- **Habilitación de 8 novas capacidades** nos sistemas corporativos de información xeoespacial.
- **15 recursos xeoespaciais** metadados no xecatálogo.

### Transporte e mobilidade dixital

- Máis de 14.500 altas novas de **usuarios no proxecto QR Xente Nova** e pagáronse con QR máis de 735.000 billetes.
- Recepción das primeiras 85.000 **tarxetas MoBT**.
- A finais de 2025, a nova APP MoBT acumulaba case 6.000 descargas.
- Habilitado o pago con móbil a través da **APP MoBT** en 11 contratos.



### Conservación do medio ambiente e o territorio



- **1.051.516 documentos** presentados en Gaia eResiduos (950.848 documentos de identificación / 100.671 notificacións previas).
- **594 inspeccións** no 2025 en Gaia.

### Memoria dixital de Galicia

**10.484 rexistros bibliográficos (títulos) e 3.569.178 imaxes** no Sistema Biblioteca Dixital de Galicia. (<https://biblioteca.galiciiana.gal>).

**332.624 obxectos dixitais e 9.588.747 imaxes** no Sistema **Arquivo Dixital de Galicia**. (<https://arquivo.galiciiana.gal>), no que participan **61 institucións**.

**313.945 obxectos dixitais** preservados no Sistema de preservación do patrimonio dixital.

**66 entidades locais** usuarias do sistema de arquivos ARQA.



• **Máis de 61.000 bens catalogados** no sistema de xestión do Patrimonio - XERPA.

• **920 millóns de palabras traducidas** nos tres frontais (do ámbito específico da administración pública, da cidadanía e a app) da **plataforma de tradución automatizada GAIO**.

• **775 cabeceiras** correspondentes a 20 tipos de publicacións na hemeroteca de Galiciiana-Biblioteca Dixital de **Galicia**.

• **42.106 documentos dixitalizados** no Espazo **Memoria e Concordia**.

## Turismo intelixente



O número de expedientes tramitados en 2025 foi de 15.611, mentres que as persoas inspectoras rexistraron 3.697 actuacións de inspección sobre establecementos e empresas do sector.



O Sistema de Intelixencia Turística conta con 36 cadros de mando e máis de 350 indicadores e KPI que permiten a monitorización do impacto do turismo en Galicia.



139.220 persoas rexistradas en TURINFO e que utilizaron oficinas de información turística, das cales 82.700 son de procedencia nacional e 56.250 doutros países.



21 sistemas de xestión e información ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos.



TURNIX, xestiona máis de 200 millóns de datos dos establecementos e atractivos turísticos do destino.

## Impulso á empresa dixital



- Publicación dos pregos do contrato para a licitación para conseguir as empresas a través das que se prestarán os servizos do Programa Reacciona TIC.
- Inicio da tramitación para a contratación das empresas a través das que se prestarán os servizos.

#### 4.5.4. Plan para a transformación dixital do sector primario

As iniciativas incluídas neste programa figuran explicitadas no epígrafe 4.2.7. do presente Informe de Actividades.

#### 4.5.5. Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego – Memoria dixital de Galicia

A iniciativa “**Memoria Dixital de Galicia**” promoveu o impulso da dixitalización, xestión, preservación e difusión do patrimonio, da identidade e da actividade cultural de Galicia mediante a utilización das tecnoloxías da información, favorecendo novas modalidades de consumo interactivas e participativas.

Este programa ten como finalidade dar continuidade á devandita iniciativa “**Memoria Dixital de Galicia**”, incorporando novas iniciativas, incluíndo a aplicación de tecnoloxías avanzadas e innovadoras para o desenvolvemento de servizos dixitais, coa finalidade de impulsar unha experiencia dixital, diferencial e enriquecida vinculada ao acceso e consumo de patrimonio e cultura.

##### 4.5.5.1. Difusión da lingua galega

A Secretaría Xeral de Lingua e a Amtega continúan colaborando no uso das canles dixitais para a difusión e impulso da lingua galega cara a sociedade. En 2025 destacan as seguintes liñas de avance:

- ♦ Na **plataforma de tradución automatizada GAIO**, no conxunto dos seus tres frontais (ámbito específico da administración pública, o frontal da cidadanía, e a app GAIO), acadouse a tradución de máis de 920 millóns de palabras.
- ♦ En 2025 avanzouse na fase de probas da **versión piloto do Gaio neuronal**, un sistema de tradución automática baseado en redes neuronais artificiais que se alimenta dos modelos do Proxecto Nós, e que consta, polo de agora, de 2 pares de linguas nas dúas direccións: de español e inglés para galego e viceversa. O obxecto destas probas, realizadas por un grupo de persoas da organización, é reforzar a calidade desta versión inicial, colaborando no seu adestramento e comezando a aplicar correccións baseadas en experiencias de uso reais.
- ♦ O **Proxecto Nós** é unha iniciativa que, partindo dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a **Universidade de Santiago de Compostela** para a xeración de recursos lingüísticos e tecnolóxicos en lingua galega, se enmarca nos principios inspiradores da intelixencia artificial e das tecnoloxías da linguaxe coa finalidade de dotar a lingua galega de ferramentas e recursos lingüísticos

e tecnolóxicos que permitan o acceso a produtos dixitais presentes e futuros na lingua galega.

- ♦ A **plataforma de teleformación de lingua galega** para a cidadanía (<https://formacion-lingua.xunta.gal>) A través desta plataforma ofrecéronse á cidadanía, en modalidade de teleformación, os cursos de capacitación na lingua galega CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3 e CELGA 4, así como “Cursos de Linguaxe Xurídica e Administrativa”. En total, 173 edicións nas que participaron 9.931 persoas. O portal de teleformación da Lingua Galega en PLAFOR converteuse no 1º portal autonómico en convocar probas en liña para a obtención dunha certificación oficial de idioma, o CELGA 4, aplicando técnicas avanzadas de proctoring para evitar a suplantación de identidade e garantir que se faga sen axudas externas, proba á que puideron optar 100 aspirantes dende o seu domicilio.
- ♦ Renovación tecnolóxica do portal [lingua.gal](http://lingua.gal)

##### 4.5.5.2. GALICIANA – Patrimonio dixital de Galicia

Galiciana configúrase como unha plataforma de recolección de datos abertos (protocolo OAI-PMH), xestión e difusión do patrimonio dixital cultural de Galicia custodiado en diversas institucións galegas. A infraestrutura de Galiciana está baseada nos seguintes sistemas, que en 2025 acadaron os seguintes indicadores:

- ♦ **Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia** ([www.galiciana.gal](http://www.galiciana.gal)), o espazo de difusión e recolección dos recursos patrimoniais, dixitais ou dixitalizados, da cultura galega que se atopan en dominio público ou de cuxos dereitos de difusión sexa titular a Xunta de Galicia ou as institucións xestoras dos repositorios que participan no proxecto. **Na actualidade recolle 726.059 obxectos dixitais de 16 coleccións.**
- ♦ **Sistema Biblioteca Dixital de Galicia.** (<https://biblioteca.galiciana.gal>), que recolle **10.484 rexistros bibliográficos (títulos) e 3.569.178 imaxes.**
- ♦ **Sistema Arquivo Dixital de Galicia.** (<https://arquivo.galiciana.gal>), no que participan 61

institucións, e recolle **1.771.512 descripciones, 332.624 obxectos dixitais e 9.588.747 imaxes.**

- ◆ **Sistema de preservación do patrimonio dixital, con 313.945 obxectos dixitais preservados.**

En 2025 continuou a evolución tecnolóxica e funcional dos sistemas que compoñen a infraestrutura de Galiciana, así como a automatización de procesos para curación de datos: avances na recolección, difusión e preservación (Galiciana, Biblioteca Dixital, Arquivo Dixital); migración da Biblioteca Dixital á infraestrutura corporativa; traballos de curación de contidos e enriquecemento de metadatos (ex. fondos USC).

Ademais destaca o desenvolvemento de **GalicianaSemántica** que ten como finalidade difundir, comunicar e expoñer dixitalmente os recursos, contados e obxectos dixitais que configuran o **patrimonio dixitalizado galego**, mediante un modo conversacional, intelixente e útil, o que, na práctica, significa facela interrogable por parte das persoas dun xeito intuitivo, útil, pertinente, personalizable e amable. Esta primeira fase deste proxecto supón o deseño e construción dun conxunto de proxectos que se concretan en:

- ◆ Creación dun catálogo único de autoridades unificado para as entidades do patrimonio histórico.
- ◆ Un modelo ontolóxico que permita caracterizar os repositorios, e extraer e enlazar entidades de diferentes repositorios.
- ◆ Un espazo en internet de referencia para a interrogación do patrimonio, e micrositios temáticos baseados en Galiciana.



Por outra banda, no portal web da Biblioteca de Galicia: <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/gl> finalizou, no 2025, a Fase I de desenvolvemento, coa finalización de tres espazos construídos sobre o grafo de coñecemento: **Prensa Histórica, Memoria e Concordia e Espazo Central**. Os dous primeiros xa están dispoñibles para a cidadanía.

## **Espazo Prensa Histórica Galega**



Publicacións periódicas dixitalizadas e dispoñibles na Hemeroteca de **Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia**, cun total de 775 cabeceiras correspondentes a 20 tipos de publicacións. 332.291 publicacións dixitalizadas con datas de publicación dende 1874.

<https://prensahistorica.galiciana.gal>

## **Espazo Memoria e Concordia**



Espazo orientado á difusión e preservación de documentos relacionados cos episodios históricos do **Golpe de Estado, Guerra civil e Ditadura franquista, e o posterior camiño ata a Constitución española de 1978**. Construído a partir dos fondos documentais dixitalizados de **Galiciana-Arquivo Dixital de Galicia**. **42.106 documentos dixitalizados publicados neste espazo.**

<https://memoriaeconcordia.galiciana.gal>



## Espazo central



O portal Galiciano enténdese como o **gran punto único de acceso ao patrimonio dixital galego**, integrando nun só portal os distintos servizos existentes: Biblioteca Dixital, Arquivo Dixital e o Sistema de Difusión e Recolección do Patrimonio Dixital doutras institucións de interese de Galicia. Consólidase así como **plataforma para preservar, difundir e dar visibilidade internacional ao patrimonio cultural de Galicia**.

Este espazo non está aínda dispoñible cara a cidadanía.

<https://portal.galiciana.gal/>

### 4.5.5.3. Sistemas de xestión e canles de difusión dos arquivos

Neste ámbito destacan os instrumentos de xestión e difusión do **Sistema de Arquivos de Galicia**. O **sistema de xestión de arquivos físicos (ARQA)** facilita unha ferramenta para a xestión dos cadros de clasificación e fondos custodiados en arquivos dependentes da Xunta de Galicia e nas entidades locais, nas que se está a abordar unha Implantación progresiva.

# ARQA

Durante 2025 traballouse en diferentes liñas de evolución funcional, entre as que destaca a integración das funcións relativas ao Consello de Avaliación Documental de Galicia.

A finais do ano, acadáronse un total de 66 concellos usuarios do sistema coa ampliación da implantación a **15 novos concellos**:

- ♦ Na provincia da Coruña, Melide, Mesía, Negreira, Pobra Do Caramiñal, Santiago De Compostela, Val Do Dubra;
- ♦ En Lugo, Castroverde, Quiroga, Viveiro;
- ♦ En Ourense, Bande, Calvos De Randín, O Irixo, Toén, Vilar De Barrio e
- ♦ En Pontevedra, Rodeiro.

### 4.5.5.4. Sistemas de xestión e canles dos museos dependentes da Xunta de Galicia

Neste ámbito inclúese a evolución da presenza en internet da **rede de museos dependentes da Xunta de Galicia**, cuxo portal de cabeceira e <https://museos.xunta.gal>.

En 2025, completouse a proba de **xestión e recolección de datos abertos mediante o protocolo OAI-PMH** e continúan traballos sobre datos e integración con Galiciano. Mantense e evoluciona a rede de portais



museísticos (Belas Artes, Peregrinacións, Massó, Viño, Viladonga...).

Así, actualizáronse as páxinas web dos museos para que todas tivesen o mesmo deseño, máis accesible e coherente. Tamén se mellorou a conexión con DOMUS e Galiciana para que a información dos museos se sincronice correctamente.

Durante todo o ano reforzouse a calidade técnica e prestouse soporte continuo aos museos: corrección de erros, melloras visuais, adaptación a normas web, axustes en filtros e menús, creación de novas seccións e resolución de incidencias técnicas (usuarios, dúbidas, formularios, erros ocasionais).

#### 4.5.5.5. Posta en marcha do sistema de xestión de recursos do Patrimonio Cultural de Galicia (XERPA)

Dentro das actividades desenvolvidas no proxecto GEOARPAD, financiado polo programa de cooperación INTERREG V (POCTEP) de Galicia (código de proxecto 0358\_GEOARPAD\_1\_E), abórdouse, xunto coa Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o deseño e posta en marcha do modelo de información e Sistema de xestión do patrimonio, tendo como referencia a Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia. A posta en marcha do **sistema XERPA (Xestión de recursos do Patrimonio Cultural de Galicia) permite a xestión dos instrumentos identificados na Lei 5/2016:**

- ◆ Censo do Patrimonio Cultural de Galicia.
- ◆ Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia.
- ◆ Relación de bens de interese cultural.

O ámbito funcional inclúe a recolleita da ficha do ben, incluíndo a identificación, dimensión xeográfica, caracterización e marco regulatorio que establece o seu nivel de protección, así como a xestión dos expedientes das intervencións no patrimonio e actos administrativos vinculados a el.

O sistema recolle na actualidade **máis de 61.000 bens rexistrados**.

Durante o ano 2025 abórdáronse diversas liñas de evolución orientadas á dixitalización dos procedementos neste ámbito, migración de expedientes recollidos en diferentes repositorios e diversas melloras funcionais no sistema, entre outras:

- ◆ Inclusión de novas capas nos visores solicitadas pola unidade funcional.
- ◆ Tramitación dixital: melloras da integración coa Sede e Rexistro electrónico, creación do expediente electrónico en ARPAD.
- ◆ Altas de bens dende o mapa do buscador, consolidación da edición do ben.
- ◆ Novos requisitos nos informes de Investimento da DXPC.
- ◆ Migración de expedientes:
  - ◆ Dos expedientes Denuncia, Sancionador e Recurso das distintas orixes de datos.
  - ◆ Dos expedientes de Avaliación Ambiental do Servizo de Arquitectura.
  - ◆ Migración dos expedientes de Autorización de Intervención do Depto. Territorial de Lugo.
- ◆ Inicio de dúas liñas innovadoras para mellorar a xestión e protección do patrimonio cultural: mapas e modelos 3D para analizar, planificar e divulgar

monumentos (piloto en Monforte de Lemos), e un axente de IA para a busca de contidos nos expedientes recollidos.

#### 4.5.5.6. Sistema de xestión de nomes do territorio

Os nomes de lugares forman parte do patrimonio inmaterial de Galicia, e son instrumento técnico no análise e planificación do territorio. De xeito coordinado coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Real Academia Galega, continúa a evolución do Sistema de Xestión de nomes do territorio que reúne un conxunto de instrumentos e ferramentas orientados a facilitar esta xestión nas súas dimensións lingüística, xeográfica e participativa. Inclúese neste proxecto tanto o nomenclator oficial (entidades de poboación), como a microtoponimia. Os principais elementos desta plataforma son:

- ◆ **Portal de difusión da toponimia e microtoponimia**, con especial énfase na difusión das orixes dos nomes do territorio. <https://toponimia.xunta.gal> difunde máis de 557.373 topónimos.
- ◆ **GaliciaNomeada**, é o sistema de Xestión participativa para a recolleita da microtoponimia por parte de colaboradores interesados na recuperación

deste patrimonio <https://galicianomeada.xunta.gal>. Nel están rexistrados 3.439 colaboradores, e recolléronse máis de 72.005 microtopónimos.

En 2025 desenvóléronse novos servizos como o **buscador filolóxico**, importación/exportación masiva de topónimos e ferramentas para mapas en papel.

O comezo do **Nomenclátor Xeográfico de Galicia** en colaboración co **Instituto de Estudos do Territorio**, permite dispoñer dun marco oficial, único e actualizado de nomes xeográficos, garantir a coherencia lingüística e territorial, apoiar os servizos públicos (cartografía, planificación, emerxencias) e mellorar a interoperabilidade con outras plataformas como Toponimia de Galicia ou Galicia Nomeada.

#### 4.5.5.7. FilMOTECA de Galicia

En 2025 iniciáronse os traballos de integración da FilMOTECA de Galicia na xestión corporativa da Amtega, no relativo á infraestrutura e medios en posto de traballo.

Abordouse tamén o deseño e proba de concepto do sistema de descrición dos fondos custodiados na FilMOTECA.

### 4.5.6. Turismo intelixente

O sector do turismo está ligado, de xeito decisivo, ás transformacións tecnolóxicas. O emprego de novos modelos de comunicación e relación coa persoa turista, a explotación dos datos da súa pegada ou a introdución de servizos baseados en IA tanto para as persoas visitantes como para os/as xestores/as, son os novos piares que guían as novas tendencias do turismo intelixente.

Eses piares guían as actuacións realizadas en 2025 no eido do turismo. Os máis relevantes son:

- ◆ Evolución dos sistemas de información para a xestión administrativa da administración pública:
  - ◆ Renovación do sistema que dá soporte ás actividades de inspección turística.
  - ◆ Mellora dos formularios de rexistro dos establecementos no REAT para facilitar a súa cumprimentación e garantir a calidade dos datos do Rexistro.
- ◆ Ampliación das capacidades da Plataforma de Intelixencia Turística (analítica avanzada).
- ◆ Posta en marcha dun modelo e as correspondentes ferramentas de xestión do goberno do dato no dominio turístico.
- ◆ Creación de modelos predictivos de analítica avanzada como o de ocupación de albergues no Camiño, explotando a infraestrutura do espazo de datos.
- ◆ Novos cadros de mando, tanto relacionados coa oferta coma os verticais de análise territorial e de mercados de orixe.
- ◆ Desenvolvemento do nodo de interoperabilidade TURNIX e primeira compartición estruturada de información con Turespaña.
- ◆ No ámbito do acompañamento á persoa que realiza o Camiño de Santiago, dotación de novos servizos na aplicación para dispositivos móbiles.
- ◆ Despregamento de sensores de mobilidade no Camiño de Santiago, con especial avance no itinerario Fisterra-Muxía.
- ◆ Evolución doutras apps e canles dixitais de promoción, como a app Galicia Termal e a cartelería dixital de información turística.

- ◆ Modernización de infraestruturas e servizos de apoio, tanto para a atención turística como para o CSHG.

#### 4.5.6.1. Novos servizos na app do Camiño de Santiago

A evolución da **aplicación para móbiles do Camiño**, con máis servizos para a persoa que percorre o Camiño, foi unha das tarefas máis relevantes levadas a cabo no ámbito de mellorar a súa experiencia como peregrino/a. Así, realizáronse as seguintes actuacións:

- ◆ Ao longo do exercicio completouse unha **nova iteración da app e do portal do Camiño**, incorporando filtros por tipoloxía e categoría,

novas mensaxes e notificacións de seguimento do percorrido, integración das asociacións do Camiño, melloras de rendemento e de usabilidade, así como unha enquisa de satisfacción e o apartado "Axúdanos a mellorar" para recompilar a percepción das persoas usuarias.

- ◆ **Información e seguimento do percorrido** nas diferentes etapas, con información sobre as distancias percorridas e a que lle falta para rematar a etapa que está realizando.
- ◆ Información, localización e contacto das **máis dos 440 Asociacións de Amigos do Camiño** por todo o mundo.
- ◆ **Enquisa de satisfacción** do uso da app.



#### 4.5.6.2. Nova aplicación de soporte á actividade inspectora

O desenvolvemento dunha **nova versión da aplicación de soporte á actividade inspectora (SIXITU)** tivo por obxectivo axilizar o proceso de inspección in situ, procurando achegar servizos amigables, poñendo en valor os datos existentes na plataforma para que as persoas usuarias non teñan que inserilos de xeito manual.

A aplicación encárgase de xestionar os diferentes estados das actuacións inspectora, ben sexan creadas a partir de expedientes de alta ou modificación de datos de establecementos ou empresas turísticas, ben sexan creadas a partir de actuacións de oficio.

O núcleo da nova ferramenta é unha **Bandexa de entrada**, na que os e as inspectoras recepcionan as ordes de traballo procedentes da tramitación dos expedientes administrativos. Nesta mesma pantalla, poden xerar novas **actuacións de oficio**.





As persoas inspectoras poderán **planificar as súas actividades** e deste xeito ter un control preciso sobre as súas actividades. A facilidade na elaboración da documentación, sen perder rigorosidade no proceso, foi un dos obxectivos a acadar coa nova aplicación.

Durante 2025 abórdouse esta renovación integral de SIXITU, definindo a súa nova arquitectura, a integración co RITGA, os modelos de informes e cuestionarios e o plan de probas. A posta en produción definitiva quedou xa encamiñada para 2026.

#### 4.5.6.3. Melloras nos formularios de alta, baixa e modificación de establecementos

Co obxectivo de facilitar a titulares e propietarios de establecementos e empresas do sector, levouse a cabo a **evolución dos formularios e a súa tramitación** que se empregan para a alta, baixa e modificación de información dos establecementos no REAT. Esta evolución estivo guiada pola consecución dos seguintes obxectivos:

- ◆ Facilitar a cumprimentación dos formularios.
- ◆ Realizar validacións dos datos inseridos campo a campo.
- ◆ Cargar os datos dos establecementos, nos procedementos de modificación e baixa, xa dispoñibles no REAT.
- ◆ Facilitar a proposta de cambios nos datos dos establecementos por parte dos seus titulares.

- ◆ Solicitar novos datos complementarios que axudan a dispoñer da maior calidade da información no REAT.

Estas melloras teñen un impacto directo na calidade do dato de orixe, xa que a información recollida nos formularios da sede electrónica aliméntase directamente no RITGA-REAT.

Durante 2025 avanzaouse tamén na integración dos formularios co asistente de cumprimentación, nas validacións simples, na maquetación con Xerator e na consolidación de novos trámites vinculados ás VUT e a outras tipoloxías.

#### 4.5.6.4. Oficinas de turismo

**TURINFO**, a plataforma de información e colaboración para as oficinas de turismo, continuou a súa evolución funcional en 2025 mediante novas utilidades de apoio ao persoal técnico, como a creación de guías predefinidas, a consulta de datos de distintas oficinas e a mellora do panel de control de persoas usuarias.

No mesmo marco iniciouse o desenvolvemento **dun asistente conversacional** baseado en IA para reforzar a calidade do servizo de atención.

O traballo realizado permitiu definir a arquitectura técnica e os contidos de apoio do futuro servizo, tomando como base preguntas frecuentes, recursos documentais e fluxos de consulta propios das oficinas. Deste xeito, a iniciativa quedou preparada para continuar a súa maduración e probas durante 2026.



c) **Novos cadros de mando verticais.** Xeráronse novos **cadros de mando verticais** que, aproveitando os KPI e indicadores xerados nos diferentes casos de negocio, ofreceran unha visión vertical, ben por mercados ou por territorios (concello, provincias, xeodestinos).

Neste marco publicouse tamén unha versión reducida do cadro de mando de intelixencia turística no portal da Área de Estudos e Investigación, o que permitiu estender a difusión de indicadores e visualizacións a novos perfís de uso.

Cadro de mando provincial no que se contextualizan KPI e indicadores para A Coruña



#### 4.5.6.6. Outras iniciativas

- ♦ **TURNIX** consolidouse como o **nodo de interoperabilidade** dos datos de Turismo de Galicia, orientado a constituír o punto único de compartición de información con terceiros. Neste contexto, desenvolveuse a colaboración con Turespaña mediante a migración de 15 rutas a fichas estruturadas do RITGA e a habilitación dun endpoint para a descarga de itinerarios orientados ao mercado norteamericano.
- ♦ No ámbito do Camiño de Santiago, púxose en marcha unha **rede de sensores de mobilidade** con despregamentos operativos no Centro Internacional de Acollida ao Peregrino e no itinerario Fisterra-Muxía.
- ♦ No ecosistema de apps de Turismo de Galicia publicouse a **app Galicia Termal** e avanzouse no despregamento de compoñentes de backend comúns. Tamén se ampliou a **rede de cartelería dixital** coa posta en marcha dunha nova pantalla informativa na oficina de turismo de Ourense e continuouse o mantemento e axuste doutros puntos da rede existente.
- ♦ Entre as **iniciativas estratéxicas** do exercicio destacan:
  - ♦ A sinatura do protocolo de colaboración con **SEGITTUR** para impulsar novas liñas no ámbito dos destinos turísticos intelixentes.
  - ♦ O inicio de **Xemelgo Dixital**, centrado na dixitalización dos Camiños de Santiago.
  - ♦ A integración progresiva de **Galicia Calidade** no ecosistema tecnolóxico de Turismo de Galicia-Amtega.
  - ♦ A habilitación do acceso á **Ventanilla Única Dixital** para a futura explotación de información anonimizada sobre transaccións de vivendas de uso turístico.
  - ♦ A **monitorización da produción solar** consolidouse como ferramenta de seguimento de incidencias e rendemento en 19 albergues do Camiño e no edificio de Turismo de Galicia na Barcia
  - ♦ No ámbito da **atención e da información á cidadanía** reforzouse o servizo 012-Turismo e renovouse o equipamento tecnolóxico da oficina de turismo do aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro. Tamén se instalou un novo punto wifi na oficina de turismo de Ourense
  - ♦ No CSHG e nos **sistemas de apoio á xestión** desenvolvéronse melloras relevantes en AMCONT-XESTELA e AMCONT-SXA, instaláronse 5 pantallas



interactivas para a docencia, actualizouse o servidor IaaS de alumnado a Windows Server 2022 e púxose en marcha o servizo de bicicletas eléctricas. Xunto a isto, leváronse a cabo actuacións de soporte operativo vinculadas aos traslados de persoal motivados polas obras en Turismo de

Galicia, incluíndo movemento de equipamento e reconfiguración de comunicacións en coordinación coa AMTEGA, así como o reforzo da seguridade da infraestrutura IaaS.

## 4.5.7. Impulso á empresa dixital

### 4.5.7.1. Programa de asistencia GTech para unha reactivación tecnolóxica avanzada e mentalidade innovadora

Tras o remate da última edición do **Programa Reacciona TIC** ao longo de 2024 estívoase a reposicionar e preparar un novo programa cun enfoque máis amplo no cal se centra na implantación de tecnoloxía máis disruptivas dunha forma estratéxica nas empresas e cun campo de actuación profundo ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspectos operativo, cambio de mentalidade, estratéxico e a incorporación de solucións tecnolóxicas.

Ao longo de 2025, lanzouse a licitación para conseguir as empresas a través das que se prestarán os servizos. En concreto, a través das distintas convocatorias do programa e no marco dos servizos vinculados á dixitalización, as pemes poderán acceder a servizos relacionados coas novas tendencias dixitais, onde ademais recibirán unha folla de ruta e capacitación para todos os implicados, todo isto co obxecto de lograr unha mutación dos estándares nas pemes galegas cara unha maior dixitalización.





## OBXECTIVO VI. FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL

### 4.6.1. Estratexia Galicia Dixital 2030

Durante o 2025, desempeñáronse tarefas para garantir o avance das iniciativas e proxectos impulsados no marco da **Estratexia Galicia Dixital 2030** de xeito coordinado co contexto europeo, nacional e autonómico a través das seguintes actividades:

#### 4.6.1.1. Vixilancia continua e seguimento de diversas medidas, actuacións e iniciativas no eido da sociedade da información

No marco desta actividade, traballouse na análise, estudo e seguimento de diferentes medidas, iniciativas ou plans estratéxicos a nivel rexional, nacional ou internacional na contorna da **Estratexia Galicia Dixital 2030** e a sociedade da información no seu conxunto, así como de diferentes ámbitos que poidan incidir de forma relevante na estratexia (fondos, subvencións...).

Neste sentido, detectáronse cambios, novidades, oportunidades e/ou aspectos relevantes para contribuír á mellora continua da EGD2030 e ao seu proceso de toma de decisións, potenciando os resultados derivados das súas actuacións e reforzando os recursos dos que dispón.

#### 4.6.1.2. Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030

No marco deste programa realizouse unha revisión e análise do cumprimento das distintas actividades e indicadores da **Estratexia Galicia Dixital 2030** durante o período 2021-2025.

En paralelo, realizouse unha análise comparativa entre Galicia e outras rexións de referencia no eido dixital en base a un conxunto de indicadores económicos e de índole dixital. Este traballo completouse cunha análise dos distintos marcos e tendencias tecnolóxicas estratéxicas xurdidas desde a aprobación da EGD2030, co obxectivo de identificar novas actuacións a abordar, novas metas a acadar no ano 2030 e avaliar os avances e impacto acadado a través do desenvolvemento das distintas iniciativas.

#### 4.6.1.3. Coordinación e harmonización das actividades e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030

No marco desta iniciativa continuouse a traballar coa colaboración da Oficina técnica de apoio á xestión da Estratexia Galicia Dixital 2030, que realiza unha labor de coordinación e harmonización das actuacións e iniciativas desenvolvidas no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030 de forma que se potencian as capacidades e se reforzan os recursos dispoñibles.

Leváronse a cabo traballos para a posta en marcha de mecanismos para acadar unha óptima coordinación, encaixe e harmonización das iniciativas e programas desenvolvidos no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.

#### 4.6.1.4. Promoción da identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital

O obxectivo xeral destas actividades é a identificación das áreas destacadas de especialización tecnolóxica para establecer unha identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital.

Neste senso, no 2025 colaborouse na elaboración do Plan Director da Industria das TIC en Galicia que será aprobado no 2026.

## 4.6.2. Estratexia galega de intelixencia artificial

### 4.6.2.1. Constitución e dinamización do Consello Galego de Intelixencia Artificial

Neste ámbito cómpre salientar a aprobación da **Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da Intelixencia Artificial en Galicia**, que xurde como a primeira lei europea nesta materia.

A isto únese a constitución do **Consello Galego de Intelixencia Artificial**, coa participación das distintas administracións públicas, universidades, sector empresarial, sector tecnolóxico e representación social.

### 4.6.2.2. Constitución e dinamización da Oficina de Intelixencia artificial de Galicia

Durante o 2025, destacan as seguintes actividades:

- ◆ Elaboración do **Programa galego de Intelixencia artificial 2026-2028**, cun investimento público de 54 millóns de euros para o período. Recolle un modelo para o goberno da IA e actuacións enfocadas na propia administración, no sector empresarial, no sector do emprendemento e no sector académico.

- ◆ Participación no **sandbox IA** posto en marcha polo Ministerio de Transformación Dixital e da Función Pública. Galicia é a única comunidade autónoma en participar nesta experiencia pioneira en Europa que persigue testar o cumprimento do Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial nas organizacións.
- ◆ Definición do **modelo de goberno IA** para a Amtega.
- ◆ Planificación e desenvolvemento dos traballos para a constitución da **Oficina de Intelixencia Artificial**.

### 4.6.2.3. Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030

Ao longo do 2025, realizáronse traballos no relativo a:

- ◆ Apoio na avaliación e seguimento das actuacións en materia de intelixencia artificial.
- ◆ Seguimento da evolución dos proxectos derivados da EGIA2030 e análise dos avances e impacto acadado a través do seu desenvolvemento.

## 4.6.3. Plan de impulso ao Software Libre e aos estándares abertos

### 4.6.3.1. Fomento do uso do Software Libre nas empresas

O sector empresarial é un dos eixos principais da estratexia da Amtega para o fomento do software libre, especialmente **a través do GaiásTech** o resto da **rede de nodos** de especialización tecnolóxica de Galicia, contando tamén co **apoio dos diferentes axentes** do Software Libre de Galicia, como AGASOL (Asociación de Empresas Galegas de Software Libre).

Ao longo do ano 2025 desenvóléronse actuacións específicas orientadas a promover a **adopción do software libre no tecido empresarial galego** como ferramenta para mellorar a competitividade, a eficiencia operativa e a capacidade de innovación das empresas, en especial das pemes.

Neste ámbito, reforzouse a difusión de solucións de software libre a través do **portal Mancomún**, mediante a elaboración e publicación de contidos divulgativos, artigos técnicos e casos de éxito centrados no uso práctico destas tecnoloxías en contornos empresariais reais.

Mantívose operativo o **servizo Apeiría**, permitindo ás empresas galegas probar solucións de software libre na nube, facilitando así a avaliación previa á súa adopción. Ademais, impulsouse a dinamización da comunidade galega de InnerSource, promovendo modelos colaborativos de desenvolvemento e reutilización de software no ámbito empresarial.

Complementariamente, prestouse un servizo de **asesoramento e atención de consultas** en materia de software libre dirixido ás empresas, e desenvóléronse accións formativas en liña, en colaboración coa Rede CeMIT, orientadas a mellorar as competencias dixitais e técnicas do tecido empresarial.

### 4.6.3.2. Fomento do uso do Software Libre na cidadanía

Outro dos eixos das actuacións de fomento e difusión do software libre dende a Amtega céntrase na cidadanía. Neste ámbito a **Amtega colaborou con diversos axentes do ecosistema galego do software libre**, como as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL) e o Consorcio Interuniversitario de Galicia

(CIXUG) para organizar as actividades de promoción de Software e Hardware Libre para diferentes colectivos.

Durante o ano 2025 desenvolvéronse diversas actuacións orientadas a achegar o software libre á cidadanía galega, promovendo o acceso equitativo ás tecnoloxías dixitais, a **capacitación en ferramentas abertas e a redución da fenda dixital**.

As accións executadas realizáronse en colaboración cos axentes do ecosistema galego de software libre, especialmente coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL) e coa Rede CeMIT, facilitando a organización de actividades divulgativas, obradoiros prácticos e accións formativas adaptadas a diferentes perfís da cidadanía.

Neste ámbito, destacou a presentación e difusión pública da Guía de Accesibilidade no Software, así como a promoción de iniciativas orientadas a fomentar a creación de ferramentas dixitais máis inclusivas. Ademais, apoiouse a organización e celebración de eventos de referencia do ecosistema, contribuíndo á visibilización do software libre e á participación activa da comunidade.

A Rede CeMIT mantívose como un pilar fundamental para a extensión territorial das actuacións, garantindo o acceso á formación en software libre en todo o territorio galego.

#### 4.6.3.3. Fomento do uso do Software Libre da Administración Pública

Durante o ano 2025 desenvolvéronse actuacións orientadas a consolidar o uso do software libre como base para a modernización tecnolóxica da Administración Pública galega. As accións centráronse no impulso da reutilización de solucións TIC, na promoción dos estándares abertos e no acompañamento técnico aos órganos da Xunta de Galicia.

Neste marco, a Oficina de Software Libre prestou servizos de asesoramento especializado en materia de licenzas, reutilización de software e identificación de solucións libres adecuadas ás necesidades da Administración, favorecendo a eficiencia e reducindo a dependencia de solucións propietarias.

Así mesmo, promoveuse a publicación e liberación de novas solucións desenvolvidas pola Xunta de Galicia con licenza libre, facilitando a súa reutilización por outras administracións e entidades públicas. Destacou neste ámbito a liberación da plataforma Apunta, orientada á xestión de inscricións en actividades promovidas polas administracións públicas.

Complementariamente, mantívose o apoio técnico á reutilización de software mediante a difusión de casos de éxito e a elaboración de contidos informativos dirixidos aos responsables TIC da Administración.

#### 4.6.3.4. Fomento do uso do Software Libre a través do portal Mancomún

Durante o ano 2025, o **portal Mancomún** mantívose como a **principal canle pública de difusión do software libre en Galicia** e como punto de encontro do ecosistema galego de tecnoloxías abertas. A través deste portal, a Oficina de Software Libre da AMTEGA centralizou a publicación de información, recursos, contidos divulgativos e materiais formativos relacionados co uso do software libre na Administración, nas empresas e na cidadanía.

Ao longo do exercicio reforzouse a **actualización continua de contidos**, incorporando artigos divulgativos, entrevistas, reportaxes sobre eventos, materiais formativos con licenza libre e información de interese sobre solucións tecnolóxicas reutilizables. Así mesmo, mantívose activa a axenda centralizada de eventos de software libre en Galicia, facilitando a visibilidade das iniciativas promovidas polos distintos axentes do ecosistema.

Destacou tamén a **continuidade na elaboración de contidos audiovisuais**, como o Podcast Mancomún, os videotutoriais e as pílulas formativas, así como a publicación periódica do Boletín de Software Libre, contribuíndo a diversificar os formatos de difusión e a chegar a novos públicos.

Complementariamente, xestionáronse as **canles dixitais e redes sociais asociadas a Mancomún**, reforzando a difusión dos contidos publicados e ampliando o alcance das actuacións de divulgación do software libre.

### 4.6.4. Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas

#### 4.6.4.1. Potenciar o ecosistema Gobtec, de impulso ao uso de tecnoloxías disruptivas nos servizos públicos

Durante o ano 2025 consolidouse o **avance do Ecosistema Gobtec** cara a unha fase de execución efectiva, evolucionando desde os traballos de definición



estratéxica realizados en 2024 cara ao lanzamento e desenvolvemento de iniciativas concretas.

Neste marco, impulsouse a **posta en marcha de retos tecnolóxicos orientados á incorporación de tecnoloxías disruptivas na Administración pública galega**, destacando a publicación de tres retos tecnolóxicos diferenciados: un orientado ao desenvolvemento e aplicación de modelos de linguaxe (LLM), outro enfocado na eficiencia administrativa da Educación e outro centrado no enfoque de Administración 360, todos eles dirixidos á mellora dos servizos públicos mediante o uso de tecnoloxías avanzadas. Así mesmo, avanzouse na resolución e desenvolvemento de retos previamente identificados, especialmente nos ámbitos da administración pública e da educación.

En paralelo, realizouse un **exercicio de benchmarking de iniciativas GovTech a nivel nacional e europeo**, co obxectivo de identificar boas prácticas e modelos de referencia que permitan reforzar o posicionamento do Ecosistema Gobtec e mellorar a eficacia das actuacións desenvolvidas.

Adicionalmente, continuouse traballando na evolución da **estratexia do Espazo Gobtec Galicia**, incorporando aprendizaxes derivadas da execución dos retos e da interacción cos diferentes axentes do ecosistema, garantindo así unha dinamización e adaptación de cara ás necesidades reais da Administración e do tecido empresarial.

#### 4.6.4.2. Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas nas pemes galegas mediante a proposta de retos tecnolóxicos

Ao longo do ano 2025 continuouse impulsando a **dinamización do ecosistema empresarial** vinculado ao Espazo Gobtec mediante o lanzamento e desenvolvemento de retos tecnolóxicos que fomentan a colaboración público-privada.

Neste contexto, avanzouse na execución de retos orientados á **aplicación de tecnoloxías disruptivas en ámbitos clave da Administración**, facilitando a participación de empresas tecnolóxicas no desenvolvemento de solucións innovadoras. En particular, completouse a resolución de retos en ámbitos como a administración pública e o sector educativo, permitindo validar casos de uso reais e avanzar cara á súa potencial implantación.

Ademais, mantívose e **reforzouse o servizo de apoio ao Espazo Gobtec**, a través da Oficina Técnica, que actuou como elemento clave na coordinación, seguimento e dinamización das iniciativas, garantindo unha correcta execución dos proxectos e a alineación cos obxectivos estratéxicos definidos.

Estas actuacións contribuíron a fortalecer a conexión entre a Administración e o tecido empresarial tecnolóxico galego, promovendo a adopción de solucións baseadas en intelixencia artificial, análise de datos e outras tecnoloxías disruptivas.



## O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL EN CIFRAS

### Estratexia Galicia Dixital 2030



- **Colaboración** na elaboración **do Plan Director da Industria das TIC en Galicia.**
- **Evolución** na consecución das metas establecidas para a **EGD2030**, con incrementos salientables en 5 delas.

### Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030


Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da Intelixencia Artificial en Galicia.

Constitución do **Consello Galego de Intelixencia Artificial.**


Promoción e apoio no **uso da IA** na administración pública.

### Software libre e estándares abertos


#### Fomento do uso do Software Libre nas empresas:




#### Fomento do uso do Software Libre na cidadanía:



### Fomento do uso do Software Libre na Administración Pública:



### Fomento do uso do Software Libre a través do portal Mancomún:



## Adopción de tecnoloxías disruptivas



**3 retos tecnolóxicos publicados** (LLM, plataforma Educación e Administración 360).  
**3 retos tecnolóxicos resoltos** nos ámbitos de administración e educación.  
**1 benchmarking** realizado a nivel nacional e europeo sobre iniciativas GovTech.  
**3 retos tecnolóxicos resoltos** con participación empresarial.



## GAIÁSTECH e nodos de especialización tecnolóxica

### Smart Gaiás Tech

- **GaiásTech** evoluciona cara a un espazo de innovación aberta con novos espazos de traballo tecnolóxicos

### GaiasTech D

- **Empresas galegas** aceleran a adopción tecnolóxica a través de demostracións en GaiásTech
- **Máis capacitación práctica:** formación especializada impulsa a competitividade das pemes
- **Sensibilización tecnolóxica de novas tendencias** e ferramentas ao alcance da cidadanía e empresas
- **A capacitación converteuse** en referencia para a divulgación e formación intensiva en tecnoloxía
- **Espazos de demostración** consolidan a conexión entre oferta e demanda tecnolóxica
- **Realizáronse 20 xornadas de demostración**, 3 xornadas do ciclo #MércorresDDatos, 29 sesións de capacitación, 4 accións de sensibilización. Máis de 1.480 persoas asistentes

### Programa Reactiva Tec

- **Desenvolvemento** dunha sección informativa na web do servizo ReactivaTec

### Programa de Capacitación e sensibilización en Transformación Dixital

- **29 sesións de capacitación**
- **4 programas de capacitación** de máis de 7,5 horas de duración
- **65,5 horas** de formación
- **360 alumnos/as**

### Evento especializado no impulso da dixitalización nas pemes galegas

- **2 eventos de especialización** tecnolóxica
- **122 persoas** asistentes
- **Máis de 30 relatores e relatoras** expertos en tecnoloxía

### Encontros con expertos

- **29 sesións de capacitación**
- **4 programas de capacitación** de máis de 7,5 horas de duración
- **65,5 horas** de formación
- **360 alumnos/as**

### Fomento STEAM e desenvolvemento de talento dixital entre o público xuvenil

- **5 eventos de fomento STEAM** vinculado ao coñecemento do desenvolvemento das tarefas tecnolóxicas dentro da Amtega
- **1 xornada** de ciberseguridade orientada ao perfil feminino neste ámbito
- **6 obradoiros tecnolóxicos** para potenciar o perfil da rapaza na ciencia e tecnoloxía
- **156 rapazas e rapaces** asistentes



## Conectividade e cohesión dixital

- ◆ Dos 68 emprazamentos/torres executados en total, 59 xa en servizo.
- ◆ Realizadas medidas de cobertura móbil nun total de 150 zonas distribuídas en 46 concellos.
- ◆ Celebráronse en 2025 un total de 3 actividades de formación e difusión sobre conectividade e 1 reunión de organización das entidades aheridas ao Nodo CONECTIVI.gal
- ◆ 2.534 facturas xustificadas e pagadas dos Bonos Dixitais .

9

Torres/  
emprazamentos  
rematados

55

Concellos  
beneficiados pola  
mellora cobertura  
móbil

210

Total de núcleos  
con cobertura  
grazas á actuación

160

Permisos analizados e  
axilizados por parte  
da Comunidade  
Autónoma

+139

Permisos  
desbloqueados por  
parte da Comunidade  
Autónoma

66

Peticións de  
información de  
concellos atendidas

2.434

Solicitudes de  
bonos dixitais  
recibidas nas  
convocatorias

+300

Peticións de  
información resoltas  
en 2025 procedentes  
de cidadáns,  
empresas, entidades

## Observatorio da sociedade da información e modernización en Galicia



**Galicia Dixital:**  
Sistema de indicadores,  
actualización anual (1)



**Galicia Dixital:**  
O sector TIC de Galicia:  
1 enquisa, 1 informe  
xeral e 1 nota de prensa



**Estatística sobre a  
Administración dixital,  
na Xunta de Galicia**  
1 informe xeral e 1 nota  
de prensa



**Estatística da  
Administración dixital  
nos concellos galegos:**  
renovación do proxecto  
técnico



**Estatística da  
Administración dixital  
na Xunta de Galicia:**  
renovación do proxecto  
técnico



**Observatorio da  
sociedade da información  
e da modernización de  
Galicia:** 1 actualización  
anual da táboa de  
indicadores das empresas



**Galicia Dixital:**  
A modernización  
tecnolóxica no rural: 1  
informe xeral, 1 informe  
executivo e 1 nota de  
prensa



**Aumento do número  
de subscritores e  
visitas á páxina web**



**Actualización e  
publicación de 42  
informes**



**Estatística da  
Administración dixital  
nos concellos galegos:**  
traballo campo da  
enquisa

## 4.6.5. Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica

### 4.6.5.1. GaiásTech-D

As actuacións levadas a cabo durante o 2025 no marco desta actividade baseáronse en accións de demostración onde empresas presentan solucións cun fundamento tecnolóxico para o coñecemento, difusión ou comercialización; desenvolvemento de programas de capacitación, de aplicación inmediata no ámbito das pemes e accións de sensibilización que contribúen ao coñecemento de solucións, tendencias tecnolóxicas, ferramentas e aplicacións de interese para a cidadanía, empresas e organizacións. Tamén se realizaron ciclos de actividades enmarcadas nunha mesma iniciativa, baixo o paraugas #D, co obxectivo de divulgar e formas ás empresas sobre unha temática común nun curto espazo temporal.

### 4.6.5.2. Programa de Capacitación e sensibilización en Transformación Dixital

Ao longo do 2025 levouse a cabo o desenvolvemento de programas de capacitación e sensibilización en cumprimento co establecido no plan anual. Este tipo de actividades tivo o foco principal na transformación dixital das pemes.

### 4.6.5.3. Fomento STEAM e desenvolvemento de talento dixital entre o público xuvenil

O Centro GaiásTech promoveu durante o 2025 a xeración do talento xove como xerme para a creación de propostas de maior valor para as nosas empresas.

Ademais, neste eixo, promoveuse a necesidade da xeración de perfís femininos en STEAM, rompendo así aqueles prototipos que se veñen herdando no tempo, no que o número de rapazas e mulleres nos ámbitos STEAM aínda seguen sendo reducidos.

### 4.6.5.4. Smart GaiásTech

Durante o exercicio 2025 impulsáronse as actuacións preparatorias para a adaptación do espazo físico do Centro GaiásTech, orientadas á súa transformación nun contorno de innovación aberta. Desenvolvéronse tarefas de planificación, definición e organización funcional dos espazos.

Paralelamente, avanzouse na identificación e adquisición de materiais e tecnoloxías clave para o desenvolvemento das actividades do centro, así como no deseño de dinámicas de uso e aproveitamento dos recursos dispoñibles.

Así mesmo, de xeito paralelo, realizáronse actividades prácticas e encontros con colectivos e entidades usuarias, favorecendo a experimentación directa cos recursos existentes e promovendo a colaboración e o intercambio de coñecemento no marco do ecosistema GaiásTech.

### 4.6.5.5. Evento especializado no impulso da dixitalización nas pemes galegas

No ano 2025 leváronse a cabo **dous eventos de especialización tecnolóxica**, co obxectivo de reunir con carácter anual a axentes de relevancia de tecnoloxías disruptivas para brindar a oportunidade ás empresas galegas de coñecer en base a casos de uso a aplicabilidade da dixitalización no tecido produtivo. En ambos eventos xerouse un espazo de networking entre o tecido tic galego.

### 4.6.5.6. Encontros con expertos: explorando tecnoloxías disruptivas

O GaiásTech organizou ao longo do ano 2025 unha serie de **xornadas especializadas nas que expertos de referencia** nos seus respectivos campos **presentaron e explicaron tecnoloxías disruptivas con alto impacto na transformación dixital**. Estas sesións estiveron dirixidas a empresas, profesionais tic e emprendedores interesados en coñecer de primeira man as últimas innovacións tecnolóxicas e a súa aplicación práctica en distintos sectores. Cada xornada contou coa participación de especialistas de prestixio que compartiron a súa experiencia e coñecemento, abordando tendencias emerxentes e casos de uso relevantes.

### 4.6.5.7. Programa ReactivaTec

O GaiásTech avanzou durante o 2025 no desenvolvemento dunha **sección informativa na web do servizo ReactivaTec**, concibido como un programa de asesoramento especializado en dixitalización dirixido ás pemes galegas. O portal do GaiásTech servirá como fonte de información para todas as persoas e entidades interesadas en solicitar o servizo.

Neste marco, definiuse a estrutura para identificar os principais ámbitos de asesoramento —como ciberseguridade, márketing dixital, automatización de procesos, intelixencia artificial e comercio electrónico— orientados a mellorar a competitividade empresarial.



## 4.6.6. Plan de Conectividade e cohesión dixital

### 4.6.6.1. Actuacións para fomentar a mellora da cobertura de redes móbiles nas zonas do rural con carencias de servizo

Esta iniciativa estase a desenvolver de forma paliativa ao Programa UNICO do Goberno de España, e trátase dunha **actuación pioneira e de referencia a nivel europeo**, xa que se tomou coma exemplo nas novas Directrices relativas ás axudas ás redes de banda larga publicadas en 2023.

A rede móbil, que se vai rematar antes de finalizar o ano 2026 (os emprazamentos/torres levaranse a cabo por parte de Retegal e o equipamento será instalado por Vodafone), ten como obxectivo dotar de cobertura a entidades de poboación en contornas rurais. Acadarase a cobertura de máis de **5.000 habitantes en 210 entidades de poboación**.

No ano 2025 rematouse a execución doutras **9 torres**, acadándose un total de 68 torres públicas, das cales **59 xa están en servizo**.

Así mesmo, leváronse a cabo reunións mensuais con Vodafone para o seguimento de compromisos derivados da subvención para a instalación do equipamento.

Esta iniciativa estará financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

### 4.6.6.2. Actuacións para facilitar a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida por parte dos colectivos vulnerables

Esta actuación lévase a cabo a través dos case 1,4 millóns de euros que recibiu Galicia para a posta en marcha de bonos dixitais enmarcada na inversión inversión C15.I3 «Bonos digitais para pymes y colectivos vulnerables» do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

En 2025 realizouse a xestión, validación e pagamento das xustificacións mensuais recibidas polas entidades colaboradoras. Así mesmo, leváronse a cabo accións de regularización do programa coa Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais (SETID).





#### 4.6.6.3. Seguimento continuo da cobertura de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación de Galicia

No relativo á liña de axudas para o despregamento de redes de banda larga ultrarrápida en entidades, en 2021 Galicia dentro das súas iniciativas autonómicas comezou a fase de explotación das redes por parte do operador que se prolongará ata 2031. Nesta fase lévanse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico, a través de reunións semestrais co operador.

Ademais, en 2025 continuouse levando a cabo o seguimento da cobertura acadada en entidades de poboación galegas no marco do **Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO)** do Goberno de España co obxecto de coñecer o alcance e avance do despregamento subvencionado polo Ministerio.

#### 4.6.6.4. Seguimento continuo do inventario e cobertura de banda larga ultrarrápida das áreas empresarias de Galicia

En 2018 finalizou o **despregamento da rede enmarcada na actuación de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida en polígonos industriais** financiada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), xunto con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración Xeral do Estado.

Grazas a esta acción, o operador despregou redes de 350Mbps de velocidade de baixada e 35Mbps de subida en 81 polígonos industriais que non contaban con cobertura nin previsión de dispoñer deste servizo. Acadouuse un total de 131 polígonos, nos que se concentra case o 93% da superficie empresarial ocupada con posibilidade de acceso a redes de máis de 100 Mbps. Deste xeito, superouse o obxectivo inicialmente establecido polo PDBL2020 do 55% de polígonos con cobertura de redes de 100Mbps, acadando xa o 77%.

A finais de 2018 comezou a fase de explotación das redes por parte do operador que se prolongará ata finais de 2028. Nesta fase lévanse a cabo tarefas continuas de **seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico**, a través de reunións semestrais co operador.

En 2024 finalizou o despregamento de Telefónica para achegar as redes de banda larga de moi alta velocidade a áreas empresariais, enmarcado na actuación de reforzo da conectividade de polígonos enmarcada na inversión C15.I2 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Ademais, en 2025 continuouse levando a cabo a revisión do impacto en polígonos e parques empresariais das

actuacións de despregamento de redes ultrarrápidas no territorio galego enmarcadas no novo Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) do Goberno central.

#### 4.6.6.5. Medidas en campo sobre cobertura de redes móbiles de telefonía e banda larga

En base ao convenio asinado entre a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) e a Amtega, **realizáronse en 2025 verificacións e comprobacións da calidade das redes de tecnoloxía radio nun total de 150 zonas distribuídas en 46 concellos** cunha densidade de poboación baixa.

Trala realización das medidas elaborouse un informe final de resultados sobre as 150 zonas seleccionadas e recompilouse información sobre o servizo de voz e datos das redes móbiles dos tres principais operadores de móbil.

Constatouse que, nas zonas obxectivo da medida PR608A, a mellora de cobertura do operador beneficiario da subvención é moi notoria e moi destacada respecto da cobertura do resto de operadores.

Detéctase que, a pesar das melloras de cobertura acadadas coa medida PR608A, seguen existindo zonas con carencia de cobertura de telefonía móbil de todos os operadores, polo que sería preciso seguir actuando para mellorar esta situación.



#### 4.6.6.6. Nodo 5G – Conectivi.gal

O nodo CONECTIVI.gal está constituído como unha estrutura de gobernanza que promove e dinamiza a cooperación público-privada mediante o establecemento das bases dun ecosistema de entidades especializadas no eido da conectividade.

Entre os **obxectivos específicos do nodo CONECTIVI.gal** están os seguintes:

- ♦ O desenvolvemento de actividades formativas e demostrativas orientadas a perfís tecnolóxicos no eido das Telecomunicacións.

- ♦ A dinamización da implantación de solucións de conectividade para a transformación dixital de entidades privadas.
- ♦ A promoción da dixitalización e innovación das administracións públicas galegas a través da conectividade.

No ano 2025, o Nodo Conectivi.gal comezou a facer as tarefas de vixilancia cos principais actores do sector para detectar as súas necesidades no ámbito da conectividade. Así, deuse comezo ao proceso de identificación de necesidades mediante formularios ad-hoc e reunións con cada un dos actores.

#### AXENTES PROMOTORES

AMTEGA

Telefónica

UDC

USC

UVigo

IGAPE

RETEGAL

ATIGA

Vodafone

Orange

#### Leváronse a cabo 3 actividades de formación e 1 reunión Comisión de Seguimento

Localización  
de activos **IOT** con  
**Grafana + n8n**

**n8n + Grafana:**  
Automatización de  
informes a partir de datos  
de sensores

**Grafana:**  
instalación-creación de  
dashboard con datos  
históricos

#### 4.6.6.7. Medidas de coordinación coa Administración Xeral do Estado para a optimización de recursos destinados á banda larga ultrarrápida

En 2025 analizouse a consulta pública aberta pola Secretaría de Estado coa finalidade de confirmar que os emprazamentos e zonas inicialmente identificados como elixibles no marco do programa UNICO 5G Redes Activas manteñen dita condición ata abril de 2027.

Analizouse e deuse resposta, sempre coa finalidade de establecer criterios que teñan en conta o carácter rural e a complexidade orográfica de Galicia, á consulta pública do Goberno de España sobre a prestación do servizo universal de telecomunicacións.

Leváronse a cabo medidas de comunicación ao Goberno central e ao operador solicitando a coordinación e difusión do procedemento de apagado do cobre en Galicia, para reducir o impacto nas zonas máis rurais.

E ademais, leváronse a cabo tarefas de seguimento e axilización dos permisos autonómicos precisos para o despregamento de redes de fibra óptica enmarcados no Programa UNICO Banda Ancha do Goberno de España.

#### 4.6.6.8. Apoio nas actuacións de comunicación e difusión no eido das actuacións de redes de banda larga ultrarrápida

No ano 2025 leváronse a cabo as seguintes accións:

- ◆ Mantemento das seccións da web Amtega correspondentes ao programa de Bonos Dixitais para colectivos vulnerables.
- ◆ Elaboración de contidos e extracción de datos de avance para as notas de prensa publicadas pola Amtega sobre as distintas actuacións postas en marcha.

#### 4.6.6.9. Colaboración e seguimento de iniciativas con resultados no eido da cobertura de redes de banda larga doutros organismos públicos

Dende o inicio do **PDBL2020** realízase unha  **tarefa continua de canalización de toda a información e avances** relacionados coa banda larga, que inclúe:

- ◆ Solicitudes de información e actualización de datos para os distintos Plans e Programas globais da Xunta de Galicia nos que se enmarcan as actuacións de conectividade.
- ◆ Colaboración no traspaso de información relacionada coa banda larga con outros organismos interesados.

#### 4.6.6.10. Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo e técnico das telecomunicacións para Entidades Locais

No marco do convenio entre a Amtega e a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG) lanzouse o **servizo de asesoramento a concellos sobre normativa e solucións técnicas** para o despregamento de infraestruturas de telecomunicación.

Este equipo de traballo específico, integrado por enxeñeiros de telecomunicación, ofreceu soporte centralizado e permanente ás entidades locais para resolver dúbidas sobre a aplicación da normativa e cuestións técnicas da implantación dos equipamentos de telecomunicación que afectan as actividades das Administracións locais.

Do mesmo xeito, levouse a cabo o **control de nova actualización normativa do sector das telecomunicacións, así como, a formación e difusión de boas prácticas e interpretacións da normativa de impacto nos despregamentos.**

#### 4.6.6.11. Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións

A **Oficina do Plan de Banda Larga** asume os obxectivos de centralizar e canalizar toda a información referente á banda larga, fomentar o avance homoxéneo das distintas actuacións en materia de telecomunicacións e dotar a todos os axentes implicados e persoas interesadas dun punto único de información.

Neste senso, durante o ano 2025 continuou funcionando o servizo prestado pola **Oficina do Plan de Banda Larga** con máis de 300 consultas respondidas nas seguintes liñas:

- ◆ Resposta á demanda de información referente ás actuacións da Xunta no eido da banda larga por parte de cidadáns, administracións (local, provincial e rexional), empresas e outros axentes implicados.
- ◆ Soporte técnico e asesoramento en temas relacionados coas telecomunicacións a todos os axentes implicados e á propia cidadanía en ámbitos como normativa, solucións técnicas, instalación de redes, etc.
- ◆ Soporte na coordinación, seguimento e control das actuacións postas en marcha.



#### 4.6.6.12. Proxectos Smart Villages

Actuación centrada na definición e posta en marcha de **iniciativas Smart Villages**. Esta actuación, que conta cun total de 12 millóns de euros de fondos FEADER no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común 2023 -2027 cofinanciadas con fondos FEADER.

En 2025 revisouse o alcance das **Estratexias Smart Villages**, adoptándose un modelo estruturado en cinco estratexias horizontais que permiten ampliar o ámbito territorial de actuación e optimizar o uso dos fondos

públicos. Neste marco, analizáronse e valoráronse diferentes proxectos susceptibles de desenvolvemento dentro das novas estratexias.

En concreto, producíronse avances no proxecto de **Tótems de emprego**, integrado na Estratexia de Emprego Rural, e no proxecto de Transporte rural regular a demanda, discrecional e adaptado, no marco da Estratexia de Mobilidade Rural, ambos orientados a reforzar os servizos e oportunidades nas zonas rurais.

### 4.6.7. Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia

#### 4.6.7.1. Analizar a evolución da Sociedade da Información en Galicia

O obxectivo dos traballos neste eido orientáronse a recompilar, seguir e valorar as fontes de información públicas e privadas dispoñibles sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia, así como en España e na UE, para realizar análises comparadas. Neste senso, en 2025, leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- ◆ Desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan determinar as pancas para a dinamización da Sociedade da Información.
- ◆ Elaboración de proxectos e estudos de carácter temático que permitan abordar áreas específicas de interese.
- ◆ Celebración do Pleno do Observatorio, no que se avalía anualmente a súa xestión e resultados.
- ◆ Presentación da Memoria Anual do 2024, coas actuacións desenvolvidas polo Observatorio e o estado de execución de todas as observacións e actividades planificadas.
- ◆ Presentación do Plan de traballo anual para 2025, que define a senda das actuacións a desenvolver polo Observatorio para a avaliación do estado de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.
- ◆ Publicación do estudo "A ciberseguridade nas empresas galegas". Este Informe difunde os resultados dunha enquisa sobre ciberseguridade realizada en colaboración co IGE e CIBERGAL.
- ◆ Publicación do informe "Talento dixital. Traxectoria dos perfís STEM en Galicia" que analiza en base a fontes primarias e datos externos as traxectorias laborais, demandas, especialización e modernización das persoas tituladas en Ciencias, Tecnoloxías, Enxeñarías e Matemáticas en Galicia.
- ◆ Análise específica das tecnoloxías disruptivas nas empresas xerais e no sector TIC de Galicia en particular. O seu obxectivo é identificar o grao de adopción nas empresas TIC e nas empresas xerais da intelixencia artificial, aprendizaxe automática a través de big data, robots de servizo, chatbot... e tamén coñecer a incorporación de perfís especializados nestes campos.
- ◆ Mantemento e actualización dun cadro de mando para a monitorización, filtrado e visualización dos principais indicadores do observatorio, cun nivel principal que incorpora 30 indicadores dos estudos principais e, todos eles con histórico dos catro anos anteriores.



#### 4.6.7.2. Executar as operacións e actividades do Plan Galego de Estatística no eido da sociedade da información

O Plan Galego de Estatística 2022-2026 desenvólvese a través da aprobación dos plans estatísticos anuais, con indicación das distintas operacións e actividades, coa identificación dos organismos responsables da súa execución. A Amtega ven de realizar as tarefas da súa responsabilidade anual a través do Observatorio.

- ◆ Actualización do proxecto técnico da operación "Estatística sobre a Administración dixital na Xunta de Galicia."
- ◆ Actualización do proxecto técnico da operación "Estatística da Administración dixital nos concellos galegos."

Actualización, conforme aos correspondentes proxectos técnicos aprobados no plan galego de estatística, das seguintes estatísticas:


- ◆ Galicia Dixital: Sistema de indicadores.
- ◆ Galicia Dixital: O sector TIC de Galicia.
- ◆ Estatística sobre a Administración dixital na Xunta de Galicia.
- ◆ Estatística da Administración dixital nos concellos galegos.

- ◆ Galicia dixital: A modernización tecnolóxica no rural.
- ◆ Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia.

#### 4.6.7.3. Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da información en Galicia

No 2025 levouse a cabo a publicación electrónica dos informes realizados ao abeiro do Plan Galego de Estatística, e difusión aos medios das novidades e tendencias detectadas. Ademais, fíxose a publicación trimestral de información relevante a subscritores do OSIMGA e consolidouse o novo portal [www.osimga.gal](http://www.osimga.gal) xerando novos contidos e atraendo visitas.

Por último, creáronse novas canles de comunicación e difusión mediante a elaboración de vídeos e un cadro de mando interactivo de difusión de estatísticas.



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Xacobeo  
2027